

# LINGUA GALEGA



iniciación

XUNTA DE GALICIA

# LINGUA GALEGA



iniciación

XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:  
*Celso Currás Fernández*

Director xeral de Política Lingüística:  
*Xesús P. González Moreiras*

Subdirector xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega:  
*Xosé A. Pombo Mosquera*

Xefe do Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega:  
*Xosé Sánchez Puga*

Autores:  
*Carme López Taboada*  
*Iolanda Otero López*  
*Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro*  
*Margarita Souto Fraga*

Coordinación:  
*Manuel Rico Vereá*

Deseño da portada:  
*Cibrán Rico López*

Edita: XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Política Lingüística

Depósito legal: C. 722-2004  
ISBN: 84-453-3298-8

## ÍNDICE

|                                                                                            |    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Limiar</b> .....                                                                        | 11 |
| <b>UNIDADE 1:</b>                                                                          |    |
| <b>Lectura:</b> <i>A Galicia anfibia</i> .....                                             | 13 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                            | 13 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> Fenómenos atmosféricos .....                                 | 14 |
| <b>Gramática:</b> A perífrase verbal <i>ir + infinitivo</i> .....                          | 15 |
| Os números ata vinte. Multiplicativos e partitivos .....                                   | 16 |
| O presente de indicativo e subxuntivo dos verbos <i>ser, estar e ir</i> .....              | 16 |
| A expresión da identidade e do lugar de nacemento .....                                    | 17 |
| ¿Como expresámo-la situación e a proximidade? .....                                        | 18 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> O alfabeto .....                                        | 19 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Situación comunicativa .....                              | 20 |
| Carta ó director .....                                                                     | 21 |
| <b>Historia da lingua:</b> Ámbito xeográfico .....                                         | 21 |
| Substrato preindoeuropeo .....                                                             | 21 |
| Os celtas .....                                                                            | 21 |
| <b>Complementos:</b> Antroponimia e toponimia .....                                        | 22 |
| <b>UNIDADE 2:</b>                                                                          |    |
| <b>Lectura:</b> <i>Os oficios</i> .....                                                    | 23 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                            | 23 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> Os oficios .....                                             | 24 |
| <b>Gramática:</b> Presente de indicativo e subxuntivo de <i>haber, dicir e facer</i> ..... | 26 |
| A perífrase <i>haber (de) + infinitivo</i> .....                                           | 26 |
| Os números de vinte en diante .....                                                        | 29 |
| Os adverbios de tempo .....                                                                | 29 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Palabras dúbidasas .....                                | 30 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Texto sociolingüístico: <i>A diglosia</i> .....           | 30 |
| A instancia .....                                                                          | 31 |
| <b>Historia da lingua:</b> A chegada dos romanos .....                                     | 31 |
| A romanización lingüística .....                                                           | 31 |
| A Gallaecia romana .....                                                                   | 31 |
| <b>Complementos:</b> Os amores que o río separa .....                                      | 32 |
| Canción: <i>Milho verde, milho verde</i> .....                                             | 32 |
| <b>UNIDADE 3:</b>                                                                          |    |
| <b>Lectura:</b> <i>As comidas</i> .....                                                    | 33 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                            | 33 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> As comidas .....                                             | 34 |
| <b>Gramática:</b> Presente de indicativo e subxuntivo de <i>vir, ver e ter</i> .....       | 35 |
| Vogais abertas e pechadas .....                                                            | 36 |
| Adverbios de lugar e locucións prepositivas .....                                          | 37 |
| As contraccións dos demostrativos coas preposicións <i>de</i> e <i>en</i> .....            | 38 |

|                                                                                        |    |
|----------------------------------------------------------------------------------------|----|
| A perífrase verbal <i>ter que / de + infinitivo</i> .....                              | 38 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Emprego do <i>h</i> .....                           | 40 |
| Alternancia <i>c / cc</i> .....                                                        | 40 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Texto sociolingüístico: <i>Sempre en Galiza</i> ..... | 40 |
| A reclamación .....                                                                    | 41 |
| <b>Historia da lingua:</b> O superestrato xermánico .....                              | 41 |
| Repercusión lingüística dos xermanos .....                                             | 41 |
| A influencia árabe .....                                                               | 41 |
| <b>Complementos:</b> Declaración universal dos dereitos lingüísticos .....             | 42 |
| Canción: <i>Campanas de Bastabales</i> .....                                           | 42 |

## UNIDADE 4:

|                                                                                                   |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Lectura:</b> <i>A Manolo Sánchez Peña</i> .....                                                | 43 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                                   | 43 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> A cidade .....                                                      | 44 |
| Mapa dos concellos galegos .....                                                                  | 45 |
| A cociña .....                                                                                    | 46 |
| <b>Gramática:</b> Presente de indicativo e de subxuntivo de <i>poñer / pór, dar e saber</i> ..... | 48 |
| A perífrase verbal <i>dar + participio</i> .....                                                  | 48 |
| Contraccións dos indefinidos coas preposicións .....                                              | 49 |
| <i>Segredo e secreto</i> .....                                                                    | 49 |
| As preposicións <i>deica e ata</i> .....                                                          | 49 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Emprego do <i>s</i> e do <i>x</i> .....                        | 50 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> <i>Fábula del castellano parlante</i> .....                      | 51 |
| <b>Historia da lingua:</b> O nacemento da lingua galega .....                                     | 51 |
| Primeiros textos en galego .....                                                                  | 51 |
| A lingua galega entre os séculos VIII e XII .....                                                 | 51 |
| <b>Complementos:</b> Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias .....                    | 52 |
| Canción: <i>Lela, Lela</i> .....                                                                  | 52 |

## UNIDADE 5:

|                                                                                         |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Lectura:</b> <i>A roupa e as cores</i> .....                                         | 53 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                         | 53 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> A roupa e as cores .....                                  | 54 |
| <b>Gramática:</b> Valores de <i>xeito</i> .....                                         | 56 |
| Presente de indicativo e subxuntivo de <i>valer, poder e querer</i> .....               | 56 |
| A perífrase <i>poder + infinitivo</i> .....                                             | 57 |
| Locucións adverbiais de modo .....                                                      | 58 |
| As preposicións <i>segundo e cara a</i> .....                                           | 58 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> O uso do punto e da coma .....                       | 59 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Texto sociolingüístico: <i>Sempre en Galiza</i> .....  | 60 |
| O <i>currículum vitae</i> .....                                                         | 60 |
| <b>Historia da lingua:</b> Séculos XII e XV: o galego lingua da lírica peninsular ..... | 61 |
| Séculos XIII-XIV: a poesía relixiosa .....                                              | 61 |
| Séculos XIII-XV: a prosa literaria .....                                                | 61 |
| <b>Complementos:</b> A Constitución española e as linguas .....                         | 62 |
| Canción: <i>Unha noite na eira do trigo</i> .....                                       | 62 |

## UNIDADE 6:

|                                                            |    |
|------------------------------------------------------------|----|
| <b>Lectura:</b> <i>O diálogo telefónico</i> .....          | 63 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                            | 63 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> O diálogo por teléfono ..... | 64 |
| <b>Gramática:</b> O pronome de solidariedade .....         | 65 |
| O verbo .....                                              | 65 |

|                                                                                               |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Os tempos de perfecto do verbo <i>andar</i> .....                                             | 66 |
| As perífrases verbais <i>estar + xerundio</i> e <i>andar + xerundio</i> .....                 | 67 |
| O posesivo. Formas e valores .....                                                            | 67 |
| Acentuación gráfica e diacrítica .....                                                        | 69 |
| Enderezo e dirección .....                                                                    | 71 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Texto sociolingüístico: <i>Pensamento e sementeira</i> ..... | 71 |
| <b>Historia da lingua:</b> Séculos XIII-XV: o galego na vida laboral.....                     | 71 |
| Séculos XIV-XVI: situación anormal do galego .....                                            | 71 |
| Séculos XV-XVI: o papel da Igrexa .....                                                       | 71 |
| <b>Complementos:</b> Estatuto de autonomía de Galicia .....                                   | 72 |
| Canción: <i>Himno galego</i> .....                                                            | 72 |

## UNIDADE 7:

|                                                                                                          |    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Lectura:</b> <i>As partes do corpo: a cabeza</i> .....                                                | 73 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                                          | 73 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> O corpo humano: a cabeza.....                                              | 74 |
| <b>Gramática:</b> A perífrase verbal <i>botar(se) a + infinitivo</i> .....                               | 76 |
| Os tempos de perfecto de <i>ir, ser</i> e <i>estar</i> .....                                             | 77 |
| Locucións adverbiais de modo .....                                                                       | 79 |
| As contraccións dos pronomes <i>el(es)</i> / <i>ela(s)</i> coas preposicións <i>de</i> e <i>en</i> ..... | 79 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Emprego do <i>l</i> e do <i>r</i> . Grupos cultos e semicultos.....   | 80 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> As interferencias lingüísticas.....                                     | 81 |
| <b>Historia da lingua:</b> Separación do galego e do portugués.....                                      | 81 |
| Os Séculos Escuros.....                                                                                  | 81 |
| Século XVIII: Sarmiento .....                                                                            | 81 |
| <b>Complementos:</b> Lei de normalización lingüística .....                                              | 82 |
| Cancións: <i>Os meus amores</i> .....                                                                    | 82 |
| <i>Os teus ollos</i> .....                                                                               | 82 |

## UNIDADE 8:

|                                                                                    |    |
|------------------------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Lectura:</b> <i>A incerteza e a dúbida</i> .....                                | 83 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                    | 83 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> A expresión da incerteza e da dúbida .....           | 84 |
| <b>Gramática:</b> <i>Luar</i> e <i>lunar</i> . <i>Xeral</i> e <i>xeneral</i> ..... | 84 |
| O artigo determinado. A segunda forma do artigo .....                              | 85 |
| Os tempos de perfecto de <i>dicir, facer</i> e <i>haber</i> .....                  | 87 |
| A perífrase <i>haber</i> (en pasado) + <i>(de) + infinitivo</i> .....              | 87 |
| Os adverbios de dúbida.....                                                        | 88 |
| Os pronomes átonos de segunda persoa <i>te</i> e <i>che</i> .....                  | 89 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> ¿Que lingua se falará no futuro en Galicia? ..... | 90 |
| O cadro sinóptico.....                                                             | 91 |
| <b>Historia da lingua:</b> Sarmiento (2).....                                      | 91 |
| O século XIX .....                                                                 | 91 |
| O galego volve ser lingua escrita .....                                            | 91 |
| <b>Complementos:</b> Os dereitos lingüísticos do cidadán en Galicia .....          | 92 |
| Canción: <i>A rianxeira</i> .....                                                  | 92 |

## UNIDADE 9:

|                                                           |    |
|-----------------------------------------------------------|----|
| <b>Lectura:</b> <i>As partes do corpo</i> .....           | 93 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                           | 93 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> O corpo humano .....        | 94 |
| <b>Gramática:</b> O adverbio interrogativo <i>u</i> ..... | 95 |

|                                                                                            |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Adverbios de lugar.....                                                                    | 95  |
| A perífrase verbal <i>ter + participio</i> .....                                           | 96  |
| Os pronomes átonos de terceira persoa.....                                                 | 97  |
| As partículas <i>ben</i> e <i>mesmo</i> .....                                              | 98  |
| Os tempos de perfecto de <i>vir</i> , <i>ver</i> e <i>ter</i> .....                        | 99  |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Palabras xuntas e separadas.....                        | 100 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> O galego hoxe no ensino .....                             | 101 |
| <b>Historia da lingua:</b> O Rexurdimento: as gramáticas .....                             | 101 |
| O Rexurdimento: dicionarios .....                                                          | 101 |
| Rosalía, Curros e Pondal.....                                                              | 101 |
| <b>Complementos:</b> O galego, lingua oficial da Administración educativa en Galicia ..... | 102 |
| Cancións: <i>Unha casíña branca</i> .....                                                  | 102 |
| <i>Romance de don Sancho</i> .....                                                         | 102 |

## UNIDADE 10:

|                                                                                      |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>O material da clase</i> .....                                     | 103 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                      | 103 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> O material da clase .....                              | 104 |
| <b>Gramática:</b> Locucións adverbiais de tempo .....                                | 106 |
| Os tempos de perfecto de <i>poñer / pór</i> , <i>dar</i> e <i>saber</i> .....        | 108 |
| A perífrase verbal <i>verse + participio</i> .....                                   | 108 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> A interrogación e a exclamación .....             | 110 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Artigo de opinión no <i>Diario de Galicia</i> ..... | 111 |
| <b>Historia da lingua:</b> Finais do século XIX.....                                 | 111 |
| Creación da Real Academia Galega.....                                                | 111 |
| <b>Complementos:</b> Galicia e o mundo .....                                         | 112 |
| Canción: <i>O sancristán de Coímbra</i> .....                                        | 112 |

## UNIDADE 11:

|                                                                                            |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>Formas de pedir algo</i> .....                                          | 113 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                            | 113 |
| <b>Gramática:</b> Maneiras de pedir algo.....                                              | 114 |
| Significados de <i>coller</i> e <i>recoller</i> .....                                      | 114 |
| O xénero dos nomes.....                                                                    | 115 |
| A perífrase verbal <i>ser a + infinitivo</i> .....                                         | 116 |
| Os tempos de perfecto de <i>poder</i> , <i>querer</i> e <i>caber</i> .....                 | 117 |
| A partícula <i>mais</i> .....                                                              | 118 |
| Familias léxicas irregulares .....                                                         | 119 |
| O obxecto directo introducido polas preposicións <i>con</i> , <i>por</i> e <i>de</i> ..... | 120 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Familias léxicas irregulares.....                       | 120 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> <i>O planeta Galicia</i> .....                            | 121 |
| <b>Historia da lingua:</b> As Irmandades da Fala .....                                     | 121 |
| A Xeración Nós .....                                                                       | 121 |
| O Seminario de Estudos Galegos.....                                                        | 121 |
| <b>Complementos:</b> As campañas de normalización lingüística.....                         | 122 |
| Cancións: <i>Veño da Virxe da Barca</i> .....                                              | 122 |
| <i>Amoriños collín</i> .....                                                               | 122 |

## UNIDADE 12:

|                                                        |     |
|--------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>A praza de abastos</i> .....        | 123 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                        | 123 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> A praza de abastos ..... | 124 |
| <b>Gramática:</b> O número dos nomes .....             | 125 |
| O participio .....                                     | 127 |
| A formación do futuro e do pospretérito .....          | 128 |

|                                                                |     |
|----------------------------------------------------------------|-----|
| Os substantivos derivados de verbos .....                      | 129 |
| A construción <i>coller, agarrar, ir(se) + e + verbo</i> ..... | 130 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Parellas dubidosas .....    | 131 |
| <b>Historia da lingua:</b> O século XX: 1900-1936 .....        | 131 |
| O Estatuto de 1936 .....                                       | 131 |
| A Guerra Civil.....                                            | 131 |
| <b>Complementos:</b> As palabras dos nosos poetas .....        | 132 |
| Canción: <i>Que lonxe, que lonxe estás</i> .....               | 132 |

## UNIDADE 13:

|                                                                                      |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>A fauna e a flora</i> .....                                       | 133 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                      | 133 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> A fauna e a flora .....                                | 134 |
| <b>Gramática:</b> Os morfemas de xénero para a expresión doutros valores .....       | 135 |
| Verbos que acaban en <i>-aír, -oer e -oír</i> .....                                  | 136 |
| A perífrase verbal <i>volver + infinitivo</i> .....                                  | 137 |
| Os pronomes átonos de terceira persoa <i>lle / lles</i> .....                        | 137 |
| Colocación do pronome átono .....                                                    | 138 |
| As preposicións e locucións prepositivas <i>agás, por mor de, por causa de</i> ..... | 139 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> A letra <i>g</i> . Grupos consonánticos .....     | 140 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> <i>Diálogo entre A e B</i> .....                    | 141 |
| <b>Historia da lingua:</b> O galego baixo o franquismo .....                         | 141 |
| Situación do galego despois da guerra .....                                          | 141 |
| Os anos cincuenta .....                                                              | 141 |
| <b>Complementos:</b> O cancionero de tradición oral galego .....                     | 142 |
| Canción: <i>Cantos de berce</i> .....                                                | 142 |

## UNIDADE 14:

|                                                                                          |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>Os xentilicios</i> .....                                              | 143 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                          | 143 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> Os xentilicios e os topónimos .....                        | 144 |
| <b>Gramática:</b> Os sufixos <i>-án / -á, -án / -ana e -ano / -ana</i> .....             | 146 |
| As locucións prepositivas <i>en vez de, no canto de, en lugar de, en / a troco</i> ..... | 146 |
| A comparación.....                                                                       | 147 |
| Verbos como <i>sentir e durmir</i> .....                                                 | 149 |
| A perífrase verbal <i>dar en + infinitivo</i> .....                                      | 150 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> A declaración xurada.....                               | 151 |
| <b>Historia da lingua:</b> Os anos sesenta .....                                         | 151 |
| O galego e a universidade .....                                                          | 151 |
| Normativización do galego .....                                                          | 151 |
| <b>Complementos:</b> Mil primaveras máis .....                                           | 152 |
| Canción: <i>A dama que ía no branco cabalo</i> .....                                     | 152 |

## UNIDADE 15:

|                                                                                                      |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>A expresión da necesidade</i> .....                                               | 153 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                                                      | 153 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> A expresión da necesidade.....                                         | 154 |
| <b>Gramática:</b> O infinitivo conxugado .....                                                       | 154 |
| As locucións prepositivas <i>amais de, ademais de, á parte de</i>                                    |     |
| Verbos terminados en <i>-uír</i> .....                                                               | 156 |
| A reflexividade de certos verbos.....                                                                | 157 |
| Perífrase verbal <i>chegar a + infinitivo</i> .....                                                  | 158 |
| <b>Apuntamentos de ortografía:</b> Emprego do <i>n</i> e o <i>ñ</i> . O <i>x</i> e o <i>ll</i> ..... | 160 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> Texto sociolingüístico: prólogo de <i>Cantares galegos</i> .....    | 160 |
| O telegrama .....                                                                                    | 161 |

|                                                                   |     |
|-------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Historia da lingua:</b> O galego no Estatuto de autonomía..... | 161 |
| O galego na Constitución española.....                            | 161 |
| A Lei de normalización lingüística.....                           | 161 |
| <b>Complementos:</b> A identidade coa terra e coa fala .....      | 162 |
| Canción: <i>Un adiós a Mariquiña</i> .....                        | 162 |

## UNIDADE 16:

|                                                                              |     |
|------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Lectura:</b> <i>As palabras cultas e os substantivos abstractos</i> ..... | 163 |
| <b>Comentámo-lo texto</b> .....                                              | 163 |
| <b>Traballamos co léxico:</b> As palabras cultas .....                       | 164 |
| <b>Gramática:</b> Os substantivos abstractos. O sufixo <i>-mento</i> .....   | 166 |
| A terminación <i>-ón / -ona, -oa</i> .....                                   | 167 |
| As preposicións <i>preto, encol e perante</i> .....                          | 167 |
| Os verbos <i>crer, ler e rir</i> .....                                       | 168 |
| Verbos da segunda conxugación <i>bater, verter e discorrer</i> .....         | 169 |
| Os verbos como <i>advertir</i> .....                                         | 170 |
| A construción <i>en + xerundio</i> .....                                     | 170 |
| <b>Comunicación e expresión:</b> <i>Publicidade e lingua galega</i> .....    | 171 |
| <b>Historia da lingua:</b> Transcendencia do momento actual.....             | 171 |
| <b>Complementos:</b> Mitos e lendas .....                                    | 172 |
| Canción: <i>A Virxe do Cristal</i> .....                                     | 172 |

## LIMIAR

A Orde do 1 de marzo de 1989 regula os cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para os diversos colectivos profesionais e sociais de Galicia.

Esta regulación nace de acordo co mandado do Estatuto de Galicia que, despois de establecer que a lingua propia de Galicia é o galego e que é idioma oficial no noso país xunto co castelán, determina que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas e potenciarán o emprego da lingua propia en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

A Lei de normalización lingüística incide na obriga que ten o Goberno galego de difundir-lo coñecemento oral e escrito da lingua galega entre os cidadáns de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, vén convocando anualmente cursos de lingua galega dirixidos a tódolos colectivos da nosa sociedade.

Despois de diferentes publicacións institucionais e privadas cómpre ofertar un novo material didáctico institucional que lle sirva de guía ó profesorado e ó alumnado, en xeral, estruturado segundo os temas que figuran no anexo da orde marco e cos seguintes apartados: lectura, comentario de texto, léxico, gramática, apuntamentos de ortografía, comunicación e expresión, historia da lingua e complementos.

Concluimos este limiar con dúas citas, unha de Vicente Risco: “cada terra é coma se fose ó mundo enteiro”; e outra, de Ramón Piñeiro: “Unha das grandes creacións dos homes e mulleres desta terra, a súa lingua, é o froito do espírito por acada-la súa propia identidade colectiva”.

Coa lingua tódalas culturas tratan de captar e de lle dar forma á súa realidade circundante e expresa-lo seu pensamento. Nós, coa nosa lingua, interpretamos ese mundo, expresámo-la forma de pensar, as nosas arelas e os nosos sentimentos; manifestámo-la nosa forma de ser, de estar e de vivir nesta aldea global e, por iso, queremos que o herdo da palabra permaneza entre nós.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ  
*Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*



# - 1 -

## LECTURA A GALICIA ANFIBIA

A fin de milenio é propicia para as revelacións. Vénse de producir agora un gran descubrimento: en Galicia chove. E, ás veces, chove moito (...).

Os indíxenas levan o paraugas como un apéndice, suxeito ás vértebras dorsais, á maneira de aleta de peixe (...). Como bo anfibio, o que máis lle gusta ao galego é falar do tempo. Se é de política, remítese á meteoroloxía:

– Mexan por nós e dicimos que chove.

– Home, ¡nunca choveu que non escampara! (...).

Tamén para facer unha proposición amorosa. Como o galego anfibio é tímido, ten sempre o recurso poético do tempo:

– ¿Notas o nordés, Andrés?

– Si, vai maruxía, María.

¡Quen me quentara os pés!

O galego anfibio está en perigo de “abdución”. Ós abducidos de *Expediente X* méteselles un ser estraño na cabeza (...).

Os galegos abducidos méteselles unha especie de tío cachas de *Vigilantes de la playa* que se amouca cando chove como se caera augarrás.

Trátase dunha mentalidade que considera exóticas as chuvieiras, os orballos, as brêtemas, a rosa dos ventos e toda a paisaxe indómita do ceo. E constrúense as cidades e vilas de maneira trapalleira, sen ter en conta o eterno retorno das augas, como se as borrascas das Azores foran un conto do Xestal.

O galego anfibio sabe que Galicia non sería Galicia sen a chuvia. Respira polas branquias e leva o paraugas coa elegancia dun brazo ortopédico. O abducido anda doente cando chove, vai con cara de turista cabreado na propia terra, e leva o paraugas calado como se fora unha baioneta de guerra.

– ¡A chuvia é arte, ho! – dille con ironía o galego anfibio.

– Pues si pillara al artista ese – di o galego abducido – le hacía yo un retrato de carallo.

*La Voz de Galicia*, 14.03.1999

### ¿QUEN É O AUTOR?

? “Un saxo na néboa” é un dos tres relatos da obra que acadou o premio Torrente Ballester e o Nacional de Narrativa nos que está baseado o filme dirixido en 1999 por José Luis Cuerda.

? Naceu en 1957 na cidade galega que ten o faro máis antigo do mundo (s. II).

? Segundo el “envolto en néboa hai un pequeno universo no que se reflecten, como nun prisma de vidro poliédrico, os múltiples rostros dun país endiañadamente complexo que constitúe o centro da súa obra”.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO



O texto anterior é un fragmento literario. ¿De que tipo cres que é: poético, xornalístico, narrativo, ensaístico, descritivo ou dramático? ¿Cres que pode ter características de máis dun tipo?

A narrativa é un xénero literario constituído pola novela, a novela curta e o conto. Nárrase un feito real ou inventado, o que se pode facer de forma oral ou escrita. Pretende abrir un camiño cara á imaxinación dos lectores ou oíntes.



### ORALIDADE:

1. ¿ Por que os galegos falamos tanto do tempo?

2. Repara nestes refráns. ¿Cres que reflecten nalgún sentido o modo de vida dos galegos?

- Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.

- En outono bota as patacas e garda cedo as vacas.

- Se por San Xoán chora, a silveira non dá amora.

- Abril chovedeiro enche o cabaceiro.

- Poucas chuvias en xaneiro enchen o celeiro.

TRABALLAMOS CO LÉXICO

- Comenta as palabras do texto referidas ó tempo atmosférico.
- O galego presenta unha gran riqueza de matices para expresa-los fenómenos atmosféricos. Repara no seguinte cadro de léxico.

Fenómenos atmosféricos

| Vento    | Auga          | Luz      | Neve/Xeo  | Néboa      |
|----------|---------------|----------|-----------|------------|
| borrasca | arco da vella | centella | alude     | borraxeira |
| brisa    | balloada      | chispa   | carambelo | brétema    |
| cifra    | choiva        | raio     | carazo    | calixe     |
| corisco  | chuvasco      | lóstrego | farrapo   | fuscallo   |
| furacán  | chuvisca      | relampo  | folerpa   | mera       |
| refacho  | dioivo        | alustro  | pedrazo   | neboeiro   |
| temporal | humidade      | relustro | salpedrés | nebrón     |
| vendaval | orballo       | tronada  | sarabia   | nebra      |
| xistra   | seca          | trono    | xeada     | bruma      |

¿Como expresan os galegos...?

|                      |                        |
|----------------------|------------------------|
| Que chove moito:     | <i>chover a cachón</i> |
|                      | -----                  |
|                      | -----                  |
| Que vai moito vento: | <i>refolada</i>        |
|                      | -----                  |
|                      | -----                  |
| Que vai moita calor: | <i>calmizo</i>         |
|                      | -----                  |
|                      | -----                  |
| Os ventos:           | <i>mareiro</i>         |
|                      | -----                  |
|                      | -----                  |

REPARA

A expresión do tempo atmosférico adoita facerse cos verbos **ir** e **haber**, e non co verbo **facen**, como ocorre en castelán:

- Ir mal tempo / ir bo tempo.
- Vai un calmizo que caen os paxaros.
- Ía un sol queimón.
- Vai unha friaxe que nin os cans paran.
- Vai un frío que atrapa.
- Vai un vento que cimbrea.

- REDACTA un informe meteorolóxico semellante ó que escoitaríamos na información do tempo dun telexornal.
- A partir dos adxectivos que seguen, cualifica meteoroloxicamente as estacións e os anos: nubrado, caloroso, chuvioso, chuvioso, friento, nevarento, quente, morno, húmido, lento, seco, mollado, xead, xélido...

### Perífrase verbal ir + infinitivo

¿Que é unha perífrase? É un grupo verbal formado por dous verbos entre os que pode ou non ir intercalado outro elemento (preposición, conxunción) e que ten un significado global distinto ó significado que cada un deses verbos ten por separado.

A perífrase **ir + infinitivo** pode expresar:

- **futuridade** (*Vas mete-lo coche na gabia se conduces pola beiravía*)
- **movemento** (*Bocexou e deseguido foi deitarse*).

Nesta perífrase nunca aparece a preposición **a** entre os verbos, aínda que vaian separados (*Vou ir cedo. Foi trasantonte buscar uns repolos á feira de Betanzos*).

*Se chove, deixa chover,  
se orballa, deixa orballar;  
eu ben sei dun abriguiño  
onde me ir abrigar.*

*Vouche dicir unha copla,  
vou acabar decontado;  
ó que as teñas todas oídas,  
vas acabar atontado.*

*A muller ía no prado;  
a vaca facía o xantar;  
a cadela varre a casa  
e a vasoira vai lavar.*

(Popular)

### REPARA

Dentro da acción de movemento que expresa o verbo **ir**, a lingua pode indica-lo repouso da acción coa preposición **en**:

- Miña irmá vai no médico.
- O meu pai vai na tenda.

## EXPECTEIXON / ENNUMERACIÓN

1. Expecteixon. (Instrucións: crear calquera situación de expectación errada).
2. Ennumeración.  
*un* fumaba el/ela pitillos de tódalas marcas  
*dous* a hostia non se pode tocar  
*tres* nunca houbo un papa negro  
*catro* los niños de hoy son los hombres del mañana  
*cinco* los hombres no lloran  
*seis* ás veces as aguias poden voar máis baixo cás galiñas  
*sete* un estante inútil no teito  
*oito* escoita-la radio con interferencias  
*nove* esa cara de cona no espello  
*dez* afirmar cunha lene caída de cabeza  
*O* a eutanasia  
*N* a fimose  
*C* o autismo  
*E* son enfermidades tipicamente tropicais  
*doce* evitar ennumeracións estúpidas  
*trece* mal número

### ¿QUEN É O AUTOR?

- ? Foi califa dunha república.
- ? A súa *Historia do Rock And Roll* obtivo en 1984 o Premio Galicia da Universidade de Santiago de Compostela.
- ? É un autor multimedia.
- ? A súa obra creativa comezou no colectivo ROMPENTE e caracterízase polo vangardismo e a ruptura formal.
- ? ¿De que outra maneira dirías que “vai un sol de xustiza”?

O AUTOR É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

-  Antón Reixa fai unha composición poética a partir da “enumeración” do *un* ó *trece*. Completa a serie de numerais ata o *vinte*.
-  E se no canto de cuantificar ou de expresar cantidades, o que queremos é ordenar, ¿cales serían os ordinais correspondentes ós anteriores? Escribeos neste cadro.

|          |        |             |
|----------|--------|-------------|
| primeiro |        | undécimo ou |
|          | sétimo |             |
|          |        |             |
|          |        |             |
|          |        |             |

MULTIPLICATIVOS

(unha cantidade multiplicada por un número de veces)

dobre, duplo/a  
triplo/a  
cuádruplo/a  
quíntuplo/a  
séxtuplo/a  
décuplo/a

Os restantes fórmanse co cardinal correspondente seguido da palabra veces.

PARTITIVOS

(indican a parte dun todo)

1. Ata 10: medi@, metade; terzo; cuart@, quint@, sext@, sétim@, oitav@, noven@, décim@.
2. Máis de 10: fórmanse apoñendo a partícula –avo á forma do cardinal: doceav@, vinteav@.

PRESENTE DE INDICATIVO E SUBXUNTIVO DE SER, ESTAR E IR

O **indicativo** é o modo que expresa a realidade, a certeza, coma nestes exemplos do presente:

- O enxoval e o dote das noivas son cousas de antano.
- Agora aprendemos o que é correcto en galego e o que non.

O **subxuntivo** é o modo que serve para expresar accións irrealis referidas ó presente ou ó futuro, como se reflicte nos seguintes exemplos:

- Para que esteades alá ás catro évos mellor que vos vaiades aquelando.
- Ó que vaiamos chegando á casa, telefonarémovos ó móbil.
- Aínda que sexa tarde pode que vaia ó cinema.

| SER   |         | ESTAR   |          | IR   |         |
|-------|---------|---------|----------|------|---------|
| son   | sexa    | estou   | estea    | vou  | vaia    |
| es    | sexas   | estás   | esteas   | vas  | vaias   |
| é     | sexa    | está    | estea    | vai  | vaia    |
| somos | sexamos | estamos | esteamos | imos | vaíamos |
| sodes | sexades | estades | esteades | ides | vaiades |
| son   | sexan   | están   | estean   | van  | vaian   |

REPARA

O til diacrítico (que estudarás nas seguintes unidades) distingue ortográfica e foneticamente a 3ª persoa do singular do presente de indicativo do verbo **ser** (é) da conxunción copulativa (e). É así, e é imposible cambialo.



### FRASEOLOXÍA:

Introduce as formas verbais correspondentes dos cadros anteriores nestas frases:

- Agora ..... entre a bigornia e o martelo porque esta ..... unha situación apurada, pero coida que desta vez non se che ..... a forza toda pola boca porque ti ..... máis retorcido cás cambas do carro.
- Aínda que eu ..... un bocapodre e ti ..... sempre de mala gaita, pode que contigo de enchente e de troulada porque posiblemente ..... cortados pola mesma tesoir.



REDACTA e continúa o fragmento utilizando os tempos de subxuntivo que xa vimos.

– “¡O que nos espera! Imos ter que pasar aquí metidos horas e horas mirando os uns para os outros, como nun idilio. E eu sen idea de cal é o problema”. (Terra Queimada, Xesús Manuel Marcos)

.....

.....

.....

.....

## A EXPRESIÓN DA IDENTIDADE E LUGAR DE NACEMENTO

### NOMES PROPIOS

#### Liberdade de elección

Hai que felicitarse de que volvamos á liberdade absoluta para elixir nome e de que medre a conciencia colectiva de aprezo ás pautas onomásticas tradicionais; non hai que felicitarse do exceso e superficialidade nas modas, que nos fan lembrar que é plaxio o que non é tradición (...).

Pero, por riba de todo, está o respecto á iniciativa de cada cal e o ter dado cerrazón a aqueles tempos de santoral pechado no que un pai quixo chamarlle **Democracia** á súa filla e non llo permitiron porque non era un nome de pía... e púxolle **Tudor Alcalina**... (...)

#### Volver ó enxebre

Boa é a recuperación do propio, ben está volver ó enxebre, aínda que poida haber algún resultado chusco, por exemplo, imaxinen que **Norma Duval** galeguizase o seu nome e pasase a ser **Regulamento Doval** (...). Con tódolos respectos ó gusto alleo direi que non é moi positivo que as **Ermelindas** e as **Cristalinas** sexan as avoas de **Vanesa**, **Tamara**, **Jessica** e demais modas co seu tufo a indefensión e asimilación “cultural”(...).

#### Vesti-lo nome

En fin, que isto dos nomes é unha cousa moi curiosa e espero que non acabe o ano 1993 sen que na Coruña lle poñan **Bebeto** a un neno e en Santiago a outro lle poñan **Consortio**. ¡Que menos!

Juan José Moralejo Álvarez  
*La Voz de Galicia*, 20.01.1990  
 (Tradución dos autores)

Para nos identificar e situar (“Eu son de...”) pódenos servir coñece-la denominación de:

- **Os puntos cardinais:** norte (N), sur (S), leste (L) e oeste (O). Algunhas combinacións dos puntos cardinais serven para designa-los ventos (nordeste ou nordés, sueste, sudoeste, les-sueste, etc.).
- **Os topónimos:** os galegos terán como única forma oficial a galega e correspóndelle á Xunta de Galicia determina-los nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. (Lei 3/1983, de normalización lingüística).
- **Entidades de poboación** como a comarca, bisbarra, concello, lugar, vila, aldea e parroquia.

**¿Sabías que...?** “Parroquia” pode ter catro significados distintos:

- ☐ Freguesía
- ☐ Igrexa
- ☐ División administrativa
- ☐ Clientela



¿Cal é o xentilicio correspondente ó teu lugar de nacencia?

¿Sábe-lo que son os **XENTILICIOS**? Son os nomes que designan o lugar de nacencia e fórmanse tomando como base o lugar xeográfico e engadindo un sufixo. Exs: *monfortin@*, *lugués/a*, *betanceir@*, *fisterrán/á*, *american@...*



### ORALIDADE:

1. Trala lectura do texto da páxina anterior, ¿consideras que este reflicte aínda a situación actual dos nomes de persoa en galego?
2. ¿Coñéce-la lexislación que rexe actualmente para a galeguización do nome e os apelidos?

### ¿COMO EXPRESÁMO-LA SITUACIÓN E A PROXIMIDADE?

1. Empregámo-los demostrativos para situar persoas ou cousas no espazo e no tempo con respecto ás persoas gramaticais:

|                                  |                            |               |
|----------------------------------|----------------------------|---------------|
| preto<br>máis próximo a min      | <b>este(s)/esta(s)</b>     | <b>isto</b>   |
| menos preto<br>máis próximo a ti | <b>ese(s)/esa(s)</b>       | <b>iso</b>    |
| lonxe<br>lonxe de min            | <b>aquel(es)/aquela(s)</b> | <b>aquilo</b> |

### REPARA

*Malia existiren tres paradigmas distintos de demostrativos que se corresponden cunha distribución xeográfica propia, as únicas normativas, as válidas na escrita, son as recollidas no cadro.*

2. A proximidade expresámola tamén por medio de diferentes locucións:

*á beira, ó lado, cabo de, a carón, ó pé, preto de, cerca de, lonxe de, á esquerda/dereita, detrás de, diante de, en fronte, cara a, a contramán, a desmán, fronte por fronte, a rente, ó par de, enriba de, ó redor de.*



Fíxate no comezo dun clásico da literatura galega:

**“Eu son...**

*BALBINO. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén (...). No verán descalzo. O po quente dos camiños faime alancar (...). No inverno, frío. Ganas de estar a reo ó pé do lume.*

*Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos (...)*

*¡Que saben desto os nenos da vila!*

*Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurruncha de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia unha pantasma bretemosa en cada árbore.*

*A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre “cando está de Deus”, como di a madriña.”*



Así é como o protagonista de *Memorias dun neno labrego* se presenta indicándono-la súa identidade. Trata de facer ti o mesmo incorporando o léxico e as locucións que aprendiches nesta unidade.

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

De seguro que xa coñece-lo noso alfabeto. Lembra que tódolos nomes das letras son masculinos (**o a <a>**, **o be <b>**...). Ademais do alfabeto galego, úsanse outros signos como o **<j>** (**iota**), **<ç>** (**cedilla**), **<k>** (**ka**), **<w>** (**uve dobre**) ou **<y>** (**i grego**), que aparecen en palabras que chegaron ó galego procedentes doutros idiomas: *whisky*, *Valença do Minho*, *hippy*, etc.

Pode que encontres algún cambio na ortografía dalgunhas palabras, pero isto débese a que, tanto a Real Academia Galega como o Instituto da Lingua Galega, seguen a traballar na recuperación das grafías máis etimolóxicas. Por iso hai que coñece-las últimas novidades e solucións das dúbidas a través das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* e os dicionarios que publican estas entidades. E lembra: as linguas están permanentemente evolucionando en función das investigacións e mesmo dos cambios da norma motivados polos propios falantes.



### ALFABETO

| GRAFÍA |    | NOME  |
|--------|----|-------|
| a      | ←→ | a     |
| b      | ←→ | be    |
| c      | ←→ | ce    |
| d      | ←→ | de    |
| e      | ←→ | e     |
| f      | ←→ | efe   |
| g      | ←→ | gue   |
| h      | ←→ | hache |
| i      | ←→ | i     |
| l      | ←→ | ele   |
| m      | ←→ | eme   |
| n      | ←→ | ene   |
| ñ      | ←→ | eñe   |
| o      | ←→ | o     |
| p      | ←→ | pe    |
| q      | ←→ | que   |
| r      | ←→ | erre  |
| s      | ←→ | ese   |
| t      | ←→ | te    |
| u      | ←→ | u     |
| v      | ←→ | uve   |
| x      | ←→ | xe    |
| z      | ←→ | zeta  |

### ¿Queres coñecer algunha curiosidade filolóxica que explique algunhas grafías?

- Bolboreta: escríbese así porque probablemente a súa orixe está no latín vulgar *\*belbellutia*, de *\*bellu* (fermoso).
- Marabilla: do latín *mirabilia* ( cousas estrañas).
- Pneumático: do grego *pnêuma* (sopro, alento).
- Avó/avoa: Proceden do latín *\*aviolu/avolu* e como xa nas súas orixes non levan **b** nin **p** temos que escribilas con **v** en galego.
- Avogado: Procede do latín *advocare* (convocar).
- Móbil: Escribímola con **b** porque a súa orixe está na forma latina *mobile*.
- Polbo: Procede da forma latina *polipu* e esta da forma grega *polypous* (polys = moito + pous = pés).  
[Non debemos confundila coa palabra *po* que procede do latín *pulvus*].
- Asasino: Escribímola con dous **a** porque procede do árabe *hassasî* (bebedor de hasîs).
- Voda: Procede de *vota* (os votos). Os votos eran as promesas pronunciadas no compromiso.
- Varrer: Escribímola con **v** porque procede do latín *varrere* (limpa-lo chan).

Se queres coñece-la orixe doutras grafías podes consultar un dicionario que recolla o étimo de cada entrada.

### DÍGRAFOS

|    |    |            |
|----|----|------------|
| ch | ←→ | ce hache   |
| gu | ←→ | gue u      |
| ll | ←→ | ele dobre  |
| nh | ←→ | ene hache  |
| qu | ←→ | que u      |
| rr | ←→ | erre dobre |



V A R R E R O D A B O R T X A  
F U C Z I R A T N E B E R U V  
B O L B O R E T A H X H E W O  
A B O T L E V S E D R A V O C  
Z E Z V O D A V O G A D O V D  
A L L I B A O V A Z R E V O H

*Tamén levan b:*

*Tamén sevan u:*

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

Interacción de compra-venda.

**Lugar:** Supermercado en Santiago de Compostela.

**Participantes:** Vendedor (V), mozo duns 30 anos.

Comprador (C), señora duns 70 anos.

C Póngame un quilo de carne.

V *¿Con óso ou sen óso?*

C Bueno... pues que lleve un ghuesiño.

$$(\dots)$$

V ¿Algo más?

C *Más nada...*

*Bueno, póñame dúas pechugas de polo.*





V ¿Se las abro?

C *Non, déixeas ir enteiras.*

V Ahí tiene. Le va todo en la bolsiña...

*Gracias.*

## REFLEXIONAMOS





A carta ó director é un escrito cun destinatario público (xornal ou revista) que alude a un tema de actualidade e que habitualmente se usa para expoñer unha opinión.

### ESQUEMA DE CARTA Ó DIRECTOR

1. ENCABEZAMENTO
  - a. Data
  - b. Saúdo
  - c. Petición de publicación
2. CONTIDO OU CORPO
  - d. Motivo
  - e. Achega de datos
  - f. Exposición da opinión
  - g. Peche
3. PÉ
  - h. Despedida
  - i. Sinatura
  - k. Identificación

|     |       |
|-----|-------|
|     | (a)   |
| (b) | _____ |
| (c) | _____ |
| (d) | _____ |
| (e) | _____ |
| (f) | _____ |
| (g) | _____ |
| (h) | _____ |
|     | (i)   |
| (k) | _____ |



Tendo en conta as cuestións ortográficas, morfolóxicas e léxicas, escribe unha carta ó director dun xornal na que exprése-la túa opinión sobre un tema de actualidade, algunha nova aparecida nun periódico, etc.

## HISTORIA DA LINGUA

### Ámbito xeográfico

O galego fállase:

- Nas catro provincias administrativas galegas;
- Na zona máis occidental de Asturias, León e Zamora;
- En certos núcleos urbanos pertencentes, sobre todo, a países sudamericanos onde houbo unha forte emigración de galegos que souberon garda-la súa lingua no seo das familias.

Lingüísticamente limita:

- Polo leste co castelán.
- Polo sur co portugués.

### Substrato preindoeuropeo

Na Idade de Pedra existiu certo parentesco entre moitos pobos que ocuparon boa parte do territorio que vai desde Galicia ó norte de África e por toda Europa Meridional. Isto explica que hoxe existan no galego palabras preindoeuropeas que se atopan tamén noutras zonas nas que nin se falan nin se falaron idiomas preindoeuropeos. Tal é o caso, por exemplo, de voces como: *amorodo, carrasco, lastra, veiga, caxigo, etc.*

### Os celtas

Polo 800 a. C. produciuse a primeira vaga de celtas, pero ten maior importancia para a zona do noroeste da Península Ibérica a que tivo lugar dous séculos máis tarde (arredor do 600 a. C.).

O galego débelle ós celtas palabras como: *berce, bugallo, croio, camba, etc.*, e abundantes topónimos como: *Sar, Sarela, Callobre, Barallobre, etc.*; os mesmos nomes *galego* e *Galicia* son de orixe celta.

## COMPLEMENTOS

### Antroponimia e Toponimia

**Toda comunidade lingüística ten dereito a preservar e usar en tódolos ámbitos e ocasións o seu sistema onomástico e a usa-los topónimos na lingua propia do territorio, nos usos orais e escritos e nos ámbitos privados, públicos e oficiais.**

Declaración universal dos dereitos lingüísticos

### Toponimia

- *Toda comunidade lingüística ten dereito a facer uso dos topónimos na lingua propia do territorio, nos usos orais e escritos e nos ámbitos privados, públicos e oficiais.*
- *Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer, preservar e revisala toponimia .*
- A esta preocupación de respecto á toponimia non é allea a Comunidade Europea que, na súa Resolución do ano 1987, sobre linguas e culturas das minorías rexionais e étnicas da CE, lles recomenda ós estados membros “recoñecer oficialmente os patronímicos e topónimos establecidos nas linguas rexionais”.
- **O artigo 10 da Lei de normalización lingüística dispón que “os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega” e así comeza o camiño da restauración.**

### Antroponimia

*Toda comunidade lingüística ten dereito a autodesignarse na súa lingua e toda persoa ten dereito ó uso do seu antroponimo na lingua que lle é propia en tódolos ámbitos e a unha transcripción foneticamente tan fiel como sexa posible a outro sistema gráfico cando sexa necesario.*

Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

**Cando unha persoa galeguiza o seu nome ou unha familia escolle un nome en galego para o seu fillo ou a súa filla, non só amosa o seu compromiso individual senón que se transforma en cidadán activo no proceso de normalización da nosa lingua.**

A Lei 40/1999, do 5 de novembro, sobre nome e apelidos e a súa orde (BOE do 6 de novembro de 1999) substitúe a Lei 17/1977 e proporciona un estatuto xurídico que respecta as distintas linguas do Estado e permite regularizar ortograficamente o nome e os apelidos, cando a forma inscrita no rexistro non se adecúe á gramática e fonética galega ou a substitución do nome propio polo seu equivalente onomástico en galego.

Polo tanto, galeguiza-lo nome ou os apelidos é tan sinxelo como na lei se indica: “**Por petición do interesado ou do seu representante legal, o encargado do rexistro substituirá o nome propio de aquel polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas do Estado**”.

*Moraima*

*Cando quero vivir  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando semento a esperanza.  
Digo Moraima  
e ponse azul a alba.*

*Cando quero soñar  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando é noite pechada.  
Digo Moraima  
e ponse a luz e marcha.*

*Cando quero chorar  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a anguria me abafa.  
Digo Moraima  
e ponse o mar en calma.*

*Cando quero sorrir  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a mañá é clara.  
Digo Moraima  
e ponse a tarde mansa.*

*Cando quero morrer  
non digo nada.  
E mátlame o silencio  
de non dicir Moraima.*

*Onde o mundo se chama Celanova,  
C. E. Ferreiro*

Música: Milladoiro  
Intérprete: Ana Belén



## LECTURA OS OFICIOS

Con todo e que en A. non se salvaba ninguén de calquera cousa que lle quixesen botar a un enriba, o caso é que quizais a única chata que se lle puña aos meus pais, era o non iren á igrexa e o andaren nas cousas dos socialistas e do *Centro de Sociedades Obreras*. Moitos non podían entender cómo xente de tan bos modais dentro da súa clase artesá, e tan respectuosos e \*serviciais pra todo o mundo, fose quen fose e pensase como pensase, puidesen andar naqueles rebumbios nos que se mesturaban Adolfo o Charomba, o médico Barada, o procurador Tramancos, o Cartao, legoeiro, o telegrafista Alanís, a Roxeliña, dona dunha casa de mulleres, que \*cotizaba pra o gremio dos carpinteiros de obra, nunca se soubo por qué; o latoeiro Maure, o avogado Quero, os mestres Sas, donos dun colexio pra o señorío; Quintín o ebanista, curmán da miña nai (cun irmán crego); a filla do capataz da Fundición, Lucía do Quirino, que \*noustrante ser o seu pai da Adoración Nocturna e gran vela en todas as procesións, o \*denanterior primeiro de maio a Lucía levava a fermosa bandeira do gremio dos canteiros que acababan de perder a folga dos catro meses (nove feridos, sete presos, canta fame sandiós, anque moitos traballadores deran, durante toda a folga, medio xornal á semana).

A Lucía, que sendo como era, costureira de luxo, a mellor da cidade, fóraselle a parroquia dun día para outro e algunhas mandáranlle a pedir a roupa sen rematar.

Nin que a bandeira dos canteiros, como dicía o Mosquera, estivera inzada de piollos; o pai \*caíu doente do desgusto unha chea de días, qué escándalo [...]

Xente ao lonxe, ed. Galaxia.

\* Estas palabras comentáremolas na parte de Apuntamentos de ortografía.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? O autor da obra á que pertence este fragmento naceu na cidade das Burgas aló polo ano 1897 e finou en Vigo en 1979.

? Foi un xornalista afamado e escribiu nos xornais e revistas máis importantes de Río de la Plata. Tamén foi correspondente en España de *La Nación* de Buenos Aires.

? Ten, en galego, tres libros en verso e outros tres en prosa. Un deles –ademais deste de onde sacamos o texto– foi levado ó cine. Alfredo Landa e Fernando Fernán Gómez foron dous dos protagonistas desa película. ¿Xa sabes de quen falamos?

? Se aínda tes dúbidas recorda que o nome dese filme é *La parranda*, tradución de *A esmorga* que é o título da novela na que está baseada.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

📖 O texto anterior é un fragmento literario. Segundo o que viches na unidade 1, ¿de que tipo cres que é: poético, xornalístico, narrativo, descritivo, ensaístico, dramático...?

📖 Baseándote nos argumentos que manexaches para contesta-la pregunta anterior, comenta algunha das características deste tipo de textos.

📖 ¿Sabes a que época histórica fai referencia?

### 📖 ORALIDADE:

Hai profesións que teñen unha consideración social superior a outras. ¿Que opinión che merece este feito?



TRABALLAMOS CO LÉXICO

- 📖 Escribe unha oración onde quede claro o significado destas palabras que aparecen na lectura.
- latoeiro: .....
  - chata: .....
  - legoeiro: .....

📖 Cos sufixos *-eiro*, *-eira* e *-ario*, *-aria* podemos formar moitas palabras que indican oficios ou profesións. Escribe os empregos que che suxiran os seguintes substantivos:

|            |  |                |  |
|------------|--|----------------|--|
| xoias      |  | zapato         |  |
| cerrollo   |  | empresa        |  |
| prata      |  | notaría        |  |
| botica     |  | ferro          |  |
| arquivo    |  | pezas de barro |  |
| secretaría |  | empresa        |  |

📖 Ademais dos sufixos que vimos antes, para formar nomes de profesións temos algúns máis. Como no exemplo, forma nomes de profesións a partir da palabra que se che proporciona:

|           |          |        |  |
|-----------|----------|--------|--|
| moble     | ebanista | xornal |  |
| coitelo   |          | venda  |  |
| ollos     |          | ensino |  |
| debuxo    |          | violín |  |
| embaixada |          | esmola |  |
| ouro      |          | coche  |  |

📖 Con cada letra da palabra *encadernador* escribe, tomando esas por iniciais, outros nomes de profesións.

|  |   |       |  |
|--|---|-------|--|
|  | E | _____ |  |
|  | N | _____ |  |
|  | C | _____ |  |
|  | A | _____ |  |
|  | D | _____ |  |
|  | E | _____ |  |
|  | R | _____ |  |
|  | N | _____ |  |
|  | A | _____ |  |
|  | D | _____ |  |
|  | O | _____ |  |
|  | R | _____ |  |



REDACTA unha solicitude de traballo indicando posibles oficios ou profesións que constan nas listaxes do INEM e que non se citaron anteriormente.



Enche os ocos desta cantiga co nome do oficio que creas máis axeitado segundo o contexto:

Sega sega co fouciño, sega sega o

Rema rema co seu remo, rema rema o

Serra serra co serrón, serra serra o

Non hai barca sen barqueiro nin bailar sen

→

→

→

→

.....

.....

.....

.....



Temos en galego moitos refráns referidos ó tempo e ás súas divisións. Explica o significado dos seguintes:

• Ó pasado díselles *adiós*<sup>1</sup> para que non volva onda nós.

• Con ben pan e moita leña, o inverno a ningúnén empeña.

• Cando a moza madura, xa pinta a uva.

• Outono quente trae o demo no ventre.

• Cando no inverno oíres tronar, vende os bois e bótao en pan.

<sup>1</sup> A forma *\*adiós* é incorrecta no galego estándar. Neste caso, emprégase para logra-la rima desexada.



Relaciona cada unha das comidas coa parte do día na que se realizan:

1 merenda / 2 parva / 3 xantar / 4 cea / 5 almorzo

\_ mediodía / \_ noite / \_ día alto / \_ amencer \_ / \_ tardiña



A continuación temos unha listaxe de palabras que se corresponden coas diferentes partes do día. Sitúaaas no cadro. Podes engadir algunha que non apareza nesta relación e que ti coñezas.

*a luzada, o mediodía, a noite, o solpor, día alto, o serán, ó rompe-lo día, ó abrente, o amencer, a tarde, o rir da alba, ó empardecer, ó raiolar, entre lusco e fusco, día largo, a alborada, a tardiña baixa, á postura do sol, lumbriga-lo día...*

| 8 h | 12 h | 20 h | 22 h |
|-----|------|------|------|
|     |      |      |      |



REDACTA

Narra un día calquera detallando, mediante as referencias cronolóxicas precisas, a actividade desenvolvida.



Tenta saber a que fan referencia as seguintes adiviñas:

*Xeme sobre a terra  
fozando en curto leiro,  
ata que nela atope  
cobixo derradeiro.*

-----

*Largo de dente,  
fondo de ventre,  
bo de deitar  
e malo de levantar.*

-----

*Non teño auga  
e por iso bebo auga;  
se tivese auga,  
bebería viño.*

-----

25

PRESENTE DE INDICATIVO E SUBXUNTIVO DE *HABER*, *DICIR* E *FACER*

| FACER                  | DICIR   | HABER   |
|------------------------|---------|---------|
| presente de indicativo |         |         |
| fago                   | digo    | hei     |
| fas                    | dis     | has     |
| fai                    | di      | ha/hai  |
| facemos                | dicimos | habemos |
| facedes                | dices   | habedes |
| fan                    | din     | han     |
| presente de subxuntivo |         |         |
| faga                   | diga    | haxa    |
| fagas                  | digas   | haxas   |
| faga                   | diga    | haxa    |
| fagamos                | digamos | haxamos |
| fagades                | digades | haxades |
| fagan                  | digan   | haxan   |

A perífrase haber (de) + infinitivo

Pode te-los seguintes valores:

- **Futuridade** (principalmente co presente de indicativo)  
- *Hei de facelo cando poida.*
- **Obriga**  
- *Has merca-lo que mande.*
- **Acción que estivo a piques de realizarse** (co pretérito perfecto de indicativo)  
- *Houbo de morrer naquel accidente.*
- **Hipótese**  
- *Esa rapaza ha de andar polos vinte anos.*



Dramatiza cun compañeiro ou compañeira o seguinte diálogo.

- *¡Eu fago o que me peta!*
- *¡Xa ho! Pero... fagas o que fagas sempre dis o que non debes.*
- *¡Xa che digo que hei de atopa-la maneira de facerlle a vida imposible!*
- *Mira, se non calas, mañá heiche cantar as corenta na casa da túa sogra; así has de sabe-lo que é bo.*
- *Por moito que digas non me vas intimidar.*
- *Anda, anda... colle o carro e tira. Tal vez mañá haxa unha oportunidade para que te desculpes co señor alcalde. ¡Dende logo, mira que querer levalo no carro ata a porta do concello!*



Sinala e identifica os tempos verbais que aparecen no texto anterior.

-  Fixándote no significado que teñen as perífrases no texto, cámbiaas por outro tempo verbal.
-  Introduce nos seguintes enunciados as persoas dos verbos *haber*, *facer* e *dicir* segundo corresponda:
- Talvez \_\_\_\_\_ unha maneira de aprende-las perífrases verbais.
  - Por teléfono vós \_\_\_\_\_ as cousas máis claras.
  - Se \_\_\_\_\_ o traballo máis a modo sairache mellor.
  - Nós \_\_\_\_\_ de ir a Viana no verán.
  - É mellor que eles \_\_\_\_\_ a verdade cando nós \_\_\_\_\_ algo bo.
-  Tenta explicar coas túas palabras o significado destes catro fraseoloxismos que teñen o verbo *haber* nas súas construcións:
- Non ha de morrer da cornada dun burro.
  - Non hai can que a roia.
  - Han nacer moitas herbas en lugar cativo.
  - Hasmas pagar ben pagadas.
-  Transforma as seguintes frases introducindoas polo adverbio *cando*. Fíxate no exemplo:
- Despois de dicilo sentireime ben –*Cando o diga sentireime ben.*
  - Para facérmo-los exercicios teremos que traballar máis.
  - Se hai, terás algo.
  - Por dicir iso, terás un castigo.
  - Antes de face-la gabeta, precisarás ferramentas.
-  O seguinte cadro de contraccións está incompleto. Éncheo correctamente:

|       | A           | DE          | EN         | CON          | POR          | TRAS          |
|-------|-------------|-------------|------------|--------------|--------------|---------------|
| O     | <b>ó/ao</b> |             |            |              |              |               |
| A     |             |             |            |              |              |               |
| OS    |             |             | <b>nos</b> |              | <b>polos</b> |               |
| AS    |             |             |            |              |              | <b>tralas</b> |
| UN    |             |             |            |              |              |               |
| UNHA  |             |             |            | <b>cunha</b> |              |               |
| UNS   |             | <b>duns</b> |            |              |              |               |
| UNHAS |             |             |            |              |              |               |

*[...] Lémbrome dunha vez que apareceu un can rabioso xunta as aceas de Lourido. Andabamos tódolos nenos da escola ós amorodos [...] e ficaches alí, cubríndome co teu corpo mentres o can daba voltas arredor de nós regañando os dentes [...] o que tiñamos na testa eran contos de cans rabiosos, de xente que morría botando escuma pola boca e arrolándose polo chan ou toupando contra as paredes porque os trababa un can rabioso. Era a peor das mortes, só comparable á dos enterrados vivos.[...]*

Marina Mayoral, *Unha árbore, un adeus*.

 No texto hai varias contraccións de preposición mais artigo. ¿Que elementos as compoñen?

### REPARA

*Con + o, a, os, as = **co, coa, cos, coas**.*

*Ca + o, a, os, as = **có, cá, cós, cás** (estas formas só nas comparativas).*

*Da contracción da preposición **a** co artigo **o** resultan dúas formas posibles na escrita: **ao** ou **ó**. Non debes esquecer que a pronuncia sempre será a dun **o** aberto.*

 Completa estas oracións con: *con + artigo (co, coa...); ca + artigo (có, cá...); que + artigo*

- Fun \_\_\_\_\_ miña avoa dar unha volta polos xardíns do pazo.
- Es máis lento \_\_\_\_\_ o cabalo de Matusalén.
- Ti xoga \_\_\_\_\_ teus rapaces \_\_\_\_\_ os meus xa cansaron.
- Ide \_\_\_\_\_ o avó \_\_\_\_\_ as entradas xa as collo eu.

 Fai as contraccións necesarias nestas oracións:

- Mandouno o avó a o banco con a cartilla de aforros.
- Tras a porta está o chapeo de os convidados.
- Antón chegou en o seu coche onte por a mañá.
- Apareceu con un caderno de notas en uns pantalóns rachados.

 Substitúe nestes enunciados os artigos indeterminados por determinados e viceversa; atende ás contraccións:

- Tras unha porta de entrada están unhas cabinas telefónicas e mais unha aula de audiovisuais.
- Por perder un tren tamén perdiches un traballo.
- Fora el e mais un amigo, pois nós daquela estabamos fóra.
- Apareceron os ósos do can tras un valado. Tivo que ser un lobo pois osos por aquí non hai.

*[...] Os babilonios usaban consistentemente dende unha data antiquísima a base  $b=60$ . [...] Con respecto ós demais números enteiros que podemos representar como un produto de potencias dos seus factores primos dentro do intervalo  $N=1$  a  $N=60$ , temos tamén:*

*a) 14 primos, a saber:*

*7, 11, 13, 17, 19, 23, 29, 31, 37, 41, 43, 47, 53, 59;*

*20 múltiplos a partir do 14, a saber:*

*b) 14, 21, 22, 26, 28, 33, 34, 35, 38, 39, 42, 44, 46, 49, 51, 52, 55, 56, 57, 58. [...]*

 Escribe en letra os números que están subliñados:

|  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|



Completa os ocos que faltan nestes cadros:

| CARDINAIS    | ORDINAIS   | MULTIPLICATIVOS | PARTITIVOS      |
|--------------|------------|-----------------|-----------------|
| vinte        | vixésimo   | vinte veces     | vinteavo        |
| vinte e un   |            |                 |                 |
| vinte e tres |            |                 |                 |
| trinta       | trixésimo  |                 |                 |
| trinta e un  |            |                 |                 |
| corenta      |            | corenta veces   |                 |
| cincuenta    |            |                 |                 |
| sesenta      | sesaxésimo |                 |                 |
| setenta      |            |                 |                 |
| oitenta      |            |                 |                 |
| noventa      |            |                 |                 |
| cen          |            |                 | centésima parte |



Se continuámo-la lista teremos:

|            |              |           |                |
|------------|--------------|-----------|----------------|
| douscentos | ducentésimo  |           |                |
| trescentos | tricentésimo |           |                |
| mil        | milésimo     | mil veces | milésima parte |
| millón     | millonésimo  |           |                |
| billón     |              |           |                |



Completa con letra os numerais que se indican:

- Na primeira volta caeu o piloto xaponés que ía no ..... (4º) lugar.
- O Deportivo e o Celta xa xogaron máis de ..... (50) partidos.
- Temos ..... (500) euros para gastar hoxe.
- Faltan ..... (16) minutos para as dúas e media.
- Teño unha parella de polas e ..... (40) pitos.

### REPARA

*Dentro dos numerais cardinais hai algúns que posúen variación xenérica:*

- un / unha
- dous / dúas

*Tamén teñen variación xenérica todos aqueles nos que aparecen os anteriores e as centenas:*

**vinte e dúas, duascentas, douscentos.**



Escribe cinco frases empregando os seguintes numerais:

*quincuaxésimo      corenta      billón      triple      vixésimo      primeiro*

## Os adverbios de tempo

Un adverbio é unha palabra que modifica a acción dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio.

**Os adverbios de tempo** sitúan no espazo temporal un feito ou unha acción. Imos ver cales son:

| ANTERIORIDADE                                 | SIMULTANEIDADE                                                                              | POSTERIORIDADE                                     | TOTALIDADE                               |
|-----------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|------------------------------------------|
| onte<br>antonte<br>trasantonte                | hoxe                                                                                        | mañá<br>pasadomañá                                 | sempre<br>decote                         |
| antes<br>antano<br>cedo<br>outrora<br>noutroa | aínda<br>agora<br>xa<br>daquela (entón)<br>mentres<br>namentres<br>entrementres<br>arestora | logo (despois)<br>axiña (logo)<br>tarde<br>despois | nunca<br>xamais<br>endexamais<br>seguido |



Subliña os adverbios de tempo que atopes no seguinte fragmento:

[...] *Agora o asunto empezaba a amocarme.*  
*Escoita, Xulián Telleiro. Nunca na miña vida tiveron un irmán de nome Henrique, ningún irmán, oes, e segundo tódolos cálculos de probabilidade xa non vou ter ningún, porque meus pais hai xa moito tempo que morreron. [...]*  
*Home non te alporices agora por cousas insignificantes. Podería xurar que tiñas unha irmá, pero cos anos vai arrefriando a memoria. ¿Aínda segues a ter dores de cabeza coma antes?*  
*Endexamaís tiveron dores de cabeza, nin hoxe nin hai vinte anos [...]*

Úrsula Heinze, *Remuíños en coiro*



Substitúe o subliñado por un adverbio equivalente:

Agora deben estar en Vigo.

Noutro tempo non tiñamos estes problemas.

Axiña me vou, non te preocupes.

Está a diario na taberna

Déitate despois.

Ese home coñecino eu naquel tempo.

Nun momento anterior sería posible.

Nos tempos que corren hai máquinas para todo.



REDACTA un texto breve onde aparezan os adverbios que che indicamos a seguir:

*despois*

*sempre*

*trasantonte*

*entrementes*

*endexamaís*

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

- No texto de Eduardo Blanco Amor alétranse as formas *para* e *\*pra*. Aínda que a segunda se pode empregar na fala, só a primeira é a correcta na escrita.
- O autor emprega a forma *\*caiu*, que non é correcta, por *caeu*. Os verbos da segunda conxugación (–**er**) fan a terceira persoa singular do pretérito en –**eu** [colleu]; e os da terceira conxugación (–**ir**) fana en –**iu** [partiu].
- A locución conxuntiva **\*noustrante** é unha forma vulgar que debemos desbotar. O correcto é empregar-la locución *non obstante*.
- A forma popular **\*denanterior** é unha creación léxica formada a partir do adverbio *denantes* –forma correcta– para diferenciarse do adxectivo común ó castelán *anterior*.

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### 1. TEXTO

“Por **diglosia** aludo a aquelas situacións nas que se produce unha superposición lingüística entre unha variedade ou *lingua alta* (A), que se emprega na comunicación formal escrita –literatura, relixión, ensino, *mass media*, etc.–, e unha variedade ou *lingua baixa* (B), con frecuencia pouco cultivada, que se usa nas conversas de carácter non formal ou familiar”.

### REFLEXIONAMOS

- ¿Coñeces algún caso que se poida encadrar dentro das situacións que nos sinala o texto?
- ¿Cres que o galego se pode considerar unha lingua A?
- ¿Que avances significativos aprecias no emprego do galego nos últimos anos?
- ¿Que medidas serían necesarias –por riba dos esforzos das institucións– para lograr que a nosa lingua acadase o estatus de lingua normalizada?

## 2. A INSTANCIA

A instancia é un escrito dun particular no que solicita dun órgano administrativo a tramitación ou resolución dun asunto. Presenta tres partes diferenciadas cos seguintes datos:

### 1. Encabezamento

- a. Datos persoais do solicitante:
- Nome e apelidos
  - Lugar e data de nacemento
  - Profesión
  - Enderezo
  - Teléfono
  - Número do DNI

### 2. Corpo

- b. Exposición
- c. Solicitude
- d. Localidade e data
- e. Sinatura

### 3. Peché

- f. Pé:
- Tratamento, cargo e localidade á que se dirixe

### CARACTERÍSTICAS:

Redáctase nunha páxina.

A marxe esquerda ten entre 30 e 35 milímetros.

Na parte inferior irá o nome da institución ou cargo a quen se dirixe.

O corpo podémolo rematar coas fórmulas "por isto" ou "por esta razón".

Vexamos un exemplo de instancia:

(a) D./Da. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_.

(b) EXPÓN

Que \_\_\_\_\_.

Que \_\_\_\_\_.

(c) SOLICITA

Que \_\_\_\_\_.

(d) \_\_\_\_\_.

(e) \_\_\_\_\_.

(f) NOME DA INSTITUCIÓN ou CARGO Ó QUE SE DIRIXE

## HISTORIA DA LINGUA

### A chegada dos romanos

No século III a. C. chegan os romanos a España, pero só no séc. I d. C., e tralos intentos fracasados de Décimo Xunio Bruto e Xulio César, Augusto consegue conquistar Galicia, Asturias e Cantabria incorporándoas á España Citerior. Comeza aquí unha tardía romanización, cando xa o resto da península estaba grandemente romanizada.

### A romanización lingüística

Á romanización administrativa sucedeu a romanización dos costumes e a incorporación dos celtas e outros pobos prerromanos á lingua dos conquistadores. A lingua latina constitúe a base principal do galego.

### A Gallaecia romana

Galicia e Asturias chegaban polo sur ata o río Douro e polo leste ata Cantabria. No ano 216 pasaron a constituír unha provincia á parte, co nome de Gallaecia.

Os lindeiros xeográficos desta provincia teñen moita importancia, xa que este territorio presenta ata hoxe un léxico común, nel producíronse os mesmos fenómenos de evolución lingüística que van separalo conxunto de falas pertencentes ó NO peninsular da fala castelá.

## COMPLEMENTOS

### Os amores que o río separa

No século XII creouse a artificiosa fragmentación política entre Portugal e Galicia que traería consigo a creba da unidade lingüística á que parecía destinada: Afonso VI casa as súas dúas fillas cos irmáns do Papa Calisto II e do primeiro arcebispo de Compostela, Xelmírez. Urraca, desposada con don Ramón será a condesa de Galicia e o seu fillo Afonso VII consolidará a anexión definitiva ó reino de Castela e León.

Hoxe, no marco da Unión Europea, a vella Galicia, que daquela chegaba ata o Douro, está chamada a traballar nun espazo común e os seus habitantes a ollarse coma irmáns.

Dous poetas personifican a historia dun pobo separado polo Miño que sempre soñou con que “o tempo ha chegar” polo menos para coñecernos e entendernos mellor.

João Verde, nado na vila miñota de Monção, manifestou a súa admiración por Galicia facéndoa a súa segunda morada.

O río Miño foi para el símbolo de unión entre a súa rexión e Galicia. Este profundo sentimento quedou reflectido nos seguintes versos:

*Vendo-os assim tão pertinho  
A Galiza mail'o Minho,  
São coma dois namorados  
Que o río traz separados  
Quasi desde o nascimento  
Deixal-os, pois, namorar,  
Já que os paes para casar  
Lhes nao dão consentimento.*

Amador Montenegro Saavedra, membro da Real Academia Galega e fundador do semanario rexional integramente escrito en galego, *A Monteira*, sempre mostrou unha especial sensibilidade pola cultura portuguesa e el deu resposta a aqueles versos que contaban o namoro da Galicia e mais do Miño.

*Se Deus os fixo decote  
Un para outro e teñen dote  
En terras emparelladas,  
Pola mesma auga regadas  
Con ou sen consentimento  
Dos pais, o tempo ha chegar  
En que teñan que pensar  
En facer o casamento.*

Música: Grupo A Quenlla

*Milho verde, milho verde*

*Milho verde, milho verde,  
Ai, milho verde, milho verde,  
Ai, milho verde, maçaroca.*

*A sombra do milho verde,  
Ai, á sombra do milho verde,  
Ai, namorei uma cachopa.*

*Milho verde, milho verde,  
Ai, milho verde, milho verde,  
Ai, milho verde, miudinho.*

*A sombra do milho verde,  
Ai, á sombra do milho verde,  
Ai, namorei un rapacinho.*

*Milho verde, milho verde,  
Ai, milho verde, milho verde,  
Ai, milho verde, folha larga.*

*A sombra do milho verde,  
Ai, á sombra do milho verde,  
Ai, namorei uma casada.*

*Mondadeiras do meu milho,  
Ai, mondadeiras do meu  
milho,  
Ai, mondai-lo meu milho ben.*

*Não olheis para o caminho,  
Ai, não olheis para o caminho  
Ai, que a merenda já lá vem.*

Cancioneiro tradicional  
Interpreta: José Afonso\*

\* José Afonso, poeta e trovador português, estivo vinculado á canción galega e mesmo incluíu diferentes temas do cancionero tradicional galego na súa obra. Coa emisión da súa canción, *Grândola, vila morena* comezou a Revolución dos Caraveis.



## LECTURA AS COMIDAS

Aínda que nestes tempos corra máis o lacón, sempre se atopará un fato de galegos citándose para xantar un cocido. Como se acostuma dicir no país, un cocido de crego. Un bo cocido leva moitas cousas: leva xamón e lacón, leva carne fresca, leva touciño e chourizos, leva verdura –que poden ser uns grelos pero pode ser tamén repolo–, e leva galiña, e tamén leva garavanzos. E as patacas, por descontado. E á carne de porco que vai no cocido aínda se lle pode engadir a orella, e se hai costela salpresa, pois costela. E na auga na que se coceu a carne, e pinchando nela un par de chourizos, faise unha boa sopa, que pode ser de fideos ou de arroz. Fan falla tres fontes para servir un cocido, que nunha vai a carne de porco, noutra a galiña coa carne fresca, e noutra as patacas cos chourizos e os garavanzos. Eu aínda me lembro de cocidos, cando rapaz, na casa dos meus avós, en Riotorto, na vella terra luguesa de Miranda, que viña tamén á mesa unha fonte con castañas cocidas, peladas de todo, e con elas unha pelota de carne picada co seu ovo duro e o seu allo, e algo picante. Xarrete e falda son as mellores carnes de vitela para un cocido.

*A cociña galega*, ed. Biblioteca da Cultura Galega.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? Naceu en Mondoñedo en 1911 e morreu en Vigo en 1981.

? Dedicáronlle o Día das Letras Galegas do ano 1991.

? Foi un home polifacético: poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta, gastrónomo e xomalista (dirixiu durante anos o *Faro de Vigo*).

? Algunhas das súas obras máis importantes son: *Merlín e familia*, *Xente de aquí e acolá* e *O incerto señor don Hamlet*.

? A súa grande imaxinación, o gusto polo fantástico e o humor fan que sexa considerado unha das figuras máis sobranceiras da narrativa deste século.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

📖 ¿A que xénero literario (narrativo, poético ou dramático) pertence o texto que acabamos de ler?

📖 ¿Poderíamos clasificar este texto como pertencente a un libro típico de receitas ou non responde a esas características?

📖 ¿Que cres que quere dici-la expresión “cocido de crego”?

### 📖 ORALIDADE:

1. ¿Cres que está xustificada a fama de que en Galicia se come ben ou en abundancia? Intentade buscar algunha posible explicación en grupo.
2. Fíxate nos seguintes refráns, todos están relacionados coa comida. ¿Poderías engadir algún máis?  
A comida, repousada, e a cea, paseada.  
O primeiro é comer e o derradeiro é facer.  
Comida fina en corpos gordos fai mal ós ósos.  
A quen lle has dar cea non lle chores a merenda.  
O cabrito, cómeo dun mes, e o año, de tres.

TRABALLAMOS CO LÉXICO

Escrebe o significado e constrúe unha oración coas palabras do texto:

- costela salpresa:
- xarrete:
- falda:
- vitela:

**FRASEOLOXÍA:**

Escrebe o significado das seguintes frases:

- Vai roe-los ósos ó palleiro:
- Enche-la andorga:
- Comer en mesa de frade:
- Te-lo estómago pegado ó espiñazo:

Fíxate no seguinte cadro de léxico relacionado cos produtos comestibles:

| As comidas    |           |            |                     |                       |
|---------------|-----------|------------|---------------------|-----------------------|
| Froitas       | Carnes    | Peixe      | Mariscos e moluscos | Verduras e hortalizas |
| abelá         | coello    | abadexo    | ameixas             | cenoria               |
| améndoa       | galiña    | bacallau   | lagosta             | grelos                |
| amorodo       | paspallás | ollomol    | lumbrigante         | leituga               |
| cereixa       | polo      | peixe sapo | lura                | nabizas               |
| cirola/ameixa | porco     | pescada    | polbo               | porro                 |
| laranxa       | vitela    | robaliza   | vieira              | repolo                |

REDACTA unha receita de cociña seguindo o modelo do texto da lectura.

A ver se dás adiviñado:

|                                                                                                        |                                                                                                            |                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Son fillo de pais cantantes,<br/>miña nai non tiña dentes<br/>nin ningún dos meus<br/>parentes.</i> | <i>Fun femia de natural,<br/>macho me foron facer;<br/>hei de morrer afogado<br/>e femia volverei ser.</i> | <i>É branca, non é papel;<br/>é verde, non é limón;<br/>é vermella, non é sangue;<br/>é negra, non é carbón.</i> |
| ---                                                                                                    | ---                                                                                                        | ---                                                                                                              |



BARULLO DE LETRAS: busca dez palabras pertencentes ó campo semántico das verduras e hortalizas no primeiro, e dez de froitas no segundo.

A Z I B A N G O  
A O L O P E R L  
I R B F E B E E  
R R V X M O L I  
O O R O E L O T  
N P G P N L S U  
E O S C T A N G  
C A H I O U D A  
M A L O B E C E

A X I E R E C Z  
D K A B I F A T  
N A Z A M I M E  
I Ñ H F A G U L  
U A M O R O D O  
G T Z D M E R C  
W S O G E X E P  
B A N A L I K O  
E C A L O R I C

PRESENTE DE INDICATIVO E SUBXUNTIVO DE *VIR*, *VER* E *TER*

| VIR          |         | VER   |         | TER   |         |
|--------------|---------|-------|---------|-------|---------|
| veño         | veña    | vexo  | vexa    | teño  | teña    |
| vés          | veñas   | ves   | vexas   | tes   | teñas   |
| vén          | veña    | ve    | vexa    | ten   | teña    |
| vimos        | veñamos | vemos | vexamos | temos | teñamos |
| vides/vindes | veñades | vedes | vexades | tedes | teñades |
| veñen        | veñan   | ven   | vexan   | teñen | teñan   |



Cambia os verbos das seguintes oracións polas persoas indicadas entre parénteses:

- Non ve nada con esa néboa. (1ª p. sg.)
- Aínda que teñen moitos cartos, non veñen nunca de vacacións. (2ª p. pl.)
- Espero que veña axiña e que teña ganas de saír. (3ª p. pl.)
- Eles veñen hoxe pola tarde pero á noite teñen que ir traballar. (3ª p. sg.)
- ¿Vides en avión ou en tren? (2ª p. sg.)
- Para que vexan menos televisión teñen que ler máis. (1ª p. pl.)
- Sempre vimos pola autoestrada, veñamos ou non veñamos con présa. (2ª p. pl.)
- Nós ben vemos que vimos un pouco bébedos. (3ª p. sg.)
- Non vexo ben que o neno teña demasiados xoguetes. (2ª p. sg.)
- Teñan ou non teñan necesidade, eu vou axudar. (2ª p. pl.)
- Que veña xa e que vexa o que fixo, así aprenderá. (2ª p. sg.)



Completa o presente de indicativo en tódalas súas persoas na seguinte frase: “Ir e vir coma a faba na ola”:

- Eu *vou* e *veño* coma a faba na ola
- Ti .....
- El/ela .....
- Nós .....
- Vós .....
- Eles/elas .....



### FRASEOLOXÍA:

Completa cos verbos anteriormente vistos as seguintes frases:

- Aínda que ----- días e caían noites, non sei se o darás acabado.
- Iso non ----- a conto.
- Se lle ----- as orellas ó lobo, non te arrisques.
- Ata que non se ----- atado de pés e mans, non se decatará do que vale a liberdade.
- Vós ----- a cabeza coma pelouros dende ben novos.
- Todo son desgrazas, parece que ----- un pauto co demo.
- Non pasan ningún apuro, ----- moito millo na cabeza.
- Custa traballo razoar con el pero, ó final, sempre se ----- ás boas.
- E non levanta cabeza, ----- lle todas tortas.
- É moi desobediente, non son capaz de que ----- ó rego.
- Parece boa persoa, ben se lle ----- as trazas.

### REPARA

Algunhas persoas dos verbos **vir** e **ver** diferéncianse, na escrita, polo acento diacrítico:

| <i>vir</i>           | <i>ver</i>             |
|----------------------|------------------------|
| <i>Ti <b>vés</b></i> | <i>Ti <b>ves</b></i>   |
| <i>El <b>vé</b>n</i> | <i>Eles <b>ven</b></i> |

### Vogais abertas e pechadas

Fíxate nas palabras subliñadas no seguinte texto. Todas levan un **e** ou un **o** tónicos pero, ¿pronúncianse da mesma maneira?. Compróbo coa súa lectura en voz alta. ¿Son ou non son iguais? Como acabas de comprobar, o sistema vocálico galego consta de sete fonemas xa que hai un [e] aberto e un [e] pechado, e un [o] aberto e un [o] pechado. Segundo a vogal sexa aberta ou pechada indica diferenza de significado entre dúas palabras e tamén tempos diferentes no caso dos verbos.

|             |                                     |             |                |
|-------------|-------------------------------------|-------------|----------------|
| <u>pola</u> | <u>pola</u>                         | <u>come</u> | <u>come</u> ti |
| rama        | galiña / contracción <i>por + a</i> | pte. indic. | imperativo     |
| <u>fora</u> | <u>fora</u>                         | <u>mete</u> | <u>mete</u> ti |
| adv. lugar  | antepretérito verbo <i>ser/ir</i>   | pte. indic. | imperativo     |
| <u>pe</u>   | <u>pe</u>                           | <u>bebe</u> | <u>bebe</u> ti |
| extremidade | nome de letra                       | pte. indic. | imperativo     |

Ía eu pola eira adiante cando, o pé da porta do galiñeiro, atopei unha pola morta. Fora, polo que parece, cousa do raposo, que aproveitou que o animal quedara fóra para atacalo, e non debía levar présa, porque case non deixa nin os ósos. A partir de agora vou pór máis atención porque supoño que aínda andará por aí, ó mellor póñolle unha corda con dous nós; se vés, ves todo o que fixen.

### Adverbios de lugar e locucións prepositivas

Os **adverbios de lugar** indican a situación de algo ou de alguén no espazo. Algúns dos máis usuais son:

- **Absolutos:** **aquí, aí, alí, acó, aló, acá, alá, acolá** (*Aquí te-la túa aula, alí está a sala de estudo e acolá o ximnasio*).
- **Relativos:** **dentro, fóra, preto, cerca, lonxe, arriba, enriba, derriba, abaixo, embaixo, debaixo, atrás, diante, en fronte, arredor, derredor...** (*Preto do colexio está a biblioteca municipal, un pouco máis lonxe o centro cultural e, en fronte, o teatro*).
- **Presentativos:** **velaí, velaquí** (*Velaí vén a persoa que estás esperando. Velaquí está a túa carteira*).
- **Indefinidos:** **algures** 'algunha parte', **ningures** 'ninguna parte' e **xalundes** 'por aí adiante, por outro sitio' (*Mira ben se deixáche-la mochila no colexio, por algures terá que andar. Busqueino por todas partes e non o atopei por ningures. Éche unha persoa moi viaxeira, sempre anda xalundes*).

As **locucións prepositivas** son palabras que equivalen a unha preposición. Algunhas son:

- **Cabo de, xunta e onda** significan 'ó lado de' (*Vai onda el e anímao un pouco*).
- **Canda** significa 'ó mesmo tempo ca' (*Fixo a mili canda min, alá polos anos sesenta*).
- **En cas (de)** equivale a 'na casa de' (*Os noivos celebraron a voda en cas Tomás*).



Subliña no seguinte texto os adverbios de lugar e as locucións prepositivas.

Velaí vén o meu irmán e cabo del, coma sempre, o seu can inseparable. Agora xa non vive con nós, senón en cas dos avós, porque está estudando fóra da aldea. Alí, xunta eles, ten tódalas comodidades, vive en fronte da facultade, moi preto da biblioteca e, polos arredores, todo son comercios, cines, etc. Ademais, os nosos tíos viven enriba e o seu fillo, o curmán Xurxo, estuda onda el. A súa irmá, a curmá Sabela, acabou a carreira canda min, pois somos dun tempo, e acaba de comprar un piso diante da farmacia.



Introduce agora adverbios e locucións nos seguintes oracións:

- Antía acaba de saír, vai en \_\_\_\_\_ dunha amiga.
- Empezou na escola \_\_\_\_\_ o meu fillo, pero agora vai algo atrasado.
- Mañá irei \_\_\_\_\_ a tía Carme e axudareille a verniza-los mobles.
- \_\_\_\_\_, na rúa, vai moito frío pero \_\_\_\_\_, na casa, estase moi ben.
- Perdín as chaves e non as encontro por \_\_\_\_\_.
- Díxenche que aquí non está, búscalo \_\_\_\_\_.
- Viven \_\_\_\_\_ min, no meu mesmo edificio.
- O concello está moi \_\_\_\_\_ de aquí e \_\_\_\_\_ del, o xulgado.
- Sei que teño eses papeis \_\_\_\_\_, pero non sei onde.
- Aí, \_\_\_\_\_ a porta, está a vasoira que buscas.
- Se queredes poderdes vir \_\_\_\_\_ nós.
- Como non estea \_\_\_\_\_, aquí non o darás atopado.



Copia as palabras do texto da páxina anterior que expresen parentesco e completa a relación coas que falten:



Fíxate no seguinte cadro, nel aparecen algunhas contraccións dos demostrativos coas preposicións *de* e *en*. Intenta completalo:

|    |                  |         |         |                 |            |            |              |     |                |
|----|------------------|---------|---------|-----------------|------------|------------|--------------|-----|----------------|
|    | este (s)         | esta(s) | ese (s) | esa (s)         | aquel (es) | aquela (s) | isto         | iso | aquilo         |
| en | <b>neste (s)</b> |         |         |                 |            |            | <b>nisto</b> |     |                |
| de |                  |         |         | <b>desa (s)</b> |            |            |              |     | <b>daquilo</b> |



Tendo en conta o cadro, fai as contraccións necesarias no seguinte texto:

De aquela, cando os meus avós eran novos, non había froitas de esas que hai agora como kiwis, piñas, aguacates, etc. En estas terras só se coñecían as mazás, pexegos, castañas, figos e pouco máis. En cambio, en aquela parte do mundo, a onde emigrou o bisavó, había froitas de estas que comedes vós agora, as tropicais, de iso lémbrome moi ben porque el mo contou.

REPARA

A contracción **daquela** ten un dobre significado:  
- adverbio ‘naquel tempo’:  
Daquela, aínda non había luz eléctrica.  
- conxunción ‘entón, logo, polo tanto’:  
Vai chover, daquela, vou colle-lo paraugas.

*Teño de ir e vir ó Marco  
pola colleita do millo;  
teño de ir e vir ó Marco  
do Marco non me despido.*

(Popular)

*Xantei na casa do crego  
e lei de volver a cear;  
se un non se arrima a quen ten,  
quen non ten, non ten que dar.*

(Popular)

A perífrase verbal  
ter que/de + infinitivo

Nesta cantiga aparece a perífrase verbal **ter de + infinitivo** que, ó igual que **ter que + infinitivo**, expresa **obligatoriedade**.

Exs. Tes que o ir ver.  
Tedes de vos abrigar se non queredes enfermarse.  
Temos que ir a modo porque hai xeada na estrada.



Intenta introducir esta perífrase nos seguintes enunciados:

- Debes de estudar se queres mellorar .....
- Téde-la obriga de vestir de uniforme .....
- O deber do médico é axuda-lo enfermo .....
- Os alumnos están obrigados a asistir á escola .....
- Farémo-lo traballo para poder ir ó cine .....
- Se queres chegar a tempo, débete espelir .....



REDACTA un pequeno texto empregando nomes de parentesco. Procura ter en conta os elementos gramaticais explicados no tempo (verbos, adverbios e locucións prepositivas, demostrativos, perífrases, etc.).

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



#### FRASEOLOXÍA:

Explica o significado das seguintes frases feitas, todas relacionadas coas relacións humanas:

- De tales terras tales nabos .....
- Estar cortados pola mesma tesoirá .....
- Facer bo xugo .....
- Fillo de detrás do valado/Fillo de palleiro .....
- Non ter quen lle poña a tapadeira .....
- Ter moito con alguén .....
- Vir ó revoltallo .....
- Xente do noso pao .....



Os refráns que aparecen a continuación teñen relación co parentesco. Explica o significado ¿Coñeces algún máis?

- Sogra e nora e can e gato non comen ben nun mesmo prato.
- Obra comezada non cha vexa sogra nin cuñada.
- Amizade de xenro, sol de inverno.
- Metín galo no poleiro e fíxose meu fillo e meu herdeiro.
- De cuñado nunca esperes bocado.



As seguintes palabras pertencen ó campo léxico da comida, saberías cales son se considerámo-las súas sílabas:

|                   |                  |                 |                 |
|-------------------|------------------|-----------------|-----------------|
| charoschí: .....  | daxar: .....     | deicorro: ..... | xoqueire: ..... |
| vanrazosga: ..... | gualindo: .....  | rareiten: ..... | lomarme: .....  |
| renbenaxe: .....  | loxure: .....    | xora: .....     | xósfrei: .....  |
| tellahlen: .....  | badalloro: ..... | ñoa: .....      | dasrrato: ..... |

APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

O **h** non representa ningún son, só se mantén na escrita por razóns etimolóxicas. Deste xeito, escríbense con **h** as palabras que o teñen etimoloxicamente, por exemplo: *herba, hora, heroe...* pola contra, non o levan palabras como: *orfo, ermida, irmán, óso, oco...*



Completa as palabras seguintes con *h*, caso de o precisaren, e escribe ó lado unha palabra derivada:

|                   |                 |                 |
|-------------------|-----------------|-----------------|
| _ombro:.....      | a_í:.....       | _óso: .....     |
| alco_ol: .....    | _inchar: .....  | _oco:.....      |
| ve_ ículo:.....   | _erdar:.....    | _encher: .....  |
| ad_erencia: ..... | co_erente:..... | des_erdar:..... |
| _irmandade:.....  | in_ábil:.....   | ad_esivo:.....  |
| an_elo:.....      | _inflar:.....   | in_ibir: .....  |



Completa as palabras seguintes se procede con *c/cc* segundo conveña, e escribe ó lado unha palabra relacionada coa raíz:

|                   |                  |                  |
|-------------------|------------------|------------------|
| reda_ión:.....    | ví_tima:.....    | cole_ión:.....   |
| infla_ión:.....   | aflí_ión:.....   | co_ión:.....     |
| adx_e_tivo: ..... | inx_e_tar:.....  | estru_tura:..... |
| obxe_to:.....     | adi_to:.....     | afe_ionado:..... |
| obxe_tivo:.....   | adi_ión:.....    | a_idente:.....   |
| fra_ión:.....     | equino_io: ..... | condu_ta:.....   |
| suxei_ión:.....   | prá_tica:.....   | abstra_to:.....  |

COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

1. TEXTO

¿Ten Galiza un idioma propio?

Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto para ser vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas...

Un galego pode fala-lo castelán co mesmo interese con que fala calquera outra lingua estranxeira; pero en canto un galego fale o castelán como lingua propia deixa de ser galego sen que por iso chegue a ser castelán.

*Sempre en Galiza, Alfonso R. Castelao*

REFLEXIONAMOS



¿Que cres que quere dicir este texto? Indica as ideas principais.



¿Estás de acordo co que nel se expresa? Contrapón as túas ideas ás do texto.



¿Será a lingua o elemento fundamental de identidade?



## 2. A RECLAMACIÓN

É un escrito mediante o cal nos diriximos a un organismo administrativo coa finalidade de realizar unha protesta formal por algo que consideramos inxusto.

### ESQUEMA DE RECLAMACIÓN

#### 1. ENCABEZAMENTO

- a. Cabeceira: nome da institución ou da persoa, segundo quen o envía.
- b. Localidade e data.
- c. Organismo ó que se dirixe a reclamación, enderezo e localidade.

#### 2. CORPO

- d. Saúdo inicial.
- e. Exposición da reclamación.
- f. Despedida.

#### 3. PÉ

- g. Identificación da institución ou da persoa que emite o escrito.
- h. Sinatura.

|           |           |
|-----------|-----------|
| (a) _____ | (b) _____ |
| _____     | _____     |
| (c) _____ | _____     |
| _____     | _____     |
| (d) _____ | _____     |
| _____     | _____     |
| (e) _____ | _____     |
| _____     | _____     |
| _____     | (f) _____ |
| _____     | (g) _____ |
| _____     | (h) _____ |



Tendo en conta o anterior, escribe unha reclamación dirixida á oficina do consumidor para expoñe-lo seguinte: a venda de produtos en mal estado, a mala atención prestada por un dependente, etc.

## HISTORIA DA LINGUA

### O superestrato xermánico

A partir dos comezos do século V chegan a Galicia, en sucesivas vagas, pobos de raza e de linguaxe xermánica, fundamentalmente:

- Os vándalos.
- Os suevos (que fundaron en Galicia un reino que durou máis dun século e medio, desde o 411 ó 585).
- Os visigodos (que dominaron Galicia desde a caída dos suevos ata a chegada dos árabes).

### Repercusión lingüística dos xermanos

Estes pobos, lingüisticamente non foron capaces de asimila-los galego-romanos, pero do contacto con eles o latín galaico recibiu un gran número de préstamos léxicos: *laverca*, *espeto*, *roupa*, etc.; nomes de persoa como: *Fernando*, *Alberto*, *Luís*, *Elvira*, *Xeraldo*, etc.; e nomes de lugar como: *Suevos*, *Samil*, *Ramil*, *A Gudiña*, etc.

### A influencia árabe

O contacto lingüístico cos árabes redúcese ó préstamo dalgúns antropónimos (*Mamede*) e topónimos (*Mezquita*, *Ceide*, *Rábade*...). Nomes de lugar como *Moldes* (muladís), *Mourisco*... de Mouros, e mesmo *Cumbras* (coimbráns), mostran a existencia de núcleos árabes ou mozárabes asentados ou inmigrados en terras de Galicia.

No léxico común son moi abundantes as palabras de orixe árabe (*laranxa*, *aceite*, *alforxa*, *azucra*, *alfaiate* e outras moitas).

## COMPLEMENTOS

### Declaración universal dos dereitos lingüísticos

O comité de seguimento a prol dunha Declaración dos dereitos lingüísticos defende o principio de que tódalas comunidades lingüísticas son iguais en dereitos.

Protexe-la diversidade lingüística e promove-la educación plurilingüe son dous obxectivos intimamente ligados que propón a Unesco.

- Para corrixi-los desequilibrios lingüísticos de maneira que se asegure o respecto e o pleno desenvolvemento de tódalas linguas e para que se establezan os principios dunha paz lingüística planetaria xusta e equilibrada, a Declaración universal dos dereitos lingüísticos dispón que:
- Os poderes públicos deben toma-las medidas oportunas para a aplicación dos dereitos proclamados e garantir que as autoridades, as organizacións e as persoas concernidas sexan informadas dos dereitos e dos deberes correlativos que se desprenden desta declaración.
- A situación de cada lingua é o resultado da confluencia e da interacción de multiplicidade de factores diferentes: político-xurídicos, ideolóxicos e históricos; demográficos e territoriais; económicos e sociais; culturais; lingüísticos e sociolingüísticos; interlingüísticos; e finalmente subxectivos.
- Esta declaración entende como comunidade lingüística toda sociedade humana que, asentada historicamente nun espazo territorial determinado, se autoidentifica como pobo e desenvolveu unha lingua común como medio de comunicación natural e de cohesión cultural entre os seus membros.
- Tódalas linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir e de describi-la realidade.
- Cada lingua é unha realidade constituída colectivamente e é no seo dunha comunidade onde se fai dispoñible para o uso individual, como instrumento de cohesión, identificación, comunicación e expresividade creadora.
- Toda comunidade lingüística ten dereito a que a súa lingua sexa utilizada como oficial dentro do seu territorio.

Para acadar máis información consulte as páxinas da Unesco:

[www.linguistic-declaration.org](http://www.linguistic-declaration.org)  
[am.majlof@unesco.org](mailto:am.majlof@unesco.org)  
[unesco.cat@cc.uab.es](mailto:unesco.cat@cc.uab.es)

#### *Campanas de Bastabales*

*Campanas<sup>(1)</sup> de Bastabales  
Campanas<sup>(1)</sup> de Bastabales,  
Cando vos oíto tocar,  
Mórrome<sup>(2)</sup> de soidades.  
Cando vos oíto tocar,  
Campaniñas<sup>(1)</sup>, campaniñas<sup>(3)</sup>,  
Sen querer torno a chorar.  
Cando de lonxe vos oíto,  
Penso que por min chamades  
E das entrañas me doíto.  
Dóime de dor ferida,  
Que antes tiña vida enteira  
E hoxe teño media vida.  
Solo<sup>(2)</sup> media me deixaron  
Os que de aló me trouxeron,  
Os que de aló me roubaron.  
Non me roubaron, traidores<sup>(3)</sup>,  
¡ai! uns amores toliños,  
¡ai! uns toliños amores.*

*Que os amores xa fuxiron,  
As soidades viñeron...  
De pena me consumiron.*

<sup>(1)</sup> campás

<sup>(2)</sup> só

<sup>(3)</sup> traedoes

Letra: Rosalía de Castro  
Intérprete: Amancio Prada



## LECTURA A MANOLO SÁNCHEZ PEÑA

Habana, 17 outubro 1910

Esta república é moita república (...). Os norteamericanos son os únicos donos de tódalas grandes empresas –tranvías, iluminación pública, trust de tabacos, grandes hoteis, compañías navieiras– ; os españois teñen acaparado o comercio –víveres, cafés, fondas, peleterías, roupas–; (...) os negros ocúpanse como varredores, músicos, cociñeiros...(...).

As rúas en xeral son malas; pero malia non haber rede de sumidoiros nin urinarios públicos, están tan ben, tan ben organizados os servizos de limpeza e sanidade, que a vila, a cidade é unha das máis aseadas do mundo (...).

O xefe de sanidade nos municipios ten unha autoridade independente e moi superior á do alcalde (...). Ten facultades ditatoriais, ordena derribos, inspecciona persoalmente os edificios, ordena ós propietarios a construción de inodoros, a pintura dunha casa ou o derribo dun teito, e se é desobedecido, dispón a obra por conta do dono.

*Obra completa. vol. III, ed. Akal.*

### ¿QUEN É O AUTOR?

? A aventura migratoria do autor na Habana durou cinco anos: desde a publicación naquela cidade de *No desterro. Visiones gallegas* (1913) ata o seu segundo libro *Vento mareiro* (1915).

? Foi considerado o continuador do bardo de Celanova, Curros Enríquez.

? Del dixo Eduardo Blanco Amor que expresou o mundo do sentimento e o ser persoal a través dunha raza, un idioma e unha arte.

? Segundo o de Cambados, o Santo Graal, o fermoso cáliz onde se tería realizado a Sagrada Eucaristía, consérvase na montaña do Cebreiro.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO



O texto da lectura é unha carta do autor ó seu amigo cambadés na que lle describe a cidade da Habana e que forma parte dun epistolario que figura na Real Academia Galega.

¿Como se chama o xénero literario no que o autor, mediante a estrutura da carta, se dirixe a alguén, real ou imaxinario?



### ORALIDADE:

1. Repara nestes refráns. Fan referencia a dúas formas de vida ben distintas. ¿Que cres que queren dicir?

Vive na cidade, por pequena que sexa; casa con moza, por pobre que pareza; e come carneiro por caro que se venda.

A vida da aldea, Deus lla dea a quen a queira.

2. Fíxate no seguinte cadro. ¿Cales cres que poden se-las causas da diminución da poboación rural e do crecemento das urbes?

| Evolución da poboación rural/urbana |            |            |            |
|-------------------------------------|------------|------------|------------|
|                                     | 1900       | 1960       | Década 90  |
| Poboación rural                     | <b>90%</b> | <b>76%</b> | <b>30%</b> |
| Poboación urbana                    | <b>10%</b> | <b>24%</b> | <b>70%</b> |

TRABALLAMOS CO LÉXICO

- Revisa as palabras que se sinalaron no texto. ¿Cales serían indicadores do comezo do século XIX?
- Coñezamos agora algún léxico relacionado coa cidade. Fíxate no cadro:

| A cidade             |                          |                      |
|----------------------|--------------------------|----------------------|
| Vías de comunicación | Os tipos de construcións | Núcleos de poboación |
| autoestrada          | andar                    | alfoz                |
| beirarrúa            | casa do concello         | alqueidón            |
| beiravía             | chalé acaroadado         | arrabalde            |
| calella/o            | choupana                 | bisbarra             |
| cruzamento           | faio/faiado              | contorno/a           |
| embocadura           | garaxe*                  | núcleo antigo        |
| paso de peóns        | pavillón                 | núcleo urbano        |
| redondela            | piso                     |                      |
| rúa                  | rañaceos                 |                      |
| rúa cega             | rueiro                   |                      |
| ruela                | soportal                 |                      |


\* Garaxe é, xunto con *traxe*, *paxe* e *personaxe*, unha das excepcións á norma de que tódalas palabras acabadas en -axe son femininas en galego.

- ¿Recoñéce-lo lugar que describe Otero Pedrayo neste percorrido?  
“O chófer métese polas Casas Reais, a Praza do Pan, a Acibechería, a Praza do Hospital, a Rúa Nova, para saír á estrada de Ourense. Adrián endexamaís sentira un asoballamento igual. As grandes laxes, as disformes arquitecturas na noite, un cantigar de fontes, a fuga de rúas embozadas en tebras, todo lle producía un deslumbramento, unha vertixe grave, de grandeza infinda e ó mesmo tempo familiar. Adrián decatábase de qué xeito se enchía no seu ser un oco ata entón angustioso, agora cheo de seguridade e esperanza. Na grande praza, detívose un instante. Conta o desenvolvemento dos soportais do Pazo de Raxoi.”

**¿Sabías que...?**  
Un ano antes de morrer Otero Pedrayo un trebón derribou unha araucaria plantada o mesmo día do seu nacemento e que el chamaba “a súa irmanciña”. Por desexo dun amigo, da madeira desa árbore fixéronlle o cadaleito no que repousa no camposanto de Ourense.

- REDACTA** un percorrido desde o centro da túa cidade, vila ou parroquia ata os alfoces. Descríbeo empregando o léxico que agora coñeces.
- ¿Sábe-lo nome oficial do teu concello? Localízao no mapa da páxina seguinte e fíxate nas formas oficiais dos concellos galegos. Lembra o que di sobre isto a Lei de normalización lingüística.
- Fai unha clasificación dos topónimos relacionados coa oronimia, a hidronimia e a fauna e flora.

## MAPA DOS CONCELLOS GALEGOS



### FRASEOLOXÍA:

1. Pon o verbo en presente no modo que cumpre e explica o significado das frases subliñadas:
- ..... me (dar) o nariz que non sábe-los verbos porque non ..... (poñer) interese.
  - É mellor que te ..... (pór) mans á obra porque isto é pan comido, e o que non ..... (dar) feito é porque non ..... (dar) pé con bóla.
  - Non ..... (dar) a cara por ningún que ..... (poder) saír escaldado.
  - O que ..... (saber) quen o fixo que ..... (dar) a cara.
  - É un teimudo. Está todo o día ..... lle (dar) que ..... lle (dar).

A COCIÑA

Le este fragmento de *A vida das mulleres na Galicia medieval 1100-1500* de María Carmen Pallarés e comenta as características da casa urbana medieval. Selecciona o léxico referido á cociña:

*“Diversos elementos podían mellora-lo acondicionamento dunha casa: dende o punto de vista da hixiene, a presenza de pozo ou a existencia de letrinas e retretes, no tocante á protección contra os rigores do clima, os poxigos, as contras e o lume da cociña ou cheminea.*

*Xunto coa distribución do espazo exterior, a descrición da casa urbana pode completarse cunha aproximación ó mobiliario existente dentro dela. Dous inventarios do século XV permítennos achegarnos a el (...). Nos dous inventarios sobresaen os obxectos que teñen que ver, por unha banda, co lugar de descanso: colchóns, almofadas, cabezais, colchas, mantas de diversas cores, sabas; pola outra, coa alimentación: utensilios de cociña –tixolas, grellas, caldeiros, cazos, cuncas, culleres, pratos–, mesas para comer e asentos para sentar á mesa e tamén diante do lume (...) arcas de diversos tamaños, cubertas ou sen cubrir, armarios, tinas, bacías, huchas, baños para salga-la carne. Todo isto complétase con candeeiros de ferro para alumear.”*

- Define o significado das palabras seleccionadas no exercicio anterior.
- Escribe tódalas palabras relacionadas con calquera moble ou obxecto que sirva de asento.

| A cociña          |                       |                     |                   |
|-------------------|-----------------------|---------------------|-------------------|
| Mobiliario        | frixideira            | viradeira           | Cubertos          |
| armario           | cambota               | vinagreira          | garfo             |
| alzadeiros        |                       | vasoira             | culler            |
| andeis            | Utensilios domésticos | recollector do lixo | culleriña         |
| aparador          | tixola                | caldeiro do lixo    | coitelo           |
| artesa            | tarteira              | pichel              | pa do peixe       |
| hucha             | cazo                  | Louza               | Outros utensilios |
| Electrodomésticos | pota                  | prato chan          | luvas             |
| lavalouza         | ola                   | prato de sobremesa  | baeta             |
| enxugadora        | cazola                | prato fondo         | rodo/estropallo   |
| ferro de pasar    | cullerón              | vasos               | hule              |
| torrador          | garfela               | cuncas              | mantel            |
| batedor           | trinchante            | xícaras             | panos de mesa     |
| quentador         | escumadeira           | xerra               | mantelo/sabelo    |

Completa:

Para torra-las rebandas do almorzo usámo-lo .....

Continúa a serie: cazo, ola, .....

¿Coñeces algún sinónimo de tixola? .....

Para non lixarse ó cocinar poñémo-lo .....

O cuberto é o ....., o ..... e maila .....

Para frega-la louza usámo-lo ..... e para limpa-lo po unha .....

¿Onde poñémo-la a louza a enxugar? No .....

¿Que electrodomésticos adoita haber nunha cociña? .....

Completa: garfela/cullerón, escumadeira, ..... e .....

Para varrer usámo-la..... e mailo..... e logo botámolo todo na.....

Arrédate aló que me luxas, díxolle o ..... ó .....



Le este fragmento literario que recorda como era a cociña tradicional galega:

*A cociña era a mellor da vila. Mellor dito, había dúas cociñas. Unha de labor, coa súa lareira e o seu gran caldeiro de cobre para coce-las patacas e os nabos ós ranchos da ceba e da cría. Alí se facían tamén os magostos polo castañaal, asando as castañas nun tambor. A outra cociña servía de comedor para os criados e para os obreiros. Non tiña lareira, senón unha gran cociña de ferro arredada da parede e rodeada de escanos, coa súa mesa de mármore branco. As paredes lucían unha banda de azulexos vermellos e brancos. Alí ceaba tamén o señor cura polas noites de inverno.*

#### ¿Sabías que...?

A **LARARIA**, de onde deriva o noso **lareira**, é o altar da casa na honra do deus LAR. Enriba dela está o **canizo**, de onde se colgan os chourizos e xamóns para afumar. Da lareira pendúrase tamén a **gramalleira**, unha cadea de ferro cun garfo que suxeita o pote.

#### ¿QUEN É O AUTOR?

? A súa imaxe característica é a gorra na cabeza e o caxato colgado do brazo.

? Os seus relatos son unha mestura de misterio narrados cun estilo oral e ambientados nas montañas de Lugo.

? Premonicións, aparecidos, historias inqedantes, mortes... tódolos contos co feitío das historias populares de tradición oral.

? O autor de *Á lus do candil*, *Contos da néboa*, *Terra brava* e *Historias que ninguén cre* era moi afeccionado á conversa, e dela dicía que "o intercambio de ideas rexuvenece e fortalece o espírito".

O AUTOR É: .....



CONTINÚA o fragmento e describe ou conta algunha historia relacionada coa cociña dunha casa de aldea que coñezas. Recupera o léxico específico e emprega o que agora xa coñeces.

– Recordo que cando eu era un/unha cativo/a iamos tódalas fins de semana do inverno á casa dos meus avós, e alí... ..

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

PRESENTE DE INDICATIVO E SUBXUNTIVO DE POÑER/PÓR, DAR E SABER

| POÑER/PÓR      |         | DAR   |        | SABER   |          |
|----------------|---------|-------|--------|---------|----------|
| poño           | poña    | dou   | dea    | sei     | saiba    |
| pos            | poñas   | dás   | deas   | sabes   | saibas   |
| pon            | poña    | dá    | dea    | sabe    | saiba    |
| poñemos/pomos  | poñamos | damos | deamos | sabemos | saibamos |
| poñedes/pondes | poñades | dades | deades | sabedes | saibades |
| poñen          | poñan   | dan   | dean   | saben   | saiban   |

REPARA

**Pór e poñer** significan o mesmo pero o seu paradigma verbal diferénciase nalgúns tempos que irás vendo nas seguintes unidades.  
**RECORDA:** **pór** leva acento diacrítico para o diferenciar da preposición **por**, e as formas **dá e dás** do verbo **dar** lévano tamén para as diferenciar da contracción da preposición co artigo: **da,das**: Dá da que ten.

*Quen traballa e mata a fame  
non come o pan de ningún;  
Nin che dan feito o traballo  
que debe facer alguén.*

*Eu non canto por cantar,  
que ganas non leño, non;  
canto por lle dar quitado  
a tristura ó corazón.*

(Popular)

Perífrase verbal dar + participio

A perífrase **dar + participio** é característica do galego, pois constitúe unha das interferencias máis frecuentes ó falarmos castelán. Indica que unha acción rematou (se vai en positivo) ou que non se puido rematar (en forma negativa).

A maioría das veces úsase na forma negativa ou tamén para expresar unha acción **futura** ou **hipotética**. Equivale a **ser capaz de/ser quen de**.

Exs: Non creo que dea feito o traballo para as oito.  
E, ó final, ¿decheshes chegado a tempo?



- Escribe de novo estes enunciados empregando a perífrase anterior:
- Pesa tanto que non creo que o poida levar ó lombo.
  - Non creo que sexa capaz de chegar para as catro.
  - Se nos mergullamos no encoro dubido que despois sexamos quen de saír.
  - Os moi nugalláns din que non van ser capaces de gaña-lo partido.
  - Por moito que apure, non creo que o albanel logre remata-las obras da cabaceira antes da seitura deste ano.
  - Se lle encomendamos tamén a presentación non lle dará tempo a preparara-lo relatorio.
  - Contesta: ¿farías iso?
  - Isto é demasiado para min. ¡Non podo!
  - Se consegue superar esta etapa da súa vida, será máis feliz.
  - Cando por fin chegues alí vai ser noite.

CONTRACCIÓNS DOS INDEFINIDOS COAS PREPOSICIÓNS

|    |          |          |          |            |
|----|----------|----------|----------|------------|
|    | OUTRO/S  | OUTRA/S  | ALGÚN/S  | ALGUNHA/S  |
| DE | doutro/s | doutra/s | dalgún/s | dalgunha/s |
| EN | noutro/s | noutra/s | nalgún/s | nalgunha/s |

REPARA

Os indefinidos **alguén** e **algo** non contraen coas preposicións na escrita, inda que adoitan facelo na fala. Será de alguén; en algo se nota

Fai as contraccións que conveñan no seguinte texto:

*De algún xeito teño que afacerme a esta cidade. Teño que pensar en algo para me distraer. En algunha das outras vilas nas que estiven non me dei acomodado á casa ata pasados varios meses. Amólame pensar que podería estar en outra vila, en algunha desas vilas costeiras con tanta vida, ou polo menos en outro lugar menos incomunicado. Este pode se-lo sitio de alguén máis introvertido, pero non o meu. De algunha forma terei que saír de aquí; de outro xeito acabarei turrando contra as paredes. Pero non podo pensar niso. Agora teño aquí o meu traballo. En outras circunstancias, conformareime con estar en outro bloque de casas, quizais en algún outro rueiro, en algunha praciña preto da zona vella.*

Segredo e secreto

**Fixate nestes refráns:**

“Non hai cousa *secreta* que tarde ou cedo non se coñeza”.

“Di o *segredo* ó amigo e faraste o seu cativo”.

No primeiro deles emprégase o adxectivo, que é a forma culta, e no segundo a forma patrimonial que é substantivo.

**Segredo:** s.m. Aquilo que se mantén oculto, que non se dá a coñecer. *É un segredo entre nós.*

**Secreto:** adx. Que é coñecido por un grupo reducido de persoas. *Tiñan un acordo secreto.*

“Estar ó tanto de cousas caladas” é coñecer cousas \_\_\_\_\_, saber algúns \_\_\_\_\_.

As preposicións deica e ata

As preposición **deica** e **ata** teñen o mesmo valor cando indican límite no tempo e no espazo, se ben **deica** ten un valor máis restrito que **ata**, porque necesita un punto de partida no espazo (‘de aquí a’, ‘desde aquí a’) ou no tempo (‘desde agora’). Ex: *Deica/ata a porta da catedral temos 15 m. Deica/ata a tarde non teño que facer nada.* Non son equivalentes cando **ata** é unha preposición co valor de ‘incluso’ ou ‘mesmo’. Ex: *Ata o meu pai lembraba iso con exactitude.*

Fíxate no emprego de *deica* e *ata* no diálogo. Intercambia as formas para comprobares que non en tódolos valores son equivalentes.

- Ola, Felipe, ¿**ata** onde vas?
- **Deica** a praza da catedral.
- Vou contigo **deica** alí entón. Quedei ás tres cunha amiga.
- Para as tres ben damos chegado. Podemos parar a tomar un café.
- Pois imos logo **ata** ese café novo da rúa das pescantinas.
- Oe, ¿sabes que **ata** hai uns días non me entregaron o coche?



Introduce *deica* ou *ata* (ou as dúas) nestas oracións segundo cumpra:

- \_\_\_\_\_ Compostela hai 90 Km.
- Fomos \_\_\_\_\_ o camposanto visita-la campa da avoa.
- Pois entón \_\_\_\_\_ esta noite ás oito, ¡vémonos!
- \_\_\_\_\_ o final dos séculos escuros, o galego non volveu escribirse.
- Púxose tan doente que \_\_\_\_\_ chegou a insultarme.
- ¿Imos \_\_\_\_\_ a tasca do Gaspar?
- Non vou saír á rúa \_\_\_\_\_ que me recupere da gripe.
- Non creo que teñas que chegar \_\_\_\_\_ eses extremos, ¿non si?
- ¿Queres crer que \_\_\_\_\_ quería que o convidase a cear?
- Es tan sandeu que \_\_\_\_\_ pensas que a xente cre as túas lérias.

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

Unha das confusións máis frecuentes na grafía de certas palabras galegas é a que se produce entre **s** e **x**. Imos dar algunhas normas sobre o seu uso:



Escríbense con **s** e non con **x** as palabras patrimoniais ou populares: *escavar*, *escavación*, *estender* (pero *extensión* e *extenso*), *estranxeiro*, *estraño*...



Cando a palabra empeza por **es-** (non se debe confundir co prefixo **ex-**): *espremer*, *escusa*, *escorrer*, *espoliar*, *estremar*, *estremeño*...



Algunhas palabras pódense desviar da etimoloxía e substituír o primeiro **x** por un **s**: *exixir*, *oxíxeno*, *sexaxenario*...

### ¿Cal é o significado destas parellas de palabras?

|          |          |       |       |
|----------|----------|-------|-------|
| esterno  | externo  | misto | mixto |
| estremar | extremar | sesta | sexta |



Escribe palabras relacionadas con:

osíxeno \_\_\_\_\_ esixir \_\_\_\_\_ esaxerar \_\_\_\_\_ estrañar \_\_\_\_\_  
aproximar \_\_\_\_\_ estender \_\_\_\_\_ expoñer \_\_\_\_\_ exceso \_\_\_\_\_



BARULLO DE LETRAS: busca as palabras que responden ás seguintes definicións:

E S P O L I O T R E P S E V E  
S A I C N E X I S E H A X I S  
C O R I E X N A R T S E P X I  
U E X H F M A V I X N E I A X  
S E N X A L Z A R F A X A T I  
A M I S T O L N O B A X R F R

1. Conxunto de cousas que se lle quitan a alguén ou a algo dun xeito violento.
2. Pretexto, xustificación.
3. Persoa doutro país.
4. Enxeñoso, listo, espelido.
5. Redimir unha culpa mediante un sacrificio.
6. Fósforo para prender lume.
7. Gabar unha persoa; eloxiar, loar.
8. Carne que cobre a raíz dos dentes e maxilares.
9. Medio de transporte público.
10. Prezo ou importe fixado de algo.
11. Substancia alucinóxena feita de cánabo.
12. Pedimento imperativo.
13. Facer un pedimento imperativo.

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### 1. FÁBULA DEL CASTELLANOPARLANTE

En mis ya largos años de vida en Galicia he observado que si no sabes hablar gallego estás perdido en esta tierra, porque nadie te respeta, nadie te entiende y te consideran un pobrecito paleta (...) cuando no un sospechoso extremista de carácter español. La discriminación es brutal. Todos los documentos oficiales se escriben en gallego, igual que los contratos privados o públicos y la correspondencia privada, empresarial, publicitaria u oficial. A los niños se les obliga a estudiar todas las asignaturas en gallego, menos dos (una de ellas la Lengua Española).

Las televisiones y los canales de radio emiten exclusivamente en gallego y los periódicos, como es evidente, niegan espacio a los textos en castellano, relegados en exclusiva al ámbito cultural. Todos los juicios han de celebrarse en gallego y es muy raro que te autoricen un traductor al castellano (...). En las tiendas no se pueden comprar ordenadores porque su lenguaje es el inglés o el gallego (...). Los nombres de las calles de ciudades como La Coruña están rotulados en el idioma colonizador. (...) te miran con desprecio o a lo sumo como un pájaro exótico si te expresas en la lengua de Cervantes (...). Las misas, rezos y homilías se hacen en gallego únicamente. No entiendo el empeño de los ciudadanos de esta tierra por imponer una lengua que (...) no es la propia de Galicia.

Tanta colonización ha provocado en nosotros un histórico complejo de inferioridad hasta el punto de que padres castellano hablantes educan a sus hijos en gallego.

Felisa Conde Pena, "Cartas al director",  
*La Voz de Galicia*, 21.11.1989

### REFLEXIONAMOS

-  ¿Cres que está xustificada a ironía da autora desta carta ó director?
-  ¿Paréceche que existe algunha clase de agresión ós castelán falantes en Galicia?
-  ¿Cal cres que é a situación lingüística real dos ámbitos que a autora menciona?
-  ¿Cales deses ámbitos che parecen máis importantes no proceso de recuperación lingüística do galego?

## HISTORIA DA LINGUA

### O nacemento da lingua galega

A transformación do latín en galego produciuse de maneira progresiva. É imposible dar unha data precisa a partir da cal o latín xa é galego. No séc. VIII a lingua da igrexa e da administración dista tanto da fala que xa se pode pensar en dous sistemas diferentes: o latín e o galego. A área deste romance hispánico inicial podemos caracterizala pola ausencia de ditongación en palabras como *pedra* e *porta* fronte ó leonés e castelán *piedra*, *puerta*. Polo sur o límite é imposible de precisar.

### Primeiros textos en galego

O latín, como lingua literaria e relixiosa, mantívose sen alteracións e continuaba a ser vehículo da liturxia, da literatura e dos actos xurídicos e administrativos, mesmo cando xa resultaba incomprendible para o público xeral. Este bilingüismo cultural mantívose na nosa terra ata o séc. XII, no que aparecen os primeiros textos integramente en galego.

### A lingua galega entre os séculos VIII e XII

Durante a emerxencia dos reinos cristiáns na época da Reconquista, Galicia constitúe unha unidade política con Asturias e León, coa excepción dos reinados de Don García (1065...) e Alfonso Raimúndez (1111...). A pesar desta dependencia, o poder de que gozaban a nobreza, a igrexa e os mosteiros galegos, así como a importancia que acadara Santiago como centro relixioso e cultural permiten o desenvolvemento do galego sen máis competencia có latín para certos usos escritos.

## COMPLEMENTOS

### Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias

A Carta europea das linguas é coherente cos obxectivos xerais dunha Europa integrada na que tódolos cidadáns poidan cumprí-los seus obxectivos nun contorno social adecuado.

Este respecto ó valor da diversidade dos pobos para acadalo desenvolvemento económico e a integración europea fundaméntase na importancia da lingua de cada pobo.

No pasado, no seu empeño por instaurar unha lingua oficial única, os gobernos nacionais procuraron deliberadamente eliminar as linguas minoritarias. Hoxe a defensa das linguas, da súa variedade e da súa pluralidade, ten cada vez máis valedores.

A lingua é un elemento central da diversidade e, se a diversidade é a pedra angular dun desenvolvemento innovador, recórdalles ós estados membros que deben velar por conservar o acervo de diversidade existente.

En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios nos que estas linguas son utilizadas e segundo a situación de cada lingua, as partes fundamentan a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes:

- O recoñecemento das linguas en canto expresión da riqueza cultural e o respecto da área xeográfica de cada lingua.
- A necesidade dunha acción decidida da súa promoción co fin de salvagardalas.
- Facilitar e fomentar o uso oral e escrito na vida pública e na vida privada.
- A posta á disposición de formas e medios adecuados de ensino e de estudo a tódolos niveis apropiados.
- A posta á disposición dos medios que lles permitan ós non falantes dunha lingua rexional que habitan na área xeográfica onde esta lingua é utilizada para aprendela se o desexan.
- A promoción dos estudos e da investigación nas universidades ou establecementos equivalentes.

#### ¿Que é o Consello de Europa?

O Consello de Europa é unha organización política fundada o 5 de maio de 1949 para impulsar unha maior unidade entre os seus membros. Na actualidade conta con 41 membros de toda Europa.

#### ¿Por que lle interesa ó Consello de Europa a aprendizaxe de linguas?

Sobre todo porque a aprendizaxe de idiomas contribúe a unha maior tolerancia e á comprensión entre as persoas de contornos lingüísticos e culturais diferentes.

<http://europa.eu.int/comm/education/languages/>

*Bela, Bela*

*Están as nubes chorando  
por un amor que morreu  
están as rúas molladas  
de tanto como choveu.*

*Bela, Bela,  
Beliña por quen eu morro  
quero mirarme  
nas meniñas dos teus ollos.*

*Non me deixes  
e ten compaixón de min.  
Sen ti non podo,  
sen ti non podo vivir.*

*Dáme alento coas túas palabras,  
dáme celme do teu corazón,  
dáme lume coas túas miradas,  
dáme vida co teu doce amor.*

*Bela, Bela,  
Beliña por quen eu morro  
quero mirarme  
nas meniñas dos teus ollos.*

*Non me deixes  
e ten compaixón de min.  
Sen ti non podo,  
sen ti non podo vivir.*

Esta canción escrita por Afonso Daniel Rodríguez Castelao pertence á súa obra *Os vellos non deben de namorarse*. O boticario relembra con esta serenata o seu tempo de estudante en Santiago.

Esta canción acadou unha difusión internacional coa interpretación da cantautora portuguesa Dulce Pontes.



## LECTURA A ROUPA E AS CORES

[...] Otilia, a máis nova das señoras, rompía a marcha despois de leto. Nena de dezaseis anos, esvelta como unha abrótega, era de cara longuiña, branco-rosada coma a margarida das herbeiras; ollos negros e lucentes coma acibeche; nariz delgadiño, cal o pico da lavandeira, ou cauda-trémula, e a súa graciosa boca semellante ó gomo da viña que empeza a abrir e mostra o tenro acio, mostraba tamén filas iguais de esmaltados dentes, a través de vermello beizos. Levaba na cabeza un sombreiro de fina palla, color de trigo con pluma verde, abrigando as febras do seu cabelo castaño-escuro; corpiño de seda negra, con escotada manga, e un encarnado faldrón de alpaca, con moito voo, tanto que, non podendo recadalo, caía polas ancas da fogosa mula que montaba. Seguía logo nun cabalo tordo a nai de Otilia, fachendosa señora duns corenta anos, seria e algo picada de varíola, pero de fisonomía nada vulgar e con trazas de bonachona. Levaba tamén na cabeza un sombreirete de palla, color café, con plumas azuladas; por traxe, un vestido de meiriño, color de pasa, e sobre el, unha manteleta de raso negro, con floco de cordón. Por último, noutra fogosa mula ía a doncela Adria, moza arrogante de trinta abris e ollos gacios, fresca coma un poexo, alegre, cal mañá de verán. Un paniño de seda, color limón, adornaba a súa cabeza, cuberta de pelo negro, coma unha amora, posto de rodets<sup>1</sup> de anchos cadrelos<sup>2</sup>, e consistía o seu traxe nunha bata de carreiros azuis en fondo branco.

*Maxina ou a filla espúrea*, ed. Xerais.

<sup>1</sup>Cilindro de madeira, pedra ou outro material empregado en diversos usos.

<sup>2</sup>Trenzado de fío ou de pelo; periquete, trenza.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? O autor deste fragmento foi un narrador, poeta e gramático que viviu nunha época na que as nosas letras estaban en pleno rexurdimento.

? Estudiu dereito e logo exerceu a súa profesión ocupando algúns cargos públicos.

? A súa obra *Maxina ou a filla espúrea* –libro ó que pertence o fragmento da lectura– foi a primeira novela galega moderna.

? Se aínda non coñece-lo nome deste autor, tamén redactou un *Diccionario gallego-castellano* e outro libro que titulou *Elementos de gramática gallega*.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO



No texto anterior o autor amosa os trazos que definen o vestiario e mesmo os personaxes do relato. ¿Sabes cal é a técnica narrativa predominante?

A descrición trata de definir ou explicar, por medio de palabras, os trazos que caracterizan unha persoa, un animal ou un obxecto calquera. A descrición de persoas pode ser física ou psicolóxica; entón chamárase retrato.



Escrebe os elementos descritivos dos que se serve o autor para caracteriza-los personaxes do texto. Agrúpaos segundo se refiran ó físico, ó vestiario... ou a elementos psíquicos (personalidade, carácter...).



### ORALIDADE:

Establecede un debate sobre a tendencia da sociedade actual a mercar roupa de marca.

TRABALLAMOS CO LÉXICO

- Fai unha oración con cada unha destas palabras que aparecen na lectura.
- abrótega: .....
  - varíola: .....
  - meiriño: .....
  - manteleta: .....
  - floco: .....
  - gacios: .....

Sitúa na parte do corpo correspondente as seguintes pezas de roupa:  
*xersei, pantalón, bata, xeonlleiras, fanequeiras, chaleco, parca, luvas, chanclos, xustillo, trincheira, chapeu, rebeca, remonta, saia, ombreiras, catiuscas, zamarra, petos, verdugo, chuvasqueiro, chándal, pano da cabeza, boina, cinto, zocas, gravata, pucha, sandalias, pixama, mandilón, calcetíns, bufanda.*

| CABEZA | COLO | TRONCO | EXTREMIDADES |
|--------|------|--------|--------------|
|        |      |        |              |

- Apoiándote nas definicións, cita algunhas parellas de verbos relacionadas co vestiario:
- Quitar e poñe-la roupa: .....
  - Axustar e desaxustar unha peza de vestir con botóns: .....
  - Facer e desfacer dobras irregulares nunha tea: .....
  - Poñer e quitar do pé algún tipo de calzado: .....
- Calzar, lavar** e outros verbos non son reflexivos cando levan o complemento directo expreso.  
*Calzou os zapatos; calzouse.*  
*Lavou a cara; lavouse.*

- Explica o significado destas frases feitas:
- *Haber roupa tendida* ou *haber roupa ó sol* .....
  - *Canto máis frío menos roupa* .....
  - *Nadar e garda-la roupa* .....

- Enumera algunhas pezas de roupa que estean feitas dos materiais que se indican:
- coiro: .....
  - ante: .....
  - liño: .....
  - pano: .....



REDACTA un texto onde describa-lo teu compañeiro/a de mesa; inclúe nesta descrición a roupa que leva posta.

.....

.....

.....

.....



No texto da lectura aparecen varias cores que caracterizan os vestidos das mulleres. Cópiaas e completa a listaxe con outras que che acorden:

| verde | castaño | branco | rosado |
|-------|---------|--------|--------|
| ..... | .....   | .....  | .....  |
| ..... | .....   | .....  | .....  |
| ..... | .....   | .....  | .....  |

### REPARA

*É importante diferenciar tres cores –roxa, vermella e rubia– que a miúdo provocan confusións.*

**Roxo-a:** 1. Da cor do ouro; que ten o cabelo ou o pelo desta cor. Ten o pelo roxo. Mercou unha vaca roxa. 2. De cor entre castaño tirando a vermello e o amarelo tirando a vermello; que ten o cabelo ou o pelo desa cor. Unha becerro roxo. Unha nena roxa. Sin. rubia.

**Rubio-a:** De cor que pode ir dende a cor do sangue ata un ton case rosa. Pinta cun lapis rubio. Ten as fazulas rubias.

**Vermello-a:** 1. Da cor do sangue. Pano vermello. 2 A cor do rostro cando se pon colorado pola vergoña. Virouse vermello. Sin. encarnado, rubio.



Escrebe as cores correspondentes a estas definicións dadas na lectura:

Color de trigo: ..... Color de pasa: ..... Color café: ..... Color limón: .....



### FRASEOLOXÍA:

Explica o significado dos seguintes refráns:

- Mellor é poñerse unha vez colorado que un cento amarelo.
- O branco encobre moitas faltas.
- Home vermello e muller barbuda de lonxe os saúda.
- Non hai muller branca que non teña a súa chata nin hai muller morena que gracia non teña.
- Cando mal fixeras, revira-la cor deberas.



### ORALIDADE:

Cantade todos xuntos esta cantiga popular. Se sabedes, continuádea:

*Ollos verdes son traidores,/ azuis son mentireiros,/ os negros e acastañados / son firmes e verdadeiros.*



¿Cales son as cores do arco da vella? Escribeas.

.....

Deixade as herbas  
que o que eu quería  
era ir cal todas á romaría.  
¡E alí con aire  
dar cada volta!  
Pés lixeiriños,  
corpo dereito;  
¡pero, Santiña...  
non lle dou xeito!

Esta estrofa, extraída dun poema de Rosalía de Castro, remata coa palabra **xeito**.



¿Saberías que significado ten esta palabra no texto?

.....  
A palabra **xeito** pode ter moitos máis valores, é unha palabra comodín.

Algúns valores de **xeito**:

- forma, modo, maneira: *Ese non é xeito de face-las cousas.*
- habilidade, maña: *Non ten xeito ningún para conducir.*
- forma idónea de facer unha cousa: *Xa lle collíche-lo xeito.*
- traza, aspecto externo que define a unha persoa ou cousa diferenciándoa das demais: *Iso xa vai collendo xeito.*
- forma natural na que está disposta unha cousa: *Para que a herba segue ben hai que buscarlle o xeito.*

**Xeito** en frases feitas e en locucións:

- *sen xeito*: fora do normal, sen medida.
- *ó xeito*: de forma adecuada.
- *ter xeito*: ter arte, disposición para as cousas.
- *(vir) a xeito*: resultar oportuno.
- *facen xeito*: cadrar ben.
- *(ir) con xeito*: ir con coidado, con sentido.
- *dar xeito*: resultar máis cómodo ou máis fácil.



Escribe varias oracións onde empregues algúns dos valores de xeito:

.....

.....

.....

PRESENTE DE INDICATIVO E SUBXUNTIVO DE *VALER, PODER E QUERER*

| VALER                  | PODER    | QUERER    |
|------------------------|----------|-----------|
| presente de indicativo |          |           |
| vallo                  | podo     | quero     |
| vales                  | podes    | queres    |
| vale                   | pode     | quere     |
| valemos                | podemos  | queremos  |
| valedes                | podedes  | queredes  |
| valen                  | poden    | queren    |
| presente de subxuntivo |          |           |
| valla                  | poida    | queira    |
| vallas                 | poidas   | queiras   |
| valla                  | poida    | queira    |
| vallamos               | poidamos | queiramos |
| vallades               | poidades | queirades |
| vallan                 | poidan   | queiran   |

### A perífrase poder + infinitivo

Esta perífrase presenta a acción cun sentido de **probabilidade** ou de **hipótese**. Alterna con outras como **deber + infinitivo** ou **haber (de) + infinitivo** (esta última xa se viu na unidade 2).

Exemplos:

- *Pode ser que mañá xa non chova tanto.*
- *Crin que poderías facer algo máis produtivo do teu pequeno.*
- *De aquí ata A Coruña pode haber uns corenta quilómetros.*

 Agora que xa coñéce-lo paradigma verbal dos verbos *poder* e *querer*, sinala e identifica os tempos verbais que aparecen no seguinte texto.

*Deus queira que mañá non poida erguerse da cama. Só ten interese en mirar se valen as patacas para apañar ou non. El é así, poida que nunca cambie; sempre falou da terra, quérea como un mozo quere a unha moza nos primeiros anos. Podería chegar moi alto se quixese, mais... o accidente acabou coas súas expectativas. Pode ser que o día de mañá apareza un novo tratamento que o saque desa anguria.*

*¡Deus nos valla cando lle comecen as dores! O que nós queiramos é algo secundario, só o tempo dirá se pode chegar a sandar de vez. Mentres... ¡quere ir ve-las patacas!*

 No texto tamén debe haber algunhas perífrases verbais; atópaas e di que significado achegan.

 Pon os seguintes enunciados en forma negativa. Introdúceos polo adverbio *quizais*:

- Paga a pena cantar unha cantiga popular.
- Pode xogar ó fútbol se aproba tódalas materias.
- Eu quero que a nosa lingua non se perda.
- Ti podes face-lo que queiras se che deixan teus pais.
- Vós valedes para todo menos para practicar algún deporte.

 Imaxina que estás a falar cunha persoa que che merece tratamento de respecto. Diríxelle a ela estas ordes empregando o pronome *vostede* ou *vostedes*.

- Valedes para algo máis que para berrar.
- Quere con máis intención a teu pai.
- Podedes xogar ó fútbol sen vos mancades.
- Queredes conseguilo campionato de fútbolín.
- Podedes co sacho para axuda-lo avó coa terra.

 Transforma estas oracións para poder introduci-la perífrase *poder + infinitivo*.

- Se traballas moito chegarás a logralos obxectivos.
- Pola calor que vai, serán as tres da tarde.
- Sempre pensei que chegarías moi lonxe.
- Se cadra, no verán marcharedes de vacacións.
- No campo de fútbol caben trinta mil espectadores, polo menos.



Introduce nestas oracións, no canto do subliñado, as locucións correspondentes ó repara:

- Vai paseniño que a estrada está mollada de pouco.
- Camiñade con coidado de onde pisades, ninguén vos apura.
- ¡En dúas horas de Madrid a Valencia!, ti fuches a toda velocidade.
- Sempre anda correndo, non ten acougo.
- Vai con tino, non debes apurar tanto para facer ese traballo.
- Hoxe andei todo o día a cen por hora.

### REPARA

- As locucións **ás présas**, **ás carreiras** e **a escape** indican que a acción se realiza con rapidez.  
O Xosé saíu da casa ás présas porque había lume.
- As locucións **amodo** e **devagar** indican que algo se fai lentamente, con coidado.  
Padeceu un infarto e ten que andar amodo.



Escribe unha oración para responder a cada unha das seguintes preguntas. Axúdate das locucións adverbiais estudadas antes:

- ¿Como conduces ti cando léva-lo coche cargado con moita xente?
- ¿Como farías un exame final do que dependera o teu aprobado?
- ¿Como camiñarías pola rúa cando levaras atraso sobre o horario previsto?
- ¿Como sairías do cine se dentro se producise un incendio?
- ¿Como falarías por teléfono no caso de a comunicación non ser moi clara?



Introduce esas locucións xa citadas nestas frases:

- Anda.....polo tellado que está moi inseguro.
- Colleu o bocadillo e saíu..... Éralle a hora do partido.
- Na época das rebaixas, os clientes entran nos centros comerciais.....
- Sempre anda..... Ten o tempo moi medido.
- Parece o santo Xob, sempre vai....., sen présa ningunha.

*“De acordo coas confirmacións das fontes oficiais, o ciclón desprázase en dirección ás illas Malvinas. Os estragos que pode producir son incalculables. É incomprensible, agora que imos chegar á fin do ano 2000, a falta de previsión das autoridades arxentinas e británicas. Sempre ocorre o mesmo, os políticos dirixen as argumentacións en dirección ós seus intereses e non en dirección ós intereses dos damnificados”*

### REPARA

- A preposición **segundo** significa ‘de acordo con’ ou ‘dende o punto de vista de’.  
Ex.: Segundo din os vellos, antes había máis unión nas familias ca agora.
- A preposición **cara a** pode indicar:
  1. Dirección ou orientación no espazo.  
Ex.: Dirixíronse cara ó leste dos Estados Unidos en coche.
  2. Valor aproximativo na localización espacial ou temporal.  
Ex.: Chegou de Madrid cara ás seis da tarde.
  3. Pode te-lo significado de ‘tendencia, inclinación’ ou introduci-lo obxecto dun sentimento.  
Ex.: Dirixiu o debate cara ós seus propios intereses.

-  Reescribe o comentario xornalístico anterior introducindo as preposicións *segundo* e *cara a*.
-  Escribe unha oración con cada un dos tres valores de *cara a* e outra coa preposición *segundo*.
-  Introduce nos ocos as preposicións *segundo* e *cara a*:
- ..... iso, o importante é non facer dano.
  - Ía ..... poste pero reaccionou con rapidez e evitou o accidente.
  - Tiña que estar na casa ás dez e volveu ..... unha.
  - Ti fai ..... fagan os que mandan. Sairás ben parado.
  - Levou a auga ..... seu muíño.

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA: O USO DO PUNTO E DA COMA

**O punto** representa, na escrita, a maior pausa que facemos ó falar. Emprégase para indica-lo remate dunha oración.

- Usámo-lo **punto e á parte** cando cambiamos de parágrafo, isto é, cando cambiamos de asunto ou de tema.
- O **punto seguido** úsase no mesmo parágrafo para separar oracións que teñen sentido independente pero que se relacionan polo tema que tratan.

Ademais, tamén se pon punto despois das abreviaturas.

**A coma** serve para:

- Separa-los elementos das enunciacións (*Merquei pan, leituga, queixo, aceite...*).
- Cando a oración comeza por un complemento circunstancial, sepárase este do resto da oración con coma (*Cando comecei a estudar, xa estaba canso*).
- Os vocativos sempre van entre comas (*Ti, meu amor, canto me queres*).
- Para separar frases aclaratorias (*O home, ser vivo racional, é moi intelixente*).
- *Pois, por conseguinte, é dicir, non obstante...* póñense entre comas.
- Tamén separa o nome de lugar da data nun escrito (*A Coruña, 23 de xaneiro de 2000*).



Introduce neste fragmento do libro *Proxecto pomba dourada* de Miguel Vázquez Freire, os signos ortográficos e as maiúsculas que creas convenientes:

*[...] O día seguinte amenceu cuberto a néboa desfaciase en rachóns que se esvaían de vagar no aire pero sen acabar de abri-lo día un orballo teimudo íase pegando ás roupas ata facelas húmidas e pesadas os catro desmontaban as rudimentarias tendas nas que viviran aqueles días no asentamento fixeron con elas un embrullo que ataron á traseira da cadeira con rodas a loura Gwendaill reabriu un dos vultos feito o día anterior e de alí sacou uns plásticos repartiu un a cada un e ela procedeu a facer un burato no seu cun coitelo despois meteu a cabeza polo burato e dispúxose a camiñar Arno imitounos pareceulle o mellor chubasqueiro que podía esperar naquelas circunstancias camiñaron toda aquela mañá o tollido na súa cadeira rodante cando o camiño se facía impracticable tamén el tiña que baixar ó chan mentres o xigante botaba ó lombo a cadeira a media mañá levantou a néboa pero o ceo seguía cuberto e a chuvia fíxose máis intensa as corredoiras polas que andaban —primeiro entre laxes e penedos logo por medio de toxeias despois por carballeiras e piñeirais— estaban convertidos en lameiras as botas dos tres camiñantes chapexaban nas pozas a lama cubríaos ata os xeonllos ó tempo as rodas da cadeira do tollido ficaban entupidas facendo inútiles os esforzos do motor con todos estes atrancos a marcha era vagarosa e pesada [...].*

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### 1. TEXTO

*“Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren dun idioma universal, único para toda a nosa especie [...] Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores ós animais. Velaí vai a demostración: un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal.”*

Castelao, 1937.

### REFLEXIONAMOS



Comenta brevemente o texto que acabas de ler.



¿Sabías que a Carta europea das linguas potencia a diversidade lingüística como patrimonio da humanidade?



¿Melloramos dende 1937 ata hoxe?



Formula estratexias para afianza-lo uso do galego en tódolos ámbitos de uso.

### 2. CURRICULUM VITAE

É un documento que consiste nunha relación de méritos profesionais (datos biográficos, títulos, publicacións...) que normalmente se emprega para solicitar un posto de traballo. Con el tamén podemos pedir bolsas de estudos ou darnos a coñecer a unha empresa con vistas a un futuro laboral.

Debe conter, ademais dos datos persoais, o noso historial profesional.

Datos persoais:

*Nome cos dous apelidos*

*Lugar de nacemento*

*Enderezo*

*Teléfono*

*Outros datos que consideres importantes.*

Estudos realizados:

*Tes que indica-las datas nas que os realizaches e o centro onde os cursaches.*

Idiomas que coñeces:

*Debes indica-lo nivel de coñecemento (baixo, medio ou alto).*

Experiencia profesional:

*Indica-lo lugar onde traballas ou traballaches.*

Todo isto ten que ir xunto coas fotocopias dos documentos que acrediten que o que expresaches é certo.

Segundo a experiencia laboral que teñas, poderás facer dous tipos de currículo:

- Cronolóxico: Expón os datos atendendo ó factor tempo. Se tes moitos méritos este non é o axeitado porque non permite que te estendas nos teus logros.
- Funcional: Expón os datos segundo a experiencia, a habilidade, etc. Non é axeitado para quen non teña un historial amplo.



Vexamos un exemplo de currículo cronolóxico:

#### DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos: .....Luís Rúa Pérez  
 Lugar e data de nacemento: .....A Coruña, 15 de maio de 1965  
 Idade: .....35 anos  
 Domicilio: .....rúa Carreiro da Igrexa, 12  
 Localidade: .....A Coruña  
 Código postal: .....12 300  
 Teléfono: .....981 02 02 02  
 Permiso de conducir: .....A e B1  
 Servicio militar: .....Si (do 16-08-1985 ó 14-08-1986)

#### FORMACIÓN

1987.....Finalización dos estudos de Técnico Especialista en Electromecánica. Estes estudos curseinos entre 1981 e 1987 no instituto Escritor Pedralba da Coruña. Entre as datas indicadas con anterioridade realicei tamén o servizo militar.

#### FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

1987.....200 horas de prácticas na empresa na que me atopo traballando actualmente.  
 1987.....Curso complementario de mantemento industrial.

#### EXPERIENCIA LABORAL

1987.....Desde esta data estou traballando como comercial e mecánico nunha empresa de mecanizado, subministración e mantemento da comarca de Arteixo. A empresa é SUBMI SA

#### REFERENCIAS

Sr. Uxío Bellas, encargado de produción de SUBMI SA



Redacta un currículum vitae dirixido a unha empresa para solicitar traballo.

## HISTORIA DA LINGUA

### Séculos XII e XV: o galego lingua da lírica peninsular

As condicións sociopolíticas dadas a partir do séc. XII permitiron a aclimatación en Galicia da poesía trobadoresca. Durante esta época é a galega, entre as da Península, a lingua lírica por excelencia. O noso idioma soaba en boca de trobadores e segreis en tódalas cortes de España e eran moitos os poetas de fóra de Galicia que adoptaban o galego como lingua poética.

### Séculos XIII – XIV: a poesía relixiosa

Un xénero literario de gran difusión na Europa da Idade Media é o relato de milagres, con función devota e propagandística. Unha das máis importantes coleccións de milagres marianos está recollida nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio. Son un monumental documento lingüístico do florecemento do galego nesta época.

### Séculos XIII – XV: a prosa literaria

Os grandes temas da literatura europea da época tiveron tamén reflexo na prosa galega medieval. En galego puidéronse le-los libros de aventuras dos cabaleiros da Mesa Redonda, a historia de Troia, os milagres de Santiago, e tamén a historia universal e de España. As condicións sociopolíticas da Galicia do séc. XV impediron a continuidade desta produción literaria.

## COMPLEMENTOS

### A Constitución española e as linguas

O proceso histórico centralista acentuado no decorrer dos séculos anulara a posibilidade de constituír institucións propias e procurara deliberadamente elimina-la lingua propia de Galicia e o desenvolvemento da nosa cultura.

Sometido a esta despersonalización política e a esta marxinación cultural, o pobo galego padeceu unha progresiva depauperación interna que foi denunciada polos ilustrados e que, desde mediados do XIX, foi constantemente combatida por tódolos galegos conscientes da necesidade de evita-la desintegración da nosa personalidade.

Trala *Longa noite de pedra* comezámo-lo camiño da restitución do uso da nosa lingua oficial que non só é o noso medio primordial de comunicación senón que tamén encarna a visión do noso mundo.

Coa *Carta Magna* do ano 1978 que proclama a vontade de protexer a tódolos españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, as súas tradicións, as súas linguas e as súas institucións, comeza un camiño novo que vai evolucionando de forma positiva aínda que pasenñamente.

#### CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

##### Artigo 3

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

##### Artigo 20

3. A Lei regulamentará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso ós citados medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

##### Artigo 148

1. As comunidades autónomas poderán asumir competencias en materias como o fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da comunidade autónoma.

*Unha noite na eira do trigo  
ó reflexo do branco luar  
unha nena choraba sen trégoas  
os desdêns dun ingrato galán.*

*E a coitada entre queixas dicía:  
“Xa no mundo non teño a ningún;  
vou morrer e non ven os meus ollos  
os ollos do meu doce ben”.*

*Os seus ecos de melancolía,  
camiñaban nas alas do vento,  
e o lamento repetía:  
“vou morrer e non vén o meu ben”.*

*Lonxe dela, de pé sobre a popa,  
dun aleve, negreiro vapor,  
emigrado, camiño de América  
vai o pobre, infeliz Amador.*


*E o mirar as xentís andoriñas  
cara á terra que deixa cruzar:  
“¿Quen puidera dar volta, pensaba,  
quen puidera convosco voar...!”*

*Mais as aves e o buque fuxían  
sen oír seus amargos lamentos;  
soío os ventos repelían:  
¿Quen puidera convosco voar!*

*Noites claras de aromas e lúa  
desde entón ¿que tristeza en vós hai  
prós que viron chorar unha nena  
prós que viron un barco marchar!...*

*Dun amor celestial, verdadeiro,  
quedou soío de bágoas a proba,  
unha cova nun outeiro  
e un cadáver no fondo do mar.*

Letra: M. Curros Enríquez  
Música: M. Valverde



# - 6 -

## LECTURA O DIÁLOGO TELEFÓNICO

Sentado na cama, marquei o número do pazo. Imaxinei o prodixio da busca de conexión a través de centrais e liñas... e oín o eco lonxincuo da chamada.

Atendeu o Xelo:

- Xelo...
- Dime, Toño.
- Carallo, que oído tes –comenteille, sorprendido de que recoñecese a miña voz axiña.
- Non, ho –explicou–, é que estaba á espera de que chamases. ¿Non viches que pouco tardei en collelo?
- Vin, ¿e logo?
- Pois que morreu a meiga...

A confirmación deixoume sen fala.

- ¿Oíches? Sé Antonio... – O Xelo alarmouse.
- Dime, dime.
- Que morreu a Caxón e seica te mentou na agonía.

Un calafrío percorreume a espiña, alcanzoume os ombros.

- Que me dis, Xelo, que dis, ho...
- Díxomo a Carme... ¿Oíches? A Caxón mandou chamar as veciñas todas, as vellas, e foilles dando recados para cadaquén; e á miña sogra díxolle que tiña moita pena de non poder falar contigo porque ela quería saber unha cousa de ti, e mais quería dicir unha cousa, do teu proveito, que xa che fará saber...

Seguín calado.

- ¿Oíches? – insistiu o Xelo en saber se eu continuaba á escoita.
- Oio, ho... Xelo, dime unha cousa, ¿e a que hora morreu a Caxón?
- Miña sogra di que non saben, que se foi apagandiño.

Calei que – estaba seguro – a bruxa facedora de pan morrera pouco antes das dúas. Despedímonos e saín á vida...

Código morse, ed. Xerais.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? Naceu en Cidade Real pero vive en Galicia dende a infancia.

? Co relato “A fundición” (1978) e coa novela *Fábula* (1980) gaña o premio Pedrón de Ouro e o Premio Cidade da Coruña, respectivamente.

? *A nosa cinza* (1980), novela na que se nos narran en primeira persoa as vivencias dun rapaz nos comezos da posguerra, é un dos libros máis lidos polos adolescentes galegos.

? Nas súas obras posteriores, *Nos pazos de Huinca Loo* (1982), *Viaxes no país de Elal* (1992) e *Contos das Américas* (1992), achégase ó mundo da emigración galega na Pampa arxentina.

? A súa narrativa ten sempre, nunha certa medida, unha compoñente autobiográfica.

? Enxeñeiro de profesión e colaborador xornalístico, é considerado un dos autores máis salientables da narrativa actual.

O AUTOR É: .....

.....

## COMENTÁMO-LO TEXTO

📖 ¿Cal é a técnica narrativa predominante no texto?

📖 ¿Que pensas que queren dici-las expresións “¿e logo?” e “se foi apagandiño?”

📖 **ORALIDADE:**

As meigas ou bruxas son seres míticos con gran presenza na literatura oral galega. Conta algunha historia fantástica que coñezas.

TRABALLAMOS CO LÉXICO

- Constrúe unha oración con cada unha das seguintes palabras do texto:
- lonxíncuo:.....
  - calafrío: .....
  - ho: .....

O fragmento que acabamos de ler reproduce un **diálogo telefónico**. Nestes textos predomina a función fática da linguaxe, na que a atención recae sobre o interlocutor. Algunhas das características destes textos son entre outras:

- as chamadas ó interlocutor (*¿Oíches?*)
- o discurso elíptico
- presenza de puntos suspensivos (*Díxomo a Carme...*)
- as repeticións (*Dime, dime*)
- as respostas rápidas e concisas por medio do verbo utilizado na pregunta (*¿Oíches? Oio, ho...*)

- Inventa ti outro diálogo co tema que queiras (quedar con alguén para saír, interesarte por algún compañeiro-a ó que hai tempo que non ves, pedir unha información nun determinado organismo, etc.).
- Reproduce oralmente un diálogo telefónico con algún dos teus compañeiros semellante ó que vén a continuación:

Diferencia entre amolar e encher

Telefonas a unha oficina calquera da cidade.

- Por favor, ¿quéreme poñer co señor Pereira?
- Aquí non hai ningún Pereira.

De aí a algúns minutos marcas de novo.

- ¿Pereira, por favor?
- Señor, aquí non traballa ningún Pereira.
- ¿Pero non é o número tal?
- É, pero aquí nunca houbo ningún Pereira.

En cinco minutos márcalo mesmo número.

- Por favor, ¿o Pereira xa chegou?
- ¿Estás parvo ou que? ¿Non che dixen xa que o demo do Pereira ese nunca traballou aquí?
- Pois non o entendo, porque el díxome que traballaba aí.
- Non amoles.

De aí a dez minutos marcas de novo.

- Escoite unha cousa ¿o Pereira non deixou polo menos un recado?

(O outro desta vez esquece a presenza da mecanógrafa e di cousas impublicables; ata aquí é *amolar*. Para *encher* deixas pasar dez minutos máis e marcas de novo).

- Bo día, ¿con quen falo? Eu son Pereira ¿non chamou ninguén preguntando por min?

Para gostar de ler, Paulo Mendes Campos.

Diálogo telefónico

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## O pronome de solidariedade

É unha forma do pronome persoal átono de 2ª persoa que se emprega para implicar afectivamente o interlocutor ou interlocutores no que estamos a expresar. Este pronome ten simplemente unha función estilística, isto é, a súa presenza ou ausencia non modifica o contido que queremos transmitir: *Víveche nunha casa moi boa.* / *Vive nunha casa moi boa.*

| FORMAS                 |                 |                       |
|------------------------|-----------------|-----------------------|
|                        | un interlocutor | varios interlocutores |
| tratamento familiar    | <b>che</b>      | <b>vos</b>            |
| tratamento de cortesía | <b>lle</b>      | <b>lles</b>           |

Exemplos: **Che:** *Érache boa, se fora miña.*

**Lle:** *Tenlle moita teima coa viaxe.*

**Vos:** *Vaivos un frío que pela.*

**Lles:** *Lévalles moitos anos facéndoo.*



Introduce o pronome de solidariedade nos seguintes enunciados:

- Non \_\_\_\_\_ é así, señor Xosé, non \_\_\_\_\_ é así.
- Señores, teño \_\_\_\_\_ moito interese neste investimento.
- Nunca \_\_\_\_\_ souben moi ben a verdade do asunto, avoa.
- Non \_\_\_\_\_ me chista nada o que di.
- ¡Como \_\_\_\_\_ medrou a rapaza este ano, María!

## O verbo

- O verbo é unha clase de palabras que serve para expresar **accións, procesos** ou **estados**.
- As formas verbais están constituídas por unha raíz ou lexema e os morfemas flexivos (desinencias):  
*As froitas cheg / an tarde.*  
lex. morf.
- Os tempos verbais son **presente, pasado** e **futuro**, e os modos, **indicativo, subxuntivo** e **imperativo**.
- As **conxugacións verbais** son tres:
  - 1ª conxugación, a constituída polos verbos rematados en **-ar**: *cantar*.
  - 2ª conxugación, a constituída polos verbos rematados en **-er**: *temer*.
  - 3ª conxugación, a constituída polos verbos rematados en **-ir**: *partir*.
- Os verbos poden ser:
  - **Regulares**: os que teñen a raíz ou lexema invariable: *levo, levei, levaría...*
  - **Irregulares**: os que na súa conxugación sofren algún tipo de variación na raíz ou lexema: *quero, quixen, queira...*

Observacións:

- Na 2ª conxugación, a 2ª persoa do perfecto ten vocal **-i-**: *colliches, comiches, vendiches*.
- A desinencia de 4ª persoa dos verbos da 2ª conxugación é **-emos**: *collemos, comemos, vendemos*.
- A desinencia de 3ª persoa do pretérito perfecto é **-eu** para os verbos da 2ª conxugación: *colleu, comeu, vendeu*.
- A desinencia de 5ª persoa dos pretéritos perfectos é **-stes**: *cantastes, collestes, partistes*.

### REPARA

Lembra que en galego non existen os tempos compostos; daquela a única forma correcta para traducir “he comido”, “hube comido”, “había comido”, será “**comín**” e “**comera**”.



Enche os espazos en branco co tempo axeitado:

- Vós \_\_\_\_\_ (coller) os regalos e \_\_\_\_\_ (marchar) sen da-las grazas.
- Aínda que eles \_\_\_\_\_ (estudar) todo o día non o \_\_\_\_\_ (conseguir).
- O que vós me \_\_\_\_\_ (contar) non se lle di a ninguén.
- Nós \_\_\_\_\_ (levar) os libros que vós \_\_\_\_\_ (pedir) onte.
- El \_\_\_\_\_ (axudar) moito así que os dous \_\_\_\_\_ (acabar) a tempo.
- Ela \_\_\_\_\_ (cantar) e \_\_\_\_\_ (bailar) \_\_\_\_\_ me (gustar) sabelo facer igual.
- \_\_\_\_\_ (levar) o neno pola mañá e despois \_\_\_\_\_ (comprar) o que me encargaches.
- ¿ \_\_\_\_\_ (pensar) no que vos dixeron?

### OS TEMPOS DE PERFECTO DO VERBO *ANDAR*

| pretérito | antepretérito | imperfecto (subx.) ou copretérito |
|-----------|---------------|-----------------------------------|
| andei     | andara        | andase                            |
| andaches  | andaras       | andases                           |
| andou     | andara        | andase                            |
| andamos   | andaramos     | andásemos                         |
| andastes  | andarades     | andásedes                         |
| andaron   | andaran       | andasen                           |



Completa estas cantigas populares coa forma axeitada do verbo *andar*:

*Toda a miña vida* -----

*tras dunha costureiriña;*

*agora quedei sen ela*

*coma a agulla sen a liña.*

(Popular)

----- *te alabando*

*de cousas que non fixeches;*

*déchesme un bico na saia*

*que na cara non puidesches.*

(Popular)



Enche os espazos en branco con algún destes tempos do verbo *andar*:

- Vós non \_\_\_\_\_ moi lixeiros e claro, pasou o que pasou.
- Se ti \_\_\_\_\_ un pouco máis espelido, outro galo cantaría.
- Eu \_\_\_\_\_ apurada durante toda a mañá.
- Aínda que \_\_\_\_\_ máis rápido, non chegariades a tempo.
- Eses rapaces sempre \_\_\_\_\_ coa teima do fútbol.
- \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ e nunca chegou.
- Ti \_\_\_\_\_ de troula toda a noite e agora non te dás erguido.

### REPARA

O verbo **andar** é regular, polo tanto, as formas **andei**, **andaches**, **andou** son as únicas correctas.

## As perífrases verbais estar + xerundio e andar + xerundio

Son iguais a **estar a + infinitivo** e **andar a+ infinitivo**. Son perífrases **imperfectivas**, a acción non está rematada, aínda se está desenvolvendo:

*Está esperando por ti = Está a esperar por ti.*

*Algo anda rosmando = Algo anda a rosmar.*

As perífrases **estar a + infinitivo** e **estar para + infinitivo** indican **futuridade, inminencia**, a acción aínda non ocorreu pero está a punto de facelo.

*Están para saír, pois xa deron as catro.*

*Está a soa-lo timbre, polo tanto, deixámo-la explicación para mañá.*



Introduce algunha destas perífrases nos seguintes enunciados.

- Vai comeza-la función .....
- Nós estabamos esperando por Xurxo .....
- Estes días andamos segando no trigo .....
- ¡Sempre estás a facer mal! .....
- Estivo a punto de marchar ó estranxeiro pero, ó final, non quixo deixa-la súa terra .....
- Xa daquela pouco lles faltara para pegarse nunha discusión .....

## O posesivo

O posesivo indica a pertenza ou a relación que se establece entre a persoa gramatical e o substantivo que o acompaña. As súas formas son as seguintes:

|                   |             |             |              |              |
|-------------------|-------------|-------------|--------------|--------------|
| un posuidor       | <b>meu</b>  | <b>miña</b> | <b>meus</b>  | <b>miñas</b> |
|                   | <b>teu</b>  | <b>túa</b>  | <b>teus</b>  | <b>túas</b>  |
|                   | <b>seu</b>  | <b>súa</b>  | <b>seus</b>  | <b>súas</b>  |
| varios posuidores | <b>noso</b> | <b>nosa</b> | <b>nosos</b> | <b>nosas</b> |
|                   | <b>voso</b> | <b>vosa</b> | <b>vosos</b> | <b>vosas</b> |
|                   | <b>seu</b>  | <b>súa</b>  | <b>seus</b>  | <b>súas</b>  |

### Valores dos posesivos:

- **Afectivo:** *O meu Antón éche moito Antón.*
- **Habitual:** *Tódoos días toma as súas pímulas e o seu xarope.*
- **Aproximativo:** *A súa avoa terá ben os seus noventa anos.*
- **Locucións:**
  - Os posesivos tamén aparecen en locucións, cos seguintes valores:
    - Familia: *Esta fin de semana vou comer fóra cos meus.*
    - Recuperación do estado orixinal: *Xa nunca máis volve ó seu.*
    - Costumes, actos e ocorrencias habituais ou propias de alguén: *Xa estás ti coma sempre facendo das túas.*

### Outras formas do posesivo

• **A construción de meu, de teu, de seu:**

Existe unha construción do posesivo formada pola preposición de + posesivo masculino singular que ten un dobre valor:

- **Pertenza exclusiva:** *Ten casa de seu.*  
*Tes capital de teu, e-lo vinculeiro.*
- **Calidade propia por natureza:** *É unha persoa intelixente de seu.*  
*Son xeneroso de meu, axudo sempre ós demais.*

• **Posesivo distributivo:**

Serve para adxudicar un obxecto a cada un dos posuidores. Sempre acompaña o obxecto posuído, nunca o posuidor e pode ir precedido da preposición **a**. As súas formas son: **cadanseu (s)** e **cadansúa (s)**: *Tódolos nenos recibiron cadansúa camiseta con cadanseu número.*



Introduce estas construcións do posesivo nas seguintes frases:

- Ten dúas casas, unha propia e a outra alugada .....
- É un preguiceiro, nunca quere traballar .....
- Son unha persoa moi tímida, non quero destacar .....
- Como non traballes máis, non vas ter nunca nada .....
- Compreilles un moedeiro a cada unha polo aniversario .....
- Tedes un don natural para a música .....
- Temos catro coches na casa, todos en propiedade .....
- Eran coxos. Levaban cada un o seu caxato .....



Introduce a forma de posesivo que cumpra, facéndoa concordar co suxeito:

- Non sigas facendo das ..... , rapaz.
- Ten unha habitación para garda-las ..... cousas.
- Levámo-los ..... fillos ó pavillón municipal.
- ¿En verdade ides vende-lo ..... piso?
- Na ..... casa sempre teño de todo.
- Non me gustan nada os ..... amigos (deles).



Indica nas seguintes frases o valor do posesivo:

- Este ano non imos ter seca xa que choveu o seu .....
- Dende que tedes moto de voso non hai quen vos ature .....
- Este sábado imos de troula, armaremos unha das nosas .....
- A miña Sabela évos a moza máis guapa da aldea .....
- É moi de teu iso de falar e non escoitar .....
- Foron á festa todos fachendosos con cadanseus pantalóns de coiro .....
- Mañá vou mata-lo porco, que xa debe pesa-lo seu .....

## Acentuación

Segundo a posición da sílaba tónica, clasificámo-las palabras de máis dunha sílaba en agudas, graves, esdrúxulas e sobreesdrúxulas.

- **Agudas:** son as palabras nas que a sílaba tónica é a final. Acentúanse cando rematan en **vogal**, **-n**, **-s** ou **-ns**: *mazá, camión, compás, parabéns...*
- **Graves:** son as palabras nas que a sílaba tónica é a penúltima. Acentúanse cando rematan en consoante distinta de **-n** ou de **-s** e en grupo consonántico distinto de **-ns**: *réptil, alférez, álbum, bíceps...*
- **Esdrúxulas:** son as palabras nas que a sílaba tónica vai na antepenúltima sílaba. Acentúanse sempre: *mágoa, sétimo, lóstrego, cárcere...*
- **Sobreesdrúxulas:** son as palabras nas que a sílaba tónica recae na sílaba anterior á antepenúltima. Acentúanse, ó igual que as esdrúxulas, sempre: *díxonolo, contáronvola...*

## REPARA

- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente non levan acento. O ditongo decrecente é a combinación dunha vogal forte (**a, e, o**) e unha débil (**i/u**), ou ben de dúas débiles (**iu/ui**) sendo sempre tónica a primeira vogal: *comeu, partiu, azuis, papeis...*
- As vogais **i/u** tónicas, cando van seguidas ou precedidas doutra vogal, levan acento para indicar que é un hiato, é dicir, que esas dúas vogais pertencen a sílabas distintas: *baúl, ainda, constrúe, miúdo, distraido...*

### Lembra tamén:

- Os **estranxeirismos** réxense polas normas de acentuación da lingua: *anorak, cámping...*
- Os monosílabos non levan acento gráfico, a excepción dos diacríticos: *man, fe, deu...*
- Os **adverbios rematados en -mente** non levan til, xa que son palabras graves rematadas en vogal: *rapidamente, timidamente...*
- Os **pronomes interrogativos e exclamativos** non levan acento gráfico cando introducen oracións interrogativas e exclamativas indirectas, nin cando introducen interrogativas directas: *Quen é? Preguntou quen era.*
- Os **verbos que levan pronomes enclíticos ou a segunda forma do artigo** compórtanse como se fosen unha única palabra: *díxomo, levóullela, fixémo-lo xantar...*



Coloca o acento gráfico nas palabras que o precisen:

|          |              |          |         |          |
|----------|--------------|----------|---------|----------|
| acentuo  | inutilmente  | muiño    | cobado  | andou    |
| Galicia  | alguen       | paxaros  | tepedo  | sair     |
| deu      | textil       | corazons | heroe   | cadris   |
| parasito | levaronllelo | piñeiral | lingua  | ademaís  |
| elite    | cantei       | nariz    | diocese | bretema  |
| triceps  | puido        | misil    | xeonllo | album    |
| biceps   | dolmen       | xilin    | sain    | prexuízo |



Completa o cadro:

| Palabra   | Sílaba tónica | Leva acento gráfico? | Por que? |
|-----------|---------------|----------------------|----------|
| reis      |               |                      |          |
| character |               |                      |          |
| xardins   |               |                      |          |
| pexegos   |               |                      |          |
| raiña     |               |                      |          |
| españóis  |               |                      |          |
| climax    |               |                      |          |
| miudo     |               |                      |          |

### Acentuación diacrítica

Cando temos dúas palabras coa mesma forma na escrita, pero con significado diferente, utilizámo-lo acento diacrítico para distinguilas.

|                                            |                                   |
|--------------------------------------------|-----------------------------------|
| á (prep. a + art. a, ala)                  | a (art.; prep.)                   |
| ás (prep. a + art. as, alas)               | as (art.)                         |
| bóla (esfera)                              | bola (pan)                        |
| cá (ca + a)                                | ca (conx. comparativa)            |
| cás (ca + as)                              | cas (prep.)                       |
| chá (plana)                                | cha (che + a)                     |
| chás (planas)                              | chas (che + as)                   |
| có (ca + o)                                | co (con + o)                      |
| cós (ca + os)                              | cos (con + os)                    |
| cómpre (é mester)                          | compre (merque)                   |
| cómpren (son mester)                       | compren (merquen)                 |
| dá (pres. ind. de dar)                     | da (de + a )                      |
| dás (pres. ind. de dar)                    | das (de + as)                     |
| dó (compaixón, nota musical)               | do (de + o )                      |
| é (pres. ind. de ser)                      | e (conx.)                         |
| fóra (adv.)                                | fora (atpto. de ser, ir)          |
| máis (adv. e pron.)                        | mais (conx.)                      |
| má (mala)                                  | ma (me + a)                       |
| más (malas)                                | mas (me + as)                     |
| nó (subst.)                                | no (en + o )                      |
| nós (nosoutros, pl. de nó)                 | nos (pron. átono; en + os)        |
| ó (prep. a + art. o )                      | o (art.)                          |
| ós (prep. a + art. os)                     | os (art.)                         |
| óso (corpo humano)                         | oso (animal)                      |
| pé (corpo humano)                          | pe (letra)                        |
| póla (rama)                                | pola (galiña; por + a)            |
| pór (poñer)                                | por (prep.)                       |
| présa (apuro)                              | presa (prendida, presada, encoro) |
| sé (sede eclesiática, imp. de ser)         | e (conx.; pron.)                  |
| só (nada ou ninguén máis, adv. ou adxect.) | so (debaixo de )                  |
| té (infusión)                              | te (pron., letra)                 |
| vén (pres. de vir)                         | ven (pres. de ver, imp. de vir)   |
| vés (pres. de vir)                         | ves (pres. de ver)                |
| vós (vosoutros)                            | vos (pron. átono)                 |

## O enderezo

É a indicación precisa do lugar de residencia dunha persoa ou entidade. **Rúa, praza, avenida, lugar...** son algunhas das palabras máis frecuentes para indica-lo enderezo, e adoitan empregarse coas súas formas abreviadas: **rúa (r. ou r/), avenida (av. ou avda.), praza (pr.)...**

Non debe confundirse **enderezo**, que indica o lugar de residencia dunha persoa ou entidade (*A carta non chegou porque o enderezo non era correcto*) con **dirección**, que indica a orientación, rumbo ou sentido dunha acción (*Despois daquilo o seu discurso tomou outra dirección. Se vas en dirección ó centro podías levarme*).



Tendo en conta todo o anterior e o vocabulario visto no tema 4, envíalle unha carta a alguén que viva nunha aldea, vila ou cidade indicando tódolos datos do seu enderezo.

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

*“A nosa lingua é o camiño da nosa redención e do noso progreso; sen a lingua morremos como pobo, e nada significaremos endexamaís na cultura universal. Se o galego quere ser máis que habitante dun territorio, se arela ser un factor de universalidade e de cosmopolitismo, soamente co emprego da lingua propia, obra da natureza, poderá selo. Arrenegando da lingua propia terá que avergoñarse sempre de si mesmo. Creando valores na lingua propia axiña seremos universais”.*

*Pensamento e sementeira, Antón Vilar Ponte*

### REFLEXIONAMOS



¿Cales son as ideas principais do texto? Comentádeas.



Explica algunha razón pola que o galego foi cedendo terreo a prol do castelán.



¿En que se baseaba o concepto de universalidade e cosmopolitismo da lingua que propugnaba a Xeración Nós?

## HISTORIA DA LINGUA

### Séculos XIII-XV: o galego na vida laboral

O galego era a lingua oral de todo o pobo e a lingua escrita de actos notariais, xudiciais e administrativos, públicos e privados. Fixéronse en galego textos legais como as *Partidas*. Na metade do séc. XIII comeza a penetración do castelán nos documentos da corte como orixe ou destino.

### Séculos XIV-XVI: situación anormal do galego

A nobreza galega autóctona é substituída por outra estranxeira, ou ben é asimilada ós intereses da coroa. De xeito semellante, os cargos civís son ocupados por funcionarios non galegos. Isto significou a liquidación do galego para os usos formais, e marcou o comezo da situación de anormalidade lingüística.

### Séculos XV-XVI: o papel da igrexa

A igrexa representou un papel negativo fundamental no desenvolvemento do galego ó marxinalo das prácticas relixiosas. Os sacramentos e rezos colectivos (*Pai Noso, Ave María...*) e mesmo as oracións diarias efectuábanse en castelán. Ademais, os cargos eclesiásticos non eran galegos.

## COMPLEMENTOS

### Estatuto de autonomía de Galicia

O GALEGO É A LINGUA PROPIA DE GALICIA gracias a un pobo que, ó longo da súa historia, soubo mante-lo seu idioma como sinal de afirmación colectiva.

En palabras de Castelao, a lingua creouna o xenio inesquecible do noso pobo e labrouna o amor, a dor e a ledicia de moitísimas xeracións.

Esta lingua propia debe seguir sendo o verdadeiro sinal de identidade de Galicia no medio da diversidade cultural e lingüística dos pobos cos que convivimos.

Co recoñecemento dos nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, a Constitución do ano 1978 fixo posible a posta en marcha dun esforzo construtivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva.

A promulgación do Estatuto de autonomía de Galicia no ano 1981 institúe o galego como lingua propia de Galicia *que todos teñen o dereito de coñecer e usar*, conferíndolles ós poderes públicos a responsabilidade de velaren pola súa normalización en tódalas áreas.

#### Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

#### Artigo 25

Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e tódolos funcionarios ó servizo da administración de xustiza, será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do país.

#### Artigo 26

Os notarios e os rexistradores da propiedade e mercantís serán nomeados pola comunidade autónoma, en conformidade coas leis do Estado. Para a provisión de notarías, os candidatos serán admitidos en igualdade de dereitos tanto se exercen no territorio de Galicia coma no resto de España.

#### Himno galego

*¿Que din os rumorosos  
na costa verdecente,  
ó raio transparente  
do plácido luar?*

*¿Que din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?*

*Do teu verdor cinguído  
e de benignos astros,  
confin dos verdes castros  
e valeroso chan.*

*Non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono  
Fogar de Breogán.*

*Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden  
e con arroubo atenden  
o noso ronco son.*

*Mais só os ignorantes  
e fêridos e duros,  
imbéciles e escuros  
Non os entenden, non.*

*Os tempos son chegados  
dos bardos das idades,  
que as nosas vaquidades  
cumprido fin terán;*

*Pois onde quer xigante  
a nosa voz pregoa  
a redención da boa  
Nación de Breogán.*

Letra: Eduardo Pondal  
Música: Pascual Veiga



## LECTURA AS PARTES DO CORPO: A CABEZA

O Rata asubiu e entre todos botáronse ó Zalo. Espírono e atárono a un amieiro. O Zalo choraba e a min déronme ganas de chorar. Iso non se lle fai a ninguén e menos a traizón. O Rata chuspiulle alí, naquel sitio, e chamoulle caguetas. “Non se chora”, dixo. Despois colleu un vimbio e pasoullo polas pernas e pola barriga sen lle dar. Botamos a sortes e tocoume a min. Quixen fuxir ou tirarme ó río, pero o Rata miroume así, como mira el, e collín o vimbio. “Veña”. Díxenlle que non. “Mira, Rafael, que te imos atar a ti” (...). Pola voz souben que me ía dici-lo da miña nai. Agarrei o vimbio e funme cara ó Zalo. Eu non quería, ben o sabe Deus. E deille no pescozo. Os outros berraron: “¡Máis!” E eu non vía. E daba. “¡Máis!” Doíame o brazo de tanto subir e baixar. “¡Máis!” Cando mirei para o Zalo gañei medo. Sangraba por tódalas partes e comíano as moscas. Estaba como morto. Non falaba. O Rata e os outros fuxiron. Eu tamén fuxín.

Eu non quería, digo a verdade. Díxenllo ó señor aquel, pero non me fixo caso. Tamén lle dixeran que fora por sortes, que me tocara a min. Pero non me escoitou. Faloume do inferno e entón calei. Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano (...). Polo día collo moscas e gárdoas nunha caixa de mistos. Pola noite meto as moscas na pileta e ábrolle á billa (...). As moscas soben, foxen pola pileta enriba, pero eu doulles para abaixo cunha palliña e afogan (...). Para xullo din que saio. O Rata ó mellor pensa que me esquecín. Estache bo. ¡Ai, Rata! Estache bo. Heino arranxar ben arranxado. El ha pensar que somos bos amigos. ¡Ai, Rata! “¿Vés ó río?” El vén, que lle gusta moito. “¿Xogamos ós submarinos?” El xoga, que lle gusta moito xogar ós submarinos. Primeiro paso eu. Paso dúas ou tres veces. Despois que pase el. Eu escarránchome e el pasa por debaixo da auga entre as miñas pernas. E así dúas ou tres veces, para que se confíe. Pouquiño a pouquiño. E entón, hala, cando pase, pecho as pernas e queda preso polo pescozo. Pouquiño a pouco. Como as moscas da pileta.

*Vento ferido*, ed. Galaxia.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? En 1967 publícase *Vento ferido*, obra integrada no movemento da Nova Narrativa Galega no que comezou a súa andadura literaria.

? O seu gusto por “contar” reflíctese tamén no seu labor xornalístico e entróncao coa contística de tradición oral da que tamén se nutriron Anxel Fole e Álvaro Cunqueiro.

? Foi presidente do Consello da Cultura Galega e un dos máximos representantes da nosa cultura.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

 O texto da lectura é un fragmento do conto “O xogo da guerra” que se integra en *Vento ferido*. A técnica narrativa do conto caracterízase neste autor polo estilo conciso e rápido. Segundo isto, ¿que tipo de frases predominan no texto? ¿Cal é a clase de palabras que máis se repite? ¿Con que intención cres que emprega o autor este estilo conciso e dinámico? ¿Que efecto consegue?

 A obra *Vento ferido* foi unha das precursoras da Nova Narrativa Galega. Indaga nas características desta corrente e cita algúns dos autores que a constituíron.

 Ponlle un título a este fragmento.

### ORALIDADE:

1. No fragmento da lectura descríbese unha escena violenta entre cativos. Establecede un debate sobre a posible influencia da televisión, o cine e, en xeral, da sociedade actual con respecto ó aumento da violencia entre os menores.

## TRABALLAMOS CO LÉXICO

- Localiza no texto o léxico relacionado coas partes do corpo referidas á cabeza. Escríbeo.
- Coñezamos agora algunhas outras palabras do léxico desta unidade.

| O corpo humano: a cabeza |            |                  |                   |
|--------------------------|------------|------------------|-------------------|
| cabelo, pelo             | entrecello | lingua           | barbada           |
| curuto                   | ollo       | dentes           | caluga            |
| cocote                   | pestanda   | cairos           | noca              |
| cara                     | perfebas   | moas do siso     | covacha           |
| face                     | pálpebras  | enxivas          | pescozo           |
| faciana                  | nariz      | padal            | colo              |
| rosto                    | ventas     | veo/ceo do padal | gorxa             |
| tempas                   | meixelas   | campaiña         | nó da gorxa       |
| sens                     | fazulas    | queixo           | orellas           |
| vidallas                 | labios     | queixelo         | oídos             |
| cellas                   | beizos     | queixada         | lobos das orellas |

O sufixo **-udo/-uda** úsase frecuentemente para formar adxectivos a partir dun substantivo. Exs: *beizudo, bochechudo, orelludo, narigudo, quedelludo, celludo...*

- Escrebe adxectivos que cualifiquen cada un dos seguintes substantivos, por ex: cabelo *crecho*.

|               |               |                 |                  |
|---------------|---------------|-----------------|------------------|
| <b>cabelo</b> | <b>labios</b> | <b>meixelas</b> | <b>pestandas</b> |
| <b>ollos</b>  | <b>cellas</b> | <b>queixo</b>   | <b>colo</b>      |
| <b>dentes</b> | <b>nariz</b>  | <b>testa</b>    | <b>face</b>      |
|               |               |                 |                  |



Escribe os verbos relacionados coas seguintes palabras seguindo o exemplo:

- Ollos: ver, mirar, ollar, fitar, asexar, albiscar, enxergar...

- Nariz: .....

- Dentes: .....

- Boca: .....

- Pestanas: .....

- Oído: .....



Le o seguinte fragmento fixándote nos elementos descritivos utilizados polo autor:

*“A voz do Suso chegou a min fortemente, coma unha corneta que rinchase:*

*– Manolito. Baixa. Baixa.*

*Eu obedecín. Tódolos rapaces da Barbaña lle obedeciamos ó Suso. El era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posible deixar de cumprir-los seus desexos. El non mandaba, simplemente desexaba.*

*Baixei. Descolgueime pola vella cepa (...).*

*– Hai un rapaz no río -díxome o Suso.*

*Eu non lle demandeí se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa inquirindo, coma a testa dunha víbora. Respondeume:*

*– Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz...*

*Detívose e preguntoume pregando o entrecello:*

*– ¿Tes medo?*

*¿Ía eu permitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo. Pero o caso é que tódolos rapaces da Barbaña tolearían de pracer se o Suso os fose tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado.*

*– Non, non teño medo. ¿E logo?*

*Puxémonos a andar á beira do río. A néboa era lixeira (...) Ía frío (...). Pero sobre todo molestoume o grande rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa súa cara morena e fina que el tiña e os xeitos seguros (...). O Suso ía coa cabeza baixa camiñando con pasos inseguros (...). Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos, el non fixo máis ca isto: olloume fixamente, fixamente, como só el sabía ollar. E recuperei a calma no acto (...). Saquei dous pitos que lle roubara a meu pai. O Suso dixo que non coa cachola (...). Deime conta de que as pegadas do Suso non facían absolutamente ningún ruído (...). Mordín o labio inferior e seguí, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min (...).*

*– Manolito. Xa chegamos. Está na beira. Ti busca por alí. Eu vou por alá.*

*Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise (...). O vento rizaba a auga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha sucia man. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo. E atopei o rapaz afogado, na beira, a flor de auga”.*

“O Suso”, de *O crepúsculo e as formigas*,  
X.L. Méndez Ferrín.



REDACTA un final para este conto introducindo a descrición do neno morto que atopa o protagonista na beira do río.



### FRASEOLOXÍA:

As partes do corpo integran moitos fraseoloxismos. Escribe o significado das seguintes frases feitas:

- Cae-los ollos: .....
- Cae-lo pelo: .....
- Estar de fociños: .....
- Facer cara: .....
- Retorce-los ollos: .....
- Recacha-la dentamía: .....
- Ter bo dente: .....
- Ter máis ollos ca barriga: .....
- Ter de ollo: .....
- Bate-las queixadas: .....
- Darlle á sen óso: .....
- Subi-los fumes ós narices: .....
- Te-la cabeza chea de carabullo: .....
- Ser un cabeza de amieiro: .....
- Facer boca: .....

*Nas ondas do teu cabelo  
voume botar a afogar;  
eu quero que o mundo saiba  
que hai ondas sen ser no mar.*  
(Popular)

*Non se vai botar a perde-la ola  
por unhas areas de sal.*  
(Refrán)

*Vaste botar a perder  
se seques por ese camiño.  
Bótate fóra do rego,  
ou máis para ti non miro.*  
(Popular)

### A perífrase verbal botar(se) a + infinitivo

Pertence ó grupo das **imperfectivas** (aquelas que expresan unha acción que aínda non acabou), e dentro deste ás **incoativas**, aquelas que indican o comezo da acción expresada polo infinitivo.

*Botou a correr pola rúa coma un tolo.  
Non ben acabou o conto botamos a rir a cachón.  
Á mínima que che leven a contraria bótaste a xurar.*

### REPARA

A perífrase **botar (se) a perder** ten un significado distinto do que se esperaríase (comeza-la acción de perder). Así, o seu significado é `estragar, perde-las calidades orixinais algo ou alguén'. Exs: As malas compañías botárono a perder. O leite botouse a perder coa calor.



- Volve escribi-las seguintes oracións de maneira que empregue-la perífrase anterior:
- Como non encontraba a pera da luz, berrou pola nai.
  - Cando soubo que perdera a quenda chorou como unha madalena.
  - De socato púxose todo vermello e riu coma un toleirán.
  - Dicían que era autista, pero un día falou.
  - Anda e corre detrás dela a ver se a dás pillado.
  - Aínda non tiña un ano, e a neniña andou.
  - Veu unha onda que os levou mar adentro pero nadaron e nada pasou.
  - Fixeron rolar pola aldea unha lenda ben falsa.
  - Anda e tira que non te quero ver diante miña.

OS TEMPOS DE PERFECTO DE *IR*, *SER* E *ESTAR*

| IR                      | SER<br>copretérito | ESTAR       |
|-------------------------|--------------------|-------------|
| ía                      | era                | estaba      |
| ías                     | era                | estabas     |
| ía                      | era                | estaba      |
| íamos                   | eramos             | estabamos   |
| iades                   | erades             | estabades   |
| ían                     | eran               | estaban     |
| pretérito               |                    |             |
| fun                     | fun                | estiven     |
| fuches                  | fuches             | estiveches  |
| foi                     | foi                | estivo      |
| fomos                   | fomos              | estivemos   |
| fostes                  | fostes             | estivestes  |
| foron                   | foron              | estiveron   |
| anteprérito             |                    |             |
| fora                    | fora               | estivera    |
| foras                   | foras              | estiveras   |
| fora                    | fora               | estivera    |
| foramos                 | foramos            | estiveramos |
| forades                 | forades            | estiverades |
| foran                   | foran              | estiveran   |
| pretérito de subxuntivo |                    |             |
| fose                    | fose               | estivese    |
| foses                   | fose               | estiveses   |
| fose                    | fose               | estivese    |
| fósemos                 | fósemos            | estivésemos |
| fósedes                 | fósedes            | estivésedes |
| fosen                   | fosen              | estivesen   |

REPARA

As formas **eramos, erades, iamos, iades, foramos, e forades** teñen acentuación grave en galego tal como era en latín, e non esdrúxula coma en castelán. No entanto as formas do pretérito de subxuntivo teñen acentuación esdrúxula.



Reescribe as seguintes oracións na persoa que se indica entre parénteses. Fai tódolos cambios que cumpran:

- Estiven (eles) á espreita durante toda a conversa que mantiveron en secreto.
- Desde foron (ti) ó pazo ve-la pantasma sempre estiveron (ti) coa alma nun fío.
- Naquela época ía (nós) acotío de varanda.
- Dixo que ía (elas) a un viaxiño pero eran as tres e aínda non estaba (ela) na casa.
- Se fosen (vós) de enchente tódolos días ían (nós) acabar criando malvas.
- Dixéronche que foses (vós) coma o gato polas brasas porque non estaba o forno para bolos.
- Sempre fun (vós) óso duro de roer, pero por deixarte engaiolar daquela estiveches (vós) dende entón a velas vir.



Introduce neste texto as formas correspondentes dos verbos que se indican entre parénteses:

### A LENDA DA LAGOA DE DONIÑOS

– ¿ \_\_\_\_\_ (ser) certo que na lagoa de Doniños, cando \_\_\_\_\_ (estar) os primeiros habitantes da terra de Ferrol, houbo un poboado?

– \_\_\_\_\_ (ser) hai moitos anos, cando as casas \_\_\_\_\_ (ser) de madeira e sobresaían no medio das augas sobre piares, para que así \_\_\_\_\_ (estar) mellor defendidos dos animais salvaxes. Non temos probas de que \_\_\_\_\_ (ser) certo que alí había un poboado, pero as lendas din que \_\_\_\_\_ (ser) alí onde \_\_\_\_\_ (estar) unha cidade chamada Valverde que quedou afundida na lagoa. Había un pobre que \_\_\_\_\_ (ir) pedir polas casas de Valverde, pero a xente non lle daba nada. Un día \_\_\_\_\_ (ir) á casa dunha muller que como \_\_\_\_\_ (estar) cocendo no pan, deulle un cacho do cocido. O pobre \_\_\_\_\_ (estar) doído coa xente mala daquel lugar e díxolle que a cidade \_\_\_\_\_ (ir) ocorrerlle algo malo. Díxolle que se \_\_\_\_\_ (ir) de alí sen mirar atrás. Ela preguntoulle que \_\_\_\_\_ (ir) pasar cos seus fillos e el dixo que se Deus \_\_\_\_\_ (ir) ter conta deles faría o que \_\_\_\_\_ (ser) para que \_\_\_\_\_ (estar) a salvo. A muller \_\_\_\_\_ (ir) polo camiño arriba e a cidade afundiú formándose unha lagoa. Só os dous nenos se salvaron, e de aí vén o nome de Doniños.

*Así se fixo Ferrol, E. Piñeiro e A. Gómez*  
(Texto adaptado)



Reescribe as seguintes oracións facendo que comecen polos elementos que se dan entre parénteses:

- Estou cansa de oírche tanta leria (daquela).
- Vou pendura-la roupa fóra para ver se dá enxugado (antes).
- Vou tódolos días traballar á tinturería (naquela época).
- ¿Ides percorrer a pé toda a Costa da Morte? (xa).
- Sodes coma cativos; en canto podedes, ides fozar na lama (de novos).
- Eu son de palabra e non me vou botar atrás sobre o dito (se).
- Nunca estivera alí outra vez desde foi para a casa da aldea (vós).

### As locucións adverbiais de modo

Algunhas locucións de uso frecuente son:

- **Devagar** (e **devagariño**), **con vagar** e **amodo** (**a modiño**) significan `con tempo`, `con calma`, o contrario que **ás carreiras**, **a correr**, **a escape** ou **ás présas**. Ex: *Non teñas présa, faino con vagar. Vai amodiño que non temos falta de ir a correr.*
- **De socote**, **de súpeto** e **de socato** significan iniciar unha acción con brusquidade, igual ca **de repente** ou **de golpe**. Ex: *De sotaque púxose serio e non volveu falar.*
- **Ó chou** significa o mesmo que **ó azar**, **á sorte**. Ex: *Marcou os números da lotería ó chou.*
- **Ás toas** significa o mesmo que **ó tuntún**, **ás cegas**, é dicir, `sen pensar`, o contrario de **ó xeito** ou **con xeito**, `da forma axeitada`. Ex: *Como o fagas ás toas, sairache todo ó revés.*
- **Á mantenta** significa `con intención, a propósito`. Ex: *Sei que o fixeches á mantenta.*
- **En balde** e **de balde** significan respectivamente `inutilmente, sen proveito` e `gratis`. Ex: *Fixen a viaxe en balde pero o certo é que me saíu de balde.*

Un grupo grande de locucións van introducidas pola preposición **a**: **á forza**, **a rastro**, **ás apalpadas**, **ás furtadelas**, **a furto**, **ás mancheas**, **ás escuras**, **ós tombos**, **a rolos**...



Cambia por unha locución adverbial o subliñado neste texto:

Eu érgome polas mañás moi lentamente, porque non podo facelo de repente, sen pensar, rapidamente, porque a min gústame facelo todo pouco a pouco. E vístome con calma, non de calquera maneira, senón ó xeito. Pero iso si: unha vez que chego á oficina, xa traballo sen parar. Aínda que os funcionarios teñen mala fama, nada do que facemos é inútil nin gratuíto.



Escribe o significado destas frases que indican modo:

- |              |               |                 |                |
|--------------|---------------|-----------------|----------------|
| A bo seguro: | A todo tren:  | A peito aberto: | A paso de boi: |
| Á espreira:  | A baluto:     | A máis non dar: | Ás gateñas:    |
| A fite:      | Á vaiche boa: | A correr:       | A vulto:       |



Completa coas locucións adverbiais axeitadas:

- |                                                                                 |                                                           |
|---------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| - A froiteira quere que non escolla a froita, que a colla _____ .               | - O rapaz fixera a quiniela _____ .                       |
| - Traballaches _____ porque tes os ollos colorados.                             | - Todo o fai _____ e cre que ninguén se decata.           |
| - Sáche mal porque o fas _____ .                                                | - Non veñas agora con escusas. Sei que o fixeches _____ . |
| - Fai o problema _____ e con tino; se o fas _____ non che van cadra-las contas. | - Anda todo o día _____ e chega á casa todo enzoufado.    |

### CONTRACCIÓNS DOS PRONOMES EL(ES)/ELA(S) COAS PREPOSICIÓNS DE/EN

|    | EL         | ELES         | ELA         | ELAS         |
|----|------------|--------------|-------------|--------------|
| DE | <b>del</b> | <b>deles</b> | <b>dela</b> | <b>delas</b> |
| EN | <b>nel</b> | <b>neles</b> | <b>nela</b> | <b>nelas</b> |

## REPARA

Se a preposición non rexe directamente o pronome as contraccións non se fan.

De eles viren axiña, xa imos canda eles. Sería o mesmo ca dicir De viren eles axiña, xa imos canda eles.



Substitúe o subliñado pola contracción de preposición e pronome correspondente:

- Andan sachando nas patacas.
- Tirou da cortina e rachouna toda.
- Se te ris de Nuria haste de arrepentir.
- Non te sentes no valado que podes caer embaixo.
- A Xosé gustáballe conserva-lo léxico tradicional da avoa.
- Non me veñas coas andrómenas de teu irmán que non vos teño conta ningunha.
- Cando saibas algo da matrícula e as bolsas para o curso avísame.
- De Filipe fálase moito, pero ninguén coñece as súas verdades coma min.
- ¿Dixéronvos xa algo das subvencións para a repoboación da fraga tradicional galega?
- As máis das rosas deste inverno botáronse a perder.
- Anda a rillar no turrón desde novembro.

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

O **l**, a décima letra do noso alfabeto, pode aparecer en calquera posición silábica dentro dunha palabra: *leria, atlas, elmo, globo, flor...* Mantense dentro dos grupos cultos **bl**, **cl**, **gl**, **pl**, e **fl**:

**bl**: *blusa, cable, emblema, blasfema, blindar, bloque...*

**cl**: *claro, aclarar, exclamar, reclamar, , clave, recluso...*

**gl**: *glicosa, aglomeración, diglosia, glóbulo, glote, globo...*

**pl**: *placa, planicie, planta, platino, esplendor, platea...*

**fl**: *flegma, flamante, flor, reflexo, reflectir, flan...*

O **r**, décimo sétima letra do alfabeto galego, forma grupo consonántico como segundo elemento con **b**, **c**, **f**, e **g** en semicultismos:

**br**: *brando, branco, dobre, obrigar* (e os seus derivados), *brandir, brasón...*

**cr**: *cravo, recruta, escravo* (e os seus derivados)...

**pr**: *prazo, pracer, cumprir, preito, sopro* (e derivados)...

**fr**: *frouxo, fraco* (e derivados), *chafrán, frauta, frecha...*

**gr**: *regra, singradura, xograr, segar...*



Pon *r* ou *l* para completar os grupos consonánticos *bl/br*, *cl/cr*, *fl/fr*, *gl/gr* e *pl/pr*:

p\_\_oer

c\_\_ocar

sop\_\_ar

p\_\_ateresco

emp\_\_zar

desdob\_\_ar

sab\_\_e

p\_\_eitear

dob\_\_ar

f\_\_aqueza

f\_\_irtear

rec\_\_utamento

c\_\_arividente

f\_\_ouidade

esnaf\_\_ar

ap\_\_icar

g\_\_avar

ab\_\_ochar

ig\_\_exa

inc\_\_uír

c\_\_anial

sop\_\_ete

lomb\_\_iga

p\_\_antar

sub\_\_iñar

xog\_\_ar

amob\_\_ar

c\_\_amar

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### AS INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

“As interferencias son, en sentido amplo, un cambio lingüístico (por innovación, perda ou substitución) que ten lugar nunha lingua A e que está motivado directamente polo contacto dunha lingua B”

L. Payrató, *La interferencia lingüística*.

A seguir hai exemplos de castelanismos frecuentes no galego e galeguismos do castelán de Galicia. Escribe a forma correspondente no outro idioma.

|                |                |                |
|----------------|----------------|----------------|
| grifo          | imos a comer   | sácate de ahí  |
| tenedor        | o árbore       | ¿lo qué?       |
| lechuga        | chameille hoxe | ven luego      |
| muela          | había estado   | de aquella     |
| parexa         | lávome a cara  | va viejo       |
| xaula          | reseso         | tú y más yo    |
| quenes         | esmagar        | va en casa     |
| conduxo        | colo           | te estoy mal   |
| bebeuse        | fuchicar       | era a la tarde |
| me dixo que... | parvo          | va tomar café  |

### REFLEXIONAMOS

- ¿Cres que hai algunha relación entre o grao de instalación na lingua e as interferencias que se producen no seu uso?
- ¿Cres que hai máis interferencias no léxico, na morfoloxía ou na sintaxe?
- ¿Cal deses aspectos da lingua cres que é máis importante preservar das interferencias?

## HISTORIA DA LINGUA

### Separación do galego e do portugués

A fronteira política creada entre Portugal e Galicia no século XII deu lugar a unha progresiva incomunicación dos dous reinos. Isto favoreceu evolucións lingüísticas diverxentes entre as falas do norte e do sur do Miño.

Portugal, con institucións políticas propias e cunha capital política e cultural, difundiu unha norma idiomática única dentro do territorio do seu estado. O galego, pola súa parte, continuou a súa evolución, mantendo unhas veces solucións arcaizantes, outras veces solucións innovadoras, e outras desnaturalizándose pola interferencia do castelán.

### Os Séculos Escuros

Aínda que do séc. XVI ó XVIII o galego segue a se-la lingua oral habitual de case toda a poboación, non hai documentos escritos que nos informen da situación e evolución do idioma; por iso se coñece este período como “os Séculos Escuros”. De tódolos xeitos, é doado imaxinar que a posición subalterna do galego fose xerando nos galegofalantes un complexo de culpabilidade que acabou nunha alienación lingüística da que aínda se sofren hoxe as consecuencias. Velaí como o advirte xa Sarmiento: “Acaso será atractivo (un estudo para o galego) para que os galegos depoñan o odio que teñen en contra da súa lingua”

### Século XVIII: Sarmiento

No séc. XVIII o espírito ilustrado e patriótico dalgúns galegos dá os primeiros pasos na recuperación da conciencia idiomática.

Figura senlleira desta época é frei Martín Sarmiento (1695-1779).

Unha das preocupacións de Sarmiento foi o coñecemento científico do idioma galego, que recolleu en varios traballos de campo e estudou en numerosos escritos. O interese filolóxico de Sarmiento polo galego herdouno o frade da mesma orde frei J. Sobreira (1746-1805).

## COMPLEMENTOS

### Lei de normalización lingüística

Un dos factores fundamentais da recuperación da nosa personalidade colectiva é a recuperación da lingua por se-lo núcleo fundamental da nosa identidade.

A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos e tamén é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade e cohesión.

A lingua é o patrimonio vivo herdado dos devanceiros, é o vínculo esencial entre os galegos de hoxe e será o legado da identidade común para os futuros galegos.

A Lei de normalización lingüística, de acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no artigo 5 do Estatuto de autonomía, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.

### Dos dereitos lingüísticos en Galicia

- O galego é a lingua propia de Galicia.
- Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón de lingua.

### Do uso oficial do galego

- O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.

### Do uso do galego no ensino

- O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.
- Os nenos teñen dereito a recibir-lo primeiro ensino na súa lingua materna.

### O uso do galego nos medios de comunicación

- O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos á xestión ou competencia das institucións da comunidade autónoma.

### Do galego exterior

- O Goberno galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución española e o Estatuto de autonomía para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega.

*Os meus amores*

*Dous amores a vida  
gardarme fan:  
a Patria e o que adoro  
no meu fogar.*

*A familia e a Terra  
onde eu nacín;  
sen estes dous amores  
non sei vivir.*

*Cando xa no meu peito  
non sinta amor;  
cando na miña Patria  
non vexa o sol,  
ven morte, ven axiña  
cabo de min,  
que sen amor nin patria  
non sei vivir.*

Letra: S. Golpe  
Música: J. Balitornia

*Os teus ollos*

*Cando se pon a lúa  
ras dos penedos,  
choran as estreliñas  
todas do ceo.  
Tamén eu choro  
cando non me alumean  
eses teus ollos.*

*Buscan os pitorreiros  
para faquer niño  
a herba santa que nace  
á beira do río.  
Eu busco soio  
unha mirada meiga  
deses teus ollos.*

*Ten a serea o canto  
e a serpe o alento,  
o lago ten a onda  
Deus ten o inferno.  
Ti tes dabondo  
co que tes escondido  
neses teus ollos.*

Letra: Curros Enríquez  
Música: J. C. Chané

## LECTURA A INCERTEZA E A DÚBIDA

[...] Isto dicía o folio con letra apertadísima que eu lin así e todo avidamente. Fago constar que, salvo certas solucións sobre todo morfolóxicas e léxicas, non respecta literalmente a súa conformación ortográfica, que me estrañou daquela de modo poderoso, pois abundaban nel signos moi sorprendentes e voces moi singulares que eu non constatará endexamais en textos[...] Algo, lector, complicaba e iluminaba, todo a un tempo, o meu labor de pescuda no mosteiro. Alguén tiña interese en orientarme e desviarme os pasos. ¿Don Antonio, o arquivista? ¿Algún intermediario en complot con don Silvio? ¿E por que non o propio don Remigio? ¿Non podía ser, tamén, o espírito vagabundo de monseñor Joam Malho? O que está claro é que un documento así, cando menos de importancia relativa, non foi deixado alí ó meu alcance por mor do esquecemento, e si con intencións propelidas. ¿E que intencións, pregunto? Incluso hoxe mo sigo preguntando, e pasados algúns anos non obteño máis que aproximacións e hipóteses só de certa fundanza. Pero estou firmemente persuadido de que o arquivista sabe máis do que declara.

Mostreime satisfeito, así e todo, rematada a lectura. Oín as doce badaladas desde a catedral mentres traspasaba o portón do mosteiro cara á praza.

Xa na cama, mentres collía o sono, organizei na cabeza certas notas para a posible novela de Guldrís, que moito me intrigaba.

*A palabra secreta*, ed. Galaxia.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? O autor da obra á que pertence o fragmento da lectura naceu en Cospeito, Lugo, o día 20 de xaneiro de 1949.

? É licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago e, na actualidade, exerce como profesor de bacharelato.

? Títulos coma *A terra prometida* (1974), *Morrer en Vilaquinte* (1980)—que foi premio de novela da Universidade de Santiago— ou *Saraverde* son da súa autoría.

? Con *A palabra secreta* o noso autor comezou un camiño novo na súa narrativa; o camiño da diversión, do humor e mesmo do despropósito, pero coa lingua galega sempre como fondo.

? Este libro é unha homenaxe intelixente e emocionada ó noso idioma.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

 No texto anterior fórmulanse varias preguntas que non obteñen resposta. Cita os efectos que consegue o autor con este recurso.

As oracións dubitativas marcan unha cuestión concreta e puntual sobre a que non se ten unha certeza ou seguridade absolutas. A dúbida tanto se pode expresar cunha oración negativa coma cunha afirmativa, establecéndose unha gradación de matices que van desde a negación absoluta á afirmación categórica.

 Escribe a razón pola que as seguintes palabras levan acento gráfico:

alguén: \_\_\_\_\_ está: \_\_\_\_\_

espírito: \_\_\_\_\_ intencións: \_\_\_\_\_

### ORALIDADE:

1. Discutide acerca dos ovnis ¿Estades certos da súa existencia ou, pola contra, dúbidas de que existan?

TRABALLAMOS CO LÉXICO

Fai unha oración con cada unha das seguintes palabras tomadas da lectura:

- pescuda: .....
- interese: .....
- vagabundo: .....
- badalada: .....
- mosteiro: .....
- por mor de: .....
- esquecemento: .....

As palabras *esquecer* e os seus derivados (*esquecemento, esquecido...*) non levan *n*. Polo tanto, formas como *\*esquencer, \*esquencido*, etc. son incorrectas.

Explica o significado dos seguintes refráns:

- Nunca déixe-lo certo polo que che ofrezca dúbida.
- O que non dubida non cansa o maxín.
- Sempre é ben dubidar para mellor acertar.
- Mándame o meu amo, mándame a miña ama e non sei ben cal mandado faga.
- Sabe un ó que chegou e non sabe ó que chegará.
- Se vas tralo dubidoso, pódeste ver sen o certo.

REPARA

Algunhas palabras derivan do mesmo étimo pero teñen formas e significados distintos. Por exemplo:

**Luar:** s. 1. Resplandor da Lúa, lueiro. 2. Pintura onde a Lúa ilumina unha paisaxe. Chegada a noite, toda a xente da aldea era a contempla-lo luar.

**Lunar:** adx. Propio da Lúa ou relativo a ela. A nave espacial pousouse na superficie lunar ás doce do mediodía hora española.

Da familia destas palabras temos outras como: **lunario, lunático, lunación, luarada, alunarado, aluar, aluaxe, aluado.**

Non debemos confundi-las palabras anteriores con:  
**Lunar** s. 1. Mancha redonda e escura producida pola acumulación de pigmentos nun grupo de células da pel (*Ten un lunar na fazula esquerda*). 2. Figura en forma de círculo, de cor distinta da da superficie na que está, e que serve de adorno nunha tea ou en calquera outra cousa (*Levaba posta unha gravata de lunares*).

**Xeneral:** s. Rango do Exército de terra e do Exército do aire. O xeneral visitou as tropas destinadas en Mostar.

**Xeral:** adx. 1. Que concirne ó conxunto, prescindindo dos casos especiais. Común. 2. Que é frecuente. En xeral, os resultados da vacinación foron positivos.

Enche os ocos coas palabras explicadas no repara:

- O \_\_\_\_\_ xefe da Rexión Militar Noroeste reside na Coruña.
- A Dirección \_\_\_\_\_ de Política Lingüística quere potencia-lo emprego do galego.
- Tiña a cara cuberta de pencas e as pernas cheas de \_\_\_\_\_.
- Dende a *Garita da Herbeira* quizais poidamos olla-lo \_\_\_\_\_ máis bonito de Europa.
- Unha noite na eira do trigo ó reflexo do branco \_\_\_\_\_.

O artigo determinado

O artigo é unha palabra variable que serve para presenta-lo substantivo. O dono do pazo.  
En galego presenta dúas variantes:

| SINGULAR | MASCULINO | FEMININO |
|----------|-----------|----------|
|          | o/lo      | a/la     |
| PLURAL   | os/los    | as/las   |

As formas **-lo, -la, -los, -las** (que son as denominadas segundas formas do artigo) empréganse nos seguintes casos:

- a) Tralas formas verbais rematadas en **-r** ou **-s**:  
*Temos que vivi-la vida.* [vivir + a]  
*Non cónte-lo conto de novo.* [contar + o]

b) Tralos pronomes enclíticos **-nos, -vos** e **-lles**:  
*Colléronno-lo noso coche e fuxiron.* [colléronnos + o]  
*¿Déronvo-las notas?* [déronvos + as]  
*Xogóulle-los papeis á cabeza.* [xogoulles + os]

c) Cos pronomes tónicos **nós** e **vós**:  
*Nó-los cinco participaremos na carreira.* [nós + os]  
*Prométovolo a vó-las catro.* [vós + as]
- d) Co adverbio interrogativo **u**:  
*¿U-la casa do Xoaquín?*

e) Despois de **ambos/as, entrambos/as, todos/as, por, tras, (e) mais**:  
*Ámbalas xogadoras axudaron moito o equipo.* [ambas + as]  
*O disfrace para o entroido fixérono entrámbalas dúas.* [entrambas + as]  
*Tódolos camiños conducen a Roma.* [todos + os]  
*Viñan polo camiño; vinos tralo valado.* [por + o; tras + o]  
*Eu e maila Luísa fomos boas amigas.* [e mais + a]

REPARA

- Cos participios non se pode usa-la segunda forma do artigo: Deixade rematados os exercicios.
- Cando empregámo-la segunda forma do artigo, o **r** e o **s** da palabra precedente pérdense e no seu lugar colocamos un **l**:  
Enxaugar + os dentes = enxauga-los dentes; fas + os traballos= fa-los traballos.
- Na escrita o artigo sepárase da palabra precedente con guión para diferencialo do pronome que non leva guión: ¿Teño que escribi-la carta? Si, tes que escribila.
- **Ambos/as, entrambos/as, todos/as, por, tras, e mais nunca levan guión.**
- A segunda forma do artigo, na escrita, podémola empregar ou non segundo as preferencias de cadaquén. Aínda que non a empreguemos na escrita, debe realizarse na fala.
- O indefinido **ambos** sempre ten que ir acompañado do artigo: Ámbolos dous eran de Monforte.

*Contáronno-lo conto o outro día. Uns amigos que ían de romaxe a Santo André de Teixido, no camiño, atopáronvo-la caveira dun que a Santo André non chegou; un deles deulle unha patada e levouna dese xeito ata preto do santuario. Cando lles faltaba moi pouco para acada-lo remate da súa viaxe, un dos peregrinos falou de deixa-la caveira alí, pero outro compañeiro contestoulle con aire de broma:*

– *Xa que queda pouco camiño, levarémo-la caveira ata aló e aínda a podemos convidar a xantar connosco.*

– *Chegaron a Santo André e alí a caveira por arte de maxia pasou a se-lo retrato dun cristián. Este díxolle ós mozos:*

– *Moitas gracias, meus amigos, pois coa vosa axuda e mailo apoio de Deus puiden chegar ata aquí e face-la romaxe que en vida non puiden completar.*

*Xa se sabe, a Santo André de Teixido vai de morto quen non foi de vivo.*

-  Sinala no texto os usos da segunda forma do artigo que alí aparecen e identifica os seus compoñentes.
-  Copia as seguintes frases e representa, cando sexa preceptivo, a segunda forma do artigo:
- Ambas as mozas querían ir tras o cantante do grupo de rock.
  - O vello contounos a lenda e mais o conto do labrego que quería ser rico.
  - Toda a tarde fixemos o que onte nos mandara o noso pai.
  - Rematadas as olimpíadas todos os atletas foron buscar as medallas.
  - Os domingos por a tarde gastamos os poucos folgos que nos quedaran da fin de semana.
-  Introduce as formas indicadas entre parénteses onde conveña e representa a segunda forma do artigo:
- Luís e a súa compañeira foron o sábado ó cine. (e mais)
  - O colector do lixo está detrás da palleira. (tras)
  - Os castros eran de pedra. (todos)
  - ¿Onde están as mozas neste baile? (u)
  - Lousaron a casa nova entre os dous. (entrambos)
-  Escribe de novo as seguintes frases sen representar graficamente a segunda forma do artigo:
- Tódolos días vémo-los turistas que veñen visita-la catedral.
  - Ámbolos dous amigos loitaron por conseguírno-las entradas.
  - Pola estrada do norte contemplaréde-las mellores vistas.
  - Xoán e mailo avó de Pedro regaláronvo-las participacións de Nadal.
  - Tralo outeiro vera-la extensísima plantación de millo.
-  Explica por qué non se pode usa-la segunda forma do artigo nestas frases:
- Empeñouse en subir ó outeiro e botou toda a tarde alí.
  - Rematados os prazos de execución todo foi ben mentres os avogados axudaron.
  - Cando cheguen os últimos xa será o tempo da malla.
  - Logo de ter feitos os exercicios, poderedes descansar.
  - Imos ir á discoteca o sábado á noite se é que non hai inconveniente.
-  Substitúe o artigo indeterminado polo determinado poñendo a segunda forma onde cumpra e facendo as contraccións necesarias:
- Onte localizamos un pergamiño medieval na biblioteca da facultade.
  - Se me fas un mandado, dareiche cartos para caramelos.
  - Cando merquedes un piso novo, saberedes o que é vivir ben.
  - ¿Non atopastes un funil na parte baixa da adega?
  - Xosé e mais unha amiga queren ir de vacacións a Lisboa.

| OS TEMPOS DE PERFECTO DE <i>DICIR FACER E HABER</i> |           |            |
|-----------------------------------------------------|-----------|------------|
| DICIR                                               | FACER     | HABER      |
| copretérito                                         |           |            |
| dicía                                               | facía     | había      |
| dicías                                              | facías    | habías     |
| dicía                                               | facía     | había      |
| diciamos                                            | facíamos  | habíamos   |
| diciades                                            | faciades  | habiades   |
| dicían                                              | facían    | habían     |
| pretérito                                           |           |            |
| dixen                                               | fixen     | houben     |
| dixeches                                            | fixeches  | houbeches  |
| dixo                                                | fixo      | houbo      |
| dixemos                                             | fixemos   | houbemos   |
| dixestes                                            | fixestes  | houbestes  |
| dixeron                                             | fixeron   | houberon   |
| antepretérito                                       |           |            |
| dixera                                              | fixera    | houbera    |
| dixeras                                             | fixeras   | houberas   |
| dixera                                              | fixera    | houbera    |
| dixeramos                                           | fixeramos | houberamos |
| dixerades                                           | fixerades | houberades |
| dixeran                                             | fixeran   | houberan   |
| pretérito de subxuntivo                             |           |            |
| dixese                                              | fixese    | houbese    |
| dixeses                                             | fixeses   | houbeses   |
| dixese                                              | fixese    | houbese    |
| dixésemos                                           | fixésemos | houbésemos |
| dixésedes                                           | fixésedes | houbésedes |
| dixesen                                             | fixesen   | houbesen   |

A perífrase verbal  
haber (de) + infinitivo

Esta perífrase cando está formada co pretérito (houben, houbera, houbese), indica que unha acción que estivo a piques de realizarse, ó final non se realizou. Fíxate nas formas subliñadas do texto.

Tanto hei de ir, tanto hei de vir,  
meníña, ó teu lugar,  
tanto hei de ir, tanto hei de vir  
ata que te hei de levar  
e cando nas mans te teña  
mala vida che hei de dar.

(Popular)



Portada da revista *Galiza* editada en Mondoñedo entre os anos 1930 e 1933. Foi a primeira publicación periódica fundada e dirixida por Álvaro Cunqueiro que nun comezo tivo carácter lírico para logo rematar en achegas en prosa de sinalada vocación política nacionalista.



Localiza e identifica por escrito tódolos tempos verbais que aparecen no seguinte texto:

*Se ti dixeras onte o que había que facer, nós non faciamos todo ás toas. Con tanta présa houbemos de caer polo burato das escaleiras. O Xosé mesmo fixo unha balaustrada con catro paos para que ti non dixeses que non había nada feito. Se nós dixésemos que non dende o primeiro momento, fixeras o que fixeras xa non teríamos estes problemas. Se aínda o seguro se fixera cargo de tódolos danos que puidesen aparecer...*



Introduce a perífrase *haber* (en pretérito) + *(de)* + *infinitivo* nestas frases. Fai as modificacións que precisas:

- Case quedan presos por non respectaren os sinais.
- Ó pai faltoulle moi pouco para morrer dun infarto.
- Por pouco afogou nas revoltas augas do río.
- Estiveron a piques de gaña-lo título de campións de Europa.
- Case perdedes todo canto tedes e seguides nas mesmas.



Escribe as formas verbais de cada un dos verbos correspondentes ás situacións que che suxiren os comezos das frases.

|                   |                                                                          |                       |
|-------------------|--------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| Onte .....        | <div> <div> <div>digo</div> <div>fago</div> <div>hei</div> </div> </div> | Mañá .....            |
| Quizais .....     |                                                                          | Quero que (vós) ..... |
| Se puidese, ..... |                                                                          | Vós .....             |
| Eles .....        |                                                                          | Gústalle .....        |



Transforma as seguintes frases seguindo o modelo:

- Se comes todo, bótoche máis → Se comeses todo, botábache máis.
- Se dis a verdade fago o que mandas →
- Se hai moito traballo, dígollo a teu irmán →
- Se traballamos, colaboramos →
- Se vivimos en Francia, debemos saber francés →

### Os adverbios de dúbida

Indican unha actitude insegura do falante sobre o que enuncia. As súas formas son:

- **quizais, quizabes:** *Se non chove, quizais vaia ata o estadio.*
- **seica:** *Seica lles roubaron moitas xoías no atraco.*
- **acaso:** *Se acaso foses a Madrid, non te esquezas dos regalos.*
- **disque:** *Disque tiveron moitas perdas por mor da invernía.*

A dúbida tamén se pode expresar por medio das seguintes locucións:

**ó mellor, tal vez, se cadra, se callar, pode ser, ¿non é?, ¿non si?, ¿ho?, por ventura, poida que...**

- Se vai bo día, poida que vaíamos ó monte apañar cogomelos.*
- Onte escacháronme a ventá da cocíña. Se callar aínda atopo quen foi.*



Explica o matiz que proporciona o adverbio *disque* no seguinte texto. Substitúeo por outros equivalentes.

*Disque o noso triunfo significará o triunfo da Democracia. Mais eu pregunto: ¿da democracia anterior ó 18 de xullo ou dunha nova democracia? [...]*

Castelao, *Sempre en Galiza*, 1944.



Introduce nos espazos en branco algunhas locucións adverbiais de dúbida:

- Van ir de pesca ó río e, \_\_\_\_\_, deixaránno-la proba. ¿ \_\_\_\_\_ ?
- Ó \_\_\_\_\_ non imos á romaría. \_\_\_\_\_ sería mellor quedar na casa.
- Fuches ti o que rompeu a póla da pereira. ¿ \_\_\_\_\_ ?
- \_\_\_\_\_ que o río leva menos auga por mor do encoro novo.
- \_\_\_\_\_ che foi de excursión cos rapaces. É moi afeccionado ás viaxes.



Substitúe o subliñado por un adverbio ou por unha locución das que se che dan: *se cadra*, *disque*, *seica*, *ó mellor* e *acaso*.

- Ó mellor tivo que desviarse do camiño.
- Dicían que se non hai voos terás que ir en tren.
- ¿Que vos pasa co rapaz? ¿É que non sabe xogar?
- Dubido se fago caldo para o xantar.
- Parece que toleaches de vez.

### Os pronome átonos de segunda persoa **te** e **che**

- O **complemento directo** determina e completa o significado expresado polo verbo:  
*Cocemos unhas centolas.* / *Os secuestradores liberaron os reféns.*
- O **complemento indirecto** é aquel elemento no que recae indirectamente o resultado da acción expresada polo verbo:  
*Ós rapaces leveilles unhas lambetadas.*  
Entre outras cousas o complemento indirecto expresa o destinatario da acción verbal:  
*Dálle recordos a Uxía.*
- Canto ós pronomes átonos, na segunda persoa o galego ten unha forma para o complemento directo e outra distinta para o complemento indirecto:  
Complemento directo → **te** / Complemento indirecto → **che**  
Exemplos: *Levábache unha carta pero non te vin.* / *Vinte na praia.* / *Díxene che que non.*
- **Te** é tamén a forma do pronome reflexivo: *Quéixaste por nada.*
- Para saber se empregamos ben cada unha das formas podemos facer un cambio. O cambio consiste en pasa-las frases a terceira persoa e substituír **che** por **lle** e **te** por **o/a**. Se o cambio é posible a frase será correcta:  
*Díxene che que non* → *díxene lle que non* (correcto)  
*Vinte na praia* → *vin o na praia* (correcto)

z;



Enche os ocos cos pronomes átonos *te* ou *che* segundo conveña:

- Cando ..... vexa, xa falaremos diso; custou ..... moi caro.
- Agardei ..... toda a tarde para dar ..... os regalos.
- Vai ..... lavar; se non ..... chega o río, tíra ..... ó mar.
- Díxen ..... que collése-los cartos e que ..... foses.
- Dou ..... de comer se ..... quedas todo o día.




Enche os ocos axeitadamente cos pronomes átonos *te* ou *che* para darlles sentido ás seguintes cantigas:

*Esquecíchesme, esquecinte.  
Nada ..... quedei debendo,  
déchesme a carta de pago,  
dou ..... o recibo correndo.  
(Popular)*

*Eu ben ..... dixer, meniña,  
eu ben ..... desenganei;  
dixer ..... que era casado,  
agora, ¿que ..... farei?  
(Popular)*

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### 1. ¿QUE LINGUA SE FALARÁ NO FUTURO EN GALICIA?



### REFLEXIONAMOS



Os datos do cadro anterior están tirados dunha enquisa feita a universitarios galegos. Logo de telo observado, responde as seguintes preguntas:



¿Que opinión che merecen os datos sinalados no gráfico?



¿Cres que o cadro anterior reflicte o pensamento real da mocidade galega?



Esquematiza as túas opinións persoais e despois debatede en grupo confrontando as vosas opinións.

2. O CADRO SINÓPTICO

É unha técnica de estudo que permite a aprendizaxe clara e rápida dun tema obxecto de estudo. Permite visualizar dunha maneira gráfica as partes principais dun todo.

- Aspectos que hai que ter en conta:

  - Separa-las ideas principais.
  - Establecer unha clara relación entre elas.
  - Separa-los elementos do cadro.
  - Escribir con distintos tipos e tamaños de letras.
- Para poder mellorar:

  - A comprensión.
  - A memorización.
  - O repaso rápido.
  - A asimilación do estudado de xeito máis persoal.

Exemplificamos coa teoría da páxina 7:

|                                   |     |                       |                                                 |
|-----------------------------------|-----|-----------------------|-------------------------------------------------|
| PRONOMES ÁTONOS DE SEGUNDA PERSOA | TE  | Complemento directo   | <i>Onte non <u>te</u> agardaba na festa.</i>    |
|                                   |     | Pronome reflexivo     | <i>Enfá<u>da</u>ste por calquera cousa.</i>     |
|                                   | CHE | Complemento indirecto | <i>Direic<u>he</u> as cousas como as sinto.</i> |

Elabora un cadro sinóptico sobre a situación da lingua na Idade Media.

HISTORIA DA LINGUA

**Sarmiento (2)**

Outra das preocupacións de Sarmiento foi a situación de marxinação social do galego. En numerosos lugares denuncia que o galego non sexa a lingua da alfabetización, da Administración e da igrexa, tal como se pode observar no seguinte texto: "O catedrático non ha deixar pasar un día sen adquirir unha nova voz galega, ou de viva voz ou por escrito, para aumenta-lo onomástico galego. En segundo lugar, cada discípulo debe se-lo encargado de concorrer cada día con media ducia de voces galegas das que sente, xa de cousas naturais, xa de cousas artificiais. Antes era delito que un estudante galego soltase unha voz galega... Iso no meu sistema ha de ser moi laudable".

**O século XIX**

A principios do século XIX o galego era aínda a lingua oral de case todo o pobo. A partir da metade deste século o castelán substitúe o galego en sectores importantes da sociedade urbana:

"Os que coma min estamos no remate da vida recordamos ben que na nosa mocidade o dominio da fala galega era total" (Murguía, 1833-1907).

"As clases educadas nin o falan nin o escriben" (Pardo Bazán, 1888).

"Desde os tempos de miña avoa en que se expresaba en galego toda a distinguida sociedade ferrolá, ata hoxe en que non o fala nin mesmo o pobo baixo" (J.Arévalo, 1888).

**O galego volve ser lingua escrita**

No ano 1808, por mor da invasión napoleónica, Galicia queda illada do resto do Estado. Constitúese unha Xunta Soberana que administra Galicia e organiza a súa defensa de modo autónomo. Na defensa do país participou o pobo dunha maneira moi activa.

Como instrumento de axitación política antifrancesa circularon escritos en galego animando o pobo á subversión. As fazañas dos galegos nesta guerra relátanse despois nas *Proezas de Galicia*.

## COMPLEMENTOS

### Os dereitos lingüísticos do cidadán en Galicia

Segundo dispón o Estatuto de autonomía de Galicia **a lingua propia de Galicia é o galego.**

#### Protección xurídica do dereito ó uso da lingua galega

A sentenza 82/1986 do Tribunal Constitucional afirma con toda rotundidade que “nos territorios dotados dun estatuto de cooficialidade lingüística, **o uso polos particulares de calquera das linguas oficiais ten plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público** radicado no dito territorio”.

O dereito das persoas ó uso dunha lingua oficial é un dereito fundamentado na Constitución e no Estatuto de autonomía.

A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común reitera que os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas teñen o dereito a utiliza-las linguas oficiais no territorio da súa Comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e mais no resto do ordenamento xurídico. (Lei 30/1992 e Lei 4/1999).

Esta mesma lei dispón no artigo 36 que a Administración pública instrutora deberá traducir para o castelán os documentos, expedientes ou partes deles que deban producir efecto fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos ós interesados que o solicitaren expresamente.

#### Protección penal do dereito ó uso dunha lingua do estado

A Lei de normalización lingüística dispón que os cidadáns poderán dirixirse ós xuíces e tribunais para obte-la protección xudicial do dereito a emprega-la súa lingua (artigo 3 da Lei 3/83).

Este dereito constitucional ten a máxima protección xurídica nos artigos 542 e 314 do Código penal no que se pena ós que impidan o exercicio deste dereito cívico e no que se castiga a quen discrimine polo uso dunha lingua.

A autoridade ou funcionario que impida o exercicio do dereito lingüístico, tanto oralmente como por escrito, comete este delito que no artigo 314 se castiga coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa.

#### *A rianxeira*

*A Virxe de Guadalupe  
cando veu para Rianxo,  
a barquiña que a trouxo  
era de pau de laranxo.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen,  
ondiñas veñen e van,  
non te embarques rianxeira,  
que te vas a marear.*

*A Virxe de Guadalupe  
cando vai pola ribeira,  
descalciña pola area  
parece unha rianxeira.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen,  
ondiñas veñen e van,  
non te embarques rianxeira,  
que te vas a marear.\**

\* Esta canción foi composta, seguindo os parámetros do cancionero tradicional, por Anxo Romero e Xesús Frieiro, os dous rianxeiros que emigraron a Arxentina. A rianxeira estreouse en Bos Aires o día da festividade da Virxe de Guadalupe do ano 1950 co título *Ondiñas da nosa ría* interpretada polo coro Castelao. Ese mesmo ano gravouse por primeira vez o disco *A Rianxeira* que acada tal difusión dentro e fóra de Galicia que pasa a ser considerada unha composición máis do cancionero popular. A letra orixinal sufriu moitas achegas que son recreacións das diferentes quartetas do cancionero tradicional. Só permaneceu a volta sen modificacións. Reproducimos aquí a composición orixinal:

*A Virxe de Guadalupe  
vai no iate de Baltar,  
lévana os rianxeiros  
a pasear polo mar.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen...*

*Moito me gustas rapaza  
por esta terra arxentina  
heiche cantar e bailar  
como alá na terra miña.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen...*

*Que guapa estabas rapaza  
cando te vin na ribeira;  
liñas a cara morena  
coma a Virxe rianxeira.*

## LECTURA AS PARTES DO CORPO

(...) a Gregorio chegaronlle noticias de que os falanxistas o tiñan na lista para “darlle o paseo” (...). Non sería o primeiro que aparecese morto nas gabias. O de ir por el “para pasealo” disque o comentara nunha taberna da vila Manuel (...). Manuel, coma o seu pai era home fosco e vingativo (...). Manuel nunca se levara ben con Gregorio, e esa inimizade xa arrancaba dos seus pais (...). Manuel tiña pendente un delicado contencioso con Gregorio, no que as mulleres andaban polo medio (...). A moza, naturalmente, era Sara (...), unha muller moi fermosa, e estaba na plenitude da vida. Era ben alta, corpo feitiño e rostro agraciado. Os ollos negros, coma o cabelo que recollía en moño na caluga, resaltaban máis a brancura da súa pel (...). As súas pernas (dicíase que eran as máis bonitas da parroquia e tódolos homes llas miraban na igrexa cando se axeonllaba) tamén resaltaban debido á negrura do vestido que cinguía a súa rendida figura (...). Era moita tentación ter alí diante unha muller tan feita (...). E aínda que era mestra, moi fermosa e delicada, non era nada presumida nin prosmeira(...). Un dos mozos que máis a acompañaban e bailaban con ela era Manuel (...). O rapaz, cómpre dicilo todo, non era mal parecido, tiña ben de pintoreiro (o que xa lle viña de caste) e arrufábase moito. Alá moi alto non era. Tiña o cabelo negro, rizo, e botaba brillantina (...). Os demais mozos (...) sabían que era máis fachendoso do debido e presumía de conquistador (...).

Agosto do 36, ed. Xerais

### ¿QUEN É O AUTOR?

? *A corrupción e morte de Brigitte Bardot e A saga do afiadador* son outras das obras deste escritor nacido en 1931 en Nogueira de Ramuín, Ourense.

? Foi precursor no ensaio de xéneros coma o western e a ficción científica con *A morte de Frank González* e *Reportaxe cósmico* respectivamente.

? A súa técnica narrativa mostra grandes influencias da súa profesión de xornalista e a súa paixón polo cinema.

? Con esta obra acadou o Premio Xerais 1991.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

📖 O fragmento da lectura pertence a unha novela que amosa grandes influencias cinematográficas. A súa lectura íntegra permite comparala cun guión de cine. ¿Que características ten entón que presentar?

📖 ¿Que significado cres que ten a expresión “darlle o paseo”?

### 📖 ORALIDADE:

1. ¿Coñeces algún filme de produción ou realización galega, ou que se rodase en Galicia, que trate o tema da Guerra Civil?
2. Castelao deseñou algúns carteis para a campaña en prol da autonomía de Galicia. Comenta o que segue. ¿Que contidos pretendían transmitir? ¿Como os relacionarías coa realidade da época?



TRABALLAMOS CO LÉXICO

- Constrúe unha oración coas seguintes palabras do texto: *pintureiro, prosmeira e fosco*.
- Escrebe o significado da expresión “corpo feitiño”. ¿De que outra maneira podería dicirse?
- Subliña no texto as palabras que indiquen partes do corpo e completa ese léxico co seguinte cadro:

O corpo humano

|                              |                 |                  |
|------------------------------|-----------------|------------------|
| ombros/ombreiros             | bico/mamila     | coxas            |
| sobrazo/axila                | cadρίς          | xeonllo          |
| brazo                        | riles           | sofraxe          |
| cóbado/cotobelo              | costas/lombo    | papo             |
| pulso                        | van/cintura     | canelas          |
| man                          | ventre          | pé               |
| peito                        | íngoas/virillas | nocello/coteno   |
| arca do peito/caixa torácica | embigo          | empeña           |
| óso esterno                  | cadeira         | calcaño/calcañar |

I. Os dedos das mans teñen nomes **cultos e populares**: **1.** Polgar, grande ou matapiollos. **2.** Índice ou furabolos. **3.** Medio, do corazón, maior ou pai de todos. **4.** Anular ou do aro. **5.** Maimiño ou pequeniño.

II. Os dedos dos pés chámanse *dedas*.

- Agrupa as palabras seguintes segundo pertencen a os diferentes sentidos:  
*alcatrear, olleiras, cheirar, enxergar, fitar, saber, fragrante, gorentar, de esguello, arrecender, fite a fite, dondo, recendo, ás apalpadas, acedo, imbrar, feder, lagaña, saboroso, gorentoso, fedorento.*
- vista: .....
- oído: .....
- tacto: .....
- olfacto: .....
- gusto: .....

- REDACTA o teu propio autorretrato ou o dun compañeiro ou compañeira a partir dos adxectivos referidos ó físico e ó carácter que no cadro se propoñen e outros que ti engadas:

|                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-----------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Físico</b>   | varudo, fraco, feble, xiboso, esvelto, baril, rexo, feble, novo, vello, birollo, chosco, louro, mouro, roxo, alto, baixo, medio, tatexo, magro, gordo, forte, feo, guapo, esbrancuxado, canchés, trenco, tolleito, xiboso, encrequenado...                                                                |
| <b>Carácter</b> | covarde, lerchán, teimudo, argalleiro, esaxerado, mesquiño, habelencioso, vaidoso, falcatrueiro, amarrado, amorriñado, espelido, fervellasverzas, envexoso, nugallán, farfallán, retranqueiro, raposeiro, inxenuo, ciumento, afouto, toleirán, acougado, riseiro, túzaro, destemido, xeitoso, cobizoso... |



### FRASEOLOXÍA:

Escribe o significado de:

- |                                     |                                                |
|-------------------------------------|------------------------------------------------|
| - Ser un bo raposo                  | - Non ter lixo na lingua                       |
| - Estar coma un buxo                | - De boca a orella                             |
| - Estar coma un pao de virar tripas | - Unha man lava a outra e as dúas lavan a cara |
| - Estar coma unha caldeireta        | - Botar(se) a lama ás costas                   |
| - Mal de costas e peor de illargas  | - Botar unha man                               |
| - Pasa-la man polo lombo            | - Estar coma un odre                           |
| - Leva-la alforxa ó lombo           | - Ser un bo melro                              |
| - Ser aberto de man                 | - Ser un laretas                               |



Substitúe o subliñado nestas frases por algunha das palabras compostas da seguinte listaxe:

*burricán, bocapodre, buscavidas, virachaquetas, pousafoles, bailanacriba, fuxefuxe, viraventos, escachapedras.*

- De cativo era un parvo, non sabía nada. Agora que é vello, é un nugallán e un malfalado.
- Non é nada formal, pero éche moi espelido para saír de calquera problema.
- Este évos un hipócrata, e ademais ten sona de atravesado.
- Non é de fiar. Á primeira de cambio darache as costas.
- É moi inqueda. Non para en ningures.
- Non me dou ben con el, pero non porque sexa alto, fraco e moi pouco xeitoso.

### O adverbio interrogativo u

Emprégase nas interrogacións directas sen verbo para preguntar onde está algo ou alguén. Úsase só coa segunda forma do artigo (*¿U-los meus apuntamentos?*) e coas formas átonas do pronome persoal de terceira persoa (*Non dou atopado a miña chombra, ¿ula?*).



Volve escribi-las seguintes frases empregando o adverbio interrogativo *u*:

- Aquelas verbenas de antes, ¿que foi delas?
- ¿Onde vai o teu xenro?
- ¿Onde botáche-la carteira?
- Desculpe, ¿o pavillón de deportes?

### Os adverbios de lugar

Xa foron vistos en unidades anteriores, pero agora reparemos nun uso concreto:

A construción de **adverbio + preposición** constitúe o que se chaman **locucións prepositivas**, e se o referente é unha das persoas gramaticais pode substituírse pola forma de **posesivo feminino** correspondente.

Exs: *Diante de min* había un persoeiro da política → *diante miña*. Andaba todo o día *detrás dela* → *detrás súa*.



Substitúe a persoa gramatical polo posesivo correspondente:

- Os cegos levan o can diante deles.
- ¿Había alguén diante de ti na cola?
- Vou detrás de vós para non me perder.
- Estabamos en fronte delas e non se decataban.
- Non deixedes que pasen por riba de vós.
- Pon o libro diante de ti e saíranche os problemas.
- Din que os galegos dicimos que chove cando mexan por riba de nós.

*Teño andado moito á caza  
nunca vín unha carriza;  
non sei se era dos cans  
se era da miña preguiza.*

*(Popular)*

### A perífrase verbal ter + participio

Pertence ó grupo das aspectuais **perfectivas**, é dicir, expresa unha acción xa **finalizada**. O verbo auxiliar vai en infinitivo, futuro ou futuro do pretérito (*Sentín moito non ter visto o filme. Cando deamos chegado xa terá acabado a festa. Se non foses tan nugallán xa terías acabado a carreira*).

Esta perífrase indica tamén unha acción que se repite no pasado (*Téñoche visto cousas ben máis raras*).

### REPARA

*Se o participio aparece concertado co obxecto directo non estamos ante unha perífrase verbal. É un complexo verbal porque o verbo ter conserva o significado de `posesión`. Exs:*

Crin que xa terías feita a tortilla.

Como aínda non tiña apañado o repolo, fixo caldo de verzas.



Reescribe as seguintes oracións de maneira que emprégue-la perífrase anterior:

- Eu xa cho teño dito veces abondo, agora non te laies.
- Cando era cativa moito xogaba á chapa.
- É certo que mo advertiron unha morea de veces, pero non dou aprendido.
- Sodes uns argalleiros e uns moinantes. ¡Oínvos cada trola!



Identifica a perífrase *ter + participio* e escribe o seu valor:

- Non me decatei de que tiñas pousado o cesto encol da varanda.
- Este asunto xa debería ter rematado.
- Xa teño oído antes esas escusas.
- Amólalle moito non ter preparado o xantar para a hora.
- Non teño lido eses libros, pero si estoutros, e máis dunha vez.
- ¿Xa tes atopado ese pescador noutras ribeiras?

## Os pronomes átonos de terceira persoa

Son **o/a, os/as**, e substitúen un substantivo, un atributo ou unha proposición enteira:

Non víche-lo cativo → Víchelo.

Estes homes son uns laretas → Estes homes sono.

Dín que non virán hoxe → Díno.

É unha construción moi peculiar do galego usar estes pronomes como reforzo do suxeito dalgúns verbos intransitivos: *Aí os veñen, velaí o vai, aquí as están...*

Estes pronomes teñen tres formas diferentes (alomorfos) condicionadas polo final dos verbos ou pronomes cos que concorren:

- úsase **-lo/-la, -los/-las** tralas formas verbais acabadas en -r ou en -s e tralo adverbio interrogativo *u*: *Teño que facelo perfecto porque ti o queres así; o meu moedeiro, ¿ulo?*
- úsase **-no/-na, -nos/-nas** tralas formas verbais acabadas en ditongo: *Deixouno tirado na gabia; as cousas hainas que facer a xeito.*
- úsase **-o/-a, -os/-as** no resto dos casos: *Varre a cociña e o lixo que apañes bótao no caldeiro do lixo; dixo que as traía ela; comérono todo.*

### REPARA

Detrás do **-n** de verbos, dos adverbios **non**, **ben** e **tamén**, dos pronomes **ninguén**, e **alguén**, da conxunción **nin** e da preposición **sen**, o pronome fai que ese **-n** non se pronuncie velar senón alveolar.

Ex: Non o sei pronunciárase [no no sei].



Pronunciade en voz alta:

lévanas / levan ás

anelar / anhelar

unas / unhas

un nome / un home

duna / dunha

un nó / un ó



Substitúe o subliñado neste texto polo pronome correspondente:

*É o ano 1910. Un labrego de trinta anos chega coa súa muller a unha cidade galega. Acaba de mercar unha tendiña na que o traballo é máis levadeiro que nas leiras vendidas. Catro anos despois, logo de aforrar uns cartiños, os seus fillos van ir a unha escola de pago na que mestres e alumnos falan o castelán. Razoan isto así: a) O galego non confire prestixio; b) Falar castelán é meterse no mundo dos mellores; c) Os mellores son aqueles que teñen poder, os que teñen postos altos. Ás veces abonda con ter diñeiro para ter esas cousas. Cos cartos consegue un aparencias. A familia do noso relato sobe ós poucos ata que ó remata-la guerra o castelán e a economía amosan unha estupenda saúde. Ata os avós empregan o castelán coas visitas. Anos máis tarde, o rapaz estudia na universidade e os pais quedan abraiados cando lles conta que alí hai colegas que falan galego e que vencellan a recuperación do galego á recuperación de Galicia.*

O que cómpre saber da lingua (texto adaptado),  
Xesús Alonso Montero



Transforma estas oracións en negativas:

- |                                   |                                   |
|-----------------------------------|-----------------------------------|
| - Quéroo todo para min.           | - Agora vano querer saber todo.   |
| - Dállo se cho pide educadamente. | - Se o tes, devólvemo de contado. |
| - Contástesllelo demasiado axiña. | - Trouxéronvolo para regalárvolo. |
| - Pero ti escóitaste, ¿non si?    | - Dio se o precisas.              |



Constrúe unha oración que comece polas formas que se dan seguidas dun pronome átono. Le as frases en alto e repara na pronuncia do *n*.

- Non .....
- Ninguén .....
- Ben .....

### As partículas *ben* e *mesmo*

- **Ben** é un adverbio de modo (*Hoxe fixéche-la cama ben*) que ademais pode ter valor de cantidade (*Había ben deles*), intensivo (*Tes razón que a laranxa está ben boa*) e aproximativo (*Eu digo que ben terá cincuenta anos*).

Adoita ir antes dos adverbios **máis**, **menos**, **mellor** e **peor** (*A obra foi ben mellor do que esperaba*; *Había ben menos xente da que dixeron no telexornal*).

- **Mesmo** é un adverbio que pode te-los valores de igualdade (*A min póname o mesmo ca a ela*), de identidade (*Eu mesma podo facelo*) ou equivaler a “xusto”, “incluso”, “ata” e “de acordo” (*Telefonou mesmo ó chegar á casa. Cantoume as corenta e mesmo me insultou. ¿Facémo-lo exame a lapis? Pois mesmo a lapis*).



Escribe o valor de *ben* nestas cantigas populares:

*Eu ben vin nace-lo sol  
con campaiñas de prata  
ben tola é a meniña  
que por amor se mata.*

*Miña lanchiña de vela  
que ben capea-lo vento;  
así fai a boa moza  
cando quere a dous a un tempo.*

*Por ben que o loureiro medre  
ó ceo non ha de chegar;  
por ben amores que eu teña  
a ti non te hei de olvidar*



Volve escribir estas oracións empregando *ben* e *mesmo* co valor axeitado:

- Díxome aquilo que ti me contaches estoutro día.
- É moi probable que incluso chegue hoxe.
- É un bocarrachada, e aínda se atreve a insultarme.
- Estache moi saboroso o caldo de repolo de Betanzos.
- Coido que este filme é moito mellor có de onte.



Indica agora o valor de *mesmo* nestoutros cantares de Rosalía de Castro:

*En van intento, señora,  
saber por qué me maltrata (...)  
que as mesmas pedras, señora  
dun bo querer se folgaran.*

*(...) caras que nacen sorrindo  
e que sorrindo vos aman,  
e inda mesmo morrendo  
en sonriñas se bañan.*

| OS TEMPOS DE PERFECTO DE <i>VIR</i> <i>VER</i> E <i>TER</i> |           |             |
|-------------------------------------------------------------|-----------|-------------|
| VIR                                                         | VER       | TER         |
| copretérito                                                 |           |             |
| viña                                                        | vía       | tiña        |
| viñas                                                       | vía       | tiñas       |
| viña                                                        | vía       | tiña        |
| viñamos                                                     | víamos    | tiñamos     |
| viñades                                                     | viades    | tiñades     |
| viñan                                                       | vían      | tiñan       |
| pretérito                                                   |           |             |
| vin                                                         | vin       | tiven       |
| viñeches                                                    | viches    | tiveches    |
| veu                                                         | viu       | tivo        |
| viñemos                                                     | vimos     | tivemos     |
| viñestes                                                    | vistes    | tivestes    |
| viñeron                                                     | viron     | tiveron     |
| antepretérito                                               |           |             |
| viñera                                                      | vira      | tivera      |
| viñeras                                                     | viras     | tiveras     |
| viñera                                                      | vira      | tivera      |
| viñeramos                                                   | viramos   | tiveramos   |
| viñerades                                                   | virades   | tiverades   |
| viñeran                                                     | viran     | tiveran     |
| pretérito de subxuntivo                                     |           |             |
| viñese                                                      | vise      | estivese    |
| viñeses                                                     | vises     | estiveses   |
| viñese                                                      | vise      | estivese    |
| viñésemos                                                   | vísemos   | estivésemos |
| viñésedes                                                   | vísesedes | estivésedes |
| viñesen                                                     | visen     | estivesen   |

REPARA

As formas da primeira e segunda persoa de plural do antepretérito e copretérito indicativo son graves.

As formas do pretérito de subxuntivo son esdrúxulas.

Non confundas as formas da terceira persoa de singular do pretérito dos verbos **vir** e **ver** que son **veu** e **viu** respectivamente.



Pon o verbo en pretérito:

- ¿Por fin ve-la verdade do asunto?
- Ter téde-la oportunidade, non sei por qué non nos vides visitar.
- Di que o ve a cotío nesas datas, pero non vén nunca onda ela.
- Eu veño a diario á Coruña e sempre vexo obras por tódalas partes.
- ¿Cando vén teu pai face-la revisión?
- Xa sei que aínda non tedes tempo de facelo.



Pon os verbos no tempo e persoa que cumpra:

- Aínda que \_\_\_\_\_ (ter) a vara e a testa non mandarí nada.
- Por moito que \_\_\_\_\_ (ver) a televisión ata tarde non daría durmido.
- ¿Ti cres que se \_\_\_\_\_ (vir) onda min eu queredría ir con el?
- ¡Quen \_\_\_\_\_ (ter) esa sorte!
- O avó xa \_\_\_\_\_ (ver) a morte cando nós o fomos despedir.
- Falta nos faría que \_\_\_\_\_ (vir) de cando en vez pola casa.
- Se non \_\_\_\_\_ (ter) que madrugar podiades vir hoxe de troula connosco.
- O que te \_\_\_\_\_ (ver) onte pensaría que toleaches de vez.



Completa estas cantigas co verbo e tempo que cumbran:

|                                       |                        |
|---------------------------------------|------------------------|
| <i>Maio longo, maio longo,</i>        | <i>E _____ o maio,</i> |
| <i>_____ curto para min:</i>          | <i>e _____ lo ben;</i> |
| <i>_____ contigo a miña desdicha,</i> | <i>se non o _____</i>  |
| <i>volveu contigo a fuxir.</i>        | <i>velaí vos vén.</i>  |



¿Sábe-lo que son os maíos? ¿Coñéce-la súa orixe e en que consisten? Cita outras festas tradicionais que coñezas e explica como, por que e cando se celebran.

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

### PALABRAS XUNTAS E SEPARADAS

Hai palabras constituídas por máis dun elemento que se escriben separadas. É o caso dos numerais ordinais (*décimo sétimo, vixésimo quinto...*) e algunhas locucións (*se cadra, cara a...*).



Fíxate na ortografía destas locucións e constrúe unha frase con cada unha delas:

- Á parte .....
- Amodo .....
- Apenas .....
- Así mesmo .....
- En fronte .....
- Talvez .....
- De acordo .....
- Xa que logo.....

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### O galego hoxe no ensino

O ensino é o ámbito social no que os esforzos normalizadores cobran maior transcendencia. Os anos escolares son decisivos para a adquisición de actitudes positivas cara ó idioma e exercen unha gran influencia nos hábitos lingüísticos posteriores. Por outro lado, a educación do alumnado na súa lingua materna contribúe a afirma-la identificación dos rapaces e rapazas no seu medio e a potencia-lo sentimento de autoestima (...).

En 1981, ó aprobarse o Estatuto de autonomía que define o galego como lingua propia de Galicia, o idioma e a literatura galegas pasan a ser materias obrigatorias en tódolos niveis educativos non universitarios. Dous anos máis tarde apróbase a Lei de normalización lingüística, que incidiu con especial atención no mundo do ensino (...). En 1988 establécese un decreto que abre camiño ó uso do galego como lingua de comunicación normal e especifica as materias e áreas da educación que se deben desenvolver en galego (...) de tal xeito que, ó finalizaren a escolarización obrigatoria, os alumnos e alumnas galegas dominen de igual forma as dúas linguas oficiais.

*Galego. Lingua propia de Galicia, Xunta de Galicia.*

### REFLEXIONAMOS



¿Desenvolve o ensino o papel que lle corresponde a unha sociedade normalizada?



¿Están os profesores formados para sensibiliza-los rapaces lingüisticamente?



¿Cres que se cumpren os obxectivos pretendidos polo decreto do ensino?



¿Que outras estratexias poderían levarse a cabo para garanti-lo cumprimento dos dereitos e deberes do ensino en materia de lingua?

## HISTORIA DA LINGUA

### O Rexurdimento: as gramáticas

Arredor da segunda metade do XIX, Galicia convértese no centro dos intereses e preocupacións de economistas, historiadores, literatos, folcloristas, etc.

O idioma, como elemento máis distintivo da nosa personalidade, tivo nesa época as súas primeiras gramáticas.

A primeira gramática galega publicada é o *Compendio de gramática gallego-castellana* de Francisco Mirás (1864), pero a primeira que merece tal nome é a *Gramática Gallega* de Saco e Arce (1868).

### O Rexurdimento: dicionarios

O mesmo interese filolóxico que produciron as descrições gramaticais do galego na segunda metade do XIX deu lugar no terreo lexicográfico á publicación dos primeiros dicionarios galegos, que aínda son a fonte principal dos actuais.

O noso primeiro dicionario publicado (bilingüe) é o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez (1863).

Será na segunda parte do Rexurdimento cando haxa unha maior demanda de gramáticas e dicionarios por mor do incremento da escritura e da edición de textos en galego.

### Rosalía, Curros e Pondal

O ano 1863 marca o inicio do Rexurdimento pleno. Nesta data publícanse os *Cantares Gallegos* de Rosalía. A obra desta poeta, xunto coa de Curros (*Aires da miña terra*, 1880) e Pondal (*Queixumes dos Pinos*, 1886) devólvelle ó galego a plenitude da dignidade literaria. Con eles, especialmente con Pondal, maniféstase claramente a vontade de elaborar un galego supradialectal: "...sepultádeme na Cruña.../ a cabo do insigne Curros / xa que a del i a miña musa/ a fala de Breogán / fixeron nobre e robusta". Pondal.

COMPLEMENTOS

O galego, lingua oficial da Administración educativa en Galicia

Decretos 247/95, do 14 de setembro, e 66/97, do 21 de marzo, que regulan o uso do galego no ensino e na Administración educativa.

A Administración educativa de Galicia e os centros de ensino dela utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso:

- Nas súas relacións mutuas e internas así como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais de Galicia.
- Na elaboración dos documentos administrativos respectando o nome oficial do centro e os topónimos.
- Nas actuacións administrativas de réxime interno (actas, comunicados e anuncios).
- Tódalas actuacións administrativas que se realicen por solicitude de persoa interesada, agás nos casos en que ela pida que se faga en castelán.

As linguas oficiais en Galicia como materia de ensino e o ensino en lingua galega.

- Nas clases de lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura, usarase respectivamente o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.
- En educación infantil e no 1º ciclo de primaria usarase a lingua materna predominante entre o alumnado e coidarase a adquisición da outra lingua oficial, de forma oral e escrita.
- No segundo e no terceiro ciclos de educación primaria impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento natural, social e cultural.
- Na educación secundaria obrigatoria impartirase en galego a área de ciencias sociais e a área de ciencias da natureza.
- Das áreas optativas impartiranse en galego as de Ciencias medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.
- No 1º curso de bacharelato impartirase en lingua galega como materia común a filosofía e no 2º curso a historia e como materias específicas de modalidade as indicadas no decreto. Así mesmo serán impartidas en galego as seguintes materias optativas: ética e filosofía do dereito, introdución ás ciencias políticas, socioloxía e historia e xeografía de Galicia.
- Na formación profesional específica de grao medio e superior o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.

En todo caso, no proxecto educativo do centro coidarase e respectarase o equilibrio entre as dúas linguas oficiais.

Teño unha casiña branca  
Teño unha casiña branca  
na Mariña, entre loureiros;  
teño paz e teño amores,  
e estou vivindo no ceo.

Ai, lalá lará, lalá ...

Adeus á miña casiña,  
portelo do meu quinteiro,  
auga da miña fontíña,  
sombra do meu laranxeiro.

Ai, lalá lará, lalá ...

Adeus casa dos meus pais,  
casiña das catro esquinas;  
para min xa se acabaron  
as entradas e saídas.

Ai, lalá lará, lalá ...

Adeus ríos, adeus fontes,  
lavadoiro de lavar;  
o lugar onde eu nacín  
sempre se me ha de acordar.

Ai, lalá lará, lalá ...

Letra: Cancioneiro tradicional.  
Música: Cancioneiro tradicional.

Romance de don Sancho

Camiña don Sancho  
mañanciña fría,  
á terra de mouros  
a librar cautiva.

Á beira da fonte,  
da fonte belida,  
as rendas de liño  
lavaba a mociña.

De terra de mouros  
don Sancho volvía;  
a alma na fonte  
deixara cautiva.

Este romance histórico aparece recolleito en diferentes cancioneros. Esta versión literaria é de Ramón Cabanillas e aparece interpretada por Santalices no ano 1953. Na actualidade está gravada por diferentes grupos musicais.

## LECTURA O MATERIAL DA CLASE

(...) O que non sabía eu era o que me esperaba dentro da clase. Tódalas aulas estaban abertas. A nosa estaba pechada, pero xa apareceu axiña don Elías coa chave para abrir. Entramos todos en montón; eu fun dos últimos. Ao cruza-la porta decateime de que a clase estaba toda adornada con cintas de papel e aneis tamén de papeis colgados do teito e máis cintas atravesadas dunha parede á outra... Pensei que quedaría así dende os Carnavais que facía pouco pasaran, ata que ao chegar ao meu sitio... un gran centro de flores de tódolos xeitos e cores; e del colgaba un letreiroiño

BENVIDO, PEPE  
OS TEUS COMPAÑEIROS

Daquela comprendín todo. Prepararan a clase para recibirme. O centro de flores parecía de florería, pero logo souben que non, que as flores trouxéranse entre todos e fixéranos os mesmos rapaces axudados por dona Concha, a profesora de galego. Polo medio daquelas follas verdes de camelia ata relucían as margaridas pequeniñas do campo. Estaba precioso. No encerado había un gran debuxo moi simpático onde se me vía a min indo coa carteira cara ao colexio que se vía ao fondo, e un montón de cabezas e brazos en alto coas mans abertas saudando. Por riba do debuxo unha frase con letras moi ben feitiñas que poñía:

OUTRA VEZ CON NÓS

O noso Pepe, ed. O Castro

### ¿QUEN É O AUTOR?

? A autora das liñas que compoñen a lectura naceu en Cee, A Coruña, o 19 de xuño de 1956.

? É profesora de lingua e literatura galegas e compaxina a súa actividade docente coa creación literaria, campo no que conta cunha ampla produción.

? Foi premio da agrupación infantil O Facho polos contos *O planeta ceboleiro* e *Os habitantes de Nepecifonilandia*. Tamén foi finalista do premio Barco de Vapor con *¿Andrómena?* e do Merlín con *A aventura das cores*.

? Colabora como coautora e coordinadora en libros de texto e guías didácticas.

A AUTORA É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

 REDACTA un texto onde emprégue-la forma *máis* adverbio e a forma *mais* conxunción.

 Na unidade 6 vimos que **mais** cando ía reforzando a conxunción **e** non levaba nunca acento gráfico. ¿Saberías explicar por que neste texto o leva?

 **ORALIDADE:**

Debate sobre os avances ou retrocesos que se produciron nos métodos de ensinanza que se empregan hoxe en día con respecto a aqueles que se utilizaban hai trinta anos.



## TRABALLAMOS CO LÉXICO



Fai unha oración con estas palabras do texto e dá un sinónimo delas:

- decateime: .....
- carnavaís: .....
- xeitos: .....
- precioso: .....
- debuxo: .....



Amplía o seguinte cadro empregando os diferentes obxectos que se poden atopar nunha aula:

|       |          |                       |          |           |
|-------|----------|-----------------------|----------|-----------|
| lapis |          |                       |          | bolígrafo |
|       |          |                       | portaxiz |           |
|       | encerado |                       |          |           |
|       |          | taboleiro de anuncios |          |           |



Atopa no seguinte barullo de letras estes elementos que forman parte da moblaxe da clase:

a a s e m p h d a l  
r e h e p a c e r a  
i e p n r a x g q m  
e n o c d e l h u p  
l c l e l l e k i a  
e e i r n e p j v d  
p r o a l l n a n a a  
a a s d t s p r d s  
p d l o p a p l o o  
c o l g a d o i r o

papeleira  
encerado  
cadeira  
colgadoiro  
papel  
arquivador  
lámpada  
mesa



REDACTA un pequeno texto describindo a moblaxe dun colexio.



Tenta descubrir a qué fan referencia estas adiviñas:

*Coas mans a collo,  
quítolle o refaixo,  
móvolle o corpo  
de arriba para abaixo,  
e deixa na brancura  
un húmido signo  
de fina feitura.*

-----

*Ten ríos pero non mollan,  
ten montes pero é chairiño,  
con catro dedos abonda  
para coller do Rin ó Piño ...*

-----

*Alto ou baixo,  
deitado ou de pé  
sempre está calado  
e non hai quen  
fale mellor ca el.*

-----



Fai unha oración con cada un dos seguintes grupos de palabras:

- catedrático, biblioteca, sobresaliente: .....
- exercicio, atender, debuxo: .....
- ditado, mestre, dicionario: .....
- xiz, encerado, exame: .....
- facultade, caderno, bolígrafo: .....

En galego os ditongos **ie** e **ue** mantéñense en moitas palabras. aliciente, ambiente, ciencia, cliente, coeficiente, conciencia, conveniencia, conveniente, cociente, deficiencia, deficiente, eficiencia, eficiente, estupefaciente, expediente, experiencia, incipiente, inconveniente, obediencia, obediente, omnisciencia, paciencia, sapiencia, sobresaliente, suficiente, afluencia, afluente, anuencia, congruencia, congruente, delincuencia, delincuente, elocuencia, elocuente, secuela, secuestro, etc.

### REPARA

*Algunhas veces por ultracorrección, as secuencias **ie** e **ue** substitúense por **e** ou **o** (\*concencia, \*ambiente, \*freconte). Estas substitucións deben evitarse. Con todo, hai formas patrimoniais como comenencia, diferente do cultismo conveniencia.*



Enche os ocos coas palabras axeitadas que atoparás no cadro anterior:

- O *Vaquilla* era un ..... habitual.
- As ..... sociais son a materia preferida polo alumnado.
- Os obxectores de ..... teñen que face-la prestación social substitutiva.
- O ..... académico da alumna era in mellorable.
- Era un ..... habitual. O camareiro sempre sabía o que ía tomar.
- É unha persoa moi ..... na vida; mais a súa ..... ten un límite.



Relaciona as palabras co seu significado correcto:

- |                  |                                                       |
|------------------|-------------------------------------------------------|
| 1. eficiencia    | 1. lesión que persiste trala cura dunha enfermidade   |
| 2. sobresaliente | 2. concorrencia, abundancia de xente                  |
| 3. secuela       | 3. forza e facultade para obter un efecto determinado |
| 4. obediencia    | 4. cualificación superior ó notable                   |
| 5. afluencia     | 5. acción e efecto de obedecer                        |

Algunhas palabras galegas, no proceso de evolución, mudaron o **l** orixinario en **r**. Vexamos algúns exemplos:

*branco, brancura, brando, brasón, compracer, cravo, cravar, cumprir, cumpridor, cumprimenteiro, desprazar, dobrar, escravo, frauta, frecha, fraco, fraqueza, frouxo, fregués, igrexa, nobre, obriga, pracer, praga, praia, pranto, prata, praza, preamar, pregaria, preito, regra, xograr.*



Completa as seguintes frases coas palabras que estudiaches no cadro anterior:

- Deu co martelo nun dedo ó ..... -lo ..... na parede.
- Teño un colar de ouro e unha pulseira de .....
- Na ..... de María Pita está a casa do concello da Coruña.
- Púxolle un ..... polo simple ..... de ..... coas regras.



Emparella as palabras destas columnas e escribe con cada parella unha frase:

|            |          |       |
|------------|----------|-------|
| queixo     | obriga   | ..... |
| mandamento | pregaria | ..... |
| torcer     | frecha   | ..... |
| súplica    | brando   | ..... |
| arma       | dobrar   | ..... |



Completa as seguintes palabras con **l** ou **r** segundo conveña:

desp\_azamento, c\_aro, inc\_inación, f\_aco, p\_egar, nob\_e, p\_aca, f\_ota, f\_eguéis, reg\_a, ref\_exo, exp\_icar, xog\_ar, p\_ata notab\_e.

### Locucións adverbiais de tempo

As máis empregadas son:

- **polo de agora, polo de hoxe, hoxe en día, aínda agora, de momento**  
*Ó Xosé non fai falla axudarlle, polo de agora ben se vale só.*
- **pasado mañá, ó día seguinte, ó outro día, para o outro día, endoutro día**  
*Non temos que ir á casa da túa irmá ata pasado mañá.*
- **a miúdo, acotío, decotío, a diario, de continuo, arreo**  
*A miúdo mestura conceptos. Xa che vai vello.*
- **ás veces, de vez en cando, de cando en vez, de cando en cando, a cada canto, de raro en raro, ó raro, de tempo en tempo**  
*Ás veces é mellor estar calado que esbardallar de máis.*
- **decontado, coa mesma, deseguida, axiña, pouco a pouco, de alí a pouco, de aquí a pouco, deica pouco, deica un pouco**  
*Temos que ir de contado ó hospital porque teu pai empeorou.*
- **a deshora, a destempo, a cada pouco**  
*O xogador chegou a destempo á xogada e deulle unha patada ó contrario.*
- **entre lusco e fusco, de mañanciña**  
*Estiveron de xoldra toda a noite. Chegaron de mañanciña.*
- **de vez**  
*O fontaneiro ten que vir tódolos días. A ver se repara a avaría de vez.*

(...) - ¡Antes cegues que tal fixeras!  
– E logo, ¿por que señor Cibrán?  
– Máis che valera morreres alí decontado (...).

(...) Deseguida apareceu unha multitude de xogares e trovadores, en mestura de tipos e atavíos. Algúns calzan esporas de ouro, en sinal de que foron cabaleiros (...).

(...) E coa mesma, chegamos ó remate dunha galería onde nos atopamos cunha escaleira (...).



Substitúe as locucións subliñadas nestes textos literarios por unha expresión que teña un significado equivalente.



Substitúe as expresións subliñadas por unha locución adverbial de tempo:

- Tes que remata-lo traballo rapidamente, é urxente.
- Vai tódolos días ó bar xoga-la partida.
- Unha vez si, unha vez non vén roubar-me as mazás da horta.
- Na data actual o mal das vacas tolas non ten solución.
- Cando o chamaron saíu coma un lóstrego.



Localiza as locucións adverbiais e substitúeas por expresións sinónimas:

- De aquí a pouco os seguros van custar todo o soldo do mes.
- Para a saúde é importante facer deporte de cando en vez.
- É un *currante* nato. Traballa arreo tódolos días.
- O médico dixo que bebése-lo líquido ós poucos.
- A ver se se soluciona o problema da electricidade de vez.



Constrúe unha oración con cada unha das seguintes locucións adverbiais:

- a miúdo: .....
- en tempo: .....
- entre lusco e fusco: .....
- ó outro día: .....
- aínda agora: .....



Substitúe as palabras subliñadas polo pronome átono de terceira persoa *o(s)/a(s)*.

- Trae o libro canto antes para que poida face-lo traballo de literatura.
- Quere come-las vieiras e despois irse sen pagar.
- Voume sen sabe-lo resultado porque quedei de estar en Santiago ás cinco.
- Vimos unha película e pareceunos unha obra mestra da cinematografía.
- Abriu as gabetas para ve-los tarecos.



Introduce correctamente o pronome átono de OD que vai entre parénteses nestas frases:

- Colleu moi amodiño e foi cara a casa do Alberte. (o)
- Pediu polas boas e como non lla deixaban tivo que emprega-la violencia. (a)
- Deste xeito ves mellor. ¿Non si? (as)
- Trouxeron en tren porque a estrada estaba cortada por mor da neve. (o)
- Recitaba con moito aquel. Tiña moitos anos de práctica. (os)



Substitúe o complemento directo polo pronome átono correspondente:

- Teus irmáns mandaron traer unha tenda de campaña ós meus tíos.
- O teu pai deixou cheos de lambetadas os vosos petos.
- Creo que hai que traer para os teus amigos e para ti unha entrada.
- ¿Fíxechela comida para min?
- Andrés fixo aquela canceira para o seu can.

| OS TEMPOS DE PERFECTO DE <i>POÑER (OU PÓR)</i> , <i>DAR</i> E <i>SABER</i> |         |            |
|----------------------------------------------------------------------------|---------|------------|
| POÑER/PÓR                                                                  | DAR     | SABER      |
| copretérito                                                                |         |            |
| poñía/puñía                                                                | daba    | sabía      |
| poñías/puñas                                                               | dabas   | sabías     |
| poñía/puñía                                                                | daba    | sabía      |
| poñíamos/puñíamos                                                          | dabamos | sabíamos   |
| poñíades/puñíades                                                          | dabades | sabíades   |
| poñían/puñían                                                              | daban   | sabían     |
| pretérito                                                                  |         |            |
| puxen                                                                      | dei     | souben     |
| puxeches                                                                   | dechesh | soubechesh |
| puxo                                                                       | deu     | soubo      |
| puxemos                                                                    | demos   | soubemos   |
| puxestes                                                                   | destes  | soubestes  |
| puxeron                                                                    | deron   | souberon   |
| antepretérito                                                              |         |            |
| puxera                                                                     | dera    | soubera    |
| puxeras                                                                    | deras   | souberas   |
| puxera                                                                     | dera    | soubera    |
| puxeramos                                                                  | deramos | souberamos |
| puxerades                                                                  | derades | souberades |
| puxeran                                                                    | deran   | souberan   |
| pretérito de subxuntivo                                                    |         |            |
| puxese                                                                     | dese    | soubese    |
| puxeses                                                                    | desesh  | soubeshesh |
| puxese                                                                     | dese    | soubese    |
| puxésemos                                                                  | désemos | soubésemos |
| puxésedes                                                                  | désedes | soubésedes |
| puxesen                                                                    | desen   | soubesen   |

**LEMBRA QUE A FORMA...**

***Pór** é a maioritaria nas provincias de Ourense e Pontevedra. Tamén ocupa puntos escasos da Coruña e de Lugo.*

*A forma **poñer** é a que ocupa a meirande parte de Galicia.*

[...] *Cáseque me chegaba coa punta do ferrrete á caluga. Víame perdido. Xa me atrapaba, xa se cinguía a min [...]*

**A perífrase verbal  
verse + participio**

Esta perífrase expresa unha acción rematada no momento ó que se refire o falante. Ex: Víase atrapado na escuridade.

*Era un crego que tiña dúas criadas. A unha chamábanlle Rosa e á outra puxéranlle por nome Tareixa.*

*Un día, mentres o crego estaba dicindo misa, déronlle un cabrito de regalo que lle puxeron na entrada da casa. A Rosa, sen que soubese ningún nada, agarrouno e púxose á porta da igrexa. Cando o seu amo deu a volta para dicir un Orates frates púxolle o cabrito en sitio ben visible para llo ensinar. O crego viuño ben, e temendo que a criada non se marchara da porta, púxose a facer como que lía o libro e deulle este consello:*

*– Rosa, nosa Rosa, antes carne crúa non se poñía á vista e agora menos. Lévallo á nosa Tareixa que lle bote salorum et pementorum et allorum. Et secula seculorum.*

*O sancristán que se deu conta de todo, respondeulle:*

*– Amén, todos te manteñen e eu tamén.*



Sinala e identifica por escrito os tempos verbais do texto anterior.



Completa as seguintes oracións coa forma precisa do verbo indicado entre parénteses:

- Dígoche que \_\_\_\_\_ a nota que \_\_\_\_\_ irei saudalo ó colexio. (poñer)
- Non te preocupes se non \_\_\_\_\_ iso onte. (saber)
- Antonte meu irmán \_\_\_\_\_ coa combinación da caixa forte. (dar)
- Se me \_\_\_\_\_ algo do que che sobrava sería agora rico. (dar)
- Se \_\_\_\_\_ máis pola túa parte o outro día, agora daríalo feito. (poñer)



Escribe cinco frases onde empregues algúns dos tempos verbais estudados nesta unidade.



Pon os verbos indicados no tempo e na persoa que se pide:

- \_\_\_\_\_ lle (*dar, 3ª p. pl. pretérito*) moita mágoa ver como quedara o coche.
- ¡Se \_\_\_\_\_ (*saber, 2ª p. sing. pretérito subjuntivo*) o difícil que nos resultou.
- Nós xa \_\_\_\_\_ (*dar, antepretérito*) mil pesos para a festa.
- Cando o Luís \_\_\_\_\_ (*poñer, copretérito*) interese sempre gañaban a partida.
- Se vós \_\_\_\_\_ (*pór, antepretérito*) a carne, nós \_\_\_\_\_ (*pór, copretérito*) o viño para a fartada.



Fai o exercicio segundo o exemplo:

- Vimos tanta pobreza que agora traballamos nunha ONG.  
*Se non viramos tanta pobreza non traballariamos nunha ONG.*
- Puxestes moito da vosa parte e aprobáste-lo curso.
- Soubemos todo o que dicían de nós e fómonos.
- Deron unha lección de coñecementos e gañaron.
- Botaron a rede ó mar e trouxeron cincocentos quilos de pescada.



Introduce nestas oracións a perífrase *verse + participio*. Para iso pódelas modificar lixeiramente:

- Aquelas bestas arrastráronme sen darme conta.
- O teu irmán estaba perdidíño por aquela muller.
- Sen querer, despois do accidente, envolveuse na pelexa.
- Os policía acurralaron o ladrón do banco.
- O camiño acurtouse por mor das enxurradas da fin de semana.

APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

A INTERROGACIÓN

A interrogación pode ser directa, que é aquela que leva as marcas interrogativas (¿?). Neste tipo de interrogación os pronomes e adverbios interrogativos non levan acento gráfico:

¿Que che pasou?

A interrogación indirecta non leva ningunha marca. Neste tipo de interrogación os pronomes e adverbios interrogativos non levan acento agás cando se fose preciso para evitar anfiboloxías.

Dime que che pasou.

Imos ver algúns dos recursos que ten o galego para formular unha pregunta:

- 1. Cos adverbios interrogativos **cando, como, onde**:  
¿Cando vés de visita? ¿Como fixeches iso? ¿Onde está a carteira?
- 2. Cos pronomes interrogativos **que, quen, cal, canto**:  
¿Que foi? ¿Quen che dixo iso? ¿Cal é o teu prato? ¿Canto custou?
- 3. **O(s) que, a(s) que** é unha forma de interrogar moi típica en galego:  
Collín as mazás da túa horta. —¿Colliches as que?
- 4. Nas interrogativas directas é moi frecuente o emprego da conxunción **e**:  
¿E non serían as rapazas? ¿E logo que che pasou?
- 5. O pronome persoal **el** úsase como reforzo interrogativo no sentido de acaso, entón, logo, ...:  
¿El coñecerán os motivos diso? ¿E el será certo o que din?

A EXCLAMACIÓN

As formas dos adverbios e pronomes interrogativos tamén se empregan nas exclamacións:

- 1. **Que** aumenta a intensidade dun substantivo, dun adxectivo ou dun adverbio:  
¡Que preciosidade de muller!
- 2. **Quen** emprégase en construcións que expresan desexo:  
¡Quen me dera ser coma ti!
- 3. **Cal** manifesta estrañeza ou admiración a respecto daquilo ó que acompaña:  
¡Mira cal coche foi mercar!

REPARA

O pronome **quen** en galego é invariable. Só os verbos **ser** e **parecer** se conxugan en plural co pronome **quen** en singular:

¿Quen contou o conto? ¿Quen son aqueles que veñen acolá?



Converte estas frases en interrogativas e exclamativa directas:

- A paisaxe destas illas é moi fermosa.
- Dime cales son os teus veciños.
- Preguntoulle se o podería facer mañá.

— *Mariquiña, fermosa, ¿ti que fas aí?*

— *Estou gardando o gando ben me ves aquí.*

— *Mariquiña fermosa, ¿ti garda-lo gando?*

— *Xa nacín, Amaro, para este traballo.*

— *Mariquiña fermosa: ¿queres vir comigo? Neste monte soa corres ti perigo.*

— *¡Vaite de aí, Amaro! Non me deas máis pena que ha de vi-lo meu amo traerme a merenda.*

— *¡Ai se el viñera! ¡Ai se el chegara! ¡Ai se el soubera que contigo estaba!*

(Popular)

Seguindo a estrutura do texto, responde como Mariquiña ás preguntas que che fan. Inventa tamén un final para a cantiga.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

[...] O galego pasa hoxe por un momento de especial gravidade. Como sabemos, ó ir devecendo o mundo rural, o número de falantes, á par, foi mingando. E, asemade, foi esmorecendo tamén en vilas e cidades, especialmente deturpándose. Pero hoxe é obxecto de ensino, e esta é unha situación nova. O que non semella, polo menos por agora, é que esa situación nova teña unha importancia decisiva para o seu futuro. Porque se ben é certo que a escolarización en galego é unha realidade, o que non se ve por ningures é que esa escolarización determine que o pobo asuma o galego como a súa lingua natural. Máis ben os síntomas indican todo o contrario. [...]

Xosé Luís Franco Grande, en *Diario de Galicia*

### REFLEXIONAMOS



Enumera as ideas fundamentais que, segundo a túa opinión, presenta o texto.



Redacta un xuízo crítico sobre a importancia da recuperación do galego como lingua natural.



Portada do xornal *La Alborada* dirixido por Roberto Blanco Torres e publicado en 1912 en Cuba. Nel ofrecíase información da problemática interna do Centro Galego da Habana e os enfrontamentos internos da comunidade galega en Cuba. A nómina de colaboradores directos e de sinaturas representadas integra a Curros Enríquez, Ramón del Valle-Inclán, Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Pondal, Francisco A. de Novoa, etc. De grande interese son os anuncios das súas páxinas publicitarias, que ofrecían unha panorámica do sector comercial e industrial de propiedade galega, ademais de información sobre profesionais do Centro Galego.

## HISTORIA DA LINGUA

### Finais do século XIX

A finais do século XIX o retroceso progresivo do galego en determinados medios sociais e xeográficos fai temer pola súa supervivencia. Isto unhas veces maniféstase con premonicións catastrofistas:

*"¿Que vitalidad puede tener un dialecto que es desconocido y hasta vergonzoso el hablarlo para los mismos naturales del país?"* (Juan Sieiro).

Outras veces reafirmase con acentos patrióticos a vontade de supervivencia: *Ti nos eidos da Celtia, / e co tempo, serás / un lábaro sagrado / que ao trunfo guiará, / fala nobre harmoniosa, / fala de Breogán*". (Pondal).

### Creación da Real Academia Galega

O interese por crear unha institución estable dedicada ó estudo e defensa do galego cristaliza na fundación da **Real Academia Galega**, no ano 1905.

Velaí, por boca do seu primeiro presidente (Manuel Murguía) a súa finalidade principal:

*No puede perecer un lenguaje que tiene unha literatura gloriosa, y nombres que son orgullo de la inteligencia humana. Por eso, y para recoger en Galicia su verdadero léxico, dar a conocer su gramática y afirmar su existencia, se fundó esta academia.*



COMPLEMENTOS



*O sancristán de Coímbra*

*O sancristán de Coímbra  
facía de mil diabruras;  
mollaba o pan en aceite,  
deixaba os santos a escuras.*

*O mar tamén ten amores,  
o mar tamén ten mulleres;  
está casado coa area,  
dálle bicos cantos quere.*

*Eu quixera ser merliño  
e te-lo pico encarnado  
para face-lo meu niño  
no teu cabelo dourado.*

*E vate fado, e vate ben,  
ti es a causa do meu desdén.*

*E vate fado, e vate ben,  
ti es a causa do meu desdén.*

*E vate fado, e vate ben,  
ti es a causa do meu desdén.*

Música e letra: Cancioneiro tradicional  
Intérprete: María Manuela

## LECTURA FORMAS DE PEDIR ALGO

- ¡Ai, que medo! - di Enenocia-. Xa estamos coas serpes de novo. E estás seguro de que non eran simbólicas, como as da invasión celta.
- ¡Que va! ¡Así de gordas! E pásanas arredor do pescozo e métenas na boca - di Exeria con voz truculenta.
- Pásame a *frangibula* -dille Max a Lucila, coa noz na man.
- ¿E sempre hai batifondo? -pregunta Amantia.
- Sempre. Seguramente pensades que durante a noite este estrondo vai sumirse no silencio, respectuoso do sono dos romanos. Pois nada diso. Ó desfile humano sucede, desde os tempos de César e pola súa vontade, o desfile de carretas, acémilas e convois. César pensou que nas *vici* romanas non había cabida para as xentes e os vehículos ó mesmo tempo. Por iso, desde a saída do sol ata o crepúsculo quedou prohibida a circulación de carros pola *urbs* (...).
- ¿Tes un *dentis calpia*? O peor dos figos é que se che meten estes grauciños entre os dentes (...). Xa sabedes que me gusta mete-lo nariz por tódalas partes. Aínda que o nariz, con certos cheiros... por certo que, para disimula-los cheiros, enchen os edificios de plantas e follaxes.

Amantia, ed. Xerais

### ¿QUEN É O AUTOR?

? Traballou a prol da recuperación do papel das mulleres na sociedade coa obra *Recuperemos as mans*, e pertenceu ó movemento de renovación literaria da Nova Narrativa Galega.

? Estivo casada con X.L. Méndez Ferrín e, xunto con outros, fundou a UPG.

? Segundo Carme Blanco, o seu "conto para nenas" *O Segredo da Pedra Figueira* é "unha parábola contra o poder".

? É colaboradora da prensa diaria.

A AUTORA É: \_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO



O fragmento da lectura pertence a unha novela histórica que se desenvolve no marco da Galicia do século IV e na que destaca a figura de Prisciliano ¿Que sabes deste personaxe histórico?

A novela histórica é unha narración en prosa que se inspira ou basea en acontecementos ou personaxes históricos a partir dos cales o autor vai creando toda unha trama imaxinaria.



¿A que cres que se refire cando pregunta polo *frangibula* e o *dentis calpia*?



### ORALIDADE:

1. ¿Como cres que evolucionou o papel das mulleres na sociedade galega nos últimos anos? ¿Que diferenzas estableces entre o labor das mulleres no ámbito rural e no urbano?
2. Desde o comezo da súa andadura literaria, a autora do texto da lectura empregou as súas obras como canle de denuncia social. A súa, como a doutros autores galegos, pode considerarse unha literatura de compromiso. Establece cos compañeiros e compañeiras un debate en torno ó emprego da literatura como canle de denuncia social e política. ¿Cres que están ben delimitados os lindeiros entre literatura e propaganda? ¿Poderías exemplifica-los teus argumentos con obras literarias?

-  Localiza no fragmento da lectura as fórmulas de peticións que haxa.
-  ¿Que tempos verbais se empregan neses casos para pedir? Indica se hai algún caso en que a petición non sexa directa senón implícita.
-  Amplía as formas de petición a partir deste cadro:

Maneiras de pedir algo

• Por favor,...

• Fai o favor...

• Desculpe,...

• ¿Sería tan amable...?

• ¿Importaríalle...?

• ¿Non podería...?

• ¿Non lle importaría...?

• Se non lle importa...

• Se fose posible...

-  Constrúe enunciados nos que formules unha petición a partir destas suxestións:
- Quería + infinitivo .....

- Querería + infinitivo .....

- Pásame + substantivo .....

- Poderías + infinitivo .....

- ¿Tes...? .....

- Poderías + infinitivo .....

- Haber (de) + infinitivo .....

Significados de coller e recoller

**Coller** é unha palabra polisémica (con varios significados). Os significados máis frecuentes son:

1. Tomar ou suxeitar algo (*Colle ese chapeu e tráemo*).

2. Tomar algo de alguén (*Collínche a tele portátil*).

3. Alcanzar algo ou a alguén (*Se non te dás présa non vas dar collido o tren*).

4. Face-la colleita no campo (*¿Xa colléste-las patacas?*).

5. Atropelar, pillar (*O coche colleu o neno cando atravesaba a estrada*).

6. Sorprender (*Deu en chover e colleume sen paraugas*).

7. Pescar, cazar (*¡Colleute na trola, amigo!*).

8. Tomar unha determinada dirección (*Colleron cara á costa*).

9. escoitar, comprender (*¿Colliches algo do discurso?*).

10. Contraer unha enfermidade (*Este ano aínda non collín a gripe*).

**Recoller** é un derivado de **coller** e ten os seguintes significados:

1. Coller algo que caeu ou está no chan (*Corta o pan e recolle as frangullas*).

2. Gardar algo, ordenar (*Recolle os xoguetes do teu cuarto*).

3. Envolver algo que estaba estendido (*¿Recollíche-la manguera do xardín?*).

4. Ir buscar a alguén (*Xa te recollo na casa*).

5. Face-la colleita (*Este ano xa recollémo-lo millo*).

6. Retirarse (*Hoxe recollémonos cedo*).

REPARA

**Coller** nunha das súas acepcións é sinónimo de **caber**, co valor de “ter espazo” ou “ter sitio”. Comín tanto que non collo/caibo nos pantalóns. Non colle/cabe unha persoa máis.



Introduce as formas apropiadas de *coller* nestas frases:

- Non hai por onde \_\_\_\_\_ lo.
- \_\_\_\_\_ zuna alguén.
- \_\_\_\_\_ te Deus unha soberbia.
- O fillo menor \_\_\_\_\_ a mellor bicada.
- Estás a \_\_\_\_\_ -lo porco polo rabo e non te decatas.
- \_\_\_\_\_ no nun renuncio.
- \_\_\_\_\_ folgos e ¡adiante!



Nunha igrexa da montaña eu vin unha caveira de cristián facendo de peto das ánimas. Tiña unha fenda no frontal e por alí decorrían os cartos dos bos fregueses. Unha caveira de sancristía, sobada polas mans luxadas de cera e de aceite, como lombo de misal antigo, coma peello de pandeiro vello. **Recollendo** o diñeiro para ben das almiñas do purgatorio, levaba moitos anos de servizo a pobre caveira humana.

Cousas, Castelao



Pon as formas axeitadas de *coller* e *recoller* que cumpran:

- Chovía a Deus dar e \_\_\_\_\_ se nos beirís do patio.
- \_\_\_\_\_ te cedo que xa sabes que mañá madrugas.
- \_\_\_\_\_ me frío e non deixo de tremer.
- Como non lle gustaba o filme, \_\_\_\_\_ e marchou.
- \_\_\_\_\_ todo o que ciscastes por aí.

### O xénero dos nomes

Os nomes poden ter xénero masculino ou feminino, e aínda que o normal é que o **-a** marque feminino e **-o** masculino, hai palabras que están adscritas a un xénero (*o diadema, o fantasma, a dinamo...*) e outras teñen un só xénero pero designan persoas dos dous sexos (*o/a artista, o/a testemuña, o/a cónxuxe...*).

Son masculinos:

- **Os nomes das letras** (*o be, o eme...*).
- **Algúns substantivos habituais** (*o cal, o cárcere, o mel, o sal, o leite, o sinal...*).
- **Os nomes que acaban en -me** (*o acedume, o abdome...* agás *servidume, mansedume, negrune* e *pesadume*).

Son femininos:

- **Os nomes das árbores froiteiras** cando a froita que dan é feminina (*a laranxeira, a pereira...*; pero o castiñeiro). Cando a froita é masculina tamén o é a árbore (*o limoeiro, o pexegueiro...*; pero *a figueira*).
- **Os acabados en -axe** (*a aluaxe, a ateraxe...*) agás *traxe, paxe* e *garaxe*.

Formación do feminino:

- **Os substantivos e adxectivos rematados en -án** fórmano en **-á** ou **-ana** segundo o grao de evolución do sufixo de orixe latina (*ancián-anciá, folgazán-folgazana*).
- **Os rematados en -ín** fórmano en **-ina**, a excepción de *ruín*, que é invariable (*pescantín-pescantina, bailarín-bailarina*).
- **Os acabados en -ún** poden face-lo feminino de xeito diferente (*vacún-vacúa*) agás *común* que é invariable.
- **Os acabados en ditongo ou vocal tónicos** engaden **-a** os substantivos e non varían os adxectivos (*nú-núa, home somalí-muller somalí*). Son especiais *grou-grúa, sandeu-sandía* e *xudeu-xudía*.

Os acabados en **-és** fan o feminino en **-esa** (*noruegués-norueguesa, canchés-canchesa*).



Indica o xénero das seguintes palabras:

|              |               |               |                |
|--------------|---------------|---------------|----------------|
| xuíz .....   | infante ..... | xénese .....  | costume .....  |
| león .....   | avó .....     | fel .....     | gastrite ..... |
| galo .....   | sal .....     | cume .....    | ponte .....    |
| rei .....    | dote .....    | suor .....    | alma .....     |
| xenro .....  | xiz .....     | labor .....   | fraude .....   |
| ladrón ..... | cal .....     | nariz .....   | grou .....     |
| actor .....  | dose .....    | lentes .....  | aula .....     |
| ramaxe ..... | garaxe .....  | diadema ..... | glote .....    |



Escrebe as seguintes frases en feminino:

1. O león é o rei da selva. 2. Este neno é un nugallán. 3. Os palestinos e os xudeus algún día se entenderán. 4. Gústanme os froitos temperáns. 5. Coñecín un ancián castelán. 6. Os artesáns cataláns son os capitáns da industria téxtil. 7. O meu curmán muradán xa está san. 8. Os pagáns e os cristiáns teñen pouco en común.



Ás veces o xénero serve para indicar particularidades semánticas de tamaño, forma, etc. Explica o significado de cada parella de palabras:

froito/froita ..... palheiro/palleira .....  
caxato/caxata ..... pipo/pipa .....



Outras veces o masculino e o feminino refírense a cousas diferentes. Escrebe unha oración con cada palabra:

a cal ..... o cal .....  
o zapato ..... a zapata .....  
lombo ..... lomba .....

*Indo por Oseiro arriba  
todos eran a mirar.  
Aquí non van costureiras  
nin pano para cortar.*

Armando Cotarelo Valledor,  
Cancioneiro da agulla

### A perífrase verbal **ser a + infinitivo**

Pertence ó grupo das aspectuais **imperfectivas**, é dicir, expresa unha acción no seu desenvolvemento, pero ten un carácter **resultativo**. É moi frecuente na fala e emprégase habitualmente co indefinido **todo/s, toda/s** en construcións como as seguintes:

*Di que todos son a preguntarlle polo Brasil, e dálle co Brasil.*

*A xente toda era a beber e cantar, pero ninguén a lava-la louza.*



Emprega nestas oracións a perífrase **ser a + infinitivo** seguindo o exemplo:

- Cando contaba un conto, rían todos. *Cando contaba un conto, todos eran a rir.*
- Cando pedía axuda, todos lle axudaban.
- Vin o final de liga no bar e todo o mundo berraba.
- Ti falas e os demais escoitan.
- Cando caeu enfermo, todos o aloumiñaban. Agora que está san, danlle pancadas.
- Cada vez que berraba, toda a fábrica esperaba o peor.

OS TEMPOS DE PERFECTO DE *PODER*, *QUERER* E *CABER*

| PODER                   | QUERER     | CABER      |
|-------------------------|------------|------------|
| copretérito             |            |            |
| podía                   | quería     | cabía      |
| podías                  | querías    | cabías     |
| podía                   | quería     | cabía      |
| podíamos                | queríamos  | cabíamos   |
| podíades                | queríades  | cabiades   |
| podían                  | querían    | cabían     |
| pretérito               |            |            |
| puiden                  | quixen     | couben     |
| puideches               | quixeches  | coubeches  |
| puido                   | quixo      | coubo      |
| puidemos                | quixemos   | coubemos   |
| puidestes               | quixestes  | coubestes  |
| puideron                | quixeron   | couberon   |
| antepretérito           |            |            |
| puidera                 | quixera    | coubera    |
| puideras                | quixeras   | couberas   |
| puidera                 | quixera    | coubera    |
| puideramos              | quixeramos | couberamos |
| puiderades              | quixerades | couberades |
| puideran                | quixeran   | couberan   |
| pretérito de subjuntivo |            |            |
| puidese                 | quixese    | coubese    |
| puideses                | quixeses   | coubeses   |
| puidese                 | quixese    | coubese    |
| puidésemos              | quixésemos | coubésemos |
| puidésedes              | quixésedes | coubésedes |
| puidesen                | quixesen   | coubesen   |

REPARA

*Igual que **caber** conxúganse **saber e haber***

 Introduce nestes fraseoloxismos o tempo que corresponda do verbo entre parénteses:

- Dixéronme que \_\_\_\_\_ (querer) subir ó ceo sen escada e logo non \_\_\_\_\_ (poder) sequera conta-lo conto.

- Eu sempre \_\_\_\_\_ (querer) para el o bico da ola, \_\_\_\_\_ (poder) que non o dea conseguido.

- \_\_\_\_\_ (poder) que non \_\_\_\_\_ (saber) de que pé coxeas, pero entón ben \_\_\_\_\_ (saber) de que lado te deitabas.

 Completa estas cantigas de Manuel Leiras Pulpeiro cos tempos que cumpran dos verbos *poder* e *querer*:

|                              |                                  |                                  |
|------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|
| 1. <i>Se tódolos lumes</i>   | <i>cativos ou grandes</i>        | 2. _____ <i>casar cunha nena</i> |
| <i>que as nenas acenden,</i> | <i>cando elas _____,</i>         | <i>que tiña pan e cabalo</i>     |
| <i>como os das cocinas</i>   | <i>xa teríamo-los homes</i>      | <i>e non _____ por cangarse</i>  |
| <i>_____ facerse</i>         | <i>acó a gloria que gardan</i>   | <i>no camiño un vinculeiro.</i>  |
|                              | <i>para cando Deus nos leve.</i> |                                  |

 Pon os verbos deste texto na forma que cumpra:

Os que \_\_\_\_\_ (querer) vir á feira \_\_\_\_\_ (poder) vir comigo no coche, pero non todos, a pesar de que \_\_\_\_\_ (caber). Eu levaríavos a todos se \_\_\_\_\_ (poder) pero \_\_\_\_\_ (caber) a posibilidade de encontra-la policía polo camiño. Unha vez \_\_\_\_\_ (querer) levar a tódolos meus sobriños ó río porque así \_\_\_\_\_ (poder) ir todos xuntos, e \_\_\_\_\_ (caber) de milagre. Mesmo tres deles \_\_\_\_\_ (querer) ir no cofre do coche. Pero non \_\_\_\_\_ (poder) chegar moi lonxe porque me parou a policía. Aínda que \_\_\_\_\_ (querer) non \_\_\_\_\_ (poder) desculparme. Eramos nove no coche e \_\_\_\_\_ (poder) ter un accidente. Como non \_\_\_\_\_ (poder) conseguir que me retirasen a multa, non me \_\_\_\_\_ (caber) outra que pagar.

 Reescribe estas oracións facendo que comecen polos elementos que van entre parénteses e introducindo os verbos no tempo necesario:

- Se podo ir contigo avísote antes (se onte).
- Hoxe quero ir ó teatro pero non me cabe a posibilidade de ter entrada (onte).
- Este verán podo facer que caiba a equipaxe toda no coche (o outro verán).
- Por moito que queira non caibo nesa cadeira (cando estaba gordo).
- Xa quería irse el antes de que o despediran (antes daquilo).
- Se podes e queres dicirno, e che cabe a posibilidade de vir, ¿virás comigo? (se daquela).

### A partícula mais

Forma parte dunha locución conxuntiva, **e mais**, e emprégase con varios valores:

- Como locución, onde **mais** é só un reforzo da conxunción copulativa **e**: *Fomos ó cinema eu e maila miña curmá Sara.*  
Co artigo na segunda forma non leva guión: *Idexuntos ti e mailo Xan.*
- En certas expresións: **e mais tamén**, **e mais non**, **e mais si**, e **e mais máis**, para replicar unha afirmación ou rexeitar unha petición excesiva: *¿Lévasme contigo á festa? E mais tamén.*

**LEMBRA:** Non debe confundirse co adverbio de cantidade nin coa conxunción comparativa **máis** (que levan acento diacrítico) ; a conxunción adversativa **mais**, equivalente a 'pero', non leva acento ortográfico: *Non quero máis disto porque me gusta máis aquilo. Fun onda el, mais non quixo falar-me.*

 Introduce neste texto a partícula *mais* onde sexa posible:

*Eu e o meu amigo Carlos fomos onda o seu avó para que nos falase del e da súa dona nos tempos pasados. A min gústame moito saber cousas del e daquela época de despois da guerra, e tamén de durante a guerra. Ademais este cuadrimestre eu e o meu compañeiro de pupitre temos que presentar un traballo sobre a Guerra Civil e unhas diapositivas sobre a vida cotiá daquela época.*

### Familias léxicas irregulares

Ás veces unha mesma palabra latina dá lugar en galego a varias palabras que presentan formas diferentes segundo sexan **patrimoniais** (ex. *cheo*, que están presentes na lingua desde a súa formación), **semicultas** (ex. *fraco*, que se incorporaron serodidamente á lingua e tiveron unha evolución incompleta) ou **cultas** (ex. *cátedra*, que xa non evolucionaron igual cás patrimoniais porque chegaron despois de que houbese moitas transformacións na lingua). Ademais destas, algunhas palabras da lingua son **préstamos** procedentes doutras linguas (ex. *reixa*, do catalán). Segundo isto, do étimo latino **articulum** derivaron en galego estas palabras:

- **Artigo** (semicultismo): **1.** Categoría gramatical (*Hoxe estudámo-lo artigo*). **2.** Escrito dunha publicación ( *¿Líche-lo artigo sobre ecoloxía da nova revista?*). **3.** Cada unha das partes numeradas dunha lei (*O artigo 2.3 alude ós dereitos civís*).
- **Artello** (patrimonial): Articulación dos dedos (*Coa artrose doen os artellos e as xogas*).
- **Articular, articulación** (cultismos).

Do étimo latino **regulam** derivaron en galego:

- **Regra** (semicultismo): Norma, precepto, lei (*As regras están para cumprilas*).
- **Regular** (cultismo): Establecer regras (*Hai que regula-las bases para o desenvolvemento do proxecto*).
- **Rella** (patrimonial): Parte do arado e da roda do carro (*Romperon as rellas do carro*).
- **Reixa** (préstamo): Serie de varas metálicas que se poñen nos valados, fiestras... (*Se seguen os roubos imos acabar poñendo reixas nas xanelas*).



Enche coas palabras adecuadas:

- A meu pai dóenlle tódolos ..... por mor da artrite.
- Berraba agarrado ás barras da ..... coma un tolo.
- Pretendía ter ..... para todo, non quería sorpresas.
- O ..... ten dous alomorfos: *o* e *-lo*.
- Como non ..... o tráfico neste cruzamento, haberá un accidente.
- Gracias á ..... quedaron os regos listos para a semente.



Escribe palabras relacionadas con:

regra: .....

artigo: .....



REDACTA e continúa o seguinte fragmento empregando o léxico e as formas verbais desta unidade:

*"Tom advertiu que unha suor fría bañaba a súa fronte (...). A mañá da súa partida, a mañá que estivera esperando con gran excitación, comezou desastrosamente" (A pleno sol, Patricia Highsmith)*

.....

.....

.....

.....

.....

O obxecto directo introducido polas preposicións por, con, en e de

Algúns verbos adoitan introduci-lo obxecto directo coas preposicións **por, con, en e de**. Así: **chamar por** (*Chamou pola nai pero non o oía*), **tirar con** (*Tirou co estoxo dos lapis porque non lle saía o debuxo*), **acabar con** (*En pouco tempo acabou con todo o que aforrara*), **rillar en** (*Rillou no turrón duro todo o Nadal*), **sacar de** (*Sacou de navalla e deu en ameazar a todos*)... Coas construcións de **verbo conxugado + xerundio** tamén adoita ir a preposición **en** introducindo o obxecto directo. Exs: *Bota o día matinando no mesmo asunto. Collinte de novo chuchando no marmelo. Non fas máis ca rifar nel.*



- Escribe estas frases empregando as preposicións axeitadas para introduci-lo obxecto directo:
- Era un túzaro e se se anoxaba tiraba os xoguetes ó chan.
  - ¿Viches como o mallaba sen compaixón?
  - Aínda que é cedo andan a sementa-lo millo.
  - Anda debullando aínda aquel tema tan espiñento.
  - ¿Desde cando agardas o teu xenro?
  - Como sigas pelando patacas imos ter que facer un patrón porque non as imos dar comido.
  - ¿Onde está o gato que non o vexo? Está a come-lo peixe.
  - A tódolos insectos lles gorenga chucha-lo doce.

APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA



Observa as seguintes palabras:

persoa                      persoal                      personaxe                      personalidade                      personalizar

Todas elas pertencen a unha mesma familia léxica. As **familias léxicas irregulares** están formadas por palabras patrimoniais, semicultas e cultas segundo o grao de evolución. Neste exemplo algunhas palabras manteñen o **-n-** intervocálico.



Busca e escribe palabras que deriven das que seguen:

- xeral: .....
- xerar: .....
- consoante: .....
- lúa: .....
- orde: .....
- vea: .....
- soar: .....
- dor: .....
- cor: .....
- cheo: .....

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### O PLANETA GALICIA

Como diría o filósofo Caneda, o galego é universalista *per se*. Aclimátase ben en calquera parte e soe seguir ó pé da letra o consello do refrán: en Roma fai coma os romanos (...). En compensación (...) medra no seu interior o mito da terra nai, a absoluta seguridade de que a terra prometida é precisamente a que deixou (...). Mesmo cando vai de turista,

(...) o galego bota unha ollada relativista á infinita muralla de China.

-¿Que? ¿A que é impresionante?- pregúntalle o guía. -Home, non está mal. Pero para muralla, muralla, ¡a muralla de Lugo! (...) Ó galego dinlle que o Escorial é unha das sete marabillas do mundo (...) pero diante da mole xeométrica pensa para si: “Cantería, cantería, a do hórreo de Carnota”. - A estrutura parece consistente -di o galego-, agora en París, coma se a fixesen os da Bazán. Pero, coa man no peito, ¡nin comparación coa Torre de Hércules! E se cae por Copacabana non dubida en felicita-lo amigo brasileiro: “É xeitosa a praiña esta. ¡Case tan boa como a viguesa de Samil!” (...). Onde o galego borda o final é cando o levan á basílica de San Pedro do Vaticano: “Bonita é, non o nego, pero ¿onde teñen o Botafumeiro?”

*La Voz de Galicia*, 28.02.1999

### REFLEXIONAMOS

-  ¿Cales serían, segundo o texto, as ideas que mellor definen o carácter dos galegos?
-  ¿Cal sería o refrán que mellor lle acaese á frase “en Roma fai coma os romanos”?
-  ¿Relacionarías dalgún xeito o fenómeno da emigración coas ideas do texto?
-  Comenta a frase: “medra no seu interior o mito da terra nai, a absoluta seguridade de que a terra prometida é aquela que deixou”.

## HISTORIA DA LINGUA

### As Irmandades da Fala

A principios do século XX, o 18 de maio de 1916, constitúese na Coruña a primeira das **Irmandades da Fala**, á que seguirán outras en Ourense, Vigo e Lugo. Á parte do seu labor político, as Irmandades fixeron unha obra importante, promovendo estudos lingüísticos e reclamando a presenza do galego no ensino e na Administración. Con eles empeza tamén a facerse habitual o uso do galego en actos públicos. Durante estes anos materializáronse os primeiros intentos de codificación da lingua. De 1919 é o *Compendio de gramática galega* promovido polas Irmandades e do que era autor Leandro Carré Alvarelos.

### A Xeración Nós

No ano 1920 comeza a publicación da revista **Nós**, que dá nome a unha xeración cultural da que formaron parte Castelao, Cuevillas, Risco e Otero Pedrayo. O programa destes homes tiña como obxectivo prioritario saca-la cultura galega do folclorismo e do influxo unilateral da cultura castelá. Por primeira vez a cultura faise universal ó entrar en contacto directo coas ideas estéticas e coa ciencia europea. Coa obra dos homes desta xeración o galego logrou unha madurez literaria plena. Pero máis importante desde o punto de vista da recuperación do idioma é que o galego é usado agora por primeira vez en obras de carácter científico.

### O Seminario de Estudos Galegos

A despreocupación das institucións académicas do país polo estudo da realidade galega motivou a creación, no ano 1923, dun instituto oficial que coñecemos co nome de **Seminario de Estudos Galegos** e que considerou Galicia, nos seus aspectos natural e cultural, como obxecto das súas investigacións científicas. Homes do Seminario como Otero Pedrayo, Vicente Risco, que foron tamén compoñentes da Xeración Nós, prestaronlle atención ó estudo filolóxico do galego, e todos eles o usaron como vehículo case exclusivo da súa produción científica.

## COMPLEMENTOS

### As campañas de normalización lingüística

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comezou a promover o uso do galego con campañas institucionais de normalización, para erradicar prexuízos lingüísticos en diferentes ámbitos sociais, no ano 1984.

“**Fálalle galego**” foi a primeira campaña de normalización lingüística organizada coa pretensión de recupera-la comunicación interxeneracional na lingua propia de Galicia.

Superados moitos prexuízos lingüísticos, amplíase esta acción a outras situacións comunicativas coa campaña “**O galego é útil**” que se difunde, principalmente, a través dos medios de comunicación.

A seguinte campaña, “**Mellor en galego**”, realizouse no ano 1989 e centrouse no ámbito comercial mediante a distribución de láminas con vocabularios básicos dos diferentes sectores e a publicación de traballos terminolóxicos específicos feitos a partir desas láminas ou sobre outros campos léxicos. Esta campaña complementouse con outras máis secundarias como “**O nadal galego**” e “**Seguriño**”.

A Administración local é a máis próxima ós cidadáns e por iso cumpría realizar accións específicas que incidiran no uso da lingua por parte dos funcionarios e no coñecemento dos dereitos lingüísticos por parte dos cidadáns. Con esta perspectiva organizáronse as campañas “**En galego con todo o dereito**” e “**No teu concello en galego**”.

No ano 1990 constitúese a Comisión de Normalización Lingüística na xustiza, que comeza por difundir os dereitos lingüísticos do cidadán e incide na posibilidade de galeguización dos nomes propios. No ano 1991 desenvólvese a campaña “**En galego. É de xustiza**” para potencia-las actitudes lingüísticas cara ó galego e motiva-lo seu uso nas relacións coa Administración e cos administrados.

A literatura infantil galega, ademais da súa funcionalidade especificamente literaria, está contribuindo de maneira decisiva na normalización lingüística e por iso se programou a campaña “**A maxia das palabras**”, co obxectivo de servir de canle entre os nenos e nenas de Galicia e os libros escritos para eles.

Nos días en que se está imprimindo este libro estase desenvolvendo a última destas campañas, “**Entre nós, en galego**”, co obxectivo de que a sociedade galega estime o feito de posuír unha lingua propia que constitúe o principal elemento diferenciador da nosa identidade.



*Veño da Virxe da Barca*

*Veño da Virxe da Barca,  
da Virxe da Barca veño,  
veño de abala-la pedra,  
de abala-la pedra veño.*

*Trailaralá, laralá laralla,  
Trailaralá, laralá, laralá.*

*Veño da Virxe da Barca,  
veño de abala-la pedra,  
tamén veño de vos ve-lo  
Santo Cristo de Fisterra.*

*Trailaralá, laralá laralla,  
Trailaralá, laralá, laralá.*

*Veño da Virxe da Barca,  
e vou para Virxe do Monte;  
romeiriños de Muxía,  
vídeme pasar que é noite.*

*Trailaralá, laralá laralla,  
Trailaralá, laralá, laralá.*

Letra e música: Cancioneiro tradicional

*Amoriños collín  
na beiriña do mar;  
amoriños collín,  
non os podo olvidar.*

*Xa fun a Marín,  
xa pasei o mar,  
xa collín laranxas  
do teu laranxal.*

Letra e música: Cancioneiro tradicional



## LECTURA A PRAZA DE ABASTOS

(...) ¿Queredes saber como era unha cidade medieval?

Ese grupo de casas arremuiñado ó redor da catedral é Tui, unha cidade da Idade Media. Foise erguendo ó pé do río Miño, camiño do Atlántico, para estar comunicada cos portos do mundo. As súas rúas son estreitas e retortas (...)

(...) Se nos situamos no medio das hortas dos campesiños veremos ó lonxe as murallas que rodean a cidade. Os labregos cultivan aquí os produtos que van vender logo á praza. Así os veciños que viven no interior poden mercar verzas, feixóns, uvas e outras cousas do campo.

Os campesiños tamén ceban porcos e crían becerros para fornecer a cidade de xamóns, chourizos e carne fresca. Das vacas sacan o leite que levan diariamente ás casas. As leiteiras érguense moi cedo, aínda antes de rompe-lo día. Das viñas que veredes por aí emparradas collen as uvas para face-lo viño.

Os labregos non venden todo na cidade. Tamén van ás feiras próximas. Os produtos transpórtanos en mulas de carga, formando ás veces longas recuas de animais. Isto anima moito os camiños, uns que veñen, outros que van, fala de aquí, fala de alá, risas...

*Os habitantes das cidades*, ed. A nosa terra infantil

### ¿QUEN É O AUTOR?

? O autor deste fragmento naceu en Vigo no ano 1954. É un dos máis constantes cultivadores do chiste visual e da caricatura política.

? Foi un dos promotores da revista de humor gráfico galego *Can sen dono* e foi tamén un pioneiro das historietas animadas para a televisión.

? Cultiva a ilustración de libros infantís cunha gran facilidade para comunicarse cos nenos. Destaca a fábula *Dona Carme* e o conto *A porta prohibida*.

? Colabora en múltiples publicacións como *La voz de Galicia*, *El pueblo gallego*, *Hoja del lunes*, *Faro de Vigo* e outras moitas.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO



Explica por escrito por que levan acento gráfico estas palabras da lectura:

ó: \_\_\_\_\_ rúas: \_\_\_\_\_

pé: \_\_\_\_\_ á: \_\_\_\_\_



REDACTA un texto breve onde narres, de xeito imaxinario, as vivencias dun labrego galego nun día calquera de feira.

Na época medieval, por riba dos servos e por debaixo dos propietarios libres, comeza a medra-lo grupo dos campesiños dependentes, ou daqueles que, para asegura-la protección dos que están en condicións de ofrecérllela, deciden recoñecer un *dominus* (amo) mediante a entrega da totalidade ou dunha parte das súas terras.



### ORALIDADE:

Logo da lectura do texto anterior, debatede acerca das melloras, retrocesos, facilidades, dificultades, etc. da explotación agraria actual respecto da de épocas anteriores.

TRABALLAMOS CO LÉXICO

Fai unha oración con cada unha das seguintes palabras da lectura:

arremuiñado: \_\_\_\_\_

feixóns: \_\_\_\_\_

fornecer: \_\_\_\_\_

recuas: \_\_\_\_\_

No texto aparecen varios substantivos que denominan produtos que se poden vender na praza. Amplía o seguinte cadro coas palabras que se che proporcionan á marxe ou con outras que ti coñezas:

| Carnes    | Peixes e mariscos | Froitas  | Verduras | xibas      | año          |
|-----------|-------------------|----------|----------|------------|--------------|
| porco     | abadexo           | uvas     | verzas   | paspallás  | carneiro     |
| becerro   | linguado          | amorodos | feixóns  | figo       | bacallao     |
| chourizos | polbo             | cirolas  | perexil  | sardiñas   | parrulo      |
| _____     | _____             | _____    | _____    | costeleta  | meiga        |
| _____     | _____             | _____    | _____    | lagosta    | xurelo       |
| _____     | _____             | _____    | _____    | entrecosto | améndoa      |
| _____     | _____             | _____    | _____    | boi        | cereixa      |
| _____     | _____             | _____    | _____    | fatón      | claudia      |
| _____     | _____             | _____    | _____    | pexego     | nabizas      |
| _____     | _____             | _____    | _____    | chícharos  | allos        |
| _____     | _____             | _____    | _____    | cirola     | allos porros |
| _____     | _____             | _____    | _____    | raxo       | luras        |
| _____     | _____             | _____    | _____    | fabas      | (outros)     |

Escribe os verbos e substantivos que expresan, nun sentido amplo, as relacións que se poden establecer nunha praza de abastos:

Verbos: apalpar, \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Substantivos: regateo, \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Describe o que podes ver nun supermercado segundo percórre-las distintas seccións.

Contrapón o sistema de venda dun hipermercado ó dun mercado tradicional.

Dá cinco razóns polas que, segundo a calidade dos produtos, prefires, para face-la compra, un hipermercado ou unha praza de abastos.



Explica o significado dos seguintes refráns:

- Na cortadoría non hai carne que non se venda: uns piden lombo, outros agulla e outros perna.
- O percebe e o salmón en maio están en sazón.
- Leva o teu ó mercado, uns diranche bo e outros diranche malo.
- Ata axustar podes regatear; mais, despois de axustar, debes pagar.
- O que á unha da tarde anda na praza, de seguro alí ten a súa casa.



Logo de lére-las seguintes cantigas comenta o seu significado e compón ti outros exemplos con estrutura e significado semellantes.

*Teño unha herba na horta  
que lle chaman escarola.  
As rapaciñas de agora  
non teñen senón parola.*

*Cereixiñas frescas, vermellas,  
ledicia dos pomariños,  
son as xoias das orellas  
das filliñas dos pobriños.*

*Moza que vendes peras,  
¿cantas che mandaron dar?  
Para ti, meu queridíño,  
non mas mandaron contar.*

## O número dos nomes

O número plural contraponse ó singular porque nomea dúas ou máis cousas. Fórmase deste xeito:

- as palabras que rematan en vogal ou en ditongo engaden un **-s**:  
*café / cafés; lei / leis; virxe / virxes*
- as palabras rematadas en consoante que non sexa -s nin -n engaden **-es**:  
*capaz / capaces; amor / amores; deus / deuses*
- as palabras rematadas en -n no singular fan o plural engadindo un **-s**:  
*can / cans; lacazán / lacazáns; almacén / almacéns*
- os monosílabos rematados en -l forman o plural engadindo **-es**:  
*cal / cales; fel / feles; sol / soles*
- as polisílabas agudas finalizadas en -al, -el, -ol, -ul fan o plural en **-is**:  
*real / reais; hotel / hoteis; anzol / anzois; baúl / baúis*
- as palabras rematadas en -il fano en **-ís** (acentuado):  
*candil / candís; funil / funís*
- as palabras graves rematadas en -l engaden **-es**:  
*móbil / móbiles; réptil / réptiles; útil / útiles*
- as palabras compostas, nas que o segundo elemento é un monosílabo, engaden **-es**:  
*ollomol / ollomoles; chuchamel / chuchameles*
- nas palabras compostas por un *substantivo + preposición + substantivo* toma a marca de plural o primeiro elemento:  
*caixa de aforro / caixas de aforro*
- nas compostas por *adxectivo + substantivo*, *verbo + substantivo* ou *adxectivo/verbo + verbo* só o último elemento leva a marca de plural:  
*baixorrelevo / baixorrelevos;alebule / alebules; vichelocrego / vichelocregos*
- nas compostas por *substantivo + substantivo* ou *substantivo + adxectivo* os dous elementos collen as marcas do plural:  
*caixa forte / caixas fortes; porco teixo / porcos teixos*

Hai un grupo de palabras que son invariables:

- os substantivos rematados en -x:  
*o/os tórax, o/os clímax, o/os fax*
- os substantivos rematados en -s:  
*o/os luns, o/os martes, o/os mércores, o/os xoves, o/os venres, o/os oasis*

Son excepcións ó punto anterior os monosílabos e os polisílabos agudos:

*a res / as reses, o fregués / os fregueses*

## REPARA

*Hai algunhas palabras ou locucións que son invariables en número tanto no singular coma no plural:*

*Invariables en singular: preguiza, tolerancia, bondade, avaricia, Renacemento, xeografía, Idade Media...*

*Invariables en plural: os arredores, ás veces, ás apalpadas, as fías, as exequias, os alicates...*



Pasa para o plural as seguintes palabras simples:

infantil: \_\_\_\_\_ ; áxil: \_\_\_\_\_ ; deus: \_\_\_\_\_ ; israelí: \_\_\_\_\_ ; rei: \_\_\_\_\_ ;  
bocoi: \_\_\_\_\_ ; débil: \_\_\_\_\_ ; control: \_\_\_\_\_ ; cóxegas: \_\_\_\_\_ ; real: \_\_\_\_\_ .



Pasa para o plural as seguintes palabras compostas:

pan de sapo: \_\_\_\_\_ ; gardalama: \_\_\_\_\_ ; garda civil: \_\_\_\_\_ ;  
socio-político: \_\_\_\_\_ ; estrela do mar: \_\_\_\_\_ ; pita do monte: \_\_\_\_\_ .



Cambia de número as seguintes frases:

- Tiña o pé pousado enriba da caixa.
- O mes de xaneiro é o máis difícil para o que gaña pouco.
- Aquel explorador alemán tivo medo de que o bantú o botase naquel bocoi de auga quente.
- Non hai ningunha lei que regule as horas de traballo da manequín filipina.
- Nalgún país oriental desapareceu o control policial sobre o prezo do café e do rubí.



Pasa para o plural o seguinte texto de María Xosé Queizán facendo tódalas modificacións que cumpran para mante-la coherencia:

*[...] Incluso calado impuña a súa personalidade, aquela que herdara da súa familia que dispuña coa mesma eficacia ó servo que ás cartas sobre a tábula onde asombraba coa súa arte adiviñatoria; esa que fora instruída por unha escrava oriental.[...]*



Enche os ocos con *te* ou *che* para logra-la significación que expresa o cadro da dereita:

- Nós ben \_\_\_\_\_ sentimos berrar onte pola noite no xardín.
- Non deberían dicir \_\_\_\_\_ o que pasou onte pola mañá na praza.
- Vendo \_\_\_\_\_ en tan boa forma física, os rivais gañaran \_\_\_\_\_ medo.
- Fíxo \_\_\_\_\_ ir ata o garaxe para que víra-la moto que mercara.
- Non \_\_\_\_\_ deixan tomar sal nas comidas.

**A TI**

## LEMBRA

*Como se viu na unidade 8, en galego utilizamos un pronome átono para o complemento indirecto (che) e outro para o complemento directo (te). Para saber se **te** ou **che** están correctamente empregados non temos máis que pasa-las frases para a terceira persoa e substituír **che** por **lle** e **te** por **o/a**. Se o cambio é posible a frase será correcta.*



Enche os ocos con *te* ou *che* segundo conveña:

- Desenguedellei \_\_\_\_\_ ben o pelo para que \_\_\_\_\_ poidas peitear ben.
- Non \_\_\_\_\_ está o forno para bolos.
- Ver non \_\_\_\_\_ vería, pero mirar mirou \_\_\_\_\_ .
- Lévo \_\_\_\_\_ no meu coche e mándo \_\_\_\_\_ os paquetes polo correo.
- Eu ben quixera dicir \_\_\_\_\_ o que sinto ó mirar \_\_\_\_\_ .



Escribe cinco frases onde empregues *te* e outras cinco onde empregues *che*.



Completa os ocos destas cantigas con *te* ou *che* segundo conveña:

*Miña mociña querida*  
*moi alta \_\_\_\_\_ fuches pór*  
*dá \_\_\_\_\_ o aire,*  
*dá \_\_\_\_\_ o vento*  
*dá \_\_\_\_\_ o sol todo ó redor.*

*Meu cabaliño, cabalo,*  
*eu non \_\_\_\_\_ podo entender*  
*vou \_\_\_\_\_ da-la cebada*  
*e non a queres comer,*  
*hei \_\_\_\_\_ de corta-las pernas*  
*para que non poidas correr.*

## O participio

- O **participio** é a forma que adopta o verbo para funcionar como adxectivo:

*Deixou a mesa posta e a cea paga.*

- O seu carácter verbal maniféstase case exclusivamente na pasiva e nas perífrases verbais:

*Interrogados os familiares pola policía, os investigadores desprazáronse a Ourense.*

- Os participios regulares fórmanse engadindo a desinencia **-ado** ó radical dos verbos da primeira conjugación e **-ido** ós da segunda e terceira: *cantar* → *cantado*; *saber* → *sabido*; *rir* → *rido*

- Moitos verbos irregulares forman tamén irregularmente o seu participio: *dicir* → *dito*; *facer* → *feito*; *poñer* → *posto*; *ver* → *visto*

- Outros moitos teñen unha dobre forma para o participio:

Unha regular, en función verbal (perífrases e pasiva): *Se non dás espertado voute chamar eu.*

Outra irregular, sempre como adxectivo: *A ver se mañá estás esperto ás oito.*

- Algúns dos verbos con dobre participio, regular e irregular, son estes:

| <b>verbo</b>      | <b>part. reg./part. irreg.</b> | <b>verbo</b>       | <b>part. reg./part. irreg.</b> | <b>verbo</b>      | <b>part. reg./part. irreg.</b> |
|-------------------|--------------------------------|--------------------|--------------------------------|-------------------|--------------------------------|
| <i>abrir</i> →    | <i>abrido/aberto</i>           | <i>corromper</i> → | <i>corrompido/corrupto</i>     | <i>imprimir</i> → | <i>imprimido/impreso</i>       |
| <i>acender</i> →  | <i>acendido/aceso</i>          | <i>chocar</i> →    | <i>chocado/choco</i>           | <i>morrer</i> →   | <i>morrido/morto</i>           |
| <i>bendicir</i> → | <i>bendicido/bendito</i>       | <i>elixir</i> →    | <i>elixido/electo</i>          | <i>pagar</i> →    | <i>pagado/pago</i>             |
| <i>cansar</i> →   | <i>cansado/canso</i>           | <i>enxugar</i> →   | <i>enxugado/enxoito</i>        | <i>quentar</i> →  | <i>quentado/quente</i>         |
| <i>coller</i> →   | <i>collido/colleito</i>        | <i>espertar</i> →  | <i>espertado/esperto</i>       | <i>romper</i> →   | <i>rompido/roto</i>            |
| <i>comer</i> →    | <i>comido/comesto</i>          | <i>eximir</i> →    | <i>eximido/exento</i>          | <i>tinxir</i> →   | <i>tinxido/tinto</i>           |
| <i>corrixir</i> → | <i>corrixido/correcto</i>      | <i>fixar</i> →     | <i>fixado/fixo</i>             | <i>xuntar</i> →   | <i>xuntado/xunto</i>           |

Amada dos vellos deuses,  
mortos e esquecidos xa,  
que Sálvora lle chamaron  
afeitos nela a topar  
repouso doce e tranquilo  
de celestiais afáns,  
inda está tendida a escada  
que baixa do ceo ó chan,  
envolveita e recuberta  
de bretemoso cendal  
feito de rendas garnidas  
por divinos teceláns.

Sinala os participios que atopes neste fragmento de *Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas. Con cada un deles redacta unha frase.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Escribe o infinitivo dos seguintes participios e, se a teñen, a outra forma do participio:

envolvido                      collido                      quentado                      tinxido                      comido

.....

.....

Sabendo que o participio irregular é o que ten valor adxectivo e o regular valor verbal, completa estas frases co participio axeitado:

- A porta estaba ..... (abrir) e gañei medo.
- A situación foime ..... (describir) con todo detalle, pero aínda así non me deu ..... (convencer) de quen foi o culpable.
- O presidente saíu ..... (elixir) por maioría absoluta.
- Pensei que non te dabas ..... (fartar) de noces.
- Hoxe vai pouco aire e non che vai dar ..... (enxugar) a roupa, a ver sequera se mañá estivese ..... (enxugar) a miña camisa.

A formación do futuro e do pospretérito

- O futuro indica unha acción posterior ó momento actual, é dicir, indica tempo vindeiro.
- O pospretérito expresa unha acción futura medida desde o pasado; é un futuro do pasado.
- Estas dúas formas verbais fórmanse engadíndolle ó infinitivo os sufixos seguintes:

| (futuro) | (pospretérito) |
|----------|----------------|
| -ei      | -ía            |
| -ás      | -ías           |
| -á       | -ía            |
| -emos    | -íamos         |
| -edes    | -íades         |
| -án      | -ían           |

REPARA

- Os verbos **fac**er e **dic**ir constitúen unha excepción e forman estes tempos sobre a base **farei, faría e direi, diría**.
- O futuro e o pospretérito poden ter outros valores:
  - **obriga**: Non mentirás.
  - **probabilidade, incerteza**: Por onde andará aquel home.
  - **retrospección**: Cos romanos, Galicia será castigada.
  - **consello**: Deberías deixar de fumar.
  - **aproximación**: Habería mil persoas no concerto.



Reescribe o seguinte texto tomado de *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro e cambia os verbos para o postretérito.

*Amigo Felipe, díxome meu don Merlín, en anoitecendo o día de hoxe tes que saír de viaxe [...]. Porás a túa roupa mellor [...] e na mula da señora ama levaralo cesto grande de mazás.*



Pon en futuro as seguintes frases:

- Eu sempre paseo pola beirarrúa nas cidades para evitar perigos e atropelos innecesarios.
- Lin o libro de Manuel Rivas e xa cho deixo no teu cuarto.
- Nós estivemos na festa do bacallau porque non choveu. Ademais, xa o anunciara a televisión.
- Teño unha dor de riles insupportable porque traballo en exceso.



Fai unha frase co futuro e outra co pospretérito destes verbos:

rir:.....

ler:.....

pór: .....



Substitúe as perífrases verbais e os verbos destas frases por futuros e pospretéritos:

- Teño que ir a Santiago hoxe pero non teño coche.
- Habemos botar unha partida despois de xantar na taberna da ponte nova.
- Van acusa-lo ministerio fiscal de suborno.
- Has fala-lo caso co teu veciño Antón e despois dáme razón de todo.

## Os substantivos derivados de verbos

Igual que os verbos, indican unha actividade en proceso.

Os sufixos máis frecuentes na formación de substantivos a partir de verbos son:

- ado/-ada:** mercado, sollado, bailada, chorada, mirada, trabada...
- ido/-ida:** batido, fundido, sentido, ferida, fuxida, saída, traída...
- ido** (derivados de verbos da 1ª conjugación): berrido, bruído, estalido, laído, ronquido...
- ela:** bebedela, mordedela, rachadela...
- ancia, -anza, -encia, -enza:** abundancia, alianza, conveniencia, doenza...
- ante, -ente, -inte:** axudante, navegante, invidente, oínte...
- ción, -sión:** audición, bendición, incursión, profesión...
- doiro, doira/-torio, -toria:** mazadoiro, manxadoira, dormitorio, observatorio, escapatoria...
- dor, -dora:** comedor, conxelador, lavadora, picadora...
- tor, -sor, -or:** construtor, agrimensor, sucesor...
- deiro, -eiro:** apeadeiro, bebedeiro, vertedeiro, madureiro, malleira...
- mento:** doutoramento, falecemento, illamento, lucimento...
- dura:** atadura, pechadura, queimadura...
- aría, -ería:** cestería, panadería... mercería...



Forma substantivos a partir dos seguintes verbos e escribe unha frase con cada un deles: servir, durmir, orar, xogar, deber, reter, estirar, comer, andar e petar.

### A construción coller, agarrar, ir(se) + e + verbo

Esta construción perifrástica non se axusta ó modelo morfolóxico que temos visto ata agora para as perífrases verbais de *verbo auxiliar + infinitivo, xerundio ou participio*. Os estudosos non as inclúen dentro do grupo das perífrases malia que presentan unidade sintáctica e temática. Son casos como:

**agarrou e marchou:** *Chegoulle a hora e agarrou e marchou sen dicir nada.*

**colleu e escapou:** *Ó decatarse de que eramos máis fortes ca el, colleu e escapou.*

**colle e dille:** *Colle e dille o que nos comentou teu irmán hoxe na festa.*

**vou e digo:** *Eu, se falo na asemblea, vou e digo o que me parece.*

Repara en que o segundo verbo ten que ir no mesmo tempo que o anterior.

Aínda que se trata dunha construción coloquial temos exemplos na lingua literaria:

[...] *E a miña tía cando veu entrar por portas a aquel home tan grande, con aquela blusa moura, o colar ó pescozo e nas mans as ferramentas, vai a rapaciña e desmaiouse.*



REDACTA un texto dialogado onde empregues algunhas das construcións anteriores.

### Outros adverbios e locucións adverbiais de modo

Ademais dos adverbios e locucións adverbiais de modo que xa vimos en unidades anteriores convén coñecer estoutros:

- **adrede, a mantenta, a propósito:** indican intencionalidade na acción:  
*Escachou o prato a mantenta para que non lle botara de comer.*
- **asemade:** simultaneamente, conxuntamente, á vez:  
*Chovía e ía sol asemade.*
- **de balde:** gratis, sen custo ningún:  
*Retelloulle a casa de balde en dous días e medio.*
- **de súpeto, de repente, de golpe, de socato:** indica que algo foi feito de maneira inesperada:  
*De súpeto púxose a nevar.*



Substitúe nestes exemplos tomados de *Follas novas* e *A esmorga* os adverbios e locucións adverbiais subliñados:

[...]parecen feitos adrede  
para lerse a sopramocos.

[...]De socato Xan parouse e quedouse  
albiscando para un costado[...]



Escribe unha frase con cada locución estudiada antes.



Introduce nestas frases as locucións adverbiais de modo que consideres axeitadas:

- Canta e toca a guitarra na orquestra ó mesmo tempo.
- Fun á escola o día de folga do profesorado porque me deu a gana.
- Fixo os exercicios tal e como lle cadrou, sen pensar nada.
- O labrego collía nas patacas rego a rego, sen saltar ningún.
- Érguese tarde e despois anda coma un tolo porque non ten tempo para nada.
- Estaba todo calmo e sen que ninguén o esperara deu en ventar moi forte.
- Non veñas intencionadamente buscarme pola casa. Eu ben vou a pé.

## APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

En galego temos algúns pares de palabras que, polo uso ou por seren moi semellantes, tenden a confundirse no seu emprego e débémolas fixar correctamente:

- **unir**: sumar dúas ou máis cousas, xuntar (*Imos uni-las forzas en prol da liberdade*).
- **xunguir**: suxeitar ó xugo (*Xunguiremos dúas vacas ó carro de madeira*).
- **xota**: danza popular que consta de dúas partes diferenciadas, *punto e volta* (*Aquelas rapazas bailaban moi ben a xota*).
- **iota**: letra [i] (*O iota é unha letra que no galego só se utiliza en préstamos*).
- **triunfo**: vitoria, efecto de triunfar (*O corredor de fondo acadou o triunfo na carreira do domingo*).
- **trunfo**: cartas do pau da baralla que vencen ás demais (*María puxo trunfo bastos*).
- **sono**: gana de durmir (*Deiteime moi tarde e teño un sono que morro*).
- **soño**: imaxinacións que temos mentres durmimos (*Esta noite tiveron un soño do máis curioso*).
- **fogo**: coincide con *lume* cando ten o significado de luz e calor producidos pola combustión (*Cando o fogo anda á estopa, vén o demo e sopra*) pero non cando significa artificio de pólvora (*Nas festas da parroquia botaron cen mil pesetas en fogos*).
- **lume**: a luz e a calor desprendidas por unha materia que arde (*Tócache salta-lo lume de San Xoán*).

## HISTORIA DA LINGUA

### O século XX: 1900 - 1936

A recuperación literaria do galego foi ascendente, e alcanzou un grao notable de desenvolvemento antes da Guerra Civil. Pero era obra fundamentalmente dunha elite cultural. Mentres tanto a situación social do galego continuaba deteriorándose polo descenso de monolingües galegos, debido á alfabetización exclusivamente en castelán e á falta total da presenza do noso idioma na Administración e na igrexa.

O papel da escola era perfectamente percibido polos mentores do goberno en política idiomática: "*Hay que llevar urgentemente el español a las montañas gallegas*" (Américo Castro, 1922).

O influxo positivo da actividade daquela elite cultural galeguista non foi suficiente para contrarrestar os efectos negativos derivados da situación subalterna do galego.

### O Estatuto do 1936

Despois da caída da ditadura de Primo de Rivera (1930) é instaurada a Segunda República (1931). Durante ese período alcanza un considerable desenvolvemento en Galicia o movemento nacionalista.

Entre as máis importantes reivindicacións do nacionalismo figura a devolución a Galicia dos seus dereitos idiomáticos. Isto encontra a súa formulación legal no **Estatuto de autonomía**, plebiscitado en xuño de 1936, que no seu artigo 40 establece que "**serán idiomas oficiais en Galicia o castelán e o galego**". É o primeiro recoñecemento legal da oficialidade do galego en toda a historia. A Guerra Civil malogrou esta conquista.

Os resultados oficiais do referendo sobre o Estatuto foron:

- Censo de electores: 1.343.135
- Número de votantes: 1.000.963
- Votaron si: 993.351
- Votaron non: 6.161
- Votaron en branco: 1.451

### A Guerra Civil

Entre as moitas consecuencias negativas da Guerra Civil hai algunhas que afectan moi directamente a recuperación do idioma:

1) Impediu a entrada en vigor do Estatuto de autonomía, no que se establecía a cooficialidade do galego.

2) Malogrou o traballo dos homes que loitaron pola recuperación idiomática, ben fusilándoos, ou anulándoos co exilio e o silencio.

O esforzo dun século enteiro foi destruído: editoriais, revistas, institucións, todo aquilo, en fin, que fora creando as bases da reconstrución cultural de Galicia.

O comezo da guerra significou tanto a non implantación do estatuto como o corte de tódalas actividades culturais e científicas relacionadas con Galicia e co galego.

COMPLEMENTOS

As palabras dos nosos poetas

*A lingua é o noso escudo. Ninguén, sexa a que sexa a forza asoballante en que se apoie e o poder de que dispoña, conseguirá trocar a espiritualidade dun pobo nin afogar a súa fala, que é a chave da porta da súa liberdade e o facho que alumea os seus roteiros de eternidade.*

Ramón Cabanillas

*Ningún idioma alleo –por ilustre que sexa– poderá expresar, en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego.*

Castelao

*Cantarte hei, Galicia,  
teus doce cantares,  
que así mo pediron  
na beira do mar.*

*Cantarte hei, Galicia,  
na lingua galega,  
consolo dos males,  
alivio das penas.*

*Que así mo pediron,  
que así mo mandaron,  
que cante e que cante  
na lingua que eu falo.*

Rosalía de Castro

*Lévame, meu carro, leva,  
polá meiga terra nosa  
que a miña alma saudosa  
lonxe dela non se afai.*

*¡Lévame por onde se escoite  
a fala doce e sentida  
entre bicos desprendida  
no colo de miña nai.*

Ramón Cabanillas

*“O galego que non fala  
na lingua da súa terra  
nin sabe o que ten de seu  
nin é merecente dela”.*

Romance da lingua galega  
Darío Xohán Cabana

*Nobre e harmoniosa  
fala de Breogán,  
fala boa, de fortes  
e grandes sen rival;  
ti do celta ós oídos  
sempre soando estás  
como soan os pinos  
na costa de Froxán;  
ti dos eidos da Celtia  
e co tempo serás  
un lábaro sagrado  
que ó triunfo guiará,  
fala nobre, harmoniosa,  
fala de Breogán!*

Eduardo Pondal

*Que lonxe, que lonxe estás  
canta terra entre nós dous  
pero dende que te fuches  
ai amor, ai amor.*

*Cando busco nos teus ollos  
bagóame o corazón  
cantas cousas non pasaron  
ai amor, ai amor.*

*Pasaron meses e anos  
e a mocidade pasou  
mido por noites o tempo  
ai amor, ai amor.*

*Por ti agardo cada día  
ateigada de ilusión.  
ven axiña, volta a min  
ai amor, ai amor.*

*Ai amor que lonxanía  
que soidade, que dolor  
vivir sen ti non é vida  
ai amor, ai amor.*

*Cartas van e cartas veñen  
e as palabras tintas son  
quero escoita-la túa voz  
ai amor, ai amor.*

Letra: Neira Vilas  
Música: A Quenlla



## LECTURA A FAUNA E A FLORA

### O VAL

Ouh, largacío val de Celanova  
que o meu amor de neno acariñaches  
con sombras doutros paxaros e ventos  
cantando polos bosques.

As maceiras, os acevos e os \*pinos que te arrolan  
apréixanme a cintura tan galana,  
tan cinguida dos ríos namorados,  
meu rumoroso val dos pintorreis,  
das calandrias, das pegas, das papuxas,  
polo serán arriba  
nun solpor de afastados horizontes.

Val das campás fondas, bolboretas,  
feitas flores cheirosas nos curutos,  
rosas de quente voz polas ladeiras.

Val das raposas loiras, das doniñas  
que entre as carqueixas pasan fuxidoras  
mentres as ras orquestran nas xunqueiras  
noites mainas de luz estrelecida.

\* piñeiros

O soño sulagado, ed. Akal (fragmento)

### ¿QUEN É O AUTOR?

? Naceu en 1914 na vila que se cita no poema.

? Segundo el, a súa poesía “ten unha función alleante porque contribúe á supervivencia da nosa etnia e da súa conciencia particularista”.

? En 1966 emigrou a Venezuela, de onde regresou decepcionado pola catividade mental do sector máis reaccionario da emigración galega, o que reflectiu e criticou nas súas obras.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

 O fragmento da lectura é un texto poético. Baseándote nel escribe as características dos textos poéticos fronte ós narrativos. Di cal é a clase de palabras predominante. ¿Cal cres que pode se-la razón? ¿Que efecto cres que busca o autor?

 Escribe unha oración con cada unha destas palabras do texto: *largacío*, *acariñar* e *mainas*.

 Escribe algún sinónimo de *cheirosas*, *curuto* e *cinguir*.

 Escribe outros nomes para: *maceiras*, *\* pinos*, *bolboreta*, *doniñas*, *carqueixas* e *xunqueiras*.

### ORALIDADE:

1. Alfonso D. Rodríguez Castelao escribiu que “*non é cousa doutro mundo pinta-lo que ven os ollos, que serán comestos polos vermes, pero na paisaxe hai máis cousas que ver*”. ¿Cres que a paisaxe galega mudou moito nos últimos tempos? ¿Cales son as diferenzas fundamentais?
2. Debatede sobre o sentido do seguinte fragmento: “*A contaminación, o burato da capa de ozono, o urbanismo salvaxe (...), son cousas todas froito do capitalismo. En todo caso, o home é a mesma natureza, que ninguén se preocupe, a cousa é do máis natural*” (A Cerna, Pepe Carreiro).

TRABALLAMOS CO LÉXICO

Selecciona e escribe as palabras do texto relacionadas coa fauna e coa flora. Escribe tamén as que se refiran á oronimia. Amplía o teu coñecemento do léxico desta unidade con este cadro:

|                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|---------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Animais domésticos</b>                   | Boi, vaca, touro, galiña, galo, pito, coello, porco, rancho (bácoro), pucho (xato, becerro, vitelo), ovella, carneiro, cabra, bode (godallo), cabalo, egua, can (cadela), gato, rato...                                                                                                                                                              |
| <b>Animais salvaxes</b>                     | oso, lobo, xabaril (porco bravo), raposo (golpe), denociña, esquío, teixugo (porco teixo), veado, lontra, garduña, xirafa, camelo, ourizo, furón, leirón...                                                                                                                                                                                          |
| <b>Aves e paxaros</b>                       | peto, carrizo, paspallás, pita de monte, lavandeira, pardal, xílgaro, cegoña, pelicano, estorniño, paporrubio, andoriña, gaivota, pomba, curuxa, moucho, merlo, corvo, bubela, rula, pega, aguia, gabián, parrulo...                                                                                                                                 |
| <b>Insectos</b>                             | escaravello, abella, abázcaro, bolboreta, cabalo do demo, cascuda, vacaloura (escornabois), carracha, lucecú (vagalume), saltón (besbello), grilo, avessa, traza (couza), termite, xoaniña, cadela de frade, eiruga...                                                                                                                               |
| <b>Animais mariños</b>                      | lamprea, rodaballo, anguía, xouba, bacallau, pescada, xarda, tiburón, quenlla, golfiño, arroz, robaliza, congro, solla, linguado, bertorella, morea, congro, muxo, chicharro, balea, caldeirón, cangrexo, boi, nécora, lumbrigante, lagosta, ameixa, mexillón, zamburiña, caramuxos, luras, choco, polbo, xiba, tartaruga, augamar, algas, liques... |
| <b>Anfibios e réptiles</b>                  | ra, sapo, crocodilo, pingüín, cobra, liscanzo, píntega, sanguesuga, serpe, lagarto, lagarta, lombriga, lesma...                                                                                                                                                                                                                                      |
| <b>Plantas arbustos e flores silvestres</b> | mapoula, mexacán, trevo, alelí, xasmín, estalote, abeluria, fiúncho, fieito (fento, felgo) queiroga, toxo, piorno, mirasol, romeu, tomiño, margarida, canaval, ourego, cogomelo, cacto, silva, amorodeira...                                                                                                                                         |
| <b>Árbores froiteiras</b>                   | maceira, pereira, figueira, amendoeira, abeleira, nogueira, cerdeira, guindeira, castiñeiro, pexegueiro, pavieira, marmeleiro, laranxeira, oliveira, plataneiro...                                                                                                                                                                                   |
| <b>Árbores non froiteiras</b>               | carballo, sobreira, salgueiro, teixo, freixo, acevo (acivro), bidueiro (bido), sabugueiro, faia, piñeiro...                                                                                                                                                                                                                                          |

Distribúe as seguintes palabras en dous grupos segundo estean relacioadas co mundo da fauna ou coa flora:

*seiva, carballeira, crista, abeledo, acazaparse, enxerir, sebe, rillar, abrocho, casulo, mordedela, pebideira, póla, pouta, murchar, gadoupa, desova, niño, abeledo, ouvear, tobo, souto, serpear, ferrón, avellariza, manda, rabaño, salcedo, gorida, pelaxe, peteiro, xermolar e invernadoiro.*



Fíxate nos animais que se citan neste poema pertencente a *Os eidos* de Uxío Novoneyra e os verbos que expresan o son que emiten. Engade ti outros.

|                         |                           |                             |
|-------------------------|---------------------------|-----------------------------|
| <i>Úa o pombo</i>       | <i>Arrola a rola.</i>     | <i>NADA está lonxe.</i>     |
| <i>pró sol longo...</i> | <i>Canta o paspallás.</i> | <i>Os campiños das uces</i> |
|                         | <i>¡Mapoulas rosas</i>    | <i>cobren os montes</i>     |
|                         | <i>no ouro do pan!</i>    | <i>de ferruxe.</i>          |



Le o seguinte texto e fíxate no percorrido que fai Anxel Fole polas terras altas do Courel e como vai describindo a súa fauna e flora. Logo da lectura fai ti unha descrición dunha paraxe natural que coñezas (ou mesmo podes inventala) enumerando as especies vexetais e animais que se poden atopar.

*Terra do Courel, áspera e forte (...). Terra brava de lobos e aguías: terra outa de fragas e devesas (...). Hai faías e chopos, rebolos e bidueiras (...). Nalgúns sitios lamaguentos tamén se atopa unha especie de salgueiro que se chama paleira (...). Nas devesas da Rogueira hai teixos grandísimos (...). Por alí anda o lobo e o xabarín. Unha vez vimos dez lobos xuntos cando iamos derrubar uns castiñeiros bravos (...). Segundo os vellos máis vellos, hai moitos anos nas devesas había osos e cervos, e nos cumiais moitos rebezos, mais aínda se atopan corzos e xabaríns, e tamén moitas perdices, lebres e coellos (...). Tamén se atopan algunhas lontras, que non é nada doado cazalas (...). Tamén hai arceas e labancos e moitos parrulos bravos na lagoa de Seara, que mide uns mil douscentos metros de perímetro. Por iso son chamadas estas terras “o paraíso do cazador e do pescador”.*

Anxel Fole, *Á lus do candil*.

### Os morfemas de xénero para a expresión doutros valores

Xa se viu que ás veces a distinción de xéneros implica unha alteración de significado que pode consistir en:

- Designación de obxectos distintos: *o caldeiro, a caldeira; coitelo, coitela*
- Diferenza de tamaños ou formas (o feminino designa o de maior tamaño): *leiro, leira*
- Designación do individual (masc.) fronte ó colectivo (fem.): *froito, froita; ovo, ova*



Indica o valor na flexión do xénero nos pares de palabras que seguen:

|               |                 |                 |
|---------------|-----------------|-----------------|
| trazo/traza   | tempo/tempa     | machado/machada |
| tixolo/tixola | agro/agra       | pozo/poza       |
| tallo/talla   | coitelo/coitela | leiro/leira     |



Escribe o nome correspondente a estas definicións que contraponen o masculino e o feminino:

|                                            |                                         |
|--------------------------------------------|-----------------------------------------|
| pan de feitura pequena .....               | peza de pan grande estreita .....       |
| asento longo e estreito .....              | masa dos mercados públicos .....        |
| orificio, oco .....                        | cova .....                              |
| embrión das aves .....                     | conxunto de ovos de certos peixes ..... |
| amoreamento de palla .....                 | lugar pechado onde se garda o feo ..... |
| pena, rocha .....                          | lugar onde hai penas .....              |
| calzado de coiro con piso de madeira ..... | calzado de madeira dunha soa peza ..... |

| VERBOS QUE ACABAN EN -AÍR, OER E OÍR |         |         |        |
|--------------------------------------|---------|---------|--------|
| CAER                                 | SAÍR    | MOER    | OÍR    |
| presente de indicativo               |         |         |        |
| caio                                 | saio    | moio    | oio    |
| caes                                 | saes    | moes    | oes    |
| cae                                  | sae     | moe     | oe     |
| caemos                               | saímos  | moemos  | oímos  |
| caedes                               | saídes  | moedes  | oídes  |
| caen                                 | saen    | moen    | oen    |
| presente de subxuntivo               |         |         |        |
| caia                                 | saia    | moia    | oia    |
| caias                                | saias   | moias   | oias   |
| caia                                 | saia    | moia    | oia    |
| caíamos                              | saíamos | moíamos | oíamos |
| caíades                              | saíades | moíades | oíades |
| caia                                 | saian   | moian   | oian   |
| copretérito de indicativo            |         |         |        |
| caía                                 | saía    | moía    | oía    |
| caías                                | saías   | moías   | oías   |
| caía                                 | saía    | moía    | oía    |
| caíamos                              | saíamos | moíamos | oíamos |
| caíades                              | saíades | moíades | oíades |
| caían                                | saían   | moían   | oían   |

REPARA

Os verbos rematados en **-oer** (*choer, doer, proer, roer...*), en **-oír** (*desoír, entreoír...*), en **-aer** (*caer, decaer, traer, atraer, distraer, contraer...*) e en **-aír** (*saír, sobresaír...*) son regulares, pero intercalan un **-i-** entre a raíz e a terminación verbal na primeira persoa do singular do presente de indicativo e en todo o presente de subxuntivo. Ex: doio/doia.

A primeira e segunda persoas do plural do copretérito levan diérese no **-i**, que forma sílaba en por si, para así diferencialas das mesmas persoas do presente de subxuntivo, nas que o **-i-** forma sílaba xunto co **-a-** seguinte: **mo-ia-mos** (presente de subxuntivo) e **mo-ï-a-mos** (copretérito).



Volve escribir estas oracións na persoa que se indica entre parénteses:

- Repítoche que eu non saio da clase ata que oia o timbre (vós)
- É mellor que non moias o café ata que traían a cafeteira (nós).
- Cando oian a verdade é posible que caían da burra (vós).
- Daquela sempre moía á man o café que traían os tíos do Brasil (nós).
- Dixéronme que se sobresaía en lingua era por méritos propios (vós).
- Veña, eu traio o viño e ti as tortillas (nós e vós).



### FRASEOLOXÍA:

Conxuga os verbos na persoa e tempo que cumpra e explica o significado das frases subliñadas:

- Se fai o que di pode que lle ..... (saír) a cadela can.
- Como non ..... (saír) do paso decidimos pasar a outra cousa.
- Dixémoslle que se non nos devolvía os cartos ..... (moer) os ósos.
- Para que non nos ..... (moer) a paciencia máis pagarémosvo-lo duplo.
- De non terdes conta diso pode que ..... (saír) dun souto para vos meter noutro.
- Daquela ..... (caer) na trapela facilmente e logo ..... (caer) nos a alma ós pés.
- E se non ..... (caer) na conta, ¿como o solucionastes ó final?

*Como acendida lámpada en estreito  
pechado camarín,  
así no santuario do meu peito  
arde unha luz sen fin.  
Cando a súa lapa agonizando lenta  
boquea e vai morrer,  
sopro de fe seu pálido alimenta  
e vólvese acender.*

Curros Enríquez, Aires da miña terra.

### A perífrase verbal volver + infinitivo

Pertence ó grupo das perífrases **reiterativas**, as que indican que se repite a acción expresada no infinitivo, se ben a idea de repetición está no auxiliar. Exs:

Volveu telefonar pero seguían sen contestar.  
¿Volviches presentarte ás oposicións?

Lembra ademais estas construcións de **volver + preposición**:

**volver en si**: recupera-la consciencia (*Desmaiouse pero axiña volveu en si*).

**volver por**: ser partidario, apoiar (¿*E ti por que equipo volves*? *Eu volvo polo Deportivo*).



Transforma as seguintes oracións empregando a perífrase anterior:

- Os veciños din que viron de novo un xabaril pola fraga.
- Desde aquela, ¿encontrácheste algunha vez máis con eles?
- ¿Cando credes que recibiredes carta dela outra vez?
- Despois do que me fixo non creo que lle fale máis.
- Como repitas ese xuramento diante de min levas unhas labazadas.

### Os pronomes átonos de terceira persoa lle/lles

**Lle e lles** son as formas do pronome átono para o obxecto indirecto de singular e plural respectivamente (*Deixeille tódolos meus discos. Non lles quixen dici-la verdade*). Estes pronomes tamén son usados como formas de cortesía de segunda persoa (¿*Vostede quere que lle traia algo*? *Señores, quérolles mostrar algo*). As contraccións cos pronomes átonos de obxecto directo son:

|      | O            | A            | OS            | AS            |
|------|--------------|--------------|---------------|---------------|
| LLE  | <b>llo</b>   | <b>lla</b>   | <b>llos</b>   | <b>llas</b>   |
| LLES | <b>llelo</b> | <b>llela</b> | <b>llelos</b> | <b>llelas</b> |



Introduce nestas oracións o pronome *lle* ou *lles* segundo corresponda:

- ¿Devolvestes \_\_\_\_\_ os compactos ó voso irmán?
- ¿A quen \_\_\_\_\_ emprestáche-lo libro?
- Non \_\_\_\_\_ dixo nada para non anoxalos.
- Quero \_\_\_\_\_ preguntar algo a vostede, se mo permite.
- Aínda que \_\_\_\_\_ deas todo, nunca será abondo para el.
- Este cativo ten \_\_\_\_\_ medo ós trasnos.
- Non \_\_\_\_\_ queiras máis ós teus pais porque só queren que fiques na casa.

### Colocación do pronome átono

Como norma xeral, o pronome átono vai detrás do verbo (soldado a el) nas oracións simples e na principal das compostas. Ex: *Quéroo todo para min. Faloume do que quería estudar.*

Como excepción a esta norma, cómpre considera-los seguintes casos nos que o pronome antecedería o verbo:

- Nas **oracións negativas**: *Nunca me gustaron os filmes violentos.*
- Con algúns indefinidos (**algo, alguén, ninguén, bastante, mesmo, calquera...**) se van situados antes do verbo: *Iso calquera o sabía.*
- Con algúns adverbios como **acaso, ata, case, incluso, axiña, só, sempre, algures, ben, cedo, igual, mal, mellor, peor...** cando estes van antes do verbo: *Axiña me decatei do que pasaba.*
- Nas oracións introducidas por **exclamativos ou interrogativos**: *¡Quen che me dera na Habana!*
- Nas **oracións desiderativas**, se o suxeito vai antes do verbo: *¡Deus te oia!*
- Cando se **altera** a orde lóxica dalgún elemento da oración: *Ganas me deron de chorar.*

### REPARA

*Nas perífrases verbais nas que hai un elemento de relación (preposición ou conxunción) entre os verbos, o pronome pode adoptar tres posicións: no lugar que lle corresponda co verbo auxiliar (Tesmo que dicir), despois do verbo auxiliado (Tes que facermo) ou despois da partícula (Tes que mo facer). Nas que non hai ese elemento de relación, o pronome ten só dúas posicións posibles (Ándao dicindo, anda dicíndoo).*



Constrúe oracións correctas con estes elementos tendo en conta as regras de colocación e a concorrencia dos pronomes átonos:

- Direi / logo / a / ver/ o/ lles/ enfadan / se / non.
- Homenaxe/ facer / me / seica / queren.
- Ninguén / o / vin / negará / que / eu / me.
- Disque / todo / ó / deixou / o / capital / fillo / lle.



Substitúe o subliñado neste texto polo pronome ou concorrencia de pronomes correspondente. Indica a razón da súa colocación:

#### O cultivo da vide: a poda e a vendima

*A regra bieita prescribía ó monxe unha dieta baseada en pan, viño e legumes. A cada membro do mosteiro asignábanlle unha porción de viño ó día, e só aumentaban esta porción en casos especiais. Explicase así que impuxeran o cultivo da vide e que a imaxinería do calendario non sexa só produto da xeografía senón que tamén constitúe un fenómeno cultural. Tralo frío inverno, marzo trae as primeiras temperaturas mornas. O rústico sae da cabana, onde aturou as inclemencias do tempo e comeza as faenas coas que ten que asegura-lo sustento. Espidos e secos, os bacelos necesitan un coidadoso traballo que evite unha pésima vendima. Demasiado sabe isto o campesiño, e por iso endereita as vides e inicia os labores de poda.*

*Os traballos e os días na Galicia medieval, Manuel A. Castiñeiras*

#### As preposicións e locucións agás, por mor de, por causa de

- **Agás:** significa exclusión ( Viñeron todos agás o Manuel) e ten o mesmo uso e valor que estoutras preposicións: **bardante, excepto, fóra, quita(n)do, sacado, salvado, salvante, salvo e tirante** (*Quitando* o rugby, *gústanme tódolos deportes. Quitame calquera pan, bardante o de Cea*).
- **Por mor de, por cousa de, por causa de:** indican causa ou motivo (*Non puidemos viaxar por mor da xeadada. Tódolos irmáns andan a mal por cousa das herdanzas*).



Introduce a preposición ou locución prepositiva axeitada nestas oracións:

- Todos na familia eran loiros, \_\_\_\_\_ Xabier, que era rubio.
- Non quixeron ir en avión \_\_\_\_\_ treboada.
- Fai sempre o que ela diga, \_\_\_\_\_ que che diga o contrario.
- \_\_\_\_\_ o derradeiro capítulo, o resto do libro non vale un peso.
- Acertei os cinco números da primitiva \_\_\_\_\_ o complementario.
- Os mariñeiros non poden saír ó mar \_\_\_\_\_ tempo.
- Non es quen de te ergueres á hora \_\_\_\_\_ túa preguiza.



**REDACTA** e continúa o seguinte fragmento empregando o léxico e os contidos gramaticais desta unidade:

*“Eu ben sei que o meu caso non debe dar pé a ningunha nova metafísica, e si, soamente, ás análises dalgún médico sutil. Pero se eu fose afeccionado ás trupias de concepto diríavos que aquela noite foi cando por primeira vez sentín a carón meu a presenza do señor Ninguén. Lonxe de min a intención de metervos medo, xa que, polo demais, a cousa non tivo importancia. Direivos cómo foi”.*

(“A luz en silencio”, de *Os arquivos do trasno*, Rafael Dieste).

---

---

---

---

---

APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

A letra <g>, segundo a pronuncia das palabras que a levan en galego, pode te-las variantes <gu> e <gü> na escrita. Así, as regras que rexen estes usos son:

- Se esta consoante precede as vogais **a, o, u**, escíbese <g> (*cogomelo, antiga, gubia...*)
- Escíbese <gu>, e o **u** non se pronuncia, cando precede as vogais **e, i** (*sanguento, guiso, guiar...*). Se precede as vogais **a, o, u**, si se pronuncia (*guapo, egua, ambiguo...*).
- Escíbese <gü> para marcar na escrita a necesidade de pronuncia-lo **u** (*antigüidade, lingüista, ambigüidade...*).

REPARA

Esta letra <g> pode formar parte de certas secuencias de letras en palabras cultas e semicultas. Estas secuencias son:

- gn**: significado, gnose, cognición, signo, pugna, ígneo...
- gm**: flegma, flegmón, pragmático, segmento...
- gl**: sigla, glaciar, glicosa, glote, gladiador...
- gr**: segredo, segrel, regra, singradura, segregar...
- ngs**: gángster...

Tendo en conta as regras e observacións anteriores, completa con *g, gu* ou *gü* segundo for necesario:

|             |            |               |          |
|-------------|------------|---------------|----------|
| va___a      | tre___ua   | bilin___ue    | al___ar  |
| ___eifa     | a___iacho  | exi___uo      | ___indar |
| lin___ua    | ba___o     | ___uanche     | fane___a |
| embra___e   | un___ento  | anti___uidade | ___e     |
| ___indastre | man___elo  | san___e       | fre___a  |
| se___a      | a___inaldo | ___edella     | ___abia  |

Completa cada palabra co grupo consonántico que corresponda: *gm, gn, gl* ou *gr*:

|             |          |             |             |
|-------------|----------|-------------|-------------|
| ___omo      | xo___ar  | ___adíolo   | ma___olia   |
| ma___nífico | si___o   | diafra___a  | fle___ático |
| ___icosa    | li___ito | a___omerado | se___egar   |
| ___óbulo    | esti___a | i___orante  | i___ición   |

Relaciona cada palabra co seu significado e fíxate na súa ortografía:

- Revogar ( ) \_\_\_\_\_ 1. Esmagar cos dentes o alimento.
- Vigairo ( ) \_\_\_\_\_ 2. Deixar sen efecto unha lei ou resolución.
- Mastigar ( ) \_\_\_\_\_ 3. Xuíz eclesiástico nomeado polo bispo.

Algunhas palabras teñen significados distintos segundo leven ou non *g*. Busca o significado dos seguintes pares:

|                |                    |                |
|----------------|--------------------|----------------|
| signo-sino     | dogma-doma         | estigma-estima |
| asignar-asinar | signatura-sinatura | digna-dina     |

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### DIÁLOGO ENTRE A E B

“O meu amigo A ten 66 anos. O meu amigo B 33. Ámbolos dous son escritores. A escribe sempre en castelán. B escribe sempre en galego. B, no curso dunha conversa cordial, manifesta a súa mágoa porque A non escriba en galego, lingua que utilizan os dous interlocutores neste diálogo. A declara que tal actitude non supón menosprezo para o galego, lingua que fala desde que aprendeu a falar, mentres que B falou ata hai pouco ordinariamente en castelán. A é fillo dun labrador e naceu nunha aldea. B é fillo de militar e naceu nunha cidade. Para A, ó parecer, constitúe un mérito fala-lo galego desde cativo e un demérito comezar a falalo na madurez (...). Parece coma se o que non tivo o galego como lingua natal non puidese aceptalo como lingua propia normal cando se cre chamado a facelo. ¿Hai, pois, que presentar probas de limpeza lingüística de sangue para ser admitido na comunidade de galego falantes? (...). Para empregar-la distinción de Castela: A fala galego por ruralismo, B por galeguismo. Postos a escribir en galego, A ten unha vantaxe, que non beneficia, e B unha desvantaxe que supera. ¿Quen mostra maior interese pola lingua? (...). Mais se B figura na historia da literatura galega e A non sente a necesidade de escribir en galego, ¿habemos de excomungar a B porque non herdou de Abel en liña recta a distinción do timbre das vocais de grao medio, e venerar en A a pelica de San Xoán Bautista porque os seus pais tanxían a avea de Dafne mentres mordiscaban as súas pericas a herba da chousa familiar?

Ricardo Carballo Calero, *La Voz de Galicia*, 29.10.1990

### REFLEXIONAMOS



Describe os que poderían ser lingüisticamente os perfís biográficos de A e B.



Segundo o texto, ¿cales son as diferenzas entre a lingua materna e a de instalación?



E. Torrente Ballester, C.J. Cela, R. M. del Valle Inclán son galegos que escribiron en castelán. ¿Pertencen as súas obras á literatura galega ou á española?



Intenta dar unha resposta ás preguntas que fai o autor.

## HISTORIA DA LINGUA

### O galego baixo o franquismo

O triunfo do franquismo supuxo a supresión das liberdades e a implantación dun novo ordenamento que exalta a unidade política de España e reprime calquera manifestación de diferencialismo que non sexa de carácter folclórico. Nunca os gobernos totalitarios promulgan decretos prohibindo o uso dos idiomas. A aplicación da censura é medida suficiente para desterralos de calquera ámbito que non sexa o estritamente privado. Por iso, hai tamén un longo período sen publicacións en galego, e despois, cando se toleran, sofren a censura: a ideolóxica e a idiomática.

### Situación do galego despois da guerra

Á parte da deteriorización producida pola represión e a propaganda, houbo algúns cambios que repercutiron negativamente na situación social do galego durante o franquismo: faise obrigatoria a escolarización no nivel básico.

- Popularízase a radio, e máis tarde a televisión.

Ámbolos dous medios, dos que está excluído o galego, son dunha enorme eficacia na difusión idiomática. Nesta época dáse tamén un forte crecemento das cidades coa afluencia de xentes procedentes do campo. En moitos casos este cambio de hábitat vai acompañado do abandono do galego e a adopción do castelán.

### Os anos cincuenta

A partir da década dos 50 (e especialmente despois do ingreso de España na Unesco) as medidas represivas contra o galego atenuáronse. Isto permitiu que algúns galeguistas sobreviventes da guerra acometesen a empresa de transmitirle á xente nova o ideario do vello galeguismo, fundado principalmente na defensa idiomática.

Á parte do labor clandestino, nun primeiro momento as actuacións públicas deste grupo reducíronse obrigadamente ás publicacións e ás manifestacións de tipo cultural. Hai que salientar nesta etapa o importante papel da Editorial Galaxia.

## COMPLEMENTOS

### O cancionero de tradición oral galego

Galicia é, sen dúbida, un país moi rico na súa creación lírica de tradición oral que foi a base para que moitos poetas publicaran cantares que recollían a seiva do canto tradicional.

O descubrimento intelectual do cancionero está asociado ó proceso de recuperación da personalidade de Galicia. Foi o pai Sarmiento (1695-1772) un dos primeiros letrados en manifesta-lo interese pola literatura tradicional como medio pedagóxico para o estudo do idioma propio de Galicia.

Un século máis tarde será Rosalía de Castro quen asumirá un papel decisivo no rexurdimento de toda a literatura de tradición oral.

Poucos anos despois, Xosé Pérez Ballesteros (1885) publicará a primeira colección de cantares do pobo. Este e outros cancioneros, que se foron publicando ata a actualidade, configuran un valiosísimo documento que configura a vida psíquica e material de Galicia, os conceptos da vida, os sentimentos, os usos e costumes, etcétera. Estes e outros moitos temas tiveron tratamento lírico na voz anónima das nosas xentes.

As composicións da lírica tradicional caracterízanse formalmente por seren sinxelas, espontáneas e breves, non exentas de elaboración artística, e por buscaren a expresividade.

Maniféstanse en forma de cantigas que están compostas, xeralmente, en versos de arte menor e con rima asonantada.

Tematicamente, calquera asunto do contorno individual ou colectivo pode ser obxecto de tratamento poético: o amor, os oficios, os traballos, a sátira individual e social, as romarías e santuarios, os fenómenos atmosféricos, etcétera.

Os cantos de berce conforman un destes capítulos.

A finalidade dos cantos de berce é a de adormenta-lo neno ou a nena pero, ó mesmo tempo, neste diálogo permanente do ser querido coa nova criatura, vanse transmitindo, dunha maneira intuitiva, as formas de ser, de estar e de vivir nun mundo cultural propio.

O estudo pormenorizado do conxunto dos cantos de berce móstranos como todo o coñecemento da educación da psicomotricidade o foi desenvolvendo unha e outra nai, só por intuición, ata se manifestar na creación deste importantísimo corpus de material lírico-musical.

Como característica común dos cantos de berce podemos sinalar unha gran sinxeleza lingüística e musical portadora dunha enorme afectividade nuns casos e dun alto poder de suxestión noutros.

A música e a lingua asóciense nunha perfecta conxunción para acadar, cos máis belos logros estéticos, a función pretendida: a comunicación, a transmisión de afecto e de mensaxes concretas e a acción de adormenta-lo neno ou a nena.

#### *Cantos de berce*

*Migueliño é unha rosa,  
Migueliño é un caravel;  
Migueliño é un espello,  
súa nai mírase nel.*

*Durme, Migueliño, durme  
que xa é hora de durmir  
pecha un ollo, pecha o outro  
que teu pai logo ha de vir.*

*Non te troco meu meniño,  
non te troco meu amor;  
nin pola prata da lúa  
nin polo ouro do sol.*

*Carniña, carniña, carne,  
sangue do meu corazón;  
nin contando as estrelas  
contara-lo meu amor.*

*Arrolín, arrolán,  
¿Queres queixo, queres pan?  
Se o queres non o negues  
que as mulleres cho darán.  
Arrolín, arrolán.  
¿Queres queixo, queren pan?*

*Paxariños que voades  
polas follas dos loureiros;  
deixade durmi-lo neno  
que está no sono primeiro.*

*¡Aquel paxariño  
era tan lindíño!  
viña de Valencia  
da beira do río.*

*- E ¿como lle chaman?  
- Chámanslle Pepiño.  
- ¡Ai, que lindo nome  
ten o paxariño.*

*¡Ai, María Manuela,  
corpo delicado!  
ven coida-lo neno  
que che está chorando.*

*Documento sonoro do taller experimental de  
música tradicional. Cantos de berce tradicionais  
Editorial Galinova*

## LECTURA OS XENTILICIOS

Ano de 1957:

A estampa de emigrantes pode comezar na cuberta dun barco mercante. O barco pode se-lo *Higland Princess* dunha empresa de navegación inglesa nunha viaxe rutineira de Vigo a Bos Aires, e a data pode situarse nun mes calquera e nun ano calquera, de tódolos que se suceden implacables para a emigración galega; mais podemos para o caso concretala no mes de outubro de 1949.

A paisaxe de terceira clase que se dirixe a Bos Aires está composta na súa maioría por emigrantes galegos. A maioría son dinamarqueses e ingleses. Os portugueses diríxense case todos ós portos de Brasil. Uns cantos arxentinos, profesores e artistas, que percorreron a Europa en viaxe de estudos, mestúranse con eses campesiños que emigran á súa patria. É posible que sexan fillos de emigrantes. Os ingleses e dinamarqueses fan vida á parte, poden ademais consumir cervexa no salón de estar e distrae-lo tempo en pasarse uns ós outros informes de toda clase sobre o novo país a onde acoden. No fondo agardan que a súa propia nacionalidade lles sirva de credencial para o traballo futuro [...]

Ano de 1969:

[...] A peonaxe europea da que non pode prescindir a altura técnica e industrial acadada por Alemaña, Suíza, Inglaterra... está composta na súa maioría por españois, italianos, portugueses, turcos, gregos e xentes do norte de África. [...] xunto á segregación racial existe no mundo de hoxe a segregación tecnolóxica e é que os técnicos e directivos alemáns, suízos, ingleses... ven con ollos de desprezo, oxalá fosen de misericordia, aínda que esta mirada sexa igualmente ofensiva, os peóns españois, italianos, gregos... que traballan no formigón e manexan martelos pneumáticos nas estradas [...]

*Galicia emigrante* (audición radiofónica)  
ed. do Castro

### ¿QUEN É O AUTOR?

? O autor do texto da lectura naceu en Bos Aires en 1910 e finou na Coruña en 1979.

? Estudou dereito en Santiago onde comezou a destacar como debuxante.

? No ano 1929 presentou en Compostela a primeira exposición dos seus traballos artísticos.

? En Galicia colaborou con textos e debuxos nas revistas *Yunque*, *Universitarios*, *Alento*, *Nós*, etc. Tamén cofundou e codirixiu o semanario político *Claridad*.

? En 1936 emigrou a Bos Aires onde traballou en publicacións como *El Diario* ou *Galicia*. Alí tamén fundou as editoriais *Nova* e, máis tarde, *Citania*.

? Xunto con Isaac Díaz Pardo, creou, en Galicia, o Museo Carlos Maside e o laboratorio de formas que tentou restaurar Sargadelos. Colaborando con Cerámicas do Castro a idea dos dous autores converteuse en realidade.

O AUTOR É: .....

## COMENTÁMO-LO TEXTO

📖 Escribe catro diferenzas que atopas entre a emigración galega a América e a posterior cara a Europa.

📖 REDACTA un texto dialogado onde dous emigrantes galegos mostren os seus sentimentos ó teren que partir para fóra de Galicia.

📖 **ORALIDADE:**

Debatede sobre as diferenzas migratorias existentes entre os anos cincuenta e as de hoxe en día.



## TRABALLAMOS CO LÉXICO

Os xentilicios son palabras que designan o lugar de nacemento de alguén. Son derivados de nomes propios xeográficos e fórmanse mediante sufixos. Por exemplo:

- án, -ao / -á: lancarao/-á, limiao/-á, masidao/-á, arousán/-á, bergantiñán/-á, fisterrán/-á
- án / -á: muradán/-á, pontecaldelán/-á, pontecesán/-á, vilagarcían/-á
- ano / -ana: africano/-ana, boliviano/-ana, nicaraguano/-ana
- eiro / -eira: betanceiro/-a, brasileiro/-a, rianxeiro/-a
- ego / -ega: chairego/-a, manchego/-a
- ense: melidense, mindoniense, nicrariense, sadense, tudense, viveirense
- eño / -eña: cesureño/-a, portorriqueño/-a
- és / -esa: camariñés/-esa, carballés/-esa, negreirés/-esa, porriñés/-esa, valdeorrés/-esa
- í: bengalí, beirutí, paquistaní, marroquí
- ino / -ina: bilbaíno/-a, fonsagradino/-a, monfortino/-a

Ademais destes, que son os máis comúns, temos outros sufixos como **-eno/-ena** (esloveno/-a), **-eo/-ea** (europeo/-a), **-ita** (israelita), **-o/-a** (ruso/-a), **-ón/-ona** (letón/-ona), **-ote/-ota** (cambote/-a) e **-udo/-uda** (grañudo/-a).



Anota os xentilicios que aparecen na lectura e indica a que lugar fan referencia. ¿Coñéceslle a algún deles un sinónimo?



Indica a que comarca ou vila corresponden os seguintes xentilicios:

arousán / á: ..... cebreirego / -a: .....

arzuán / -a: ..... courelao / -á: .....

bergantiñán / -á: ..... estradense: .....

valdeorrés / -esa: ..... limiao / á: .....

caldelao / -á: ..... lalinense / -a: .....



Atopa neste barullo de letras os xentilicios dos lugares que se indican:

c t u p h u z k t c  
r h o i o s h r e g  
p d a b l a d d s u  
s m ñ n c a e f d a  
u o i d t i l c m r  
z a t ñ r a r b r d  
h ñ u e v a d d e e  
v e s u d p l i b s

Cedeira  
Chantada  
A Guarda  
Moaña  
Pontedeume  
Vilalba



A toponimia maior e a menor forma parte do universo poético de Pondal. Comprobádeo coa lectura destes versos:

*Eu nacín en agreste soidade,  
eu nacín cabo dun agreste outeiro,  
por onde o Anllóns con nobre maxestade  
camiña ao seu destino derradeiro.  
Eu non nacín en vila nin cidade,  
mais lonxe do seu ruído afagador;  
eu nacín cabo de piñeiral espeso,  
eu nacín na pequena Ponteceso.  
Uns naceron na máxica Granada,  
outros naceron en Málaga famosa,  
os outros en Sevilla nomeada,  
os outros en Valencia deleitosa:  
uns na garrida Cádiz, ben soada,  
en Barcelona os outros, populosa;  
eu nacín cabo de piñeiral espeso,  
eu nacín na pequena Ponteceso.*

*Pasado Vilaseco, lugar balido do aire  
no alto da costa de Uces de montesía canle;  
pasado Vilaseco, indo pola gándara adiante,  
xa vía desde lonxe o dolmen de Dombate.  
Deixando Fonte-Fría, cara ó lado de Laxe,  
e levando o camiño de San Simón de Nande;  
polo chan de Borneiro, de cativos pinales,  
cuase pasaba a rentes do dolmen de Dombate.  
Entonces eu deixando ambas rendas flotantes,  
penoso ía cuidando, pola Uiqueira salvaxe,  
nos nosos xa pasados, nos cellas memorables,  
nas súas antigas glorias, nos seus duros combates,  
nos nosos vellos dolmens e castros verdexantes.  
E despois a Nemiña, ou que fose ou tornase,  
ó velo desde lonxe indo pola gándara adiante,  
sempre ledo exclamaba: ¡O dolmen de Dombate!*



Subliña nestes refráns os topónimos e emparéllaos cos seus xentilicios:

|                                                                    |              |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|
| En Carballo, boa pataca e mellor allo.                             | carballiñés  |
| En Ourense, bo viño, boa xente e auga quente.                      | carballés    |
| No Carballiño ademais de pan e viño, sol e auga para o velliño.    | lisboeta     |
| Aire de Meira, caldeiro e goteira.                                 | lugués       |
| De Lugo, nin boa besta nin bo burro; mais montadores, os mellores. | ourensán     |
| Quen non viu Lisboa, non viu cousa boa.                            | ribadaviense |
| En Ribadavia, moito viño moita auga.                               | meirao       |



Tenta descubrir a que localidade fan referencia estas adiviñas:

*Festa do polbo no parque,  
boa vila do Arenteiro;  
casas como rañaceos,  
berce do adiviñanceiro.*

*Ó non ter agulla nin dedal  
as súas laboriosas areas,  
con palítroques danse mañas  
e tecen un mantelo e un saial.*

O C ——— LL ———

—————



Enche os ocos cos xentilicios axeitados:

- No campo de fútbol \_\_\_\_\_ xoga o Deportivo.
- Michael Jordan xogou coa selección \_\_\_\_\_ na Olimpíada de 1992.
- Pedro Almodóvar, un \_\_\_\_\_ universal, logrou un Óscar.
- O cocineiro \_\_\_\_\_ Carlos Arguiñano presentará un novo programa na televisión.
- Os que naceron en Lugo son os \_\_\_\_\_ e os de Vigo son \_\_\_\_\_ .

### Os sufixos -án / á, -án / -ana e -ano /-ana

Un dos casos especiais na formación do feminino é o das palabras rematadas en **-án** que presentan dúas posibilidades:

**-á:** irmán – irmá; cotián – cotiá; artesán – artesá

**-ana:** folgazán – folgazana; lacazán – lacazana; testán-testana

Observa que cando en galego temos **-án** para o masculino e **-á** para o feminino en castelán temos **-ano / -ana**: cristián / cristiá; ancián / anciá; cidadán / cidadá; castelán / castelá; ferrolán / ferrolá

### REPARA

*Temos que evita-la confusión entre adxectivos e substantivos que presentan as terminacións **-án/-á** e **-án/-ana** cos que presentan a terminación culta **-ano/-ana**. Estes últimos adoitan ser adxectivos:*

humano – humana; urbano – urbana; americano – americana; africano – africana; cubano – cubana; nicaraguano-nicaraguana; angolano-angolana



Pasa para o masculino estas frases:

- A cirurxiá do hospital de Lugo díxolle á miña irmá que debía descansar.
- A túa neta é unha pillabana e unha mentirana.
- As personaxes facían o papel de puritanas e rufiás.
- A capitana da embarcación alemana era vexetariana.
- Estivo moito tempo doente mais agora xa está sa.



Escribe o feminino e o masculino correspondente das seguintes palabras:

|          |       |            |       |            |       |
|----------|-------|------------|-------|------------|-------|
| artesán  | _____ | humanas    | _____ | tecelán    | _____ |
| insán    | _____ | rufiás     | _____ | escribán   | _____ |
| capitán  | _____ | ourensás   | _____ | cristián   | _____ |
| lacazán  | _____ | anciás     | _____ | ermitán    | _____ |
| urbano   | _____ | anglicanas | _____ | curmán     | _____ |
| folgazán | _____ | larpán     | _____ | venezolano | _____ |

### As locucións prepositivas en vez de, no canto de, en lugar de, en/a troco

- As locucións prepositivas **no sitio de**, **en vez de**, **no canto de** e **en lugar de** significan substitución e o que se substitúe é o obxecto designado polo termo da preposición:

No canto de comermos carne, comeremos repolo.

Nas escenas perigosas en vez do actor actúa un especialista.

Como non chegaba o meu fillo, levoume á casa no sitio del.

- A locución adverbial **a / en troco** ten o significado de: ‘para compensar de algo a alguén’, ‘en pago’  
Deulle unha entrada para o fútbol a troco.



Enche os ocos coas locucións estudadas antes:

- Foi ó Rexistro Civil ..... miña, porque eu non tiña tempo.
- Deulle unhas moedas para a máquina do café ..... do billete.
- ..... de ir no teu coche, ¿por que non vas no metro?
- Para amolalo máis non estarei alí ás oito, ..... chegarei ás nove.
- Por orde do director tocou a trompeta na orquestra ..... do trombón.



Fai unha oración con cada parella de palabras onde emprégue-las locucións prepositivas que viches antes:

chover / ir sol .....

calar / falar .....

rir / chorar .....

### A comparación

Os adxectivos, ademais do grao positivo (*a casa é pequena*), posúen un grao comparativo que serve para compara-la calidade atribuída a un substantivo en relación con outros ós que tamén se lles atribúe a mesma calidade. A comparación pode ser de igualdade, inferioridade ou superioridade.

- Comparación de **igualdade**:

Constrúese coa partícula **tan** precedendo ó adxectivo e **como** ou **coma** introducindo o segundo elemento da comparación: [tan + adxectivo + como/coma + segundo elemento].

- **como**: obrigatorio diante de verbo conxugado.
- **coma**: obrigatorio diante de pronome persoal tónico.

Nos demais casos podemos elixir un ou outro.

*Deixouno tan ordenado como puido.*

*Aquel home é tan riseiro coma ti.*

*Ía tan rápido como/coma un tren.*

- Comparación de **inferioridade**:

Constrúese co adverbio **menos** precedendo ó adxectivo e **ca**, **que** ou **do que** introducindo o segundo elemento da comparación: [menos + adxectivo + ca/que/do que + segundo elemento].

- **do que**: obrigatorio diante de verbo conxugado.
- **ca**: obrigatorio diante de pronome persoal tónico.

Nos demais casos podemos elixir entre **ca** e **que**.

*Hoxe levamos menos atraso do que é habitual.*

*Teu irmán é menos alegre ca ti.*

*Antón é menos falangueiro ca/que Xurxo.*

- Comparación de **superioridade**:

Constrúese do mesmo xeito que a de inferioridade. Só se cambiará o adverbio **menos** polo adverbio **máis**: [máis + adxectivo + ca/que/do que + segundo elemento].

*Con esas zapatillas corría máis rápido ca ti.*

*Atopei a teu pai máis recuperado do que esperaba.*

*Gústame bailar máis quelque cantar.*

## REPARA

A partícula **ca** contrae co artigo determinado, aínda que tamén se admite sen contraer.

ca + o: **có** (O cine está máis vivo ca o teatro).

ca + a: **cá** (A televisión é menos inmediata ca a radio).

ca + os: **cós** (Estas lámpadas alumean menos ca os focos halóxenos).

ca + as: **cás** (Os telegramas chegan ó destino antes ca as cartas).

É importante non confundi-las contraccións da partícula **ca** coas contraccións da preposición **con**:

con + o: **co** (Atopeime co meu xefe no ascensor).

con + a: **coa** (Foi coa túa avoa ó supermercado).

con + os: **cos** (Estiven toda a tarde cos teus fillos no parque).

con + as: **coas** (Sempre está xogando coas cadelas da súa veciña).

Debemos ter en conta que a conxunción **ca** non contrae coa preposición **a**:

Apreciouna máis a ela ca a ti.

Tampouco contrae cando xa hai unha contracción de preposición + artigo:

Vai de mellor gana ó museo ca ó centro cultural.



Utiliza segundo conveña *ca, có, cá, cós, cá, co, coa, cos, coas*:

- Se tiras \_\_\_\_\_ cousas quedarás sen elas.
- ¿Por que tiraches \_\_\_\_\_ trade? ¿Pensas que é peor \_\_\_\_\_ teu?
- As leitugas naceron mellor \_\_\_\_\_ do ano pasado.
- Chegou \_\_\_\_\_ lingua de fóra e \_\_\_\_\_ xeonllos cheos de magoaduras.
- Os amorodos déronse mellor \_\_\_\_\_ do ano pasado.
- Luís é máis amigo de ir cea-los venres \_\_\_\_\_ Xoán.
- Meu irmán é máis novo \_\_\_\_\_ miña curmá.



### FRASEOLOXÍA:

Introduce a partícula comparativa que cumpra:

- É \_\_\_\_\_ o boño de Outes, que folgando se escornou.
- É \_\_\_\_\_ a faba do pote.
- Mallou nel máis \_\_\_\_\_ no centeo verde.
- Coida que mente máis \_\_\_\_\_ fala.



Enche os ocos para formar comparativos:

- Sempre foi \_\_\_\_\_ alta \_\_\_\_\_ ti.
- Ten \_\_\_\_\_ libros na súa casa \_\_\_\_\_ parece.
- Obtivo unhas cualificacións \_\_\_\_\_ altas \_\_\_\_\_ el.
- Os textos son \_\_\_\_\_ fáciles \_\_\_\_\_ dixo.
- Despois da operación cirúrxica está \_\_\_\_\_ avellado \_\_\_\_\_ Anselmo.



Escribe unha frase con cada un dos seguintes pares de conxuncións:

cá/coa: \_\_\_\_\_

co/có: \_\_\_\_\_

Verbos como sentir e durmir

- Hai un grupo de verbos que presentan unha variación triple no vocalismo da raíz:  
En posición átona teñen un **e pechado** [e]  
En posición tónica teñen:  
**E aberto** [ɛ] na 2ª e 3ª persoas do singular e na 3ª do plural do presente de indicativo.  
**I** na 1ª persoa do presente de indicativo, na 2ª persoa singular do imperativo e en todo o presente de subxuntivo.

| SENTIR                 |                        |            |
|------------------------|------------------------|------------|
| presente de indicativo | presente de subxuntivo | imperativo |
| sinto                  | sinta                  |            |
| sentes [ɛ]             | sintas                 | sinte      |
| sente [ɛ]              | sinta                  |            |
| sentimos [e]           | sintamos               |            |
| sentides [e]           | sintades               | sentide    |
| senten [ɛ]             | sintan                 |            |

O mesmo paradigma que o anterior téñeno os verbos seguintes: **ferir, mentir, servir, seguir e derivados e compostos destes verbos (malferir, desmentir, asentir, consentir, resentir, conseguir, perseguir, proseguir).**

REPARA

Os verbos **inferir, conferir, transferir, referir, proferir e preferir** non son derivados de **ferir**, senón que se remontan á base culta latina *ferre* polo que se conxugan como **advertir**: *advirto, advirtes, advirte, advertimos, advertides, advirten*.

- Hai outro grupo de verbos da terceira conxugación que presenta unha alternancia tradicional **u / o**:  
**O aberto** [ɔ] na 2ª e 3ª persoas do singular e na 3ª do plural do presente de indicativo.  
**U** [u] no resto do paradigma

| DURMIR                 |                        |            |
|------------------------|------------------------|------------|
| presente de indicativo | presente de subxuntivo | imperativo |
| durmo                  | durma                  |            |
| dormes [ɔ]             | durmas                 | durme      |
| dorme [ɔ]              | durma                  |            |
| durmimos               | durmamos               |            |
| durmides               | durmades               | durmide    |
| dormen [ɔ]             | durman                 |            |

Consonte este modelo conxúganse tamén os seguintes verbos: **bulir, (rebulir), cubrir** e derivados (**descubrir, encubrir, recubrir**), os rematados en **-cudir** (**acudir, sacudir, etc.**), **cumprir, cuspir, engulir, fundir, fuxir** e derivados, **lucir** e derivados (**deslucir, entrelucir, relucir, translucir, tremelucir**), **mulir, muxir, pulir, ruxir, subir, sufrir, sumir, tusir, urdir, xunguir, xurdir**.

[...] *Sentindo o demo no estrado,  
sen saber qué xeito tome,  
volvendo polo meu nome  
dei en berrar:* “*Meus amigos,  
vostedes me sexan testemuñas  
de cómo me tenta este home!*” [...]

Ramón Cabanillas, *A noite estrelecida*.

### A perífrase verbal dar en + infinitivo

Esta perífrase marca o comezo da acción indicada polo infinitivo: *Deu en chorar e non calaba*.  
Tamén indica que unha acción se repite como algo acostumado e habitual: *Deu en ir en bicicleta a tódolos sitios*.



Enche os espazos en branco coa forma axeitada do verbo que vai entre parénteses:

- A ti voute ensinar eu para que non ..... (mentir), que ben sei que es ti quen(cuspir) sempre no chan.
- Vai levar un desengano se non ..... (descubrir) axiña o erro informático.
- A un sinal ..... (fuxir) todos. Logo ..... (cumprir) que os atopas porque senón seguirás apandando ti.
- O sol ..... (relucir) de tal maneira que nos fai pestanexar.
- A auga ..... (xurdir) nese pozo pero despois ..... (sumir) a terra.



Introduce a perífrase *dar en + infinitivo* nas seguintes frases:

- O neno estaba moi tranquilo, pero de repente comezou a berrar coma un tolo.
- Nisto, a amiga de miña nai comezou a saltar de ledicia. Tocáralle a lotería.
- Antes nunca ía, pero agora déuselle por ir ó cine tódalas tardes.
- Antonio xogaba moi ben ó baloncesto, pero comezou a fumar e perdeu a súa forma física.
- Cando ía saír para a túa casa, empezou a chover con forza e tiven que quedar.



Coloca correctamente o pronome que vai entre parénteses nas seguintes frases:

- Algúns ..... dixeron ..... onte no canto de hoxe. (o)
- Entre varios ..... será ..... moito máis fácil de erguer. (vos)
- Nada ..... deu ..... , nada ..... pedín ..... . (me, lle)
- Algo ..... darán ..... polo teu aniversario. Non te preocupes. (che)
- Ninguén ..... dixo ..... a verdade do asunto para que eu puidera estar sobre aviso. (me)
- Calquera ..... fai ..... . Co Xosé mirando non se pode argallar co traballo. (o)
- Despois do que fixeches, outro ..... deixaría ..... seguir camiñando. (te)
- Os demais ..... avisaron ..... do perigo que tiña aquela calella tan estreita. (me)



Pasa para o plural as seguintes frases:

- O mozo que traballa nesta empresa é paquistaní.
- O pantalón do cónsul está colgado no roupeiro.
- A flor do xardín do rei foi estragada por un caracol.
- O farol da entrada da finca ten o vidro escachado.
- O papel que tes enriba da túa mesa ten unha cor moi pouco habitual.

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### DECLARACIÓN XURADA

É un documento onde o declarante xura ou promete a certeza dos datos que expón a continuación. Ten unha extensión moi curta porque só se poñen os datos de maior interese, e redáctase sempre en terceira persoa.

D. Santiago Ibáñez García, domiciliado en Lugo na rúa  
Castrillón número 5 e con DNI 10 000 000

### DECLARA BAIXO XURAMENTO

Que o día 5 de abril de 1988 estivo en Mondoñedo todo o día, polo que non puido se-la persoa que circulaba ás doce do mediodía pola rúa Ánxel Fole de Lugo e que escachou o vidro do escaparate do comercio *Confecções S.L.*

Lugo, 23 de maio de 1988

Sinatura

XEFE DA POLICÍA LOCAL DE LUGO

### Estrutura:

#### 1. Encabezamento.

- nome e dous apelidos da persoa que fai a declaración.
- enderezo.
- número do DNI.

#### 2. Corpo.

Ábrese coas fórmulas **declara / declaro baixo xuramento** e despois pónense os feitos ou os datos que se afirman ou negan introducidos pola conxunción **que**.

#### 3. Pé.

Aquí figuran:

- localidade e data da declaración.
- sinatura do denunciante.
- órgano da Administración ó que se dirixe a declaración.

## HISTORIA DA LINGUA

### Os anos sesenta

Na década dos 60 madurece a primeira xeración de galegos que non viviu directamente a Guerra Civil. Nas principais vilas galegas organizáronse asociacións culturais que tiñan como fin prioritario a defensa do idioma galego.

Ó mesmo tempo comezan a organizarse partidos políticos na ilegalidade que denuncian a represión idiomática e defenden nos seus programas a oficialidade do galego.

O traballo das asociacións e partidos foi de gran importancia na recuperación da autoestima idiomática.

### O galego e a universidade

Arredor do 1970, como consecuencia do ambiente creado na década anterior, comeza dentro da Universidade de Santiago de Compostela a preocupación polo estudo de Galicia.

No aspecto da investigación lingüística ten unha importancia capital a creación da Cátedra de Galego e o labor realizado dentro do Departamento de Filoloxía Románica e do Instituto da Lingua Galega.

### Normativización do galego

A nova situación legal do galego esixía para a súa normalización a codificación gráfica e morfolóxica do idioma. Aínda que na historia da lingüística galega houbo sucesivas propostas de normativa, a formulación máis completa e coherente, entre as que consideran que o galego é un idioma, son as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, propostas polo Instituto da Lingua Galega e pola Real Academia no ano 1982, consideradas como oficiais pola Lei de normalización lingüística.

## COMPLEMENTOS

### Mil primaveras máis

Louvado sexa Deus porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste gran reino que chamamos Galicia; nestre gran reino do Fisterra que vai desde os montes ata o mar, onde brillan os pés do vento; a este país dos mil ríos, do vello camiño das peregrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso e eternamente verde, patria querida, a terra do senso bardesiano: as patrias son a terra e os mortos. Gracias a Deus por este reino.

Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da fala nosa. Por terme ensinado a dicir “rula” e “abidueira” e “dorna” e “ponte” e “fonte”. E entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fronte.

As miñas invencións e as miñas maxias teñen non obstante un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo.

Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os mortos, hai estoutra patria que é a fala nosa.

Se de min algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio e eu estivera dando herba na Terra Nosa, podería dicir a miña lápida: “Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis”.

Tamén teño que dar gracias a Deus por ter nacido nesta nación galega entre vós, por ter nacido no noso tempo e ser amigo voso; gracias por tanta xenerosidade que tivestes e tedes comigo.



*Discurso pronunciado por  
Álvaro Cunqueiro ó recibí-lo  
Pedrón de Ouro en maio de  
1980.*

Ilustración de Isaac Díaz Pardo

*A dama que ía no branco cabalo*

*A dama que ía no branco cabalo  
levaba un pano de seda bordado.*

*Na verde flor  
as letras van de amor!*

*O cabaleiro do cabalo negro  
levaba unha fita colléndolle o pelo.*

*Na verde flor  
as letras van de amor!*

*No meio do río cambiaron as vistas,  
el para o pano i ela prá fita.*

*Na verde flor  
as letras van de amor!*

*As vistas lles viron no río cambiar  
e o pano e a fita por se namorar.*

*Na verde flor  
as letras van de amor:  
Con amor vivirás!*

*O cabaleiro da pruma na gorra*

*O cabaleiro da pruma na gorra,  
meu amigo é!*

*O cabaleiro do verde tabardo,  
meu amigo é!*

*Ogallá que na guerra non morra,  
meu amigo é!*

*Non de frecha, de asta nin dardo,  
meu amigo é!*

Música: Amancio Prada  
Letras: Álvaro Cunqueiro



## LECTURA A EXPRESIÓN DA NECESIDADE

Eu quería levar unha flor prematura  
na man unha flor moi secreta de auro-  
-ra unha flor que oficiara de emblema  
e de chama celeste nese amor que  
libera e persiste.

Pero a flor elixida morría no xardín  
clausurado morría nos pazos resigna-  
-dos morría nas estancias baleiras con  
luces extinguidas murmullos silen-  
-ciosos e brisas levísimas e incertas  
dese outono.

Eu quería encontrar esa flor renacida  
e levarcha na palma da man coma un  
rito para dar o perfume consciente en  
corpo diamantino en raíz que podía  
madurecer en maio sen pausa con  
vivencias de sol imperceptible.

*Prometo a flor de loto,*  
ed. Deputación Provincial da Coruña

### ¿QUEN É O AUTOR?

? Naceu en Ribadeo en 1922.

? É catedrática de instituto e dirixe a revista de poesía *Nordés*.

? Na súa obra poética destacan as obras *O paxaro na boca* (1952), *Verbas derradeiras* (1975), *Concerto de outono* (1981) e *Prometo a flor de loto* (1992), coa que gaña o premio Miguel González Garcés.

? Méndez Ferrín inclúea dentro do que el chama "Promoción de enlace", xunto a Ramón González Alegre, Antón Tovar e Tomás Barros.

A AUTORA É: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

 O texto que acabamos de ler é un fragmento dun texto poético. Lembra que a poesía se caracteriza, fronte a outros xéneros literarios, polo coidado na elección de sons, palabras e imaxes. Dentro da poesía hai distintos subxéneros como o lírico, o épico e o didáctico. ¿A cal cres que pertence o fragmento anterior? ¿Que nos quere transmiti-la autora nos seus versos?

 As cantigas do Cancioneiro tradicional son xeralmente cuartetos (estrofas de catro versos de oito sílabas que riman o 1º co 3º e o 2º co 4º). Compón a túa propia cantiga seguindo estas de carácter lírico:

*Dáme da pera que comes,  
da mazá un bocadinho,  
dáme unha fala do peito,  
do corazón un cariño.*

*Como queres que che dea,  
o que che non podo dar,  
a fila do meu sombreiro,  
se non a podo sacar.*

### ORALIDADE:

¿Coñeces algún poeta ou poetisa galegos? Por grupos facede unha lista dos que coñezades.

TRABALLAMOS CO LÉXICO

Fíxate no primeiro verso das estrofas primeira e terceira. Nelas aparece a estrutura lingüística *querer + complemento directo*, unha das maneiras de expresa-la necesidade. Outras formas de expresar este concepto son: *cómpre, é necesario, é mester, é preciso, fai falta...*; pero, de todas elas a máis empregada é a do verbo *cumprir*. Este verbo conxúgase como regular en tódalas súas acepcións excepto na que significa ‘é necesario, é mester’.

O modelo de conxugación que segue este verbo é o dos verbos de alternancia vocálica tipo *durmir* e *faxir*, pero unicamente se emprega na terceira persoa do singular e na terceira persoa do plural:

Cómpre (*Cómpre mercar unha leituga se queremos facer ensalada*).

Cómpren (*Cómpren polo menos tres laranxas para facer un bo zume*).

Elabora un texto de tema libre no que empregues algunhas das formas de expresa-la necesidade que acabamos de ver:

Substitúe as expresións de necesidade polo verbo *cumprir* nas seguintes frases:

- Tes que botarlle gasolina ó coche se non queres quedar polo camiño .....
- Convén levar o neno ó dentista para unha revisión .....
- Para facer un bo biscoito son necesarios, polo menos, seis ou oito ovos .....
- Como somos sete na familia, necesitamos dous coches .....
- Convén levarse ben con todo o mundo, polo que poida pasar .....
- Se queres aproba-lo exame, tes que estudar máis .....
- É preciso ter dezaioito anos para poder saca-lo carné de conducir .....

REPARA

Non esquezas que existe un acento diacrítico que diferencia o verbo **cumprir** do verbo **comprar**:

|                                    |                             |
|------------------------------------|-----------------------------|
| <b>cómpre</b><br>‘é necesario’     | <b>compre</b><br>‘merque’   |
| <b>compren</b><br>‘son necesarios’ | <b>compren</b><br>‘merquen’ |

Exemplo: Cómpre que compre garavanzos para sementar.

O infinitivo conxugado

O infinitivo ten dúas formas, unha invariable e outra conxugada. O infinitivo conxugado é un tempo verbal característico do galego e do portugués que se forma co infinitivo invariable e as desinencias de número e persoa.

|              |                  |                  |                   |
|--------------|------------------|------------------|-------------------|
| (eu)         | andar <b>o</b>   | comer <b>o</b>   | partir <b>o</b>   |
| (ti)         | andares          | comeres          | partires          |
| (el, ela)    | andar <b>o</b>   | comer <b>o</b>   | partir <b>o</b>   |
| (nós)        | andarmos         | comermos         | partirmos         |
| (vós)        | andar <b>des</b> | comer <b>des</b> | partir <b>des</b> |
| (eles, elas) | andaren          | comeren          | partiren          |

O infinitivo conxugado coincide na súa forma co futuro de subxuntivo nos verbos regulares, pero non nos irregulares, xa que o futuro de subxuntivo fórmase coa raíz de perfecto:

**Infinitivo conxugado:** *beber, beberes, beber, bebermos, beberdes, beberen.*

**Futuro de subxuntivo:** *beber, beberes, beber, bebermos, beberdes, beberen.*

**Infinitivo conxugado:** *querer, quererdes, querer, querermos, quererdes, quererem.*

**Futuro de subxuntivo:** *quixer, quixerdes, quixer, quixeremos, quixerdes, quixerem.*

### 1. É obrigatorio o seu uso nos seguintes casos:

- Cando o infinitivo ten un suxeito claramente expreso, distinto ó do verbo principal:

*Atopámolo ó buscarmos todos xuntos durante horas.*

*Xa me estrañaba non viren os teus amigos ó meu aniversario.*

- Cando o suxeito, sendo distinto ó do verbo principal, non está expreso e convén marcalo para evita-la ambigüidade:

*Cómpre collérmo-lo paraguas porque está chovendo.*

*Espero que o amañes antes de voltarmos.*

### 2. É optativo o seu uso:

- Cando, aínda tendo o mesmo suxeito có verbo principal aparece antes ca el, sobre todo se a oración do infinitivo vai introducida por unha preposición:

*De vires comer, avisa con tempo.*

*Para chegarmos a tempo temos que saír agora mesmo.*

- Cando, aínda tendo o mesmo suxeito có verbo principal e indo posposto a el, vai a unha distancia suficiente como para escurece-lo suxeito:

*Unha cultura propia é a única base sólida da que podemos partir para un coñecemento cabal da realidade, para a podermos xulgar.*

- Se o suxeito do infinitivo vai en terceira persoa do plural e indica indeterminación:

*Ten a culpa o ministro, pois non permitiu cumpriren as leis.*

*Nunca teñen un momento para colleren vacacións.*

### 3. Non se pode utilizar:

- Cando forma parte dunha perífrase verbal:

*Imos chegar tarde como non marchemos xa.*

*Tedes que traballar máis.*

- Cando o infinitivo depende dun verbo modal (*querer, poder, deber...*) e ten o seu mesmo suxeito:

*Aínda non podedes empeza-la obra.*

*Debiades explicalo mellor.*

*Gustaríanos darlle o pésame á familia.*

- Nos refráns e frases feitas:

*Traballar para quecer, mellor é pasar frío.*

- Cando o infinitivo vai inmediatamente despois do verbo principal conxugado:

*Soubemos resolve-lo problema sen dificultade.*

 Introduce o infinitivo conxugado correspondente ás persoas que se indican nas seguintes oracións:

- Compraron un peixe sapo para facer (nós) esta noite.
- Dilles ós teus irmáns que pasen pola nosa casa antes de ir (eles) ó teatro.
- Será mellor cambiar (vós) de casa canto antes.
- Redactou unhas liñas para ser (elas) lidas no seu discurso.
- É preferible estar (ti) tranquilo antes de sabe-las notas.
- En caso de ter (vós) cervexas na casa xa non imos ó supermercado.
- Para entender (nós) o idioma, mercamos un bo dicionario.
- Por non dicir (ti) a verdade, sufríche-los contratempos.
- De saber (nós) o da súa enfermidade, iríámolo visitar.

As locucións prepositivas amais de, ademais de, á parte de

Todas estas locucións teñen o significado de adición:

*Amais de* selos colecciona moedas antigas.

*Ademais de* guionista é unha boa actriz.

Tiña once persoas fixas a traballar na fábrica, *á parte* das contratadas temporalmente.

 Introduce estas locucións nas oracións seguintes:

- É unha persoa moi agradable, amable e simpática.
- Ese neno fai varias actividades: xadrez, natación e baloncesto.
- Estuda e traballa ó mesmo tempo.
- Para poder pedi-lo préstamo cómpreche unha nómina e un aval.
- Nesa tenda venden de todo: comida, prensa, artigos de regalo, flores, etc.
- O meu profesor fala varios idiomas: inglés, francés e portugués.
- Son uns profesionais excelentes, traballadores e moi responsables.
- Gústame todo dese país: a paisaxe, os costumes e a súa xente.

VERBOS TERMINADOS EN -UÍR

Os verbos rematados en **-uír**, tales como *contribuír*, *atribuír*, *construír*, *destruír*, *concluír*, *fluír*, *destituír*, etc., son regulares.

| CONSTRUÍR   |             | CONTRIBUÍR   |              |
|-------------|-------------|--------------|--------------|
| constrúo    | constrúa    | contribúo    | contribúa    |
| constrúes   | constrúas   | contribúes   | contribúas   |
| constrúe    | constrúa    | contribúe    | contribúa    |
| construímos | construamos | contribuímos | contribuamos |
| construídes | construades | contribuídes | contribuades |
| constrúen   | constrúan   | contribúen   | contribúan   |

**PRESENTE E PRETÉRITO DOS VERBOS TERMINADOS EN -CER E -CIR**

Os verbos rematados en **-cer** (menos *fac*er e derivados) e en **-cir** (menos *dic*ir e derivados) son, igual que os anteriores, regulares:

| VENCER   |           | CONDUCIR   |             |
|----------|-----------|------------|-------------|
| venzo    | vencín    | conduzo    | conducín    |
| vences   | venciches | conduces   | conduciches |
| vence    | venceu    | conduce    | conduciu    |
| vencemos | vencemos  | conducimos | conducimos  |
| vencedes | vencestes | conducides | conducistes |
| vencen   | venceron  | conducen   | conduciron  |

- 
 Nas seguintes oracións introduce as formas verbais indicadas entre parénteses:
- Se non (vencer) \_\_\_\_\_ eu, (vencer) \_\_\_\_\_ ti, dá o mesmo.
  - \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. conducir) durante toda a noite para poder chegar a tempo.
  - Para que o \_\_\_\_\_ (1ª p. sg. pres. subx. incluír) neste grupo, debe cubrir este impreso.
  - Deilles un tempo límite para que \_\_\_\_\_ (3ª p. pl. pres. subx. concluír) axíña.
  - Eu \_\_\_\_\_ (pres. ind. distribuír) a prensa a case toda a comarca.
  - Debes estar na casa antes de que \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. pres. subx. escurecer).
  - Aínda que che \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. pres. subx. parecer) un disfrace, a min gústame.
  - \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. traducir) o texto que lle mandaron no instituto.
  - \_\_\_\_\_ (1ª p.sg. pres. ind. deducir), polo seu comportamento, que algo está pasando.

**A reflexividade de certos verbos**

O pronome reflexivo ten a función de CD, polo tanto, se este vai expreso, non se poden emprega-los verbos reflexivamente: Pintei os beizos de vermello. Afeitou a barba.  
 Observacións sobre esta reflexividade:

- Adoitan ser reflexivos verbos que indican vida interior ou movemento: *deitarse, encollerse, lembrarse, queixarse...* (Déitase tódolos días ás dez da noite/Lémbrome moito daquelas vacacións).
- Existen outros verbos con preferencia pola forma non reflexiva. O seu significado é o de ‘entrada nun estado’: *adormecer, baixar, caer, calar, casar, espertar, ficar, marchar, morrer, parar, quedar, subir...* (Morrerá pronto se non cambia de hábitos/Subiu á árbore agatuñando).
- Hai algúns verbos que, segundo se conxuguen con ou sen pronome reflexivo, implican un matiz determinado:  
*Estar*se: permanecer (Estívose quietiño durante toda a consulta).  
*Quedar*se: morrer, perde-lo sentido (*Tras moito sufrir, finalmente quedouse*).
- Hai outros, en cambio, que mudan o seu significado:  
*Afogar*: por accidente. (*No naufraxio de onte afogaron tres mariñeiros*).  
*Afogar*se: aforcarse. (*O suicida afogouse cunha corda*).  
*Rir*: acto de rir. (Rimos a cachón).  
*Rir*se: cando aparece o motivo da risa. (Rímonos moito das súas parvadas).  
*Ir*: acto de ir. (¿Vas ou quedas?).  
*Ir*se: indica que o feito é definitivo. (¿Vaste ou quedaste?).



Introduce os verbos entre parénteses nas seguintes oracións empregándoos reflexivamente, cando cumpra:

- \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. subir ) á árbore e \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. caer) desde o alto.
- \_\_\_\_\_ (1ª p. sg. perf. lavar) a cabeza onte pola noite.
- \_\_\_\_\_ (1ª p. sg. pres. ind. lembrar) sempre do que me dis.
- \_\_\_\_\_ (1ª p. sg. fut. ind. lavar) e \_\_\_\_\_ (1ª p. sg. fut. ind. peitear) nun segundiño.
- ¡ \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. rir) dela canto quixo!
- A profesión de mariñeiro é moi dura, tódolos anos \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. pres. ind. afogar) algún no mar.
- ¡ \_\_\_\_\_ (2ª p. sg. imperativo estar) quieta e non me marees!
- A filla do boticario \_\_\_\_\_ (perf. casar) o domingo pasado.
- \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. espertar) berrando porque tivera un pesadelo.
- Tiña unha depresión moi grande e, finalmente, \_\_\_\_\_ (3ª p. sg. perf. afogar).
- O meu veciño \_\_\_\_\_ (perf. mercar) un coche novo moi rechamante.
- \_\_\_\_\_ (3ª p. pl. perf. morrer) tódolos pasaxeiros do autobús no accidente.

### Perífrase verbal chegar a + infinitivo

Esta perífrase verbal expresa unha acción que se achega ó seu termo. Outras perífrases similares son **vir** (en pasado) + **a + infinitivo** e **acabar** + **a + infinitivo**:

*Aquilo nunca chegou a aclararse por falta de probas.*

*Se non chegamos a parar, atropélanos.*



Introduce esta perífrase nas seguintes oracións:

- Acabou por saberse que andabas co Xurxo \_\_\_\_\_
- Marchou ó estranxeiro e puido cumpri-lo seu soño \_\_\_\_\_
- Nunca souberon a verdade \_\_\_\_\_
- Se segues comendo tantos doces acabarán por caerche os dentes \_\_\_\_\_
- Esvarou, pero puiden agarrala polas costas \_\_\_\_\_
- Non puido coñecer o seu avó, morreu antes de nacer el \_\_\_\_\_
- Non discutiron pero pouco lles faltou \_\_\_\_\_
- Morreu lonxe da casa sen poder despedirse da súa familia \_\_\_\_\_
- Se sabe o acontecido, non nos volve falar na vida \_\_\_\_\_
- Ó final da discusión, mesmo me insultou \_\_\_\_\_
- Nunca terá cartos abondos para merca-lo piso que quere \_\_\_\_\_
- Non creo que fora capaz de facer tal falcatuada \_\_\_\_\_



### FRASEOLOXÍA:

As seguintes frases populares teñen a expresión *querer* + *CD*, unha das maneiras de expresa-la necesidade. Explica o significado:

- Quere-lo bico da ola: .....
- Quere-lo sol na porta e a auga na horta: .....
- Quere-lo sol para a eira e a chuvia para o nabal: .....
- Querer chegar polo atallo: .....
- Querer mete-lo mar nun puño: .....
- Querer subir ó ceo sen escada: .....
- Querer unha no papo e outra no saco: .....
- Quererlle unha palabriña a alguén: .....



Na unidade 6 víronse as regras de acentuación e o acento diacrítico. Repásaas e acentúa todas aquelas palabras que o precisaren:

- O meu tío mandou corta-la pola da arbore a que sempre subían as polas do seu galiñeiro.
- Compre que me diga-la verdade, doutra maneira non confiarei mais na tua palabra.
- Comecei a estudar as catro da mañá e rematei as oito do seran.
- Os osos comeron os cans e non deixaron nin os osos.
- Eme moi difícil estuda-las matematicas pero dame aínda mais traballo o inglés.
- E sua irmá non distingue se ten que po-lo acento na bola de pan ou na bola de fútbol.
- Nin vos nin nos temos nada de que nos queixar.
- A viúva do xuíz aínda ten moitas debedas.
- Compre que me dea presa se quero chegar con tempo o cárcere para ver a miña irmá que esta presa.
- Se vos digo a vos isto e para que non vos collan desprevidos.
- Difícilmente suspenderas se coloca-los acentos habilmente.
- ¿Non ves que se non estudas vas suspende-lo exame e teras que estudar todo o verán?
- A mañá estaba fría, dirixíame pola rúa abaixo no medio dunha neboa espesa cando batin co meu curmán que había moito tempo que non vía.
- As catro da tarde, as dúas curmas decidiron ir a casa da avoa levarlle a torta que fixeran.
- Dalle as grazas a esa amiga tua porque, se non llas das, vouche tirar das orellas.
- Ten do de min e mais do teu amigo, que non quixemos ofenderte.
- Como lle fagas o nó a gravata tan apertado, non poderas abotoa-la camisa no pescozo.
- Mirade, o rapaz do que falamos ven entre todos aqueles que levan anteollos porque non ven ben e el e o que menos ve.
- Xa vos dixen que nunca o virades agora que, se vos insistides en que o coñecedes, será certo.
- Estou convencido de que é difícil aprendelo e todavía máis lembralo despois.
- Dame o sal para lle botar unha presa o guiso.
- ¿Ves ou non ves? Decidete xa que levamos presa.
- Nos sabemos que nos bosques hai moitos animais descoñecidos, máis nunca nos levaron a eles para que os puidesemos ver no seu habitat.

APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

Existen algunhas palabras que, a miúdo, se pronuncian ou se escriben con ñ cando a forma correcta é con n (gasolina, oficina).

Completa as seguintes palabras con n ou con ñ segundo precisen:

|             |           |           |            |
|-------------|-----------|-----------|------------|
| dani__o     | entra__as | esqui__as | monta__a   |
| xardi__eiro | pa__o     | si__atura | di__eiro   |
| divi__o     | menci__a  | ruí__a    | feli__o    |
| so__o       | mesqui__o | cami__o   | estra__o   |
| da__o       | asasi__o  | desti__ar | pi__eiro   |
| medici__a   | a__o      | desti__o  | pergami__o |

Ás veces tamén existe confusión entre x e ll (parella, coello). Completa as seguintes palabras con x ou ll, segundo conveña:

|          |            |             |             |
|----------|------------|-------------|-------------|
| sorte__a | ho__e      | estropa__o  | corni__a    |
| __a__ún  | seme__ante | bara__a     | verme__o    |
| pele__o  | o__al      | cerra__eiro | ce__a       |
| __amais  | garga__ada | anto__o     | apare__ador |
| lente__a | pare__a    | tra__edia   | o__alá      |
| o__eiras | vasi__a    | burbu__a    | cón__u__e   |

COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

I. TEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

“Cantos, bágoas, queixas, suspiros, seráns, romarías, paisaxes, piñeiros, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é digno de ser cantado, todo o que tivo un eco, unha voz, un ruxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoverme, todo isto me atrevín a cantar neste humilde libro para dicir unha vez sequera e aínda que sexa torpemente, ós que sen razón nin coñecemento ningún nos desprezan, que a nosa terra é digna de loanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e chapurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que a dicir verdade (por máis que esta sexa dura), demostra a ignorancia máis crasa e a máis imperdoable inxustiza que pode facer unha provincia a outra irmá por pobre que esta sexa. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsidade con que fóra de aquí pintan así os fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeralmente xulgan o máis desprezable e feo de España, cando acaso sexa o máis fermoso e digno de loanza”.

Rosalía de Castro, Prólogo de *Cantares gallegos*

REFLEXIONAMOS

- Contrasta as túas ideas coas da autora do texto.
- Debatede sobre o que significou a publicación desta obra, no ano 1863, para a literatura galega.
- Rosalía foi unha autora do Rexurdimento. ¿Que outros autores e obras importantes pertencen a este movemento literario?

## II. O TELEGRAMA

É unha comunicación transmitida por telégrafo que se caracteriza polo seguinte:

- Comunicación rápida.
- Estilo abreviado.
- Elimínase todo o que se sobreentende.

A súa estrutura é a seguinte:

I. Destinatario: a quen vai dirixido.

Enderezo: rúa, número...

Teléfono: do destinatario.

Destino: localidade, cidade.

II. Expedidor: quen o envía.

Enderezo: rúa, número...

Teléfono: do expedidor.



Seguindo este esquema, escribe un telegrama a algún amigo ou familiar polo nacemento dun neno, un casamento, unha felicitación, algunha noticia importante, etc.

## HISTORIA DA LINGUA

### O galego no Estatuto da autonomía

Artigo 5.

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán dos medios necesarios para facilitalo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 27.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da promoción e o ensino da lingua galega.

### O galego na Constitución

Artigo 3.

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza da distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Artigo 148.

1. As comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:
- 17º. O fomento da cultura, da investigación e, se é o caso, do ensino da lingua da comunidade autónoma.

### A Lei de normalización lingüística

Artigo 4, 6 e 7.

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública e coa Administración de xustiza no ámbito territorial da comunidade autónoma.

Artigos 12 e 18.

1. O galego é tamén lingua oficial de ensino en tódolos niveis educativos e lingua usual nas emisoras de radio e televisión, así como noutros medios de comunicación social.

## COMPLEMENTOS

### A identidade coa terra e coa fala

Eu falo agora como vello peregrino de tódolos camiños de Galicia; son case un octoxenario; a miña man xa trema; teño percorridos os camiños de tódolos santuarios e teño subido a eses castros verdecentes á sombra dos que dorme Merlín, ben o sabe Cunqueiro. Chego agora a Mondoñedo co sentimento profundo de respecto e de emoción (...). Eu quixera gozar aquí, a memoria daquel gran poeta, das orixes e das soidades, aquel gran home que amou o ermo, que amou a montaña, aquel home amigo (...) mais denantes que chegue a esta soleira, a este umbral solemne, deixádeme que saúde a estes poetas mindonienses que veñen a ser como unha roseira poética no *hortus clausus* da súa paisaxe.

Aquí resoaron os versos de Arcadio López Casanova, que pertence a esa xeración de mozos poetas galegos que por fóra de tódalas aparencias da beleza de Galicia senten no seu corazón a profunda dor da nosa terra; son os que saben o que significa o ser galego no concerto das almas e das culturas do occidente.

E teño que saudar aquí a Cunqueiro porque nel vexo toda a súa grandeza de poeta; a súa profunda sensibilidade vén ser como unha abaloira branca no medio do ermo, que vai recollendo e vai interpretando tódolos aires vagarosos que andan polo mundo. Eu, meus amigos e irmáns, en Cunqueiro vexo un daqueles discípulos armoricanos, vidos do norte co bispo Maeloc.

E saúdo tamén a Díaz Jácome porque representa na poesía galega ese ton lírico, miúdo, ese ton intimista que vén ser como o resplandor da lúa sobre as vellas tampas nas lousas de Compostela e nos silencios dos ríos Sisto e Telouriño e nas ondas do Cantábrico e do Atlántico.

E saúdo a Aquilino Iglesia Alvariño, o poeta que soubo verter en taza de buxo o viño de Horacio dunha maneira marabillosa, que conserva o seu sabor e conserva a súa esperanza e o seu íntimo contentamento, o poeta das soidades de Lamanide, o poeta dos labregos.

(...) A figura de Noriega Varela érguese como unha carballa da terra luguesa; esa carballa solitaria do ermo produce e brota en gromos verdecentes onde cantan tódolos aires e onde pousan tódolos paxaros. Noriega contentábase con ser un montañés, con ser un cidadán de Mondoñedo, contentábase, sobre todo, con vivir profundamente esta atmosfera da fala de Galicia, porque (...) unha fala estremecida por tódalas arelanzas do porvir e por tódolos recordos de tempos pasados e por eso Noriega sempre viviu dunha maneira respectuosa e xentil.

Fragmentos do discurso de don **Ramón Otero Pedraio**  
na homenaxe a Noriega Varela en Mondoñedo.

*Un adiós a Mariqueiña*

*Como ti vas para lonxe  
e eu vou para vello,  
un adiós, Mariqueiña,  
mandarche quero,  
que a morte é o díaño  
e anda rondando as tellas  
do teu tellado.*

*Cando deixes as costas  
da nosa terra  
nin luz, nin poesía  
quederá nela.  
Cando te vaias  
vaise contigo o anxo  
da miña garda.*

*Pombiña mensaxeira  
de branca pluma,  
fálalles ós emigrados  
da patria súa.  
Dilles, mimosa,  
que deles apartada  
Galicia chora.*

*Dilles que prós seus lares  
tornes axiña;  
que sen eles non queren  
pintar as viñas,  
regar os regos  
madurar as castañas  
dos castiñeiros.*

*Dilles que non hai terra  
mellor que a nosa,  
máis ridentes paisaxes,  
máis frescas sombras,  
máis puros ceos,  
nin lúa máis lucente  
no firmamento.*

*Dilles que as súas obrigas  
aquí esperan,  
pe se onde elas non morren  
que se condenan! . . .  
E agora voa,  
pombiña, e que te guíe  
Nosa Señora.*

Autor: Manuel Curros Enríquez

## LECTURA AS PALABRAS CULTAS E OS SUBSTANTIVOS ABSTRACTOS

No territorio que hoxe coñecemos como Galicia tiveron lugar, ó longo do amplo período da prehistoria, unha serie de manifestacións culturais que van desde a fabricación de rudimentarios útiles (...) que dan bo testemuño da presenza do home en Galicia e do seu constante esforzo para domina-lo territorio e construír asentamentos sobre el cada volta máis firmes e estables. Pero se os vestixios desta actividade humana sobre o terreo son abondosos, como amosan as mámoas da época megalítica, son ben raros os que se conservan do home, o que dificulta o coñecemento dos primeiros poboadores de Galicia. Dificultade que tamén se acrecenta cunha característica moi frecuente na prehistoria galega: o atraso cronolóxico que (...) presentan os restos arqueolóxicos atopados nas diferentes estacións e depósitos estudados (...). O coñecemento dos primeiros poboadores de Galicia e dos elementos raciais que compoñen a etnia galega é (...) tarefa difícil pola escaseza de vestixios antropolóxicos e arqueolóxicos e a imprecisión dos testemuños literarios. Foron as informacións de tipo literario (...) as que durante moitos anos identificaron os primeiros poboadores de Galicia como os *oestrymnios* (...) describindo a estas xentes como homes fortes e destemidos, comerciantes e moi mariñeiros, que sulcaban o mar en barcos de coiro. Esta poboación *oestrymnia* sería desprazada do seu territorio por unha invasión de serpes, os *saefes*, denominación literaria da chegada dos celtas(...). Aínda que se atoparon algúns restos óseos (...) as análises feitas ata agora destes diferentes elementos raciais tiveron que facerse sobre restos de necrópoles baixorromanas e suevas, polo que os seus resultados son abondo provisionarios.

A *Historia*, ed. Galaxia.

### ¿QUEN É O AUTOR?

? Naceu en Cazás da Terra Chá en 1951 e é catedrático de historia contemporánea.

? Foi rector da Universidade de Santiago entre os anos 1990 e 1994.

? É autor de numerosos libros sobre o mundo rural galego e a historia social e agraria de Galicia.

? Pertence a consellos de redacción de revistas de especialidade como *Ler historia* ou *Historia social*.

? Foi fundador e vicepresidente da Asociación de Historia Contemporánea.

O AUTOR É: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## COMENTÁMO-LO TEXTO

 O texto da lectura é un fragmento dun ensaio. ¿Que características cres que presentan este tipo de textos?

 As mámoas ou antas son o mesmo. ¿Cal era a función destas construcións? Escribe algún topónimo que faga referencia a estes monumentos prehistóricos.

 *Recorrer* é un verbo derivado de *correr*. Escribe outros derivados e os seus significados.

### ORALIDADE:

1. Segundo a historia da lingua, ¿que cres que falarían os *oestrymnios*, unha lingua de substrato, de adstrato ou de superestrato? Resume brevemente o percorrido e evolución da nosa lingua desde a época dos *oestrymnios* ata os nosos días facendo referencia ó contexto histórico.
2. Le este fragmento dun ensaio de J. Vicente Viqueira: “*¡Lembrémonos! De Navia para aquí fálase galego, os que moran naquelas terras son galegos. E gran parte do Bierzo é tamén noso. A Galicia histórica é máis extensa cá Galicia actual*”. ¿A que Galicia se refire o escritor? ¿Cales eran os seus límites xeográficos?

## TRABALLAMOS CO LÉXICO



No texto aparecen algunhas palabras cultas (das que xa se deu a súa definición na unidade 11). Antes de saber algo máis deste tipo de palabras, escribe as do texto da lectura que identifies como cultas. ¿Poden relacionarse entre si por algunha característica?

### As palabras cultas

Son aquelas que se incorporaron serodidamente á lingua e case non sufriron cambios. Son fáciles de identificar porque, ademais dos mínimos cambios fonéticos de adaptación á lingua, conservan:

- as consoantes intervocálicas **-p-**, **-t-** e **-c-** (*poppular, colocar, secreto) fronte ás correspondentes sonoras **-b-**, **-g-** e **-d-** das voces patrimoniais (*pobo, colgar, segredo).**
- o sufixo **-ario** (que nas palabras patrimoniais deu **-eiro**): secretario, solitario...

Tamén son cultismos:

- algúns prestamos do grego como *biblioteca, odontólogo, telefonía*...
- palabras gregas que chegaron a través do latín eclesiástico: *cristián, arcebispo, arquidiocese*...
- algúns latinismos (palabras e locucións) que manteñen a súa forma latina inalterada: *bíceps, accésit, corpus, ex profeso, a posteriori*...

Hai na nosa lingua palabras cultas procedentes de nomes gregos con sufixos **-sis** e **-tis**, que evolucionaron nos nosos **-se** e **-te**. Son palabras sempre femininas, e moitas delas están relacionadas con enfermidades e afeccións: *hepatite, neurose, otite, tendinite, cirrose, simbiose, xénese*...

Son tamén femininas algunhas palabras que acaban en **-e**, aínda que non pertencen a este grupo: *acrópole, epiderme, psique, psicanálise, cute*...

Lembra que non evolucionaron a **-e** outras palabras coa terminación **-is**: *chasis* (<fr.), *tenis* (<ing.), *oasis* (<ár.) ou *gratis* (<lat.).



Escribe a familia léxica derivada destas palabras latinas e indica se son cultos ou patrimoniais os vocábulos que as integran:

directum .....

planum .....

solitarium .....

operare .....

colocare .....

factum .....

laborare .....

integrum .....

noctem .....

oculum .....

fratem .....

filium .....

catedra .....



Escribe palabras pertencentes á familia léxica das seguintes:

leite \_\_\_\_\_  
feitura \_\_\_\_\_  
lúa \_\_\_\_\_  
orde \_\_\_\_\_  
dor \_\_\_\_\_  
ollo \_\_\_\_\_  
cor \_\_\_\_\_



“...característica moi frecuente na prehistoria galega”. As palabras cultas manteñen o ditongo **ie** e **ue**. Completa con eles as palabras que cumpra e engade unha derivada:

consec.....nte      exped.....nte      inconven.....nte      interven.....nte      proven.....nte  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



Nas palabras patrimoniais o galego ten tendencia á forma **ca**, conservando a forma **cua** nos cultismos. Completa as seguintes palabras coa forma que cumpra:

re\_\_\_\_dación      \_\_\_\_rtos      \_\_\_\_drilátero      \_\_\_\_tivar      \_\_\_\_lificar      \_\_\_\_drante      \_\_\_\_drúpede  
\_\_\_\_draxésimo      en\_\_\_\_dernar      \_\_\_\_drienio      \_\_\_\_derno      \_\_\_\_drienio      \_\_\_\_drado      quin.\_\_\_\_xésimo

Os substantivos abstractos

Teñen como base verbos, adxectivos e substantivos, ós que se lles unen algúns sufixos. Destes sufixos, os máis rendibles son: **-ncia** (*alternancia, consonancia...*); **-nza** (*doenza, crenza...*); **-ura** (*tristura, fermosura...*); **-ez** (*gravidez, lucidez...*); **-eza** (*escaseza, delgadeza...*), **-ade** (*lealdade, liberdade, puberdade...*), **-tade** (*dificultade, facultade...*) e **-de** (*escravitude, alude...*).  
**-de** é a terminación galega derivada da latina **vocal + te**, e **-dade** ou **-tade** son o resultado da evolución do sufixo latino **-tate**. Co sufixo **-dade** poden darse as seguintes combinacións:  
**consoante + dade**: *herdade, mortalidade...*; **vocal + dade**: *novidade, enfermidade...*; e **-iedade** para os adxectivos en **-io** (*solidariedade, arbitrariedade...*).



Escribe substantivos abstractos derivados das seguintes palabras:

|                 |             |
|-----------------|-------------|
| virxe _____     | nimio _____ |
| escuro _____    | van _____   |
| contrario _____ | grave _____ |
| só _____        | mozo _____  |
| capaz _____     | feo _____   |
| necio _____     | belo _____  |
| propio _____    | cruel _____ |
| cristián _____  | falso _____ |
| van _____       | novo _____  |



“...*tarifa difícil pola escaseza de vestixios antropolóxicos*”. Forma substantivos abstractos en *-ez* ou *-eza* a partir destes adxectivos:

|                |               |
|----------------|---------------|
| rudo .....     | avaro .....   |
| sisudo .....   | bravo .....   |
| miúdo .....    | tacaño .....  |
| afouto .....   | honrado ..... |
| cándido .....  | sórdido ..... |
| estreito ..... | redondo ..... |



Deriva o substantivo abstracto co sufixo correspondente a partir dos seguintes verbos:  
*delinquir, vixiar, saber, nacer, maldicir, querer, observar, militar, arrogar, vivir, seguir, provir, oír, influír, convir, conseguir e obedecer.*



### FRASEOLOXÍA:

Clasifica estes fraseoloxismos polo seu significado segundo se refiran a *aparencia, abundancia, indiferencia* ou *falsidade*:

- Haber a trompón algo: .....
- Moita palla e pouco grao: .....
- Non ter cabo: .....
- Cascar trolas: .....
- Armarlle a gaiola a alguén: .....
- Orneadas de burro non chegan ó ceo: .....
- Ser todo fume: .....
- Dicir con palabra de santo e botar unllas coma gato: .....
- Tras do que non corro non canso: .....



Indica se son cultas ou patrimoniais e por que, as palabras subliñadas deste texto:

*“O día que o tizaro do meu veciño me dixo que era un eme non fun quen de reaccionar. En principio a entoación non tiña o envoltorio dun insulto, máis ben parecía mastigar algo e tomei a cousa por un saúdo mal vocalizado ou pouso dunha endodoncia defectuosa ou en vías de se revisar. Non son ningún experto en cuestións bucodentais, se cadra, en lugar de endodoncia debería dicir ortodoncia, maxiloplastia ou incidoncia, será mellor deixalo, a min o asunto das dentaduras prodúceme certa denteira, fái que me percorra un calafío polo espiñazo e ata apresura a sensación mixitoria.”*

*As irmáns bastardas da ciencia, Xosé Luís Martínez Pereiro.*

### Os substantivos abstractos

Co sufixo **-mento** fórmanse substantivos derivados de verbos para expresa-lo resultado da súa acción ou do seu efecto (*abater-abatemento*).

A vocal que precede a ese sufixo é sempre a do verbo: 1ª conx.: **a** (*financiar-financiamento*), 2ª conx.: **e** (*esquecer-esquecemento*) e 3ª conx.: **i** (*requirir-requirimento*).



Forma os substantivos derivados destes verbos que expresan o resultado ou efecto da súa acción ou proceso:

|                   |                  |
|-------------------|------------------|
| desenvolver ..... | orzar .....      |
| fornecer .....    | predicar .....   |
| investir .....    | estremecer ..... |
| lucir .....       | finxir .....     |
| arrepentir .....  | bombardear ..... |
| render .....      | amolecer .....   |

### A terminación -ón/-ona, -oa

As palabras que rematan en **-ón** forman o xénero deste xeito:

-**oa**: leoa, ladroa, patroa...

Non obstante, hai palabras rematadas en **-ón** que só forman o feminino en **-ona**:

- **os aumentativos**: cabezona, mullerona, grandullona, valentona...
- **os derivados de verbos**: mandona, faltona, abusona...



Pon o seguinte texto en feminino introducindo os cambios que cumbran:

*No antigo Pazo do Outeiro vivía un vello barón que era bretón, aínda que polo seu carácter máis ben parecía teutón. Era tan extravagante que tiña na casa un león amestrado. Para os seus serventes facía un mal patrón. Non daba ben con ningún, e era tan acusón que mesmo lles chamaba ladróns. Aquel vello patrón de barco era un mangallón que metía medo. Narigón, dentón, barrigón, toleirón, voceirón, sabechón... e cantas más calidades se poidan ter. Pero todos sabían que aquel abusón ó cabo non era máis ca un vello e amargado covardón.*

### As preposicións preto, encol e perante

- **Preto**: Indica proximidade no espazo e no tempo: *Chegaron xa preto do serán. Preto de aquí haiche un castro celta.*
- **Perante**: Indica, ó igual que **ante** ou **diante de**, anterioridade con relación a un límite espacial ou nocional: *Compareceu perante a Sala. Perante a nova situación, decidiu recuar.* Seguido de nome de persoa significa 'en presenza de'. Ex: *Actuou perante un afervorado público.*
- **Encol de**: Esta locución indica localización espacial de superioridade con respecto a algo ou alguén, e co que está en contacto directo: *Deixa o lapis encol do aparador.* Só con este valor alterna con **encima de, enriba de, sobre, por riba de...**



Completa estes fragmentos literarios coas preposición ou locución axeitadas:

- “\_\_\_\_\_ o poder do estado non existiu, desde entón, máis có individuo abstracto” (Castelao).
- “\_\_\_\_\_ monte de oriente/ vanse acendendo estreliñas” (Luís Amado Carballo).
- “\_\_\_\_\_ de min, envolteito por veces nas mesmas fumaradas, estaba o que non digo” (R. Dieste).

| OS VERBOS <i>CRER</i> , <i>LER</i> E <i>RIR</i> |             |           |               |
|-------------------------------------------------|-------------|-----------|---------------|
| presente de indicativo                          | copretérito | pretérito | antepretérito |
| CRER                                            |             |           |               |
| creo                                            | cría        | crin      | craera        |
| cres                                            | crías       | criches   | craeras       |
| cre                                             | cría        | creu      | craera        |
| cremos                                          | criamos     | cremos    | craemos       |
| credes                                          | criades     | crestes   | craedes       |
| cren                                            | crían       | creron    | craeran       |
| LER                                             |             |           |               |
| leo                                             | lía         | lin       | lera          |
| les                                             | lías        | liches    | leras         |
| le                                              | lía         | leu       | lera          |
| lemos                                           | líamos      | lemos     | leramos       |
| ledes                                           | liades      | lestes    | lerades       |
| len                                             | lían        | leron     | leran         |
| RIR                                             |             |           |               |
| río                                             | ría         | rin       | rira          |
| ris                                             | rías        | riches    | riras         |
| ri                                              | ría         | riu       | rira          |
| rimos                                           | riamos      | rimos     | riramos       |
| rides                                           | riades      | ristes    | rirades       |
| rin                                             | rían        | riron     | riran         |

REPARA

Os verbos en **-er** e **-ir** como **crer**, **describir**, **ler**, **reler**, **transcribir**, **sobrescribir**, **rir** e **sorrir**, son regulares. Na Idade Media contraeron as dúas vocais idénticas nunha soa.



Pon os verbos no tempo e persoa que cumpra e escribe o significado das frases feitas subliñadas:

A Xavier por fin saíulle a sentenza do xuízo de faltas. Cando oíu o ditame \_\_\_\_\_ (**rir**) ás cachizas, pero eu díxenlle que non se \_\_\_\_\_ (**crer**), que se \_\_\_\_\_ (**crer**) que os paxaros maman, e que non \_\_\_\_\_ (**rir**) ás bandeiras despregadas porque o avogado da acusación vai recorrer contra a sentenza e se cadra ó final \_\_\_\_\_ (**rir**) como choran en Francia. Para que non cantase vitoria pedinlle á súa avogada que lle \_\_\_\_\_ (**ler**) a cartilla e o puxese no seu sitio.



Volve escribi-las seguintes frases facendo que comecen polos elementos que se dan entre parénteses:

- Di que non ri porque non lle gusta a súa dentamía (antes).
- ¿Por que te ris do eivado que vimos? (onte).
- Ri por non chorar, porque cre que na súa casa están todos algo tolos (durante aquel tempo).
- A avoa de Xosé Antón ri poñéndolle alcumes a tódolos seus veciños (daquela).
- Leme cada noite un conto curto ou unha historia fantástica (antes).
- Ri porque xa leu a nova no xornal e aínda non o cre (pensei que).

VERBOS DA SEGUNDA CONXUGACIÓN *BATER, VERTER E DISCORDER*

| BATER                  | VERTER    | DISCORDER    |
|------------------------|-----------|--------------|
| presente de indicativo |           |              |
| bato                   | verto     | discorro     |
| bates                  | vertes    | discorres    |
| bate                   | verte     | discorre     |
| batemos                | vertemos  | discorremos  |
| batedes                | vertedes  | discorredes  |
| baten                  | verten    | discorren    |
| presente de subxuntivo |           |              |
| batín                  | vertín    | discorrín    |
| batiches               | vertiches | discorriches |
| bateu                  | verteu    | discorreu    |
| batemos                | vertemos  | discorremos  |
| batestes               | vertestes | discorrestes |
| bateron                | verteron  | discorreron  |

REPARA

Son verbos da segunda conxugación algúns como **encher, erguer, espaxer, fender, ferver, render, rexer, toller, xemer...** Tamén o son os derivados de **correr (concorrer, decorrer, escorrer, incorrer, recorrer, percorrer, ocorrer, socorrer, transcorrer)**, os de **bater (debater, rebater, abater, combater)**, de **romper (irromper, corromper, prorromper, interromper)** e de **verter (converter, subverter, perverter e reverter)**.



Relaciona estes fraseoloxismos que conteñen verbos da segunda conxugación co seu significado correspondente:

|                          |                                 |
|--------------------------|---------------------------------|
| Fende-la unlla .....     | ( ) Enfadarse moito.            |
| Rompe-los cascos .....   | ( ) Tremer.                     |
| Ferve-lo maxín .....     | ( ) Fatigarse moito co estudio. |
| Bate-las queixadas ..... | ( ) Cavilar moito.              |

APUNTAMENTOS DE ORTOGRAFÍA

- Escribe no tempo e persoa axeitados os verbos deste texto:
- Tiroulle unha pedra á cabeza e \_\_\_\_\_ (fender) a fronte.
  - Ninguén o \_\_\_\_\_ (socorrer) cando estaba deprimido e lonxe da casa.
  - Pediulle que non \_\_\_\_\_ (interromper) o relatorio ata que finalizase.
  - Con aquela ferida \_\_\_\_\_ (xemer) coma un can doente.
  - Todo este asunto finalmente \_\_\_\_\_ (reverter) na miña contra.
  - \_\_\_\_\_ (incorrer) sen sabelo nun grave delito.
  - ¿Que \_\_\_\_\_ (ocorrer) se nós mesmos \_\_\_\_\_ (percorrer) todo o camiño a pé?

OS VERBOS COMO ADVERTIR

| presente de indicativo | presente de subxuntivo | imperativo |
|------------------------|------------------------|------------|
| advirto                | advirta                |            |
| advirtes               | advirtas               | advirte    |
| advirte                | advirta                |            |
| advertimos             | advirtamos             |            |
| advertides             | advirtades             | advertide  |
| advirten               | advirtan               |            |

REPARA

Segundo este modelo conxúganse os verbos **adherir, divertir, transgredir, conferir, inferir, proferir, referir, preferir, transferir, competir, repetir, concernir, discernir, espir, dixerir, inxerir, suxerir, inserir, medir, pedir** e derivados, **vestir, investir, revestir...**

- Escribe as formas verbais precisas en presente de indicativo:
- Non é a túa intención, pero ás veces \_\_\_\_\_ (ferir) os sentimentos da xente.
  - Non me \_\_\_\_\_ (agredir) con tanta aleivosía.
  - Ela .....(tusir) e \_\_\_\_\_ (cuspir) sangue dende hai tempo, pero \_\_\_\_\_ (preferir) non ir ó médico porque di que o seu problema non lle \_\_\_\_\_ (concernir) á medicina.
  - \_\_\_\_\_ (investir) demasiado tempo en compadecerte de ti mesmo.

A construción en + xerundio

Emprégase cando se quere expresar que a acción do verbo en xerundio é anterior á do verbo principal: *En anoitecendo vide pola casa xogar á baralla*. Esta construción equivale neste exemplo a *cando anoiteza, ó que anoiteza, en canto anoiteza, logo de que anoiteza....*

- Volve escribir estas oracións empregando a construción *en + xerundio*:
- Así que cheguemos ó billar, xogaremos.
  - Así que marcha, ponse triste.
  - Ó que veña o sol, imos comer a Meirás.
  - Así que seque o pelo amósoche o diadema.

## COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN

### PUBLICIDADE E LINGUA GALEGA

Os cidadáns tamén deron a súa opinión sobre a lingua para utilizar na publicidade da TVG. A gran maioría manifestou o seu desacordo con que a TVG emita publicidade en castelán (57%) (...). Convén ter en conta que en calquera dos grupos de idade predomina o rexeitamento á publicidade en castelán. Este rexeitamento está presente tamén, aínda que en menor medida, entre os castelán falantes.

O mecanismo publicitario conseguiu que moita xente asociase o prestixio e a calidade dos produtos obxecto da súa atención. Cómpre logo coñecer as opinións dos consumidores sobre a imaxe de prestixio e confianza que poden transmitir os produtos anunciados en lingua galega, sobre todo para comprobar se seguen vixentes determinados prexuízos relacionados coa restrición desta lingua para vehicular eses valores. Así, máis do 90% da poboación está en desacordo con que os produtos anunciados en galego non merezan confianza.

*Publicidade e lingua galega*, Consello da Cultura Galega.

### REFLEXIONAMOS

-  ¿Cres que se debe deixar que sexan as leis do mercado ou outro tipo de decisións estratéxicas particulares as que guíen a decisión de publicitar nunha ou noutra lingua?
-  ¿A imaxe de certos produtos de prestixio podería verse afectada nalgún sentido pola súa publicidade en galego?
-  ¿Por que cres que a publicidade non institucional en galego aínda se mantén nuns niveis tan baixos?
-  ¿Paréceche importante priorizar algún soporte publicitario?

## HISTORIA DA LINGUA

### Trascendencia do momento actual

En ningún momento os medios de difusión da palabra foron tan poderosos coma hoxe. Isto supón que os medios de agresión contra as linguas non totalmente normalizadas son agora dunha eficacia multiplicada. Da tenacidade e intelixencia con que os galegos hoxe saibamos defende-la nosa lingua dependen as mil primaveras máis que lle auguraba Cunqueiro.

 REDACTA brevemente a túa opinión sobre a situación actual da lingua.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## COMPLEMENTOS

### Mitos e Lendas

¿Que son? ¿Son o mesmo? ¿Por que se repiten ó longo da nosa historia? E o máis abraiante: ¿por que nos vinculan con outras culturas? Son probablemente preguntas que quedarán sen resposta definitiva mentres a humanidade siga existindo, porque os mitos e lendas son a creación de lugares comúns entre diferentes pobos cun vínculo sociocultural que, á fin, non é máis cá súa forma de ve-lo mundo.

O estudo das lendas en Galicia lévanos ata **Murguía** ou os investigadores do **Seminario de Estudos Galegos**, como **Vicente Risco**, que clasificou as lendas en *etiolóxicas* (as que explican a orixe de algo), *haxiográficas* (que reflicten algún feito da Virxe ou dos santos) e *históricas* (as que interpretan popularmente algún feito do pasado). Tanto **Risco** como **Leandro Carré** aseguraban que as lendas e mitos galegos entroncaban a nosa psicoloxía popular coa cultura nórdica de tipo céltico, aínda que hoxe se considera unha teoría abondo reduccionista. Pero as lendas de mouros, tesouros, encantamentos, cidades asolagadas, transformacións de persoas en animais... son legados antropolóxicos nos que hai algo máis ca fantasía popular: unha ideoloxía común a outras culturas que conforman unha cosmovisión determinada.

Os **mouros** son unha raza mítica habitante de zonas rurais e monumentos prehistóricos que poden vincularse a outras razas tamén míticas europeas coma os *elfos* ou os *lutins*. Curiosamente son louros e ruzos, e é moi posible que a palabra veña de *o outro* (o estraño). Estudos recentes albiscan a posibilidade de representaren a figura contraposta ó *labrego*, o *señorito*, e esta dicotomía pode comprobarse en lendas como a da *Parteira de Nibe* ou a do *Castro de Marcelle*.

Tamén as lendas de encantamentos e tesouros nos emparentan coa Europa mítica. O *ouro* amósase nelas (*O tesouro da Illa de Ons*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*...) como representación do sagrado, e a súa conquista equivale á da inmortalidade, como acontece nas lendas célticas do Santo Graal.

Sempre de fonda raigame popular, xera a aparición de personaxes como a Virxe e os santos, que se converten en patróns ideais adorados en lendas de **cidades asolagadas** (*A lagoa de Doniños*, *A lagoa de Antela*...) e **haxiográficas** nas que se equiparan os conceptos de cristián e ser humano no sentido máis profundo (*A Virxe do Cristal*, *San Amaro o Peregrino*, *San Andrés de Teixido*, *O Cristo dos Navegantes*...).

Nas lendas e mitos está un dos tesouros máis valiosos do pasado que posuímos como pobo, e que continúa reinterpretándose no presente e adaptándose ós cambios socioculturais. Os mitos e lendas son a representación popular da imaxinación de Galicia como pobo historicamente diferenciado, pero vinculado a toda unha subxacente cultura mítica europea.

Achegádevos ó imaxinario popular galego e descubriredes, unha vez máis, que **Galicia é un mundo**.

*A Virxe do Cristal*  
(...)

*Entón, unha Señora  
toda de luz rodeada,  
de estrelas coroada  
que como diamantes son,  
cun mantelo na cabeza  
de pano negro, moi lindo,  
caladamente, surrindo, entrou  
pola habitación.*

*Nunca se viu neste mundo,  
máis feiliceira criatura,  
nin pra tan grande fermosura,  
comparación pode haber:  
por ollos ten dous luceiros,  
por dentes, perlas dos mares,  
por greñas raios solares,  
por riso...un amanecer.*

*Das orellas pendurados  
leva uns aretes de lume,  
e por galego costume,  
dengue de pano sedán;  
zoquiños de pau de almendro  
nos pés de feitura anana,  
e ó cinto unha muradá  
con pregues que xenio dan.*

*Pasiño a paso, chegouse  
á cama na que dorme Rosa,  
e botándolle graciosa  
unha mirada de amor,  
dixolle cun ton brando,  
que música parecía:  
“Rosiña, A Virxe María  
tráechelle consolo e favor”.  
(...)*

*Calou Nosa Señora,  
e envolta en dourada nube,  
rube...que rube...que rube...  
perdeuse na inmensidade.  
Rosa quedou durmindo  
ó seu parecer e regalo.  
Pronto espertará: xa o galo  
cantou, ventando a mañá.*

Autor. Manuel Curros Enríquez

## APUNTAMENTOS

APUNTAMENTOS